



ENRIQUE PEINADOR LINES E MONDARIZ

EMPRESA, TURISMO E PAÍS

RICARDO GURRIARÁN

Subvenciona:  XUNTA
DE GALICIA

Publica: 
FORO ENRIQUE PEINADOR

© dos textos: Ricardo Gurriarán

Supervisión lingüística: Begoña Méndez

Deseño e maquetación: Pío García

Edición: 
PIO GARCIA
EDICIÓNS

Imprime: 
Grupo
Academia Postal

Enrique Peinador Lines e Mondariz

Empresa, turismo e país



Ricardo Gurriarán

GALEGUIZAR GALICIA

PRÓLOGOS

UNHA EXTRAORDINARIA BIOGRAFÍA SOBRE UNHA VIDA EXEMPLAR

Con fonda e manifesta alegría afronto a grata tarefa de prologar cun breve texto esta biografía de Enrique Peinador Lines. Debo este privilexio ao xesto xeneroso e amable —un máis entre moitos— que teñen comigo os amigos e amigas que integran o foro que leva o nome da persoa que con tanto acerto e rigor retrata nestas páxinas, para gozo e ilustración de quen as lean, Ricardo Gurriarán. Grazas a este historiador, a quen se lle debe a recuperación de personalidades imprescindibles e de capítulos determinantes— pero tantas veces esquecidos da nosa historia, rescatamos por fin, con toda a extensión e minuciosidade que o sentido da xustiza impón, a figura modélica de Enrique Peinador Lines.

Pertenceu Enrique Peinador a aquel grupo de empresarios galegos que, sen abdicar do seu ambicioso proxecto persoal e dos lexítimos beneficios materiais derivados da súa actividade económica e empresarial, asumiu paralelamente un compromiso cuxo ideario se baseou nunha sorte específica de responsabilidade social que poñía o acento en facer harmonizar a actividade dos negocios cos fins sociais, entre os que non quedaban excluídos os identitarios e os lingüísticos. Neste sentido, Enrique Peinador destacou por ser o pioneiro entre un colectivo de empresarios de éxito que ao longo do século XX mostraron unha tesitura empresarial que pode ser condensada naquel *Galicia como tarefa* que acuñou, anos despois, Valentín Paz Andrade, outro nome que cómpre adscribir a esta corrente de pensamento e de acción xunto aos de Antonio Fernández López, Manuel Puente, Ramón Obella Vidal, Xesús Canabal, Isidro Parga Pondal, Álvaro Gil ou o recentemente finado Isaac Díaz Pardo.

Para ben, a Galicia de hoxe é ben distinta á que coñeceron estes pioneiros. Unha das diferenzas, entre outras de gran calado, refírese a que a lingua galega xa non se percibe como un obstáculo para o progreso social nin para facer negocios. No entanto, a tarefa que aqueles pioneiros iniciaron permanece aínda inconclusa, e de aí que se deba apelar á responsabilidade social das empresas que traballan ou teñen o seu mercado en Galicia.

Unha das leccións que recibimos en legado de Enrique Peinador é que para sermos competitivos no acrisolado mundo dos negocios non temos que renunciar á nosa idiosincrasia: a economía galega debe ter acento propio nos mercados da globalidade. Demostrouno el a través do emporio empresarial que ergueu no sector do lecer ligado ao hidrotermalismo, ao que lle subministrou un cuño propio e aínda así —ou talvez por esta razón— logrou conectar con éxito cos complexos hidrotermais máis modernos, célebres e concorridos da Europa da época.

Dende esa atalaia privilexiada, pero consciente de que non existían órganos de autogoberno nin institucións políticas propias, Enrique Peinador promove a creación da Asociación para o Fomento do Turismo de Galicia.

Así pois, non podemos máis que saudar a todos os empresarios e empresarias que hoxe secundan o exemplo de Enrique Peinador Lines e que, polo tanto, están a facer un exercicio de coherencia e apostan pola cohesión social e cultural de Galicia coa incorporación da lingua galega aos seus negocios como forma de recoñecemento dos dereitos lingüísticos dos seus traballadores e dos seus clientes.

O Foro Enrique Peinador, como non podía ser doutro xeito, traballa arreo para facer posible a materialización do rico legado que o empresario pontevedrés nos deixou ás novas xeracións; un legado florecente e mais unha vida exemplar que agora pretende popularizar e estende aos catro ventos coa edición desta extraordinaria biografía.

Valentín García Gómez
Secretario xeral de Política Lingüística

Cando o Foro E. Peinador tomou o nome do empresario mondarizano estaba a facer unha dobre proposta: reconstruír a súa biografía esvaída, e demostrar que é conciliable facer negocios e patria a un tempo, restablecendo o diálogo entre a lingua e a cultura galegas e a empresa.

Tiñamos a intuición de que Enrique Peinador Lines era unha biografía que había servir para artellar o necesario discurso da galeguidade empresarial. E abofé que non estabamos equivocados. A medida que fomos tirando dos fíos imperceptibles das súas actividades, descubrimos unha personalidade sobranceira nun tempo de grandes transformacións no mundo e en Galicia. Pero para termos unha retrato nido daquela figura precisabamos da mediación dun historiador avezado para atoparmos os documentos que acreditasen a validez da nosa intuición. Ese investigador tiña que reunir varias condicións: unha, un coñecemento amplo da historia de Galicia; e outra, un afán por fuxir dos relatos comúns, da reiteración. E esa persoa non podía ser outra que o profesor Ricardo Gurriarán Rodríguez a quen lle agradecemos as horas de traballo e esa metodoloxía de investigación tan súa, capaz de atopar no pasado o que outros foron incapaces de conseguir.

Temos afirmado máis dunha vez que o nacionalismo galego contemporáneo fracasou porque as súas estratexias apuntaron equivocadamente, e porque a lonxitude de onda foi tan curta coma improdutivo. Apostaron por unha lectura en clave literaria da historia do país. Non foron quen de superar a metodoloxía das Irmandades da Fala, que xa rexeitaran o discurso do Rexurdimento, para procurar galeguizar o conxunto da sociedade. Por estas razóns, os nacionalistas de hoxe en día poden ter nocións de quen foi María Mariño, por exemplo, unha poeta menor dun único poemario a quen a Real Academia Galega dedicou un Día das Letras Galegas, e, ao tempo, ignorar a importancia que tiveron para a ciencia o oftalmólogo Antón Beiras, os investigadores Isidro Parga Pondal e Ramón Obella Vidal, ou o matemático Vázquez Queipo, ou, tamén, o inventor da calculadora, o estradense Ramón Verea.

É escandaloso o descoñecemento que algúns historiadores galegos teñen de Enrique Peinador Lines, ou a escasa importancia que lle deron ao seu labor empresarial e galeguista. Abonda revisar a biografía histórica para comprobarmos que se algunha referencia hai a el, é mínima. Pero aínda é máis chamativo o silencio que mantiveron os seus coetáneos ou epígonos. Como tamén o é que ningún libro de historia económica ou revistas especializadas neste ámbito teña referencias a tan sobranceiro empresario. E que dicir das facultades de económicas e das escolas

universitarias de ciencias empresariais? Nelas, os futuros dirixentes empresariais non reciben información sobre el nin tampouco dos exemplos de galeguismo empresarial: Isidro Parga Pondal, Ramón Obella Vidal, os irmáns José e Antón Fernández López, Xesús Canabal, Álvaro Gil Varela, Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo... e máis modernamente Ramón Castromil. Todos son parte importantísima da historia da economía de Galicia.

Cando afirmamos que os militantes do nacionalismo galego erraron durante moitas décadas na súa estratexia poñendo desmedidamente o acento nos valores literarios, facémolo coa convicción da certeza. Nunca Galicia tivo tantos medios económicos e humanos ao servizo da recuperación da súa identidade con tan escasos resultados. E así nos vai: a galeguización do País non chegou aos medio científicos, xurídicos e económicos, que son os motores que dinamizan actualmente a sociedade galega. Todo por mor dunha visión reduccionista, cativa, atribuíndolle á literatura repercusións sociais que, á vista está, non ten.

O Foro E. Peinador está empeñado en reconducir o discurso da galeguización e o diálogo cos axentes económicos. A economía ten que falar galego para que a lingua galega non vaia camiño da latinización. Temos marco normativo abondo para levar a cabo unha política lingüística innovadora e eficaz; unha estratexia de galeguización que inclúe os consumidores, que, ao cabo, son os que poden facer sostibles as nosas industrias de transformación agroalimentarias. O papel da cidadanía tanto en canto consumidores é fundamental neste proceso de regaleguización. A curta experiencia das actividades do Foro E. Peinador acreditan as súas acertadas intervencións neste eido, mesmos coas resistentes indiferenzas dos partidos e organizacións sociais con proclamas inzadas de recorrentes tópicos.

Enrique Peinador Lines é o exemplo senlleiro do empresario que inculturizou os seus negocios en Galicia, o precursor da responsabilidade social corporativa e da internacionalización dos seus produtos na incipiente globalización que vai emerxendo no primeiro terzo do século XX; o filántropo e mecenas da cultura galega. Foi o descubridor do turismo como un recurso económico que había que saber poñer en valor. Pero ao tempo, un visionario que soubo entender que o seu negocio precisaba de fortes investimentos (o verdadeiro precursor do I+D+i ao que el lle engadiu o G de galeguismo), por iso se rodeou de arquitectos de prestixio como Antonio Palacios, para recrear unha arquitectura sólida, con raíces na nosa tradición, e deseñar a vertebración da grande área metropolitana de Vigo a través dunha rede de comunicacións ferroviarias, que por entón eran a revelación para o crecemento económico.

O profesor Ricardo Gurriarán Rodríguez reconstruíu pacientemente a filosofía empresarial e política de Enrique Peinador Lines, continuador da do seu pai, Enrique Peinador Vela, tan necesaria como imprescindible na modernización do discurso da galeguización, superando vellos modelos finiseculares e incapaces de levar aos sectores máis dinámicos da sociedade galega a mensaxe da identidade.

Os empresarios galegos deben asumir, sen complexos e vagos discursos, que Galicia precisa deles para construírmos un País. Sobran os tópicos, as pondalianas vaguidades dos discursos que non concretan o compromiso no uso da lingua galega co respecto e acatamento do ordenamento xurídico galego, estatal e europeo do noso idioma, como xa fan a meirande parte da sociedade civil e as institucións públicas. Respecto tamén polos dereitos lingüísticos dos traballadores e dos consumidores que teñen nunha lingua propia, oficial, informándoos a través da publicidade no idioma do País, etiquetando os seus produtos na nosa lingua e contribuindo a internacionalizala alén das nosas fronteiras como fan os fabricantes doutras nacións que exportan os seus produtos elaborados para o noso país. Se nós os consumimos coas etiquetas da denominación de orixe, xusto é que os empresarios galegos fagan outro tanto, imitando o seu exemplo.

Xosé González Martínez
Presidente do Foro E. Peinador

INTRODUCCIÓN

É moi difícil facer unha achega biográfica e redimensionar no tempo unha persoa cando escasamente se teñen unha manchea de datos persoais inconexos, con luces e sombras; habitante dun tempo político moi complicado, con catro réximes diferentes en corenta anos e unha guerra civil que rematou de derrubar o obxecto e o suxeito deste traballo: a marca orixinal do Balneario de Mondariz, que comezara a súa andaina en 1873;¹ e o noso protagonista **ENRIQUE PEINADOR LINES** (EPL, Pontevedra, 1876-Vigo, 1940), encargado xeracional de continuar coa empresa familiar creada e dirixida polo seu pai, Enrique Sabino Peinador Vela (EPV, Pontevedra, 1847-Mondariz, 1917), coa colaboración do seu irmán Gumersindo Ramón (Pontevedra, 1841-1928), iniciativa cualificada polo investigador británico John K. Walton (2014), especialista en historia social e turismo, como: «health resort and industrial colony».²

O grao de dificultade para analizar un itinerario persoal aumenta máis aínda cando o perfil e a obra do seu antecesor é abafante nas realizacións e nas pegadas materiais e inmateriais, escurecendo, nalgunha medida, o labor do seu fillo, que foi moi significativo e singular por ser quen de manter a identidade distintiva dunha práctica empresarial que o pai levaba exercendo desde os inicios oficiais do Balneario de Mondariz en 1873, con implicación en todos os ámbitos do desenvolvemento económico e social da comarca. Don Enrique Sabino mesmo ampliou mercado e expectativas crecentes no negocio, ao chegar atractivas novidades, sustentadas na conversión da entidade balnearia nun polo atractivo para a *intelligentsia* española do tempo, en primeira instancia, co ofrecemento de confort, cultura e vida social, actividades polivalentes, turismo histórico, artístico e paisaxístico, e saúde. A empresa chegou ao seu cénit nos alegres anos vinte, cando o selo galego empapaba todas as accións dirixidas á clientela termal de Mondariz, impreso dunha singular marca de identidade cultural, conxugada cun labor empresarial con soporte científico, ata aquela descoñecido por estas paraxes, onde primaba a idea de sociedade industrial con home empresa de éxito e de resultados económicos inmediatos. Pero neste terreo non puidemos facer unha análise máis profunda da práctica empresarial ligada aos seus resultados económicos ao non dispoñermos de datos, máis alá dos que ofrecen algúns estudos e os que se publicaron nas revistas dos Peinador, neste caso mínimos. Salvagardando o número de clientes agüistas,

¹ Temos que citar a única obra específica que se publicou sobre Enrique Peinador Lines e que leva o seu nome, na colección Galegos na Historia da editorial Ir Indo, autoría de Fernando Franco e Celia Ameneiro (2006). Os Peinador procedían das terras de Ampudia (Palencia); segundo un papel manuscrito de EPL, o seu tataravó Alonzo Peynador y Borges viñera a Galicia como apoderado xeral do Estado en Rivadavia para o conde don Diego Sarmiento de Mendoza. Logo, o seu fillo Pedro Peinador Castrillo, avó de EPV, era administrador dos condos de Rivadavia e casara na vila do Avia. Á súa vez, o seu fillo Ramón Peinador del Pino foi oficial primeira de rendas reais en Tui (Franco e Ameneiro, 2006: 16).

² Walton reivindica este concepto económico aplicado por primeira vez ao turismo termal, e tamén os termos históricos de resort e spa, hoxe desvirtuados polo mercado.

que si viñan reflectidos nas memorias anuais, do que se teñen feito referencias estatísticas en case todos os traballos publicados sobre o Balneario de Mondariz.³

Do que si podemos dar conta é duns apuntamentos e notas manuscritas sobre os usuarios —«concurrentes», segundo refire o autor— do Balneario, grazas ao labor coleccionista do noso amigo Ramón Torres, quen nos facilitou valiosos documentos propiedade, no seu día, de Enrique Peinador Lines. Un agradecemento especial para este amigo, pois a súa xenerosidade vainos posibilitar, tamén, dar á luz un interesante epistolario de máis de trinta cartas recibidas polo citado Enrique, entre outros papeis relevantes. Estas notas relativas a usuarios indican que, na primeira época do centro termal, o número de *agüistas* multiplicouse por catro entre os anos 1877 e 1881 (de 106 usuarios a 410). Outra anotación significativa é o salto que vai de 1894 (1960 usuarios) a 1897 (2644). Tamén a estabilidade de concorrencia desde 1900, á beira dos 3000 clientes termais, ata a grande depresión consecuencia do comezo da Gran Guerra, en 1914, que baixa ata 2130.⁴

No terreo da innovación, os Peinador foron precursores e construtores do turismo cultural-termal; tamén na utilización de medios para facer máis visibles os seus intereses e o seu obxecto, como empresa, co fin de fidelizar a clientela, como se observa nas publicacións balnearias que lles daban de balde aos usuarios. Unha clientela que non estaba exenta da competitiva ostentación das elites, dentro dunha dinámica de consumismo crecente, como correspondía á época finisecular, da que os primeiros donos de Mondariz non fuxían, máis ben ao contrario, co fin de atraer clientes que adoito buscaban a oferta termal en Europa, supostamente máis snob e exclusivista. E, ao tempo, aproveitar o ronsel das clases acomodadas —bancarias, empresariais, profesionais (catedráticos de universidade, médicos e xuristas), militares e políticas; artistas e xornalistas— e o seu lucimento como reclamo para aqueles que, desde as capas inferiores, quixesen emular por contacto os máis abastados en usos e costumes: a busca de signos de distinción social e imitación das clases superiores (Vilar, 2011 : 165), sen menoscabo de que a saúde e a

³Margarita Vilar (2011) ofrece cadros comparativos de visitantes e usuarios do termalismo, entre Galicia e España, moi significativos. E Alonso, Lindoso e Vilar (2011) amosan interesantes análises desde fontes económicas varias; máis táboas de índices de calidade dos establecementos e de xeografía balnearia en Galicia. Tamén Vallejo ofrece cadros económicos desde unha perspectiva inédita sobre a historia do turismo termal: a estatística fiscal da Contribución Industrial e de Comercio, (2014).

⁴Hai que tomar con certa cautela o inespecífico termo *concurrentes*, pois non sabemos ben se se trata de *agüistas* que beben nas fontes, bañistas de asento ou de bañeira, hóspedes do Gran Hotel, acompañantes... Máis concretas son as cifras que ofrece o director-médico do balneario dos clientes termais que pasan pola súa consulta, como logo veremos. Cos novos datos que achegamos, ao ter series interrompidas, en tramos, non podemos ir máis alá de dar os díxitos, sen moitas posibilidades de analizar cifras. Si se poden apreciar as mesetas, ascensos e descensos dunha posible clientela termal, sempre que os datos que se dan sexan uniformes.

terapéutica termal estivesen tamén entre as súas prioridades. No último terzo do século XIX, a sociedade galega estaba en mudanza cara a unhas pautas burguesas nos gustos e no comportamento social. A aparición dos balnearios como lugares de sociabilidade, máis concretamente o caso de Mondariz, foi unha expresión dese cambio, tal e como apunta o profesor Ramón Villares.⁵ A elección termal dos balnearios como centro de encontro social foi unha realidade na Galicia daquela altura (Alonso, Lindoso e Vilar, 2011: 24). Estamos nun tempo en que o termalismo deixa de ser un fin curativo en si mesmo para dar paso a outro concepto máis transversal que engloba a cobertura de ocio, a sociabilidade e o recreo, con mobilidade, superador do quietismo do termalismo clásico.

A oferta inicial de Mondariz aproximábase a modelos semellantes que funcionaban nas capitais termais centroeuropeas e británicas desde mediados do século XIX, mais coa excepcionalidade de non contar con casino, nun momento en que o turismo termal estaba en ascenso para as capas pequenoburguesas abastadas, cando ata aquela fora patrimonio firmemente enraizado e exclusivo da nobreza e a gran burguesía. Cando EPL colleu o temón para dirixir o Balneario de Mondariz, comezaban a institucionalizarse en Galicia o ocio e o divertimento nas capas sociais intermedias, que tiñan unha orientación de hábitos burgueses, nun marco de mobilidade facilitado pola expansión do automóbil e a consolidación da rede viaria do ferrocarril: o turismo e a cultura ían da man naquela altura para este tecido social nacente aquí, o mesmo que o turismo e a saúde. O cultivo do corpo e, por extensión, da saúde, mediante prácticas hixiénicas saudables comezaban a asimilarse á modernidade. Os médicos, como xestores e especialistas, estaban en condicións de recomendar hábitos hixiénicos, desde a alimentación e o aseo ata o exercicio físico, nomeadamente os paseos na natureza. Os galenos e o termalismo conquistan un espazo crecente na sociedade das dúas últimas décadas do século XIX, tamén en Galicia, pois os máis de trescentos mananciais que había no país e o seu tradicional uso pola poboación, situábo no lugar cabeceiro en España no liderado termal, aínda que nas instalacións balnearias acondicionadas e rexistradas de xeito oficial non ocupase un lugar punteiro.

Aire libre e espazos naturais saudables para as curas de repouso e a evasión son tamén elementos indispensables para sobrepoñerse ás novas tensións das urbes e ao sedentarismo. Xa no comezo do século XX, para os máis novos pro-

⁵Ramón Villares no limiar «Augas, sociabilidade e cultura» que forma parte da publicación *Historia dos balnearios de Galicia 1700-1936. O lecer das augas* (Luís Alonso, Elvira Lindoso e Margarita Vilar, 2011: 12 e 13).

cedentes de familias podentes, a práctica do *sport* empezaba a xeneralizarse; e para os de mediana e terceira idade, os costumes termais, terapéuticos e preventivos eran unha realidade na clientela que ía a Mondariz, desde o notario de Madrid ou o rexistrador da Coruña, con necesidade de certo ton de elite social e cultural, ata o comerciante vilego do Barco de Valdeorras ou o funcionario de Monforte de Lemos, que querían curar a súa diabetes sacarina. Converter a «terapéutica acuosa» en hábito socializante e actividade accesible, con divertimento compartido, foi o gran reto dos Peinador, con continuidade de pais a fillos, cunha metodoloxía que trataba de fuxir do mercantilismo polo mercantilismo, creando un clima de equilibrio con todas as comodidades, nun espazo natural saudable como Mondariz. Evidentemente, naquela altura, en exclusiva para clases medias e altas. Gumersindo **Ramón** e **Enrique** Sabino, coma o resto dos establecementos termais da época, trataban de ter unha clientela selecta que tivese un albergue de calidade e alternativas de ocio (Pérez, 2006: 278).

Enrique Peinador, pai e fillo, compartían dúas veciñanzas en estacións temporais contiguas, entre Madrid e Mondariz, en quendas de medio ano, consonte a tempada termal. O artífice do emporio hidrolóxico de Mondariz desenvolveu na cidade capital as súas habelencias na difícil arte da sociabilidade e as relacións persoais, onde moi alto chegou entre políticos, xuristas, científicos, intelectuais, artistas e financeiros. Non esquezamos que a maioría da clientela do Balneario de Mondariz era madrileña —ata un 40 % en 1894, superando os usuarios galegos (Alonso, Lindoso e Vilar, 2010: 413).

Nos albores do século XX, estas calidades sociais serían a pedra clave no desenvolvemento das súas actividades empresariais, ao botaren man de sinaturas de colaboración importantes da intelectualidade acomodada para estender e reclamar a necesidade do turismo termal en Mondariz e, á vez, o coñecemento do país galego —concepto que liga cultura, ocio, saúde e turismo dun xeito global, non exento de compromiso— entre a abastada e potencial clientela burguesa e aristocrática dos inicios da Restauración, cando as redes eran un elemento importante para levar a cabo calquera labor. O patrón de Mondariz non esquecía a atención dos máis desfavorecidos, pois ofertaba propostas de beneficencia para coidaren a saúde coa terapéutica hidrolóxica e, ao tempo, transversalmente, introducilos na necesidade da hixiene corporal.

Estamos, pois, diante da familia de empresarios galegos pioneira en dar publicidade do país a través, directa e indirectamente, da súa actividade; promoven e facilitan o achegamento á capital galega do termalismo cun concepto turístico global e interdisciplinar, e difunden por varias canles as excelencias dun am-

biente acolledor de empresa familiar. Todo isto, antes de que o turismo se convertese en política oficial en 1916, como proposición da Comisaría Regia Turismo y Cultura Artística, dirixida polo marqués de la Vega-Inclán, quen presentou ao Goberno o proxecto⁶ «Fomento del turismo en España, hidrología nacional, desarrollo y propaganda de balnearios, estaciones de altura y sanatorios». Desde esta dependencia trataban de organizar zonas de turismo sobre os establecementos existentes, aínda que non entrou en vigor pola complexidade e a diversidade de organismos implicados e por razóns orzamentarias (Vallejo, 2014: 3).

Mentres en Mondariz turismo e termalismo ían xuntos, coa imprimación da moderna actitude empresarial dos Peinador, a maioría dos balnearios galegos, no cambio de século, camiñaban por outros vieiros diferenciados da oferta turística.


Divulgación de impacto mediante publicacións periódicas propias, imaxe corporativa rechamante, proposta de actividades con identidade, infraestrutura moderna, bos servizos e boa rede de difusión e extensión da oferta foron as súas principais armas metodolóxicas para obteren clientela e, consecuentemente, bos resultados económicos, cremos, ao menos na altura de 1900. Son, tamén, os primeiros empresarios «axitadores e propagandistas» galegos, co permiso do «chocolateiro» Matías López (Gurriarán, 2009: 72-97), ao tempo de ser introdutores dos cantos de excelencia de Galicia nas súas «partituras», para a súa promoción turística.

EPV soubo investir os excedentes da exportación de augas primeira actividade rendible que tivo de certa envergadura e do exponencial incremento de clientes, en atractivas ofertas de servizos e nun exemplar edificio hoteleiro termal, probablemente dos mellores construídos daquela en España (1897; inaugurado en 1898).⁷ Todo isto sustentado nun cadro de persoal da comarca que chegou a superar os trescentos traballadores directos en nómina de tempada; ocupábanse nomeadamente dos oficios e os servizos varios e eran os principais intérpretes das actividades musicais e folclore galego. Tamén contaba cun servizo médico especializado en hidroloxía, co facultativo **Isidro Pondal Abente** (Laxe, 1843-Santiago, 1925) á cabeza desde 1876, como médico-director.⁸

⁶ **Benigno de la Vega-Inclán y Flaquer** (Valladolid, 1858-Madrid, 1942), militar, político liberal, coleccionista e marchante de arte e viaxeiro, dirixiu a citada Comisaría Rexia desde a súa creación en 1911 ata 1928, ano en que se crea o Patronato Nacional de Turismo (Decreto de 25 de abril). De la Vega-Inclán foi un importante impulsor de institucións culturais, museísmo especializado e do turismo en España. Baixo o seu mandato puxo en marcha a construción dos primeiros paradores de turismo e outros grandes hoteis capitalinos. E foi o promotor do Museo do Greco en Toledo, entre outros. Ademais, tivo un papel relevante na restauración de monumentos. Tamén foi dos principais responsables do traslado e a protección dos cadros do Museo do Prado durante a guerra civil. Non queremos pasar por alto as iniciativas políticas relativas ao turismo efectuadas polo xenro de Montero Ríos, o deputado Eduardo Vincenti, na altura de 1911: a creación da Dirección de Turismo no Ministerio de Fomento.



EPL, no centro, con pucha de «mando en praza», rodeado do persoal do complexo termal (ca. 1920)




EPL entre o persoal do Gran Hotel de Mondariz (ca. 1920)

É importante o coidado con que sempre tratou EPV a cuestión científico-médica referida á hidroterapia e as análises químicas das augas, tarefa que encomendou aos mellores expertos. E a auténtica obsesión que tiña pola localización e posta en valor das termas galegas, sen excluír a competencia. A ausencia de sinalización de Mondariz na cartografía oficial foi «reparada» desde a súa imprenta e facilitou os enlaces e a información imprescindible para achegarse ao templo galego da auga e ás súas instalacións en publicacións propias ou en paneis publicitarios, mesmo nos vapores que facían escala no porto de Vigo ou no Metro de Madrid. As carencias de enlace ou de transbordo foron emendadas de modo satisfactorio polo director balneario cunha oferta propia de transportes de traslado. Aínda que non chegou a ver os tranvías da liña de conexión con Vigo, EPV deseñou o enlace da estación balnearia coa estación marítima da cidade olívica. O seu primeiro e único tramo inaugurouse case tres anos despois do seu falecemento. Pero xa antes matinara en establecer unha conexión do Balneario coa estación de ferrocarril de Salvaterra de Miño, segundo relatou unha das mellores clientas e «haxiógrafas» de Mondariz, dona **Emilia Pardo Bazán** (A Coruña, 1852-Madrid, 1921), quen compara a EPV coa mentalidade e intelixencia dos emprendedores americanos: «Para completar la silueta del creador de Mondariz añadiré que en vez de aguardar a que le construya el gobierno el trozo de ferrocarril que necesita para llevar cómodamente los viajeros desde Salvatierra hasta el balneario, se le ha ocurrido lo que se le ocurriría a un yankee (con paz sea dicho): construir él mismo el ferrocarril, explotarlo él mismo» (Pardo, 1899: 31).


Naquela altura, desde Madrid, era máis fácil a aproximación á estación balnearia polas liñas férreas portuguesas, pasando pola fronteira de Badaxoz, para dirixirse a Porto e, logo, a Valençã.⁹ Como apuntaban na *Guía de las aguas de Mondariz* de

⁷ Tamén formaba parte de varios consellos de administración. En 1904 formouse a Sociedad de Tracción Eléctrica del Miño, co fin de poñer en marcha o Tranvía Mondariz-Vigo (*El Ingeniero*, n.º 462, 1904), que non frutificou. Naquel consello estaba o fillo de Montero Ríos, Eugenio Montero Villegas. Pasarian dez anos ata formalizar a constitución dunha sociedade específica para este labor. Entrou en bolsa en 1919, un ano antes da súa inauguración parcial e dous anos despois da morte de Enrique Peinador Vela. Con anterioridade, desde 1907, EPV era vicepresidente dunha das empresas de seguros estranxeiras máis rendibles en España: A Equitativa, de Brasil (1899); en 1909, esta entidade fixo en España operacións de pólizas por un total de oito millóns de pesetas cando tan só empregaran 74.000 en pagar sinistros, segundo os datos que publicaban (*La Moda Elegante* de 14/V/1907).

⁸ Isidro Pondal Abente asina a primeira memoria anual das *Aguas de Mondariz* en 1877, que logo completou ata unha serie de vinte e cinco (Del Castillo, 1993: 37). Xubilouse en 1918, tras máis de corenta anos de servizo en Mondariz. Substituíuno o doutor compostelán **Camilo Pintos Reino** (n. 1867), entre 1919 e 1926, por proposta de Pondal Abente. E logo os responsables médicos do balneario foron os doutores Llord (1926) e Compaired (1927-1932), especialista en otorrinolaringoloxía. Outros médicos coñecidos, como o catedrático de Uroloxía da Universidade Central, Leonardo de la Peña, pasaban consulta durante a temporada, como tamén o fixera o inspector de Sanidade Atilano Lamas. Houbo un tempo en que o catedrático compostelán Casimiro Torre Sánchez-Somoza (Santiago, 1864-Santa Olalla de Vedra, 1937) fixo labores de subdirector.



Frota de automóviles do Balneario de Mondariz (ca. 1910)



En fase de remate das obras do Tranvía Mondariz a Vigo, no apeadoiro chamado Peinador (ca. 1919)

TRANVÍA DE MONDARIZ A VIGO

SOCIEDAD ANÓNIMA

JUNTA GENERAL ORDINARIA DE 9 DE JULIO DE 1927

Memoria

presentada a los Señores Accionistas

por el

Consejo de Administración

EJERCICIO DE 1926

MONDARIZ-BALNEARIO

1927

Memoria da sociedade Tranvía de Mondariz a Vigo (1927)

1884: «Este es el viaje más cómodo y económico. En Valenza se deja el Ferro-carril: se pasa el Miño en barca a Tuy, donde se vuelve a tomar el tren hasta Porriño. Desde este punto se hace el viaje hasta Mondariz en coche [de cabalos, por suposto], invirtiendo dos horas escasas». Unha aventura de case dous días (corenta horas de viaxe en tres medios diferentes: ferrocarril, barca e coche de tiro de cabalos; por Zamora eran oito horas máis). Non había moito que mercaran «un nuevo y bien acondicionado ómnibus, tapizado elegantemente de azul, de la casa Peinador» (*Mondariz*, n.º 45 de 20/1/1922; «Mondariz Antiguo» de Emilio H. Arranguiz). Hai investigadores que apuntan que o traxecto de Madrid ao sur de Pontevedra, por ferrocarril, se facía por Lisboa e Camiña, onde se collía a barca para atravesar o Miño e, despois, as lanzadeiras de coches de cabalos da Portuguesa (Iglesias, 1993b: 24-26).

No terreo das relacións, probablemente, o principal campo de operacións de EPV en Madrid, e onde coñeceu a máis xente influínte, fose o Ateneo Científico, Literario e Artístico. Alí desenvolveu labores directivos, pois desde finais do século XIX foi secretario na Sección de Ciencias Históricas cando a institución estaba presidida por José Echegaray, con Santiago Ramón y Cajal de vicepresidente (1899).¹⁰ Dous anos máis tarde, EPV exercía tamén de secretario na Sección de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais, presidida polo catedrático galego **José Rodríguez Carracido** (Santiago de Compostela, 1856-Madrid, 1928), quen despois fixo as análises máis pormenorizadas das augas de Mondariz (1906).

O labor empresarial de Enrique Peinador Vela chegou a extremos inimaxinables: desde Ribadeo a Tui e a súa contorna, onde estaba encravado o Balneario de Mondariz; e desde os Pireneos ata Xerez da Fronteira, de onde viñan os Primo de Rivera, e Portugal, cuxa nobreza acudía a recibir as augas, ao tempo de coñecerse o «imán» que representaba Mondariz para a «intelixencia» española da Restauración.

Probablemente, logo de abandonar os estudos universitarios que comezara na Universidade Central de Madrid, en Ciencias e Dereito, finalizando o século XIX, sería o seu fillo, o novo Enrique Peinador, quen, por mandato de seu pai, se responsabilizase no labor comercial de difusión de Mondariz e as súas augas como primeiro paso para ceder a dirección da empresa familiar, da que se fixo cargo en 1907: desde A Coruña, onde viviu un tempo e onde coñeceu os compoñentes da Cova Céltica, ata Madrid, onde espallou as bonanzas da hidroterapia entre a clase médica que

⁹ A ponte internacional de Valença sobre o Miño inaugurouse en 1886 (Vilar, 2013: 125).

¹⁰ *Guía oficial de España* (1899).

coñecía Spa, Vichy, Karlsbad e Baden Baden, e logo por varios países de América visitando a colonia galega mais os médicos que sabían de Mondariz e as súas augas.¹¹

Enrique Peinador Lines pisou desde as illas británicas e centroeuroa ata as Américas do norte e do sur para continuar o labor emprendido polo seu pai, primeiro como difusor comercial e propagandista, e desde 1907 como responsable directivo, para levalo á súa etapa dourada nos anos vinte do século pasado (Franco e Ameneiro, 2006: 6; e Del Castillo, 1993: 559), cuns parámetros de modernidade transversais pouco comúns, á vista do seu labor, moitas veces agachado, que pasou desapercibido para moitos galegos e galegas.¹²

No seu afán de rescatar persoas de calado no compromiso empresarial ligado á terra e ao desenvolvemento identitario na produción, Xosé González, nun difícil reto, encargoume este traballo. Merecentes dunha cadeira ao lado dos Peinador, pai, irmán e fillos, perpetuados en Mondariz, Pepe e o seu equipo, polo labor que desenvolven, terían que ter pagadas estancias balnearias con quilométrico en todos os lugares do país que teñan augas, que son moitos... Quizais a persoa que hoxe escolleron, Enrique Peinador Lines, sexa a máis acaída e representativa dos escasos perfís empresariais con trazos e pegadas dun itinerario persoal vinculado a Galicia e ao desenvolvemento moderno no difícil tempo do primeiro terzo do século XX.

Comezamos o crebacabezas coa sombra de Enrique Peinador Vela ocupando moita superficie, e coa emerxencia do seu fillo Enrique Peinador Lines a recibir un legado con proxección, así categorizado polo catedrático de Hidroloxía **Hipólito Rodríguez Pinilla** (Ledesma, Salamanca, 1860-Salamanca, 1936):¹³

Al crear Mondariz ha creado, no solo un poco de riqueza, sino un poco de luz espiritual, cultural, ejemplarizante. Podemos enseñar Mondariz a Europa, y si llega el día en que se logre abatir los obstáculos que cierran los Pirineos y cierran el Támesis a las aguas minerales españolas, Mondariz irá a Europa como va a las Antillas y la Argentina.

¹¹ Por unha noticia de prensa, sabemos que Enrique Peinador Lines vivía na Coruña en 1905, na rúa Real número 9, onde se declarou un incendio o 8 de xuño dese ano. Naquela altura, comezaron os seus contactos co rexionalismo coruñés na chamada Cova Céltica, parladoiro con sede na librería de Carré Aldao, preto do domicilio do mozo Peinador.

¹² Segundo que autores, refírense indistintamente a 1906 e 1907 como o ano en que Enrique Peinador Lines se encargou da xestión e dirección do balneario de Mondariz, sucedendo ao seu pai.

¹³ En *Mondariz* (n.º 28, páx. 579, de 15/XII/1917), artigo obituario dedicado a EPV.

Os primeiros pasos do pequeno Enrique e a súa contorna termal: familia, Mondariz, Madrid e rexionalismo

El terreno es montuoso, quebrado y bastante fértil; hay en varios sitios aguas ferruginosas y nitrosas que sirven para curar distintas molestias [...] Hay en el término fuentes de aguas medicinales que producen muy buenos efectos a los dolientes que las beben: la que se haya a orillas del río Tea es nitrosa y sirve para curar enfermedades cutáneas y la del barrio de San Pedro ferruginosa, facilita la digestión y abre el apetito. Como no se ha hecho análisis de estas aguas, ni los habitantes de esta feligresía han dado publicidad a las virtudes que estas aguas encierran, no podemos hablar con más extensión de ellas.

Fóra das lendas que escribiron despois «acreditados historiadores» sobre o uso e a clientela das augas de Mondariz «desde tiempos inmemoriales», estas son as primeiras noticias publicadas sobre as características e a localización das fontes de augas medicinais de Mondariz (Madoz, 1850, T. XI: 485).¹⁴ Como se desprende das notas que achega Pascual Madoz, as augas destas fontes tiñan cadansúas propiedades curativas: para os males externos (enfermidades infectocontaxiosas con manifestacións cutáneas) na fonte de Troncoso, tamén chamada Saidoiro, nunha zona, en principio, de propiedade pública; e para facilitar os procesos internos a do Chan da Gándara, que é a que Madoz localiza no barrio de San Pedro. De aí vén a tenacidade para que EPV comprase os terreos onde se situaban estas fontes e as lindeiras:¹⁵ a riqueza de composición e a complementariedade das augas destes dous mananciais, aínda que logo resultasen semellantes de contido. Logo de complexas peripecias de compra, a finca da Fonte da Gándara foi adquirida pola familia Peinador, nai e fillos, na contorna da I República, coa colaboración inestimable do seu irmán e asociado, Gumersindo Ramón, que era avogado e funcionario da Deputación de Pontevedra.¹⁶ As augas da Gándara e Troncoso, distantes un quilómetro, foron declaradas de utilidade pública en 1873, requisito oficial indispensable para dispoñer do seu uso e explotación comercial, e para poñer en marcha unha instalación balnearia regulada. Segundo os que estudaron este tema,

¹⁴ Xa foran brevemente citadas por Gómez de Bedoya en 1772, sen tanta precisión. Logo de Madoz, Taboada Leal (1877) encabeza unha longa serie de autores que dedicaron a súa pluma a poñer en valor as propiedades curativas das augas galegas, e, especialmente, a importancia das de Mondariz. Taboada Leal comentaba que, na altura, os mananciais de Mondariz eran utilizados por mil persoas «de varios puntos de la provincia y de fuera de ella, que nada pagan por su uso» (1877: 178) e que a auga era exportada a varios puntos de España, do estranxeiro e ata de ultramar, en 20.000 botellas. Franco e Ameneiro cifran en case un millón as botellas naquel mesmo ano, para España (2006: 51).


¹⁵ Co tempo, os Peinador foron mercando os terreos lindeiros das leiras onde estaban encravados os dous mananciais, que Enrique relacionaba, cuestión vital para gañar o preito máis duradeiro que tiveran e que mellores resultados lle deu á empresa.

¹⁶ EPV tamén foi deputado provincial en 1874, aínda que dimitiu ao pouco; un ano antes foi galardoado pola súa colaboración na epidemia de varíola do Grove de 1872. Ramón fíxose cargo da comercialización da explotación das augas, que se iniciou en 1873, desde o seu domicilio en Pontevedra; tamén fixo labores administrativos e de consecución de créditos (Pardo, 2011: 21). Segundo recolle unha cita de María Jesús del Castillo, Enrique era a impulsividade, a vehemencia e o fervor —empuxe e decisión—, e Ramón significaba a mesura e o recollemento —prudencia— (1998: 38).

a fonte de Troncoso foi «redescuberta» por un crego curandeiro da zona, **Domingo Blanco Lage** (Mondariz, 1809-1886) en 1862, que logo lle deu cobertura científica, de acordo co Concello, co aval analítico dos profesores universitarios composteláns **Antonio Casares Rodríguez** (Monforte de Lemos, 1812-Santiago de Compostela, 1888) e **Maximino Teijeiro Fernández** (Monforte de Lemos, 1827-Santiago de Compostela, 1900), en 1864, para a súa explotación extensiva, fóra dos veciños que a usaban. Ao pouco tempo, o vello Enrique Peinador, a quen se atribúe o «redescubrimiento» da de Chan da Gándara, grande afeccionado á historia, referíase así aos primeiros momentos:¹⁷ «Al llevarse a cabo, en 1871, las obras de alumbramiento y captaje del manantial de Gándara, se hallaron restos de pilas y cañerías antiguas que revelan la explotación de las maravillosas aguas en tiempos pasados» (*La Temporada*, núm. extraordinario de 1 de xuño de 1927: 4). Naquela altura, nos primeiros labores para pór en marcha un centro termal naquel lugar, EPV contou coa axuda económica e técnica de coñecidos persoeiros, como o profesor, avogado e político Eugenio Montero Ríos; o catedrático de Práctica de operacións farmacéuticas da Universidade de Santiago **Fausto Garagarza y Dugiols** (Ondarribia, Guipúscoa, 1830-Madrid, 1905), que fixo a análise química comparativa dos dous mananciais en 1872; o médico de baños Isidro Casulleras Galiana, cuñado de Alfredo Brañas; o arqueólogo Ramón Álvarez de la Braña; o enxeñeiro, deputado e senador Manuel María de Uhagón e Hurtado de Corcuera, e o notario, deputado e alcalde republicano de Pontevedra, Valentín García Escudero (Del Castillo, 1993: 136 e 221).

De como chegou EPV a Mondariz corren varias hipóteses. Para nós, a que máis se aproxima á realidade é a de que, sendo Enrique especialista médico de baños do balneario próximo de Caldelas de Tui en 1871, foi visitar a zona en compañía dun enxeñeiro por el convidado, Isidoro Sebastián Buceta Solla, co fin de buscar mananciais minerais (Alonso, Lindoso e Vilar, 2010: 400), e intuía que a hidroterapia naquela zona podía ser un gran negocio: un visionario na altura, independentemente de que a propaganda editada do cura Domingo Blanco Laxe o atraese ao lugar, e de que levasen o Madoz «debaixo do brazo». Outros autores indican que EPV xa estaba de médico de baños en Troncoso naquel entón (Pintos, 1923: 9), cuestión esta que, probablemente, o que foi médico de baños de Mondariz, Camilo Pintos Reino, lle escoitara directamente ao propio EPV. A súa certeza non temos forma de acreditarla con outras fontes, mais, pola importancia testemuñal, incluímos parte da súa narración dos feitos, que o doutor Pintos describe na memoria do Balneario de 1923:

¹⁷ Aínda que é unha cita dun artigo de 1927, é probable que estivese copiado dunha memoria das augas da Fonte do Chao da Gándara elaborada por EPV, antes de que chegase Isidro Pondal como médico de baños, pois Taboada Leal, nas súas páxinas da *Hidrología médica de Galicia* de 1877, di: «Aunque tenemos a la vista una memoria bien escrita por nuestro apreciable y laborioso profesor D. Enrique Peinador, de Pontevedra, en la cual se ocupa minuciosamente de la constitución geológica e histórica natural de este territorio, trabajo muy importante para la monografía que ha redactado sobre las aguas minerales del manantial llamado de la Gándara [...]».



Don Gumersindo Ramón Peinador Vela

† Don Sabino Enrique Peinador Vela

Os irmáns Peinador Vela, creadores do emporio termal de Mondariz

AGUAS DE MONDARIZ



Propiedad de los Sres Hijos de Peinador.

EL ESTABLECIMIENTO
rodeado de jardines, huerta y bosque consta de

— **CASA DE BAÑOS** —

© **CASA FONDA** con habitaciones de varios precios.
VIVIENDAS con todo el mobiliario y ropas necesarias para familias.
COMEDOR á la lista y en mesa redonda.
SALONES de baile, lectura y juegos de sociedad
Carruajes de todas clases y Fuente de Gandara,
cuya fama es ya universal por la eficacia de sus aguas, que
se emplean con exito en la Inapetencia - Enfermedades del
estomago e higado y Cálculos y en la Diabetes - Sacarina
en cuya enfermedad está considerada el


— **AGUA DE MONDARIZ** —

como el especifico mas energico conocido.

Los propietarios se complacerán en contestar á todas las noticias, que se le pidan á

PONTEVEDRA - Dñ Ramon Peinador.
MADRID, Sovellanos 5. Dñ Enrique Peinador.
FUENTEAREAS-MONDARIZ. Sr. Admor del Establecimiento.

Anuncio das augas e a casa de baños de Mondariz (ca. 1880)



A Fonte de Gándara en 1889



Detalle da escaleira central do Gran Hotel (ca. 1900)

En esta situación y en el día 8 de julio del año 1870, llegó a Mondariz, nombrado Director interino de la fuente de Troncoso, el médico D. Sabino Enrique Peinador, verdadero superhombre dotado de un sagaz espíritu observador, que haciéndose cargo con una clarividencia singular del inestimable valor del manantial y relacionándolo con las filtraciones originarias del fangal de Gándara del barrio de San Pedro, citadas por D. Pedro M.^a Rubio en 1853, fraguó en el verano que duró su mandato, el decidido propósito de cimentar el balneario en condiciones dignas de ser universalmente conocido y utilizado.

Despois, xa propiedade dos Peinador, tras moitas desavinzas e preitos co concello, baixo a dirección e xerencia de EPV, as instalacións termais e as infraestruturas complementarias foron aumentando de xeito vertixinoso, desde a inicial casa que albergaba servizo de hospedaxe en 1876, pasando pola primeira casa de baños-fonda de dúas plantas aberta en 1880, a carón da Fonte de Gándara, ata a inauguración en 1898 do seu buque-insignia, deseñado polo arquitecto autodidacta **Jenaro de la Fuente Domínguez** (Valladolid, 1851-Vigo, 1922):¹⁸ o Gran Hotel de Mondariz, axudado en boa parte polas perspectivas económicas dun aumento de clientela con motivo da mellora das comunicacións españolas e portuguesas, nomeadamente pola chegada parcial do ferrocarril que conectaba Madrid con Galicia, de onde viña o principal caudal de usuarios, cando uns anos antes había tan só unha casa de baños con aloxamento.¹⁹

Do complexo balneario de Mondariz moito se ten escrito; mesmo se escribiron dúas teses de doutoramento (María Jesús del Castillo Campos, Universidade Complutense, 1993, editada este mesmo ano por esta institución académica; e Yolanda Pérez Sánchez, Universidade de Santiago, 2005, inédita). De EPV e do seu balneario, mais do seu ideario empresarial e da súa xerencia, xa comentamos na introdución as principais liñas mestras, á parte dos logros que acadou e a metodoloxía que empregaba. Un *modus operandi* peculiar empapado de rexionalismo, pois non en van os Peinador eran amigos de Manuel Murguía, sobre todo Ramón, desde os seus tempos mozos, como se teñen expresado neste sentido o esposo de Rosalía de Castro e EPV en varias publicacións, dando conta da súa vetusta amizade (Barreiro, 2012; Reboreda, 2015: 252; e Landín, 1999:

¹⁸ Este galego de adopción, aínda que non tiña título oficial de arquitecto, exerceu como tal. A obra do Gran Hotel comezou en 1893 e finalizou en 1897. Jenaro era director técnico de obras do Concello de Vigo. O seu fillo homónimo, tamén foi un coñecido arquitecto. O hotel tiña unha capacidade para albergar 500 persoas e un comedor para 800 comensais. Tiña luz eléctrica interior e nos xardíns producida por un xerador e rede de sumidoiros coas máis modernas técnicas de instalacións de hixiene urbanística.

¹⁹ O emporio termal xa comezaba a ter impacto económico na vila de Mondariz cunha nascente oferta hostaleira, con varios establecementos, a maiores do que rexentaban os Peinador. Na última década do século XIX, os Peinador, paralelamente á construción do Gran Hotel, comezarían a edificar chalés no bosque con destino aos clientes máis poderentes que fuxían das relacións sociais estándar e do rebulicio.

268).²⁰ En Pontevedra, Ramón asistía ao coñecido parladoiro de Casto Sampedro (Landín, 1999: 58). Enrique era amigo do intelectual rexionalista coruñés **Eugenio Carré Aldao** (A Coruña, 1859-1932) e visitante da súa Cova Céltica, en alusión ao parladoiro que tiña na súa librería, no que participaba ocasionalmente EPV (Maceira, 2015: 86), quen, como xa dixemos, tiña piso montado cabo dese «establecemento cultural», no que o seu fillo logo coñeceu o máis representativo daqueles próceres galeguistas naquel «templo do saber», como se lle ten chamado:²¹

O foro da Cova Céltica foi a casa de todos os galegos que, ao seu paso pola Coruña, tiñan algo que achegar. A lista dos persoeiros que participaron en tertulias chega a atafegar: aparecen ministros da República, xenerais do exército, o Marqués de Figueroa, Sofía Casanova de Lutoslowski e, algunhas veces, Emilia Pardo Bazán. A Liga Gallega foi a proxección política dos célticos, non obstante fóra da produción cultural o certo é que os triunfos dos seus obxectivos foron reducidos (Maceira, 2015: 86 e 87).

Non acontecería o mesmo con EPL, quen, como teremos ocasión de falar, logo sería un comprometido militante do Partido Galeguista (PG), unha vez constituído, en 1931: un paso máis adiante no labor ao que nos tiña acostumado o galeguismo culturalista e de salón. A maiores, demostrou sempre unha actitude política galeguizadora firme no ámbito persoal e no empresarial, desde o tránsito que fixo do rexionalismo herdado de seu pai á militancia citada no PG, pasando polas Irmandades da Fala e a súa contorna e por toda canta iniciativa galeguizadora se puxo en marcha.

Seu pai tamén tivera inclinacións políticas, aínda que serodias e sen moita continuidade. Segundo unha noticia do xornal *La Correspondencia de España* de Madrid (5 de setembro de 1905): «El demócrata D. Enrique Peinador, dueño del balneario de Mondariz, presenta su candidatura por Noia, enfrente del ex-ministro Rafael Gasset». Non sabemos certamente se chegou a se presentar á confrontación anunciada na prensa. Logo, o vello Peinador si se presentou a unhas eleccións cando, despois dos bos resultados acadados polos «solidarios» nos comicios de 1909, anuncia ir coas candidaturas solidarias agrarias en 1910, por Ribadeo (Beramendi, 2007: 375). Probablemente esta lista pertencía a Acción Gallega, forza política do líder agrarista galego en Madrid, Basilio Álvarez, fundada no parladoiro

²⁰ Tamén Barreiro afirma que Ramón Peinador falou con Montero Ríos en 1885 para ver de reincorporar a Murguía ao corpo de arquivistas, logo de ter certos problemas funcionariais coa súa toma de posesión da praza que tiña en Valencia (Barreiro, 2012: 23 e 24), aínda que non sería rehabilitado ata 1892, destinado á Biblioteca da Universidade de Santiago, por mediación de Linares Rivas, que era amigo de Murguía. En 1890, Murguía e Ramón Peinador coincidiron en Pontevedra no Comité Rexionalista, que estaba presidido por Manuel Becerra Armesto; Ramón era vogal. Logo, o seu irmán Enrique fixo campaña de crédito de Murguía diante da situación de desamparo en que quedara ao se xubilar, denunciando os feitos nun artigo en *La Temporada* (4/VII/1905).

²¹ Logo, Carré ten colaborado nas publicacións que editaban os Peinador.

Aguas bicarbonatado-sodicas *de* **MONDARIZ**



Recreación pictórica das instalacións do Balneario de Mondariz (ca. 1885)



Recepción da nobreza con festexo (1915)

da Cervexería Excelsior da praza de Santa Ana, onde acudía EPV, entre outros intelectuais, profesionais e políticos galegos. Alá estaban os seus amigos Alfredo Vicenti e Portela Valladares (Durán, 1974: 117 e 118), a carón do Abade de Beiro.²² Foi no seu voceiro *Acción Gallega* onde, probablemente, se inseriu por vez primeira publicidade impresa do Balneario de Mondariz, fóra das publicacións propias.

Os Peinador pasaban parte do ano na capital, onde estaban moi ben relacionados coa «colonia galega» e os seus lugares de encontro e de sociabilidade co fin de «redimir Galicia». Entre os puntos do decálogo de *Acción Gallega*, logo da redención dos foros e a extirpación do caciquismo, había dous estreitamente ligados a Enrique Peinador Vela: o fomento do turismo e a protección decidida e entusiasta das industrias de sazóns, hidrolóxicas e vinícolas. Ambos os elementos serán fundamentais no desenvolvemento empresarial dos Peinador, pai e fillo. Este último, na altura de 1910 xa estaba levando o temón do emporio termal de Mondariz.

Para entender mellor o itinerario vital do noso biografado, temos que botar man do contexto onde se criou o moción «Enriquito», entre os xogos dos xardíns de Mondariz e a finca de Pías, non sabemos se con «nurse británica», aia ou cos amigos da aldea; logo, alternando os seus estudos de bacharelato en institutos públicos, entre Pontevedra e Madrid, onde, coma seus pais, pasaba a invernia no domicilio que tiñan os Peinador Vela na rúa Jovellanos número 5, que logo trasladaron á rúa Martínez Campos 20, contra 1915.²³ Realizara o ingreso e os dous primeiros cursos do bacharelato no Instituto de Pontevedra, entre 1888 e 1890; a continuación matriculouse no Instituto San Isidro de Madrid, onde rematou o bacharelato e o grao de bacharel cun expediente que contén algún sobresaliente (expediente académico no Arquivo Histórico Nacional [AHN], Sign. 7310, exp. 59); nos exames de grao obtivera un sobresaliente en Letras e un aprobado en Ciencias.

Pouco sabemos dos primeiros anos do infante EPL. Nun pequeno salto de idade, só temos constancia de que rematou o bacharelato en Madrid. E, pouco antes, unha referencia de prensa na que o adolescente Enrique, con trece anos, asinaba unha adhesión dirixida ao Papa en contra do levantamento dun monumento contra Giordano Bruno: «Mensaje elevado a Su Santidad protestando contra la sacrilega erección del monumento al apóstata Jordán Bruno» (*El Siglo Futuro, Diario Católico*, 8-VIII-1889, ano XV, n.º 1438, en portada). Quen lle ía dicir

²² Pasado o tempo, nalgunha ocasión, Basilio Álvarez redactou algún artigo de prensa aclaratorio para defender a Enrique Peinador Lines e o Balneario de Mondariz dalgún libelo interesado («En el balneario de Mondariz jamás se jugó a los prohibidos»; *La Nación* de 1/VIII/1929).

²³ Naceu en Pontevedra o 16 de xuño de 1876 (folios 397-399 do Tomo I da Sección de nacementos do Rexistro Civil de Pontevedra). Foi inscrito cos nomes Enrique Ramón Miguel Basilio Antonio.

ao asinante Enrique, anos despois, que entre o texto que subscribira había frases paradigmáticas como: «Muera el libre pensamiento y el liberalismo», el, que debeu de ser dos primeiros cidadáns en solicitar divorciarse canonicamente, tal e como rexistraba a prensa da época, contra 1918:²⁴ «Es este un litigio ya antiguo que da diversos incidentes, uno de los cuales acaba de ocupar la atención de los magistrados que constituyen la Sala primera de lo Civil» (*El Globo* de 8/IV/1921, «Notas jurídicas»). O escritor local Alfonso Paredes, segundo comentarios que recolleu no lugar, atribúe esta separación a unha «moral lasa» na súa relación: «su comportamiento fue un tanto cuestionado ya que sus aventuras amorosas le condujeron a la separación matrimonial [...] Incluso tal comportamiento le ocasionaría algún disgusto con el entonces párroco de Mondariz, D. Cosme Cordobés Carrera, quien afeó su conducta en público» (2011: 24). Incide este autor en que os «devaneos amorosos» de Enrique deixaron pegada na comarca.

Precisamente, no tempo en que EPL asinou aquel manifesto de fe, seu pai erixía unha capela no medio do bosque e proclamaba a Virxe do Carme como patroa do balneario. No arquivo da Real Academia Galega hai unha carta de EPV dirixida ao industrial fundidor de La Industriosa, **Antonio Sanjurjo Badía** (Sada, A Coruña, 1837-Vigo, 1919), na que o director do Balneario de Mondariz reclama celeridade no envío das campás para a capela que lle encargara (datada o 22 de setembro, sen ano).²⁵ Os servizos relixiosos foron parte esencial na oferta balnearia para a que se albiscaba como potencial clientela do Gran Hotel: nobreza e burguesía de fondas conviccións católicas; non en van, EPV iniciou os seus estudos no Seminario de Santiago. Logo, altas autoridades eclesiásticas católicas de varios países formaron parte da clientela de elite do Balneario: cardeais, bispos, arcebispos e nuncios incluídos, mesmo algún de relixión protestante.

Os Peinador tampouco esqueceron o labor de beneficencia, tal e como se desenvolvía a atención médica naquela altura para os desfavorecidos. Primeiramente, puxeron á súa disposición un almacén para aloxárense mentres tomaban as augas e os baños, e despois unha construción específica para os desta condición coa denominación de Asilo da Nosa Señora do Carme, inaugurado en 1900, con capacidade para 150 *agüistas* (Domínguez e Quintana, 2006: 189) e atendido por relixiosas. Igualmente, algunhas entidades caritativas exteriores colaboraban para financiar usuarios pobres.

²⁴ *El Globo* de 21/X/1920. Na prensa madrileña veñen reflectidos todos os pasos dos preitos desta separación matrimonial, desde as vistas dos diferentes tribunais que se celebraban na corte madrileña ata as reclamacións económicas de Georgina Porrúa, a súa esposa. Anos atrás, EPL presentara unha demanda de divorcio. Entre outras resolucións xudiciais, o Tribunal Supremo ditara sentenza dándolle a patria potestade a EPL sobre o fillo, o menor Enrique Peinador Porrúa (EPP; en *El Globo* de 9/XII/1920).

²⁵ Hai outra carta dirixida ao mesmo destinatario onde se lle urxe o envío dunha prensa para uva que lle encargaran (do mesmo fondo da RAG, de 13 de setembro de 1901).

Tamén discorreu a adolescencia de EPL entre preitos. O primeiro foi pola titularidade da fonte de Troncoso entre o Concello de Mondariz, que o consideraba de dominio público, e os Peinador. Gumersindo Ramón Peinador levou os intereses familiares con tino, atopándose cunha defensa do Concello representada por dous dos xuristas e políticos máis representativos da Restauración en Galicia:²⁶ Isidoro Bugallal e Senén Canido. Probablemente, dada a importancia da profesión da avogacía na altura, e inducido polo seu pai, o adolescente Enrique comezou a carreira de Dereito en Madrid; antes desexara continuar o labor médico do seu pai como titular de baños e iniciara os estudos de Medicina. Non culminou ningunha das dúas, pero o que podería tornar nunha frustración por non ter carreira universitaria non foi tal, pois na práctica desenvolveu con tino a xerencia da empresa familiar que herdara a seguinte xeración de EPV.²⁷ Descoñecemos se EPL rematou algúns estudos non regrados de economía e xestión empresarial no estranxeiro, dada a súa mobilidade e os grandes períodos sen dedicación directa ao negocio familiar, que se prolongaban seis meses ao ano, nos que intuimos que levaba a cabo labores comerciais e de difusión do complexo termal familiar. Queda aberta esta posibilidade sen podermos contrastala con certeza absoluta.

Finalizando o século XIX, o novo Enrique Peinador comezaba a entregar as súas primeiras colaboracións para as publicacións do Balneario con pequenos artigos de historia. E unha modernidade descuberta: a afección do mozo á fotografía; como mostra, a *Guía de Mondariz* de 1899, que incorpora algunha foto del: «El castillo de Salvatierra (cercanías de Mondariz). De fotografía de E. Peinador (hijo)».

A primeira publicación que se coñece do mozo Enrique é *Señores de Sobroso de la casa Sarmiento* (Impr. del Establecimiento de Mondariz, 1905), unha pequena

²⁶ Foi fundamental neste preito a habilidade de Gumersindo Ramón Peinador, desde o principio do litixio, polo feito de indicar a conexión das fontes, por filtración da que posuían en propiedade, a de Gándara. Alonso, Lindoso e Vilar dan conta de todo o proceso, desde o comezo da concesión e as sucesivas paralizacións, ata a finalización do preito, coa intercesión e a representación dos Peinador por parte de Eugenio Montero Ríos, para a súa defensa desde o Consello do Estado, onde consegue unha sentenza favorable en 1888. Logo de recorrello, resolveuse na Audiencia Territorial da Coruña anos máis tarde, en 1905 (2010: 403-405; e Barral, 2013: 122).

²⁷ Comezou o selectivo na Facultade de Ciencias de Madrid, con matrícula oficial, no curso obrigatorio para continuar estudos nas disciplinas científicas experimentais e biomédicas, entendemos que co fin de logo entrar en Medicina, mais non aprobou ningunha materia no curso 1894/95 (AHN. Sign. 5993. Exp. 17). No curso seguinte matriculouse en Dereito por libre, onde só aprobou dúas materias das catro que tiña o curso preparatorio, na Facultade de Filosofía e Letras: Literatura xeral e española e Historia crítica de España (AHN. Sign. 4565. Exp. 28); estivo tres cursos matriculado na materia de Metafísica, que non aprobou. Este foi todo o itinerario universitario do mozo Enrique. Dentro do negocio familiar, Ramón Peinador Lines non tivo cargos definidos –máis alá da coordinación dos servizos de alugamento de coches– ata que se ocupou da secretaría da empresa de tranvías de Mondariz a Vigo. A súa irmá María delegou a parte do negocio que herdara no seu marido Fernando Escardó Settler, quen, con Ramón, xestionou logo a Sociedade comanditaria Peinador y Cía. para a venda de augas de Mondariz (1917); con oficinas centrais en Madrid, Génova 16, e cunha sucursal en Vigo, Victoria 2.

LA TEMPORADA

NÚMERO EXTRAORDINARIO

EN MONDARIZ

NÚMERO EXTRAORDINARIO

SE REPARTE GRATIS	Establecimiento de las Aguas de Mondariz	PUBLICACIÓN SEMANAL
¿ LOS CONCURRENTES AL ESTABLECIMIENTO	PROPIEDAD DE LOS SEÑORES HIJOS DE PEINADOR PONTEVEDRA.	AÑO XXI.-DOMINGO 2 DE MAYO DE 1909

SALUTACIÓN

Este número extraordinario es la salutación que dirigimos, llena de cordiales votos, á los clientes, á los favorecedores y á los amigos del Establecimiento de Mondariz.

A todos alcanza el testimonio de nuestro reconocimiento. A todos, el deseo de que la temporada de aguas en 1909 les sea propicia.

Felicítamos á los enfermos que han encontrado reposición ó alivio en los manantiales de Gándara y Troncoso. Su confianza en la virtud de las aguas ha corroborado la de los médicos que les recomendaron su uso. También á los médicos de España y del extranjero, que las conocen y las preconizan, nos reconocemos profundamente obligados.

Igual deuda tiene y quiere saldar el modesto periódico LA TEMPORADA, con los periódicos de Madrid, de provincias, de Portugal y del Nuevo Mundo que con su visita y cambio le favorecen.

Mayor, si cabe, es la deuda con los de provincias, que desinteresadamente propagan todo lo relacionado con Mondariz, y que al venir á nuestro salón de lectura proporcionan á los concurrentes noticias, siempre interesantes y gustosas, de sus respectivas localidades.

Saludamos asimismo al vecindario de los pueblos, barrios y caseríos del contorno, en donde el espíritu de asociación puede hacer milagros si atendiendo á las necesidades más sentidas para la vida y prosperidad de sus negocios, piensan en poner remedio á la apatía de los que arriba, en medio y abajo, como si odiaran al principal elemento de riqueza del distrito, son rómora y obstáculo á su desenvolvimiento. El estado de las carreteras, el desuido del rico barrio en cuanto á policía, higiene, etc., etc., reclaman por parte de todos los vecinos del distrito, pero muy especialmente de los de Gándara y Troncoso, una actitud de protesta que si se limita por de pronto á la queja y reclamación, puede luego traducirse en actos de oposición contra los eternos mangoneadores y enemigos de los intereses vecinales.

No hay nadie en estos poblados y contornos, á

quien las aguas dejen de proporcionar considerables beneficios. Importa pues á unos y otros, sin distinción, unirse y concertarse para rechazar el espíritu de hostilidad que, en las corporaciones populares, sin cesar y de modo sistemático se manifiesta. Díjérase que esas corporaciones están dirigidas por algun enemigo del progreso y de la cultura, dotado de poder bastante para fomentar la apatía comun, y para mantener los servicios más esenciales en punible abandono.

Todo cuanto prospera este barrio permite pensar que en muy corto tiempo se formará bella ciudad donde ya existe un centro de población en que la cultura predomina, y gracias á la creciente afluencia

de agüistas de todos los países, viven en relación constante y directa con lo más escogido y civilizado de Europa.

De tiempo acá no constituye el período de baños un paréntesis de cuatro meses, á cuyo término vuelve la vida local á un estado de rusticidad y de quietismo. Los ocho meses otoñales é invernales son los que constituyen el verdadero paréntesis, empleados en disponerlo todo


para mejor servicio de los huéspedes seguros.

La temporada veraniega resume y llena el año entero, incluso para el fisco que saca de ella el 85 por 100 de las cuotas tributarias.

A nosotros, humildísimos como somos, nos cabe la satisfacción de poder afirmar que algo hemos contribuido á los progresos y adelantos de una región en que tienen garantizado el porvenir cuantos trabajan de veras.

Reciban otra vez nuestro afectoso usaludo los que sienten predilección y fé por este Mondariz, en que la Naturaleza ha puesto inapreciables veneros de salud para los cuerpos y atractivos y recreos indecibles para las almas, y sepan que á fin de hacerles más grata la próxima visita, trabajan solícitos é incansables así los propietarios y directores del Establecimiento, como las entidades y colectividades que con él se relacionan.

A modo de tarjeta es el presente número, en que pone LA TEMPORADA toda su inmensa voluntad y todos sus escasos medios.



Nuevo pabellón de la fuente de Gándara

Portada de *La Temporada* en Mondariz (1909)

monografía que contén artigos anteriores publicados en *La Temporada*. O prólogo é de Murguía, quen destaca: «un estilo claro, un método irreprochable en la investigación, un acierto grande en no poner de relieve más que aquellos rasgos que importan para dar a conocer de un golpe el carácter de los personajes de quienes se ocupa» (Barreiro, 2012: 27). Murguía, moi na súa liña, concluía engadindo que agardaba que Enrique Peinador Lines manifestase os seus dotes «en empresas de mayor aliento», seguindo ao profesor Barreiro. Entre os primeiros artigos do mozo Enrique, coincidentes no tempo coa publicación citada, hai un dedicado a Murguía, que logo foi reproducido na *Revista Gallega* (n.º 535 de 17 de xuño de 1905).

Pouco tempo despois, EPL, nada máis constituírse a Academia Galega, foi proposto por Murguía para que a primeira xunta directiva aceptase o seu nomeamento como membro correspondente da institución. Supoñemos que na decisión de Murguía tería gran peso a cantidade de artigos históricos e literarios, retribuídos, que seu pai lle encargara ao patriarca das letras para as publicacións do Balneario de Mondariz, aínda que Murguía, como afirma Barreiro, nunca pisou o centro hidrolóxico nin xamais fixo publicidade del nos seus traballos para os Peinador, aínda que foron máis dun cento.²⁸ Mais tampouco nos libros que facía e nos que podía ter acollida o complexo balneario foi citado, aínda que algún saíu da imprenta do establecemento de Mondariz (Barreiro, 2012: 33 e 45).

É dicir, que o nomeamento do Enrique júnior como académico puido ser unha contraprestación para asegurar a súa continuidade como escritor institucional dos Peinador nas súas publicacións, independentemente de que houbese mérito ou non.

Unha vez confirmado e comunicado o nomeamento, Enrique Peinador Lines contestou en amable carta dirixida ao secretario da Academia, apuntando: «[...] tengo el gusto de contestar aceptando, reconocido por la distinción de que soy objeto no por mis méritos, pues de ellos carezco en absoluto, sino por mi amor a Galicia, cuyo engrandecimiento todos deseamos y para cuyo fin ofrezco mis escasas fuerzas» (Barreiro, 2012: 29).²⁹ Un ano despois, EPL dirixíase de novo a Murguía por carta indicando: «El sr. Lugrís y yo tenemos necesidad de verle á Ud. para tratar de un asunto importantísimo que afecta al país; y el domingo día 15 saldremos en el tren expres-correo a las 7 y media de la mañana» (Fondo de cartas de Enrique Peinador Lines na Real Academia Galega [RAG]; data da en 13/VII/1906). Descoñecemos o «importante» tema a que se refería Enrique.

²⁸ Algún deles con certa relevancia histórica, como aquel en que Murguía indicaba a necesidade urxente de facer un «diccionario de la lengua gallega», que Barreiro cualifica como antecedente inmediato e catalizador da creación da Academia (2012: 46).

²⁹ Reprodución fotográfica da carta do 24 de setembro de 1905, na citada publicación de Xosé Ramón Barreiro, depositada na RAG, Reg. n. 40, 1905. Estaba dirixida desde A Coruña.

Logo, o novo académico correspondente acudiría ao primeiro grande homenaxe que se lle tributara ao patriarca en 1913 na Coruña, organizado pola Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña, convidado persoalmente por Fernando Martínez Morás, responsable directivo da asociación, a quen Enrique contesta: «Apresúrome a participar a V. que no solo contribuyo con mi adhesión a tan simpáticos actos sino que asistiré a ellos personalmente, para lo cual le ruego haga el obsequio de inscribirme en la forma que sea necesaria. Tengo una verdadera satisfacción al ver el homenaje que se prepara en honor al insigne patriarca de las Letras gallegas y gloria de Galicia a la que uniré mi abrazo cariñoso y sincero» (Fondo de cartas de Enrique Peinador Lines na RAG; datada en 8/V/1913).

Tempo despois, EPL coordinaría a programación co secretario da RAG, Eladio Rodríguez González, da que foi a última homenaxe que se tributou ao Patriarca das letras, celebrado en Mondariz en agosto de 1920 e organizado pola entidade terminal e a RAG. Murguía e Enrique Peinador Lines seguiron contacto epistolar case ata a morte do escritor.

Unha década antes do nomeamento como académico correspondente, atribuímoslle ao mozo Enrique unha carta dirixida a Curros Enríquez e que foi reproducida como artigo co título «Las aguas de Mondariz», escrito en galego, na revista *La Tierra Gallega* (ano 1, n.º 9 de 6/V/1894) que dirixía na Habana o bardo do Rexurdimento. O feito de que seu pai non escribira en galego, máis alá de que «en sus diálogos íntimos y familiares, que encantaban por el gracejo y socarronería netamente galaicas con que se expresaba, en voz suave e insinuadora, complaciase en intercalar en la dulce “fala” de sus mayores una frase o un chascarrillo de pura cepa gallega», abunda na nosa hipótese.³⁰ Consultados algúns expertos, non é desbotable esta atribución, pois EPL, influenciado do rexionalismo de seu pai e coa desinhibición propia da idade —dezaoito anos na altura—, comezaba a achegarse ao idioma galego e a facer de axente comercial do negocio familiar, tamén no estranxeiro, aproveitando as redes migratorias dos galegos no exterior e a sintonía galeguizante, como podería ser o caso de Curros:

Sr. D. M. Curros Enríquez

Meu señor e paisano: Coido que non erro se m'atrevo á afirmar que non lle son desconocidas as excelentes Augas de Mondariz pol-a boa sona que teñen dentro é fora d'España para curar moitos males; pro maormente o estómago, figado, riles, e moi especialmente a «diabetes sacarina».

³⁰ Obituario dedicado a Enrique Peinador Vela na revista *Mondariz* (n.º 28, extraordinario, de 15/XII/1917, páx. 563).

Mais con todo é co'eso, as Augas de Mondariz teñen unha gran desgracia: á'de nacer en Galicia. Coma se non fora bastante que un país tan bonito é regalado estuvese esquecido dos poderes púbricos, inda o desprecian seus propios fillos, *mentras s'atopan na terra*, non concedendo méreto á nada que non veña de fora.

Ben persuadido de qu'esta cativa condición da nosa freba ou d'o noso character, trócase é modifica cando saimos d'os lugares patrios, porque entón espertan en nós os amores da terra, quer porque solo n'esa ocasión facemos comparanzas, xuzgamos con mais acordo é nos penetramos do moito que val aquel feiticeiro curruncho d'a Península, quer por outras causas, determiñei dirixirme ós gallegos que residen n'esa localidade, rogándolles en beneficio d'os enfermos á quenes poida convir o precioso remedio que lles ofrezco n'as Augas de Mondariz y en favor d'unha industria que nace robusta na nosa terra, faga pol-os medios que teña á man, especialmente pol-as relacións con médicos e boticarios, todo canto poida pra esparexelas é difundilas entre toda clas de xentes, na intelixencia de que han de chegar á convencerse son as millores é mais eficaces de todas as conocidas é que non hai outras mais agradables, quer se tomen puras, quer misturadas con viño.

N'esa capital pódeas atopar á venta.

Fólgome moito de ter tan boa ocasión de ofrecerme a vosté non solamente para facilitarlle cantas noticias queira respeito as Augas de Mondariz, senón pra todo aquilo que lle poida ser útil seu affmo. amigo s.s.q.s.m.b.

Enrique Peinador

S/c. Jovellanos núm 5, Madrid 15 de Febrero de 1894

Esta carta/artigo é máis ca unha declaración de intencións do mozo Enrique, quen, posiblemente, xa cruzara o Atlántico a aquela idade e comezara a facer méritos para suceder o pai no negocio, ao que xa titula de «industria galega». E o desexo de poñer en valor os seus produtos no estranxeiro, coa colaboración da colonia galega, a quen ofrece as súas virtudes curativas. Pouco antes do nomeamento de EPL como académico da RAG, Curros Enríquez estivera en Mondariz.³¹ Mais as relacións xornalísticas da familia xa viñan de atrás, pois o seu tío Ramón fora colaborador do xornal pontevedrés *El Progreso* (1865), con **Celso García de la Riega** (Pontevedra, 1844-1914), coñecido historiador defensor da galegitude de Colón e colaborador, logo, nas publicacións do *Balneario*. Tamén o pai de EPL foi durante algúns anos propietario do xornal liberal pontevedrés *El Diario* (Pérez, 2005: 108).³²

³¹ Na revista *La Temporada*, n.º 7, do 17 de xullo de 1904, no artigo «Cosas de aquí», daba conta da estancia do poeta de Celanova no *Balneario* de Mondariz.

³² Este xornal foi o antecedente de *El Diario de Pontevedra*, da man de Andrés Landín (1887).

Sobre o preito citado pola propiedade da fonte de Troncoso, queremos indicar que se resolveu favorablemente para os Peinador no 1 de febreiro de 1905, logo de trinta e dous anos de litixio (Del Castillo, 1993: 138) cando, practicamente, se lle ían pasar os trastes directivos ao pequeno Enrique, xa cos trinta anos cumpridos, en 1907. Sobre a importancia desta fonte e a utilización que os veciños facían dela anos atrás, é importante o testemuño do xa citado doutor Pintos Reino, aínda que non é diferente da que se aplica á descuberta doutros mananciais con propiedades curativas, como foi o caso da Toxa.³³

Por testimonio unánime de varios vecinos de la localidad sabemos que al mediar el pasado siglo se conocía y se usaba la charca de *Uhagón* (hoy fuente de Troncoso), sita al pie de la falda meridional del monte Saídoiro y separada de él por el río Tea. Su conocimiento era remoto y se bañaban allí pastores y labriegos enfermos de la piel por haber observado los buenos efectos que producía su aplicación en los baños parciales o totales que accidentalmente tomaban las reses de sus ganados, y por lo cual se limpiaban de costras y cicatrizaban pronto sus heridas (Pintos, 1923: 8).

Tamén, case naqueles inicios de século, deuse o punto de partida para a segregación de Troncoso da parroquia de Mondariz, queréndose converter en parroquia propia: «Para el barrio de Troncoso, su segregación del término de Mondariz es la única garantía de prosperidad venideras [...] dedíquese Mondariz á la labranza, en tanto que Troncoso se dedica al comercio y a la industria».³⁴ No proceso de autonomía do Balneario, este foi o primeiro paso para a segregación do territorio do establecemento e a súa ampla contorna en concello propio: Mondariz-Balneario, cuestión que ocorrería en 1924, logo dunha loita constante e duradeira dos Peinador, pero fundamental para os seus intereses ao aproximar e controlar a política executiva na cerna do seu emporio empresarial. Fixéronse realidade notables melloras nos servizos públicos para a súa clientela, e, consecuentemente, beneficios para eles, sen grandes atrancos administrativos, e a mellora de infraestruturas que viñan do erario. Como apuntaba a especialista Yolanda Pérez Sánchez:

[Será] con Enrique Peinador hijo como director del establecimiento desde 1907, cuando el Balneario de Mondariz revele una firme voluntad de definir una identidad independiente, ya no sólo como empresa sino como población [...] La formación de una identidad implica un proceso de auto-representación que recurre a varios medios a través de los cuales es expuesta, y que en Mondariz son, fundamentalmente, las publicaciones y la arquitectura [...] Y el balneario como núcleo de población, que adquiere

³³ Resultan curiosos os atrancos que tiveron os Peinador coa fonte de Troncoso cando o modelo liberal de promover a privatización dos bens inmobles de carácter municipal era unha realidade desde 1855 (Walton, 2014: 1041), para favorecer a aproximación dos emprendedores ao mercado termal.

³⁴ En *La Temporada en Mondariz*, n.º 10, do 18 de setembro de 1904, no artigo «Insistimos e insistiremos».

progresivamente maior protagonismo, se erixe como centro de cultura y civilización, desarrollando sus signos de identidad, ya no sólo como imagen de marca, sino como una población que desea consolidarse [...] Pero, también existe en Mondariz una fuerte voluntad no sólo de no mantenerse al margen del flujo de la historia, implicándose en el ambiente cultural y político gallego, sino de crear una identidad y una autonomía que desemboca en la creación de un municipio (Pérez, 2006: 279, 280, 284 e 285).

Sen dúbida José Calvo Sotelo, ministro de Facenda na ditadura de Primo de Rivera e cliente do Balneario, e o seu Estatuto Municipal de 1924 tiveron moito que ver na decisión da escisión (Gurriarán, 2015: 70 e 71). Así dan testemuño as cartas cruzadas que se intercambiaron Enrique Peinador Lines e José Calvo Sotelo, entre decembro de 1925 e 1927. Algunha delas non deixa dúbida de que o ministro de Facenda foi o intermediario da segregación —«Como esta nueva villa y ayuntamiento de Mondariz-Balneario, que cuenta a Vd. como su mas alto protector», en carta de EPL ao ministro de Facenda, do 17 de maio de 1926—, entre mediacións para recomendacións e favores, reiterados convites para que acudise a Mondariz e desexos de éxitos, con admiración expresa e notas adxuntas para que non queden rexistradas as peticións na posteridade, práctica habitual do caciquismo na Restauración: «Con todo interés me permito enviar a V. la nota adjunta y le ruego y le agradeceré mucho cuanto haga en pró de los deseos que expresan. Siempre su afmº amigo» (carta de EPL a José Calvo Sotelo, do 22 de xaneiro de 1926, Arquivo Provincial de Pontevedra)³⁵. Tamén Calvo Sotelo facilitou créditos para a continuación de tramos do Tranvía Vigo-Mondariz (axilización de despachos de créditos e influxo para priorización de peticións á banca pública). O novo Concello mantivo preitos contra a segregación que tiveron que resolverse no Tribunal Supremo, e Calvo Sotelo, segundo o contido epistolar citado, sempre seguiu o procedemento de cerca.

Como antecedente inmediato da segregación do Concello, xa constituíran a Xunta Parroquial da entidade local menor de Nosa Señora de Lourdes, presidida por Enrique Peinador Lines, en acordo do 5 de setembro de 1924, co fin de segregarse da igrexa matricial de Mondariz (Guisado, 2007: 48 e 49). Logo desta separación parroquial veu a constitución do novo Concello de Mondariz-Balneario, o 30 de novembro, aínda que a Real Orde non saíu ata xaneiro de 1925 (*Gaceta de Madrid*, n.º 14 de 24 de xaneiro de 1925), segundo José Guisado. Xosé González Martínez, presidente do Foro Enrique Peinador, valeuse das súas relacións para facilitarnos a consulta do primeiro Libro de Actas de Mondariz-Balneario, onde atopamos unha clave: a aparición de Enrique Peinador Lines como concelleiro, cando o nacente ente municipal levaba un quinquenio de vida, en 1930. Neste momento houbo unha

³⁵ Neste arquivo hai quince cartas entre Calvo Sotelo e EPL máis dous telegramas. Agradecemos a xentileza desta institución ao facilitarnos unha copia.



Inauguración do Tranvía Mondariz a Vigo (1920)

limpa na xestión municipal, tratando de borrar o que acontecera atrás, ao querer aproximarse a ditadura aos «procedementos democráticos e constitucionais» na chamada *ditabranda* (Real decreto do 15 de febreiro e circular do Goberno Civil n.º 41 do 22 de febreiro de 1930).³⁶ É máis ca probable que EPL entrase na corporación como integrante da listaxe de maiores contribuíntes do novo concello, que habían ser máis da metade dos novos concelleiros, tal e como indicaba a nova ordenación, logo de dimitir por decreto a corporación anterior (Gurriarán, 2015: 77-81). Mais con motivo da morte de Miguel Primo de Rivera y Orbaneja, segundo marqués de Estella e ditador desde 1923, ocorrido no seu retiro parisiense o 16 de marzo de 1930, o concelleiro entrante Enrique non se librou de pronunciarse, visto o panexírico estandarizado que emitían os concellos con corporacións de recente constitución. A acta da sesión extraordinaria rezaba:

Que esta desgracia que afecta a España en general, ha causado profunda pena en el vecindario de este Ayuntamiento, que ha tenido la suerte de albergarlo los dos últimos veranos y por ello propone que se haga constar en acta el sentimiento de esta Corporación y pueblo en general por el fallecimiento de tal ilustre Patricio y que por la Alcaldía se dirija muy atento oficio a la familia del extinto haciéndole presente este acuerdo, si es que merece ser tomado en cuenta por la Corporación.

Todos los asistentes sin excepción hacen suyas las palabras del Sr. Enríquez que tan bien interpreta la pena del pueblo y acuerdan que se cumpla en todas sus partes lo propuesto (Libro de Actas do Concello de Mondariz-Balneario, acta de 18 de marzo de 1930)³⁷

No marco da administración política, volvendo atrás, o profesor Barreiro retrata moi ben os soares e as demarcacións dos distritos políticos de fin de século, en plena Restauración. Respecto aos da zona limítrofe de Mondariz, Barreiro indicaba o poder dos xefes políticos nas súas xurisdicións, mediante un solto dun xornal:

Os adversarios políticos dicían que Ponteareas era propiedade absoluta dos Bugallal. Un agudo periodista do *Diario de Pontevedra* (7 de xullo de 1885) que acompañaba os liberais en viaxe de propaganda política, comentou que pasaban por Ponteareas porque «el Sr. Bugallal nos permitió el paso, pues pudo levantar el rastrillo, colocar sus fuerzas en las almenas de su torreón y tratarnos como a habitantes del llano», e engadía máis adiante, referíndose ó momento de entraren en Mondariz: «Ya hemos pasado del dominio del Sr. Bugallal y hemos entrado en el del Sr. Peinaador. Podemos, pues, respirar» (Barreiro, 2001: 133)

³⁶ «Acta de constitución y posesión del Ayuntamiento» (na correspondente ao 26 de febreiro de 1930, no Libro de Actas do Concello de Mondariz-Balneario). Coa condición de excelentísimo señor, EPL aparece como primeiro da listaxe.

³⁷ Curiosamente, non aparece a sinatura de EPL na acta.

O texto é claro canto ao talante político dos irmáns Peinador Vela, propietarios do Balneario de Mondariz. Como pouco, liberais e rexionalistas, nomeadamente Enrique.

Os Peinador tamén viviron a competencia doutros mananciais próximos. Sen seren moi importantes, estaban as augas de Sabaxáns, no barrio de Herme-lo (Mondariz), só usadas pola veciñanza. Non foi o mesmo coas augas da Fonte do Val, pertencentes a unha sociedade de varios veciños propietarios dos terreos onde estaba o manancial e de José Santos Peralba González e Eduardo Gasset Chinchilla, que actuaban como xerentes e socios capitalistas (Sociedad de Aguas de la Fuente del Val, 1896). Estas augas, de similares características que as de Gándara e Troncoso, foran declaradas de utilidade pública en 1897, cando se estaba a rematar o Gran Hotel, e un ano máis tarde o Ministerio de Gobernación autorizaba a apertura dun establecemento de augas no lugar de Fonte do Val. Os socios tamén sostiveron preitos cos Peinador, primeiramente pola utilización do nome de Aguas de Mondariz; e, posteriormente, contra a segregación do Concello de Mondariz-Balneario (1924). En ambos os casos resolvéronse a favor dos Peinador (Alonso, Lindoso e Vilar, 2010: 422-424).³⁸

Naquela altura, é moi probable que o mozo Enrique coñecese a que había ser a súa esposa, posiblemente nunha das múltiples viaxes comerciais que fixo a América nos anos próximos ao cambio de século, pois Georgina vivira en Cuba e, tras a derrota colonial de 1898, en México, onde asentara a súa familia. Tamén puido ser que a coñecese en Madrid, pois ela andaba pola capital nos últimos anos do século XIX, interpretando e cantando en reunións de «teatro de salón», segundo as crónicas da época (*La Época*, de 6/V/1895).³⁹ Enrique casou na capital federal do estado mexicano en agosto de 1901 con **Georgina Porrúa Moreno del Villar** (Andújar, Xaén, 1875-Laxe, A Coruña, 1941), que era filla de **José Porrúa Moreno** (Andújar, Xaén, 1853-Madrid, 1912) e de **Natalia Moreno del Villar** (Sancti Spíritus, Cuba, 1855-México DF, 1912).⁴⁰ Froito do matrimonio naceu o seu primeiro fillo en ultramar, tamén **Enrique** mais bautizado coas agregacións de **José Antonio e Isi-**

³⁸ Queremos agradecer a amabilidade do profesor e amigo Luís Alonso Álvarez, quen nos facilitou importante material bibliográfico para a elaboración desta biografía de Enrique Peinador Lines. A empresa Fuente del Val S. A. fusionouse, por absorción de Aguas de Mondariz, en 1988, cando esta xa non estaba en mans dos herdeiros da familia Peinador.

³⁹ Supoñemos que correspondían a actuacións benéficas que, segundo os xornais, organizaba a nai de Georgina, que tamén actuaba nas veladas (*La Correspondencia de España* de 1/V/1900). Natalia Moreno del Villar, de casada Natalia Porrúa, tamén aparece participando en festas benéficas organizadas en Pontevedra, como a que cita Landín no seu coñecido *De mi viejo carnet* (3.^a edición, 1999, neste caso compiladora dos tres tomos: 29). Segundo o autor, corría 1902 e asistirán á festa o coñecido veraneante en Marín, Echegaray, e Manuel del Palacio. Tiña fins recadadores para os pobres da zona.

doro de la Santísima Trinidad (México DF, 1902-Madrid, 1940). EPL debeu de pasar tempadas na capital federal, pois aparecen referencias de que colaboraba no xornal que dirixía e do que era propietario o seu sogro, *El Correo Español*.⁴¹

Logo dun fondo rastrexo, demos cun solto do xornal no que se indica que Enrique fora administrador do *Correo Español* durante dous anos, que nós situamos entre o do seu casamento e o do retorno a España, que tamén vén noutro solto datado en 1903:

IMPORTANTE

Debiendo salir para la península el Sr. D. Enrique Peinador, queda al frente de la Administración de *Correo Español* el Sr. D. Rafael Gay.


Al dar esta noticia no podemos menos de transmitir al Sr. Peinador el deseo de cuantos en esta casa hemos tenido la satisfacción de contarle entre sus amigos y compañeros, de que regrese con felicidad al seno de la Patria pródiga, donde le aguarda el afecto de caros deudos y de numerosos amigos.

Acompaña al Sr. Peinador su distinguida señora (hija de nuestro querido Director D. José Porrúa) con el precioso niño con que el cielo ha bendecido la unión de los cónyuges. Que tengan una rápida y agradable travesía y una estancia gratísima en España, es nuestro deseo sincero. *El Correo Español* de 24 de marzo de 1903.

Mesmo nun artigo asinado por E. Peinador Lines, no que facía unha lembranza obituarial do redactor-xefe de *Correo Español*, o compostelán Felipe Chirinos, expresa claramente o tempo que desempeñara labores neste xornal: «Durante los dos años que tuve ocasión de tratarle diariamente en *El Correo Español*, pude convencerme de que era un correcto caballero, sincero y verdadero amigo y un excelente y leal compañero. Descanse en paz este ilustre gallego muerto lejos de la patria que tanto quiso y cuyo pabellón supo sostener tan dignamente»; en «Felipe Chirinos», *Revista Gallega* n.º 537 de 1 de xullo de 1905.

⁴⁰ Moitos dos datos da familia Peinador Porrúa que achegamos tirámoslos da tese inédita de Francisco J. Leonardo Docanto: *Isidro Parga-Pondal Doutor en ciencias. Itinerario investigador* (USC, 2013). Os Porrúa e os Moreno del Villar eran dúas familias poderosas de orixe xienense, que durante a Restauración ocuparon diferentes cargos na administración, no exército, na milicia e na política. O sogro de EPL, que era avogado, foi gobernador civil en varias provincias e deputado do Partido Conservador. Tamén ocupou o cargo de director xeral da Administración local e subsecretario de Gobernación (1885). En 1895 foi nomeado interventor da Administración na illa de Cuba e ao ano seguinte gobernador civil da Habana, ata a súa marcha a México, logo da derrota de 1898. Na capital mexicana, os Porrúa tiveron intereses empresariais e José era propietario e director do xornal *El Correo Español* da capital mexicana, onde traballou EPL durante dous anos, logo de casar.

⁴¹ Na nota que significaba o bautizo do seu fillo, o xornalista que a redactara trata a EPL de compañeiro. Tamén é citado como colaborador deste xornal pola historiadora Yolanda Pérez.



Diploma acreditativo de provedores da Casa Real (1928)



Presença das Aguas de Mondariz nunha exposición (ca. 1925)



Diploma de Honra da Exposição Internacional de Hidroloxía de Karlsbad (Alemaña, 1908)



As Aguas de Mondariz nunha exposición (ca. 1925)



Pavillón expositivo (ca. 1925)

De volta ao balneario galego, temos que apuntar que as augas de Mondariz foron premiadas desde os seus comezos en múltiples exposicións celebradas en España e no estranxeiro.⁴² Mesmo chegaron a obter a distinción de ser provedores da Real Casa e poder imprimir esta condición nas etiquetas e facturas do establecemento. EPL seguiu a tradición de utilizar os escaparates que eran as exposicións internacionais para continuar recollendo éxitos en forma de diplomas e medallas aló por onde ían. Acudir ás exposicións era unha importante acción de contacto comercial para penetrar nos principais mercados de augas europeos.

As citadas viaxes de EPL a ultramar deron valiosos froitos na clientela termal de Mondariz pois, segundo indica Del Castillo, que traballou coas estatísticas médicas do Balneario, acabado de estrear o século XX, cubanos e arxentinos chegaban ao dous por cento do total de enfermos tratados.⁴³ O doutor Pintos Reino, que substituíra a Pondal Abente na dirección médica do Balneario, apuntaba na memoria dos anos 1918 a 1922 que pasaran pola súa consulta naturais de Porto Rico, Uruguai, Brasil, Chile, México, Costa Rica, Estados Unidos, Portugal, Inglaterra, Francia e Alemaña (Pintos, 1923: follas adxuntas finais con cadros de enfermidades e lugares de procedencia). Ademais, dos 11.227 pacientes vistos nese intervalo, da clase acomodada, de León eran 1115 —máis 56 pobres—, de Estremadura 866 e de Asturias 851 —máis 5 pobres e 4 de clase de tropa—, como lugares de máis concorrencia; logo de Madrid, con 1208 —máis 5 pobres e 9 de clase de tropa—. De Galicia foran 1405 de clase acomodada da provincia de Pontevedra —máis 228 pobres e 1 da clase de tropa—, da Coruña 1184 —máis 135 pobres—, de Ourense 656 —82 pobres e 1 de clase de tropa— e de Lugo 643 —88 pobres e 4 de clase de tropa—. Naquela altura foran 518 os que viñeran de Cuba e 190 de Arxentina. Nas citadas estatísticas, insistimos, figuran os *agüistas* que pasaban pola consulta de Pintos Reino, mais non os acompañantes, familiares ou amigos, nin os que viñan de termalismo social nin tampouco os turistas. Outros estudosos sitúan as porcentaxes de estranxeiros, sen contar Portugal, entre o 7 e o 8 %, nomeadamente británicos (Domínguez e Quintana, 2006: 195).

Unha acta oficial de «concorrentes» asinada polo médico Isidro Pondal, por EPL como propietario e polo alcalde de Mondariz, en 1915 (Fondo Ramón Torres) —supoñemos que para os efectos de fiscalidade municipal—, recolle que foron 2279 os

⁴² Alonso, Lindoso e Vilar dan conta da presenza e a presentación de Aguas de Mondariz na Exposición Universal de Filadelfia, en 1876.

⁴³ Do total das estatísticas que manexou a historiadora M.^a Jesús del Castillo, que proveñen das historias clínicas, entre 1877 e 1931, serían un total de 106.377 os agüistas que pasaron polos gabinetes médicos do Balneario de Mondariz (Del Castillo, 1898: 89). Unha cifra moi importante, tendo en conta que nela non están agregados acompañantes, turistas e os non bañistas que só inxerían auga das fontes, libremente, logo de pagala.

usuarios de clase acomodada, 136 os pobres e 8 militares, dando un total de 2423 –21 da Arxentina, 73 de Cuba, 85 de Portugal, 5 de Uruguai e 2 de África—. Se comparamos estas cifras coas que demos de Pintos para o período posterior, 1918-1922, indican unha máis ca notable recuperación de afluencia estranxeira, da Arxentina e Cuba, logo do significativo descenso durante a Gran Guerra, se é que os datos «oficiais» achegados polo Balneario de Mondariz á municipalidade eran tan fiables coma os que confeccionaba o gabinete médico do centro termal.

Nótase que o labor propagandista e comercial de EPL no estranxeiro, primeira das encomendas do seu pai, tivo un impacto na clientela termal do Balneario de Mondariz, mais non sabemos como eran as técnicas de promoción publicitaria. Pola insistencia dos Peinador de incluír en todas as súas accións de futuro os países de América e por ter percorrido moito EPL, cremos que tiñan unha boa rede de clientes nas terras de ultramar, tanto no campo comercial coma no médico-sanitario, sustentado na emigración galega, nos centros sociais e de recreo mais nas mutualidades que tiñan.

A uniformidade corporativa perdurable na imaxe comercial do Balneario e nos produtos das Aguas de Mondariz, a participación de artistas coñecidos e deseñadores de prestixio e a utilización dos medios de comunicación de Galicia, Madrid e da emigración, á parte dos propios, facían o resto, ben optimizado.

Un cronista de excepción, Valentín Paz Andrade cando estivo mobilizado militarmente en África, logo do desastre de Annual (1921), que colaboraba en varios xornais galegos, foi quen nos deu algunha pista de clientes de Mondariz no continente africano. Neste caso, nunha entrevista feita polo versátil galeguista, facía unha síntese curiosa e caricaturesca de Enrique Peinador Lines, desde unha conversa que mantivera co marroquí Hachi Mohamed (HM). Por ser das poucas referencias que temos de trazos da personalidade de EPL, reproducimos en extensión partes principais da referida crónica:

Formalizose entón entre el moro e o cronista un diálogo animado e intrigante. A través de seus pintorescos parlamentos, HM nos refirió o motivo de seus viaxes a nosra terra e alguna de seus entresentidas impresións sobre a raza e as cidades de Galicia. De ésta lo máis familiar para HM es Mondariz, sus hombres, sus paisajes e sus fiestas. Hablome con veneración del ilustre patricio, fundador del balneario, Sr. Peinador Vela, de cuya llorada muerte fue testigo e a cuyas fúnebres exequias asistió. También me recordó la figura de D. Enrique Peinador Lines, tan rechoncho e tan activo, con sus rubios mostachos e sus ojos casi saliéndosele de las órbitas, para mejor escutarlo todo. Durante sus estancias en el balneario, HM condimentaba muchos días manjares morunos, para regalar los paladares de los hermanos Peinador, de Monseñor Fatiñas e de algún veraneante que se unía accidentalmente a los

Totales de concurrentes.

1.877	_____	106
1.878	_____	180
1.879	_____	224
1.880	_____	350
1.881	_____	410 puntos
1.882	_____	
1.883	_____	
1.884	_____	
1.885	_____	
1.886	_____	
1.887	_____	

No existen datos estadísticos en esta
 hasta 1894, sino cuya fecha hasta 1914 fue
 con los años 1895 y 1896 -

El cuantitativo puede compararse a V. sobre
 el particular que riteren en años. d. d. 7. 6. 1. 1. 1.

El Sr. 

Listaxe de concurrentes do Balneario (1877-1887)

Concurrentes

1894	_____	1960
1897	_____	2644
1898	_____	2320
1899	_____	2536
1900	_____	2448
1901	_____	2968
1902	_____	2970
1903	_____	2938
1904	_____	2906
1905	_____	2634
1906	_____	3176
1907	_____	2928
1908	_____	2928
1909	_____	2715
1910	_____	2409
1911	_____	2720
1912	_____	2474
1913	_____	2666
1914	_____	2130.

Listaxe de concurrentes do Balneario (1894-1914)

- BALNEARIO DE MONDARIZ -
 TEMPORADA - 1.915
 ESTADO DE CONCURRENTES AL MISMO EN ESTA TEMPORADA

PROVINCIA	- C l a s e s -				Observaciones.
	sociedades	pobre	militares	totales	
AFRICA.....	2			2	
ALICANTE.....	3			3	
ARGENTINA.....	21			21	
AVILA.....	9	1		10	
BADAJOS.....	113		1	114	
BALARES.....	4			4	
BARCELONA.....	18			18	
BURGOS.....	8			8	
CACERES.....	69	1		69	
CADIZ.....	7			7	
CANARIAS.....	14			14	
CIUDAD REAL.....	12			12	
CORDOBA.....	9			9	
CORUNA.....	341	41		382	
CUBA.....	73			73	
GUANAJA.....	10			10	
GUADALAJARA.....	5			5	
JAHN.....	12			12	
LEON.....	203	15	2	220	
LUGO.....	105	7	1	113	
MADRID.....	306			306	
MALAGA.....	8			8	
ORENSE.....	91	21		112	
OVI DO.....	149	1		150	
PALENCIA.....	20			20	
PORTOVEDRA.....	329	48	2	379	
PORTUGAL.....	85			85	
SALA MANCA.....	37		1	38	
SANTANDER.....	23			23	
SEVILLA.....	22			22	
TOLEDO.....	28			28	
URUGUAY.....	5			5	
VALENCIA.....	25			25	
VALLADOLID.....	36	1		37	
VIZCAYA.....	28			28	
ZAMORA.....	38		1	39	
ZARAGOZA.....	10			10	
TOTALS.....	2.279	136	8	2.423	

Balneario de Mondariz 6 de Octubre de 1915

El Médico Director Los Propietarios Vº Bº El Alcalde

Listaxe de concurrentes do Balneario (1915)

anteriores comensales. Impresionó vivamente a nuestro interlocutor el espectáculo de las romerías gallegas —particularmente la patronal de Mondariz, que se celebra en 16 de julio— con su derroche de cohetes, su ruidescente charanga pueblerina y la gaita y tamboril enxebres, a cuyos sones danza, canta y aturuxa el mocerío aldeano, endomingado con vistosos trapos de fiesta. HM concurrió a tomar las aguas de Mondariz durante cinco veranos consecutivos; el último en 1920. Acostumbraba a permanecer tres semanas en aquel balneario y, para mejor amenizar los días, solía hacer excursiones a Vigo, Bayona, Pontevedra, Tuy, La Toja, Villagarcía... Hablome de los progresos materiales de la futura superciudad atlántica y de su magno puerto, que viene esperando en balde, año tras año, algunos de los millones estérilmente vertidos en estos trágicos yermos africanos.

—Madrid no conocer mar Vigo; Madrid tener olvido Galicia —me decía HM, arrancando un latido descompasado a mi corazón gallego.

Vigo, Mondariz, saudade, amizade con EPL, a quen Paz Andrade atribúe dotes de escrutador e algún aire despectivo á hora de caracterizar os concorrentes aos foliós que se celebraban en Mondariz, eran notas que abeiraba a esta interesante e desconcertante achega. Dadas as características da clientela do Balneario, talvez HM escollese Mondariz para algún labor de espionaxe da intelixencia militar do Protectorado marroquí, nun momento previo ao que, practicamente, foi a perda dos españois na guerra de Marrocos no Rif, en 1921; significamos que HM veu a Mondariz entre 1916 e 1920, normalmente ao final da tempada termal, cando o fluxo de xente era menor. É probable que fixera turismo por Galicia acompañado pola *Guía del Turista Mondariz-Vigo-Santiago*, editada polos Peinador. Paz Andrade engadía: «Nuestro personaje nació en Tánger. Vivió la mayor parte de sus treinta años entre Melilla y España. Parece que su personalidad tomó vuelos desde que desempeñó un encargo de índole política encomendado por el Gobierno español. No logré hacerle decir en que consistió tal misión. Al notar mi insistencia en este escabroso punto, desvió de nuevo la conversación hacia Galicia» (<http://www.valentinpazandrade.es/gl/novas/1921-cronista-de-guerra>; entrada 10/11/2015).⁴⁴

Tampouco descartamos que colaborase coas tropas coloniais, como fixera o único tenente xeneral de orixe marroquí que houbo en España, logo de loitar no exér-

⁴⁴ Esta crónica foi publicada no xornal pontevedrés *El Progreso*, o 19 de outubro de 1921. HM tamén visitou A Coruña e Santiago, segundo relata Paz Andrade: «Me confesó que de nuestra región le había satisfecho extraordinariamente su riente capital, La Coruña —que él pronuncia Coloña—. Esta es la ciudad gallega de que el moro de mi crónica guarda recuerdos más gratos. Mostrose verdaderamente entusiasmado de la acogedora simpatía que distingue al pueblo coruñés, de la belleza de sus mujeres, de sus regocijos y fiestas mundanas, y de las alegres noches estivales gozadas en compañía de “amigos de corazón verde”»; unha clara alusión á amizade dalgunha parte da sociedade coruñesa co mundo árabe. O citado monseñor Fatiñas debe de ser Isidro Fariñas, que era encargado da dirección espiritual e capelán oficial do Balneario de Mondariz.

cito español na guerra de África e, despois, na guerra civil de 1936. Referímonos a Mohamed ben Mizzian, o chamado El Mizzian, que chegou a ser capitán xeneral de Galicia, e na altura de 1916 saía da Academia Militar de Toledo co grao de alférez, o mesmo ano da primeira visita de HM a Mondariz. No mesmo período, o ex-sultán de Marrocos, Muley Haffid, visitaba Mondariz, ao pouco de abdicar («Muley Haffid en Mondariz», *La Temporada*, n.º 14 de 8 de setembro de 1918). Logo houbo outros episodios de intriga no Balneario de Mondariz, dos que daremos conta máis brevemente.

A clase xornalística, ben tratada polos Peinador, sobre todo a que escribía para a colonia galega en Madrid, dedicaba pequenos artigos a gabar a instalación balnearia mondaricense e o seu ambiente de xestión familiar con «mando en praza». Foi o caso do panexórico que lle dedicou un tal Juan del Monte a EPL, aos dous anos de ser nomeado sucesor do seu pai como xerente da estación termal:

Hablar del joven y simpático Gerente D. Enrique Peinador, que parece heredó de su bondadoso padre el genio de las grandes empresas, equivale a hablar de la actividad en símbolo. Lo mismo espiga y ahondando de firme en el solar de las letras, dando luz a dos bellísimas monografías que le hicieron asomarse al campo de la Historia, por derecho propio, que lleva a la práctica notables iniciativas industriales (Galicia, «Mondariz», 1 de xaneiro de 1909)

A continuidade/renovación con EPL. Unha pegada persoal na xestión, con Galicia de eixe vertebrador: a internacionalización do complexo e a inserción nun desenvolvemento sostible, facendo país



Salón comedor do Gran Hotel (ca. 1905)

Pouco ou nada se sabe da nenez e xuventude de Enrique Peinador Lines. As súas viaxes polo estranxeiro permitíronlle darse conta das necesidades e cambios que necesitaba o establecemento do seu pai para ser explotado en todas as súas posibilidades. Estes coñecementos permitíronlle importar a Mondariz os novos métodos de embotellamento e produción que se realizaban noutras estacións termais (Franco e Ameneiro, 2006: 21).

[Enrique Peinador Lines] Conocedor, por sus viajes al extranjero, de los múltiples aspectos y necesidades de la explotación, este último dio inicio a notables mejoras y transformaciones del Establecimiento ya desde su primera temporada, la de 1907, al frente de la gerencia. Como su padre, desempeñó eficaz y brillantemente este cargo, como lo atestigua la espléndida trayectoria que siguió el Establecimiento durante su gestión, sin duda su época dorada (Del Castillo, 1998: 40 e 41).

Durante o período de máxima responsabilidade na xestión de EPL foi cando o Balneario de Mondariz acadou o maior número de bañistas e *agüistas*: 3000 en 1915 (Domínguez e Quintana, 2006: 187).⁴⁵ E naquela altura, coa inauguración da nova planta (1914), chegaban a encherse 10.000 botellas de auga ao día que viaxaban ata Brasil, Arxentina, Portugal, Cuba (Torres, 2015), toda España e parte de Europa, pois tamén vendían en Francia, en competencia coas augas locais. Pero se iso foi relevante, cuantitativamente falando, non era o principal, pois naquel entón os clientes termais viñan de todas as partes de España –cando aquí xa había unha importante rede de instalacións balnearias,⁴⁶ un total de 166 en 1917–, Portugal, as Américas e dalgúns países de Europa. Cando finalizaba a primeira década do século XX, na vila de Mondariz, sen contar o Gran Hotel, había un total de quince hoteis con catrocentos cincuenta cuartos e quince hospedaxes con cento cincuenta, sen que se experimentaran cambios de capacidade vinte anos despois (Del Castillo, 1993: 133, 134 e 560), o que dá a medida do esplendor construtivo e de uso termal cando EPL levaba un trienio ao mando do negocio familiar. Mondariz ocupaba o terceiro lugar de concorrentes entre a gran nómina de balnearios en

⁴⁵ Descoñecemos as fontes usadas por estes autores, posiblemente sexan oficiais. Os datos que anteriormente referimos a este ano, concretamente os de 1915 (que xa cuestionamos ao intuír que, aínda sendo oficiais, o eran para os efectos fiscais, o que implicaba a posibilidade de ser falseados), daban un total de 2245 concorrentes. Segundo os papeis que manexamos do fondo de Ramón Torres, 1906 foi o ano de máis afluencia con 3176 termalistas, coa reserva que xa apuntamos de cifra inespecífica. Pero si é certo que a fonte que nós manexamos apunta que os dous primeiros anos de xestión de EPL foron de gran concorrencia, con 2928 termalistas (en papeis manuscritos do Fondo Ramón Torres).

⁴⁶ Hipólito Rodríguez Pinilla, catedrático de Hidroloxía en Madrid, mostra a evolución das instalacións balnearias en España e a súa concorrencia, desde a metade do século anterior, cando había 73 establecementos declarados, dun total de 2000 fontes termais; o célebre hidrólogo compara o termalismo español cos números doutros países centroeuropeos nun estudo que deu á luz nunha conferencia no Ateneo de Madrid o 22 de xaneiro de 1921 –«Los escépticos en terapéutica hidrológica»– que logo saíu publicada no n.º 5 de «La Hoja Hidrológica», inserida na revista *Mondariz* (n.º 42 de 20/IV/1921).

España, daquela cento cinco. A modo de metáfora da dirección entrante, o novo xestor Enrique substituíu as cartas dos xantares do Gran Hotel, que estaban en francés, pola introdución do caldo galego como oferta culinaria propia do país, con verduras variadas recollidas na horta de Pías.


Queremos significar tamén que o período de dirección de EPL comezou cunha notable ampliación de servizos e infraestruturas e cun calado cultural extensivo pensando en facer país, con factura e signos propios. Neste labor contou coa mellor nómina de colaboradores para implicar artes e culturas transversais galegas en todas as súas accións visibles e invisibles. Botou man dos homes que, sen acadaren aínda o seu esplendor profesional, habían ter unha proxección de impacto na historia dos creadores das artes e as letras galegas.

Para as novas construcións do recinto balneario EPL contou con **Antonio Palacios Ramilo** (O Porriño, 1874-El Plantío, Madrid, 1945), a quen Cabanillas chamou «o arquitecto poeta». Naquela altura, o porriñés estábese a confirmar en Madrid como máxima autoridade no terreo da arquitectura artística. EPL era moi amigo seu desde o comezo da súa carreira profesional. Logo, sendo Enrique moi amante dos parladoiros e as reboticas, formou parte do parladoiro que tiñan na farmacia de José Palacios, a chamada Botica Nova, edificio que proxectara o seu irmán Antonio.⁴⁷ Tamén practicaban o excursionismo, segundo Diego Giráldez.

A busca dunha arquitectura de raíces galegas impulsou a EPL a contar con Antonio Palacios. A amizade e a sintonía que compartían, e as moitas conversas que mantiñan levou a que ambos deseñaran conceptualmente a modernización urbanística e a definición de espazos, co fin de caracterizar o recinto balneario sen ruptura coa obra inicial, no que Yolanda Pérez chama «vila termal», dentro dunha lóxica urbana (2005: 561). Deste xeito, en 1907, cando EPL colleu a dirección balnearia, fóronlle encargados os proxectos para a cubrición da fonte de Gándara mediante un pavillón construído (*buvette*) en boa parte de columnas de granito puído do Porriño;⁴⁸ as obras comezaron en 1908. E logo, a carón da fonte, un edificio industrial para a planta de embotellamento das augas, cabo doutro que se agregou despois: o de servizos, chamado da Baranda, onde se albergaban correos e comunicacións, servizos médicos e de administración e establecementos comerciais e hostaleiros.

⁴⁷ A este parladoiro acudían os médicos Manuel Paz Varela e Darío Álvarez Limeses, o xornalista Jaime Solá, o pintor Antón Medal e, máis adiante, o avogado e intelectual Valentín Paz Andrade e Ramón Cabanillas, cando estivo destinado no Concello de Mos como secretario, ao seu regreso da emigración en Cuba, en 1915.

⁴⁸ Os proxectos foran elaborados conxuntamente con Joaquin Otamendi, compañeiro arquitecto co que Palacios compartía despacho.



O Sanatorio de Mondariz, en construcción (1915)

Iglesias Veiga, experto investigador da obra de Palacios, atribúe como de probable factura súa esta última obra citada (1995: 25).⁴⁹ Tamén afirma que as monumentais obras deste arquitecto galego, que cualifica de «suntuosas» (Iglesias, 1998: 29), ficaron moitas veces inconclusas ao carecer de potentes orzamentos que as sustentasen; e que moitas veces se viron modificadas, como algunhas levantadas en Mondariz, sendo emblemática a do chamado Sanatorio, que quedou sen rematar.

Noutra orde de novidades, en Mondariz, mesmo se chegou a acuñar unha moeda para os clientes e o persoal do establecemento, os «peinadores», en varios formatos de cantidades fraccionarias. Na tempada balnearia, que ía de maio a setembro, os mellores e máis modernos establecementos comerciais de Vigo e de Pontevedra, mesmo de fóra de Galicia, nomeadamente de moda, tiñan o seu punto de venda no novo edificio «La Baranda» ou nalgún dos edificios do complexo balneario, onde alugaban un pequeno espazo cos seus produtos, que se podían mercar en «peinadores». Este tipo de establecemento comercial polivalente é o antecedente máis inmediato ás galerías comerciais que se abriron anos despois nas cidades do país, como xa viñan funcionando nas grandes urbes europeas desde o século XIX. Din que o espazo de venda máis luxoso de Mondariz-Balneario era «La Villa de París», emblemático comercio que importaba a última moda europea, con sede central na Porta do Sol de Vigo; e «Novidades», que vendía artigos de perfumería e mercería. Xa na Baranda, eran importantes «Sajonia y Japón», dedicado á venda de porcelana, o «Bazar Excelsior» da viúva de Felipe Sanz, «Artículos Alemanes» de Indalecio Antela e «Objetos de Eibar», que era de Francisco Oyarzábal, familiar do xenro de EPL. Tamén había postos de recordos de artesanía e de fotografía, talvez os primeiros establecementos galegos destas especialidades.

Cando os hóspedes saían en coche de excursión turística, a pasar o día en vilas e cidades da provincia, moitos deles levaban os seus «peinadores» no peto. E contan que, en varias tendas e hoteis destas cidades, aceptábanse como moeda sen problemas (Rolland, 2015). Cando EPL colleu responsabilidades directivas, estíbese dando o cambio do transporte de tiro ao de motor, é dicir, cando os camiños veciñais estreitos e de terra deron paso ás estradas para acceder ao Balneario de Mondariz en automóbil desde as estacións de ferrocarril máis próximas. Esta

⁴⁹ Este autor, tres anos máis tarde, no catálogo da magna exposición que se fixo de Palacios, organizada pola Xunta de Galicia, dá por feita a autoría do edificio chamado da Baranda, de Palacios e Otamendi. Sobre a autoría dalgúns edificios de Mondariz e dos seus usos mantéñense aínda dúbidas. Os traballos máis específicos como o de Yolanda Pérez así o manifestan (2005: 408), nomeadamente os da segunda época de Palacios en Mondariz, que corresponde ás construcións que comezan na segunda década do século XX. Como xa apuntamos, eran habituais os cambios de proxecto inicial durante a obra, como aconteceu coa agregación dun novo edificio á planta de embotellamento (Iglesias, 2014: 155 e 156).

cuestión básica foi determinante á hora de aumentar cotas de clientela. Ao servizo de automóviles de enlace ofertado pola casa, xuntouse a oferta do turismo de estrada polas principais rutas pintorescas da provincia de Pontevedra. Había xente máis ousada que se achegaba a Vilagarcía e a Santiago. Os máis extremados tamén visitaban A Coruña.

Algún cliente escribía en *La Temporada* as peripecias para chegar a Mondariz, en 1907:


Por la línea férrea de Orense á Vigo, enlazada con las generales del Norte-Noroeste de España y del Norte de Portugal. Las estaciones de término son las de Salvatierra y Porriño. En ambas hay carruajes y ómnibus, que, en dos horas y media, recorren el camino hasta el balneario. Los bañistas que desembarcan en Vigo, procedentes de América ó de los países centrales de Europa, pueden hacer el trayecto ó por el ferro-carril hasta Porriño, ó directamente en carruaje. De una ú otra manera sólo se tardan tres horas (*La Temporada*, n.º 1, 2/VI/1907, «Aguas de Mondariz» s/s).

Lecer ligado a cultura e incorporación de avances terapéuticos na hidroloxía foron unha constante na xestión de EPL. O Teatro-Cine inaugurado en 1916, con capacidade para catrocentos espectadores, onde actuaron compañías de renome como a Linares Rivas, foi o foro de moitas celebracións culturais, conferencias e proxeccións de cine. O Balneario tivo compañía propia nos anos vinte, e un cadro de declamación que levaba o nome de Lugrís Freire, en 1919. Os actos estaban abertos ao público, en xeral. Tamén se celebraron nel moitos festivais de caridade co fin de recadar cartos con destino aos *agüistas* pobres do Asilo do Carme, e a chegada do cine sonoro, con grande expectación, segundo a prensa viguesa. Máis tarde chamouse Teatro Peinador.


O novo urbanismo e as construcións do nacente Mondariz-Balneario, idea e obra dos Peinador e Palacios, ían tomando corpo desde a segunda década do século XX. O arquitecto porriñés tamén deseñou o proxecto do chamado Sanatorio que, a dicir dos expertos, foi a súa grande obra en Mondariz, a pesar de que quedou



Os «peinadores», moeda que circulaba no Balneario de Mondariz (ca. 1899)



Teatro-Cine de Mondariz (1916)



O Tranvía (ca. 1922)

inconclusa cando ía polo terceiro piso, na altura da morte do vello Enrique en 1917. Os planos desta última obra foran encargados en 1909. Estaba previsto construír o edificio totalmente en granito (Iglesias, 1993: 118). Os Peinador pretendían facer nel un moderno instituto de hidroterapia, no que abundaremos logo.

Cunha proxección máis ala do urbanismo termal e artístico do Balneario de Mondariz e a súa contorna, é máis que probable que Antonio Palacios colaborase cos Peinador, pais e fillos, no deseño dun plan de desenvolvemento comarcal da área de Mondariz, Porriño e Pontearreas, enmarcado nunha macroárea sobordando os lindeiros da metrópole de Vigo e o seu porto e as comarcas territoriais máis próximas de Portugal, cun funcionamento interrelacionado; sempre co obxectivo do progreso económico da macrozona a través do turismo integral, sintonía que o arquitecto compartía cos Peinador, e que, hipoteticamente, se facía extensiva a toda Galicia. Tamén idearon como tratar e resolver a conexión destes núcleos de poboación, máis alá da escaseza de infraestruturas e vías de comunicación que soportaban naquela altura.

Como primeiro paso, e froito das múltiples conversas de rebotica e de paseos pola zona, posiblemente saíse a notable idea do tranvía como solución para as conexións na ampla demarcación citada, partindo do porto de Vigo e chegando ao mesmo Balneario como punto de destino. Porén, a idea do tranvía xa viña de moi atrás, pois ten antecedentes en 1887, cando se falaba na prensa viguesa dun ferrocarril de vía estreita entre O Porriño e Mondariz; xa en 1903, enxeñeiros belgas e franceses estudaban a construción dun ferrocarril eléctrico entre aqueles dous puntos (Domínguez e Quintana, 2006: 199). Mais a constitución da sociedade anónima Tranvía de Mondariz a Vigo, logo de varias tentativas empresariais frustradas e desavinzas persoais, foi en Pontearreas en 1913, onde coincidirían concellos e xuntas locais, personaxes e familias abastadas das comarcas da contorna de Mondariz, sen distinción de credos e cores: os Peinador, os Pondal, os Rodríguez Fornos, os Bugallal, os Candeira, os Carrera... mais, abofé que Palacios diría algo ao respecto da materialización deste proxecto. De feito, andando o tempo, Antonio Palacios chegou a ser presidente do consello de administración da Sociedade Tranvía de Mondariz a Vigo S. A., segundo a revista *Anuario de Ferrocarriles Españoles* (1925 e 1927).⁵⁰ A compañía constituíuse cun capital de 700.000 pesetas das que 500.000 as puxera EPV. O seu fillo Enrique, encabezando unha comisión,

⁵⁰ Esta última referencia indica que na altura de 1927 había 50 traballadores na empresa, e que estaba de vicepresidente o enxeñeiro Manuel Sanjurjo Otero, fillo de Antonio Sanjurjo Badía; de vogais, o tamén enxeñeiro e fillo do señor da Caeira e marqués de Riestra, Vicente Riestra, que estaba acompañado do seu cuñado Enrique Peinador Lines e de Daniel Sestelo. Este anuario amosa un incremento dun 20 % de usuarios do tranvía entre 1923 e 1924, e un 12 % en ingresos brutos.

viaxou a Lisboa para acadar apoios para o proxecto, onde conseguiu unha importante subscrición de accións (Pérez, 2005: 169 e 170).

Homes de carácter internacional e curiosos das novidades técnicas, os Peinador importaron o primeiro pulidor de granito que houbo en Galicia (Solá, 1910, 24: 16). Tamén na faceta artística foron escollidos, pois EPV trouxera toda a sendaría decorativa do interior do Gran Hotel da afamada Casa Liberty de Londres, a vidraría e a louza viñeran da famosa fábrica de vidro La Industrial de Xixón e da Casa Pickman/La Cartuja de Sevilla; e as zonas verdes de parques e xardíns do Balneario, por encarga, foran deseñadas e ordenadas polo coñecido xardineiro francés Darier.

EPL visitara varios países europeos con estacións balnearias punteiras en tecnoloxía co fin de montar unha moderna planta de embotellamento en Mondariz, dado o éxito económico acadado coa súa venda no mundo enteiro, co fin de obter mellores rendementos grazas á nova tecnificación do proceso produtivo e a unha mellora na maquinaria. Desde os primeiros anos do século XX contaron con servizo de correos (1905), cunha estafeta que funcionaba durante a temporada, e fío telegráfico ata o Balneario (1914). Desde tempo atrás idearan a contratación dun xornalista que poñía ao día os bañistas interesados nas noticias e cotizacións da Bolsa de Madrid: «muchos de gran altura política y científica, y durante dos temporadas fui yo el corresponsal telegráfico, que, sin limitación, funcioné entre Madrid y las aguas valiéndome de las noticias de comunicación de las agencias y de lo que averiguaba en los Ministerios. Estos telegramas se fijaban en un sitio especial de la sala de lectura» (*Mondariz*, n.º 46, de 20/IV/1922; «Mondariz Antiguo» de Emilio H. Arranguiz, paxs. 893 e 894).

Tamén tiveron unha subcentral telefónica desde 1925, dependente da central de Pontearreas, máis un locutorio público no Balneario. Dentro do Gran Hotel había comunicación telefónica interna desde o principio (1898). Tamén contaba cunha boa infraestrutura de mangas e bombas anti-incendios, unha moderna rede de sumidoiros e unha alimentación eléctrica con dúas potentes dínamos albergadas nun pavillón específico. Iglesias Veiga dá conta dunha noticia aparecida nun xornal vigués, en 1892, onde refire o contacto de EPV con Isaac Peral, cliente de Mondariz, co fin de estudar a instalación da luz eléctrica no recinto e nas dependencias balnearias e nas localidades veciñas co aproveitamento dun salto de auga próximo (2014: 132).

Mais un dos elementos en que máis investiron os Peinador foi na difusión e propaganda exterior de Mondariz. Independentemente das publicacións periódicas que

Clasificación de Correspondencia	Archivador número
Oficial Madrid (Viuda e hijos Peinador)— O M.	
Id. Pontevedra (Don Ramón Peinador)— O P.	
Peinador y Compañía, Madrid — PC M.	
» » » Vigo — PC V.	
Abastecimiento botellas, cápsulas, etc. — A B.	
Id. Almacén núm. 2—Pedido de materiales, etc. — A A n.º 2	
Fonda y Habitaciones — F H.	
Bancos y Contabilidad..... — B C.	
Pedidos de botellas particulares— B PC.	
Envíos de botellas a llenar..... — E BII.	
Propaganda — P P.	
Varios — V V.	
Propiedades y Rentas — P R.	
Exportación botellas oficial ... — EB O.	

Guía clasificadora de correspondencia (ca. 1920)

Red Telefónica Exterior



- 1 Fuente de Gándara.
- 2 Fuente de Troncoso.
- 3 Finca de Sanmil (Pías).
- 4 Taller de reparaciones.
- 5 Imprenta.
- 6 Despensa del Hotel.
- 7 Departamento Sres. Propietarios.
- 8 Edificio número 3.

Directorio telefónico das instalacións balnearias (ca. 1900)

producían e que repartían entre a clientela balnearia, das que daremos conta máis adiante, desde a última década do século XX, os Enriques pai e fillo levaron a cabo un labor de edición de guías que eran repartidas entre as canles xornalísticas e os profesionais médicos e as súas corporacións. Publicacións de alto custo, pero que deron uns óptimos resultados canto a aumentar a clientela termal de Mondariz. Algunhas delas foron traducidas a outros idiomas. Baste citar que no XV Congreso Internacional de Medicina de Lisboa, en 1906, cada asistente recibiu unha guía editada especialmente para este evento, en varios idiomas —español, francés, e, posteriormente, en inglés—: *MONDARIZ: reseña general*. Significamos que se distribuíron seis mil entre os concorrentes a aquel acontecemento lisboeta. Contiña aspectos xeográficos e históricos de Galicia, algúns puntos de interese para visitar nas proximidades do Balneario, referencias de cidades próximas, reprodución de acuarelas, situación e descrición de Mondariz, servizos, tarifas e itinerarios, máis unha segunda parte dedicada ás características das augas e á súa aplicación terapéutica, elaborada polos cualificados especialistas e catedráticos de universidade, doutores Rodríguez Carracido e Pi Sunyer; ademais, estaba complementada con fotos, un plano do hotel e un mapa do país. Neste tipo de publicacións, os Peinador «alertaban» o lector cunha contradictoria advertencia que reiteraban en todas as guías:

Los propietarios del establecimiento minero-medicinal de Mondariz, al presentar este libro al XV Congreso internacional de Medicina reunido en Lisboa, cumplen con su tradición y no se inspiran en propósitos utilitarios [...] Al ofrecer este Memorándum a los ilustres congresistas no les mueve el deseo de lucro ni el espíritu de reclamo, aunque ello sería bien legítimo al tratarse de una industria [...] Muéveles tan sólo el noble afán de contribuir á la prosperidad de su país (*MONDARIZ: reseña general*, 1906 [reed. en 2006]: 34).

Boa parte destas guías foran coordinadas por Alfredo Vicenti (Santiago, 1850-Madrid, 1916), que naquela altura dirixía en Madrid o xornal *El Liberal*. Nas primeiras guías senlleiras, publicadas desde 1890 e editadas magnificamente, mais na publicación semanal *la Temporada* e logo na revista *Mondariz suplemento a La Temporada*, colaboraron coñecidas plumas: José de Argumosa, Carlos Arniches, Andrés Mellado, José Echegaray, Núñez de Arce, Emilio Castelar...; profesionais da medicina como os doutores Simonena y Zabalegui, Vital Aza, Olavide, Carracido, Viforcós, Pondal Abente, Pulido, Suénder, Sanz Bombín, Cortezo, Rodríguez-Fornos, Barcia Caballero, Casimiro Torre, Marcial Taboada...; personaxes da intelectualidade e das letras galegas como o propio Alfredo Vicenti, Basilio Álvarez, Noriega Varela, Pérez Constanti, Pardo Bazán, Avelino Rodríguez Elías, Aureliano J.



Alfonso XIII presto a degustar as Aguas de Mondariz (1929)

Pereira, Villar Grangel, Aurelio Ribalta, Celso García de la Riega, Rey Soto, Lustres Rivas, Lamas Carvajal, Curros Enríquez... e outros persoeiros coñecidos, como o citado Isaac Peral, e algúns nobres españois e portugueses.

Punto importante na difusión das virtudes da hidroterapia e da vida social de Mondariz, como reclamo, foron as crónicas da especialista en vida social moderna e contemporánea, Emilia Pardo Bazán, de quen os Peinador foron debedores, pois foi quen mellor escribiu os avatares do turismo balneario que comezara a facer en relato Gertrudis Gómez de Avellaneda desde mediados do século XIX (Ezama, 2011: 340).⁵¹

A galega, moi a gusto entre a intelectualidade, o cosmopolitismo europeo e a aristocracia, «monárquica ou non», comezou a coñecer balnearios e a facer letra e recoller impresións do termalismo co alto listón de Vichy, en 1880 (*Un viaje de novios*, 1881), onde acudira para tratar de curar a diabetes que padecía. Desde a descuberta de Mondariz, a Pardo Bazán, ou dona Emilia, á parte de cultivar o xénero literario menor da revista ou crónica xornalística de salóns, aínda que ela mesma o negara (Ezama, 2007: 2), ou o das viaxes, tamén utilizou a «calma chicha» das augas termais para inspirarse literariamente en xéneros máis serios, como fixo co ensaio *De mi tierra* (1888), escrito en Mondariz un ano antes.

A condesa fixo extensión dos parladoiros madrileños en Mondariz, como ao que acudía con Emilio Castelar ou con José Echegaray, políticos con pedigree intelectual e artístico, no terreo das letras.⁵² Políticos, literatos, xornalistas, nobreza... en definitiva, personaxes influentes e de boa cultura eran a súa debilidade. Coas súas crónicas, quizás foi quen máis colaborou en ser imán de atracción da *intelligentsia* española da época para vir a Mondariz, e de paso a Galicia. Talvez o título que lle deron logo, seguramente gañado pola factura das crónicas monárquicas e da nobreza, clase á que sempre quixo equipararse, tamén o acadou en Mondariz, á

⁵¹ Azorín tamén recollería en *Veraneo sentimental* (1944) as crónicas balnearias que fixera en 1904 para o xornal ABC, comezando en Cestona, Cantábrico adiante, por balnearios ata Mondariz.

⁵² No caso de Echegaray, tamén as técnicas e as ciencias, pois o que había ser Premio Nobel (1905) era enxeñeiro e matemático. Veraneaba en Marín (Pontevedra), onde posuía un chalé que logo foi adquirido polo reitor da Universidade de Santiago, Lino Torre. Segundo o historiador galego Xosé Antonio Durán, Castelar viaxara a Galicia para presidir os Xogos Florais de Vigo en 1883. Por este motivo, dá como probable a primeira visita a Mondariz do político-escritor ese ano (Durán, 2001: 20-24). Viñera acompañado de Alfredo Vicenti como cronista, que era un dos principais enlaces culturais coa comunidade galega en Madrid, con quen logo intimaría EPV, ata o punto de coordinar e supervisar as publicacións do Balneario. Echegaray tamén recalara en Pontevedra para presidir uns xogos florais, en 1888, neste caso da man de Eduardo Vincenti, xenro de Montero Ríos. Foi precisamente o marqués de Riestra quen lle ofrecera un soar, «generosamente», onde logo construíu o chalé citado, nas proximidades de Marín (Landín, 1999: 59).

marxe do seu valor literario. Pero, ao meu entender, o título máis acaído é o que lle dedica a súa estudosa, Ángeles Ezama: «Aristócrata do talento»; eu engadiría, e da mobilidade, *malgré son volume*, pois foi a figura literaria máis europea que tivemos naquela altura, por coñecemento propio como amante das viaxes e as excursións. A revista *Mondariz* dedicoulle a portada cando faleceu en 1921, aínda que, con anterioridade, xa ocupara este principal espazo na publicación. Tamén a súa figura quedou inmortalizada na sala de lectura do Balneario cun busto en terracota do artista Coullaut Valera (*Caras y caretas*, Bos Aires, de 5/10/1907).⁵³ Rematamos esta parte dedicada a Emilia Pardo Bazán cunha cita reclamo marca da casa:

A Mondariz, milagroso para el estómago, afluyen nuestros «ilustres enfermos», los descalabrados de las letras, de la política y el arte. Si deseáis conocer, sorprender en su vida diaria a los escritores españoles del renombre, a los políticos de talla, á Mondariz. Por allí ha desfilado en pocos años lo escogido de la *inteligencia* española. Recollido dunha colaboración para a *Guía de Mondariz* (Pardo, 1899: 30-33).

Cando a inauguración do Gran Hotel, a escritora coruñesa tamén afirmara en letra: «En este positivo negocio de las aguas de Mondariz, más allá del negocio ve la prosperidad de una región; ve a los extranjeros afluyendo a Galicia...».

De volta a Mondariz, á súa internacionalización e ás publicacións marca da casa, EPL coordinou a edición da famosa *Mondariz-Vigo-Santiago. Guía del Turista* (1912), editada por Rivadeneira en Madrid e logo traducida ao inglés, como algunha das outras guías xa citadas, co fin de aproveitar e estender a Mondariz a visita dos pasaxeiros dos buques ingleses con escala no porto de Vigo que facían turismo de cruceiro nun momento de esplendor da mobilidade marítima que dura ata a primeira guerra mundial.⁵⁴ Temos que sinalar que os Peinador fixeron causa común cos propietarios do outro grande emporio termal galego, o Balneario da Toxa, nomeadamente cos seus donos, a familia Riestra, cos que emparentaran, para fomentar as relacións económicas cos británicos e atraer o turismo cara os seus centros. A guía citada pon en valor os centros balnearios da provincia de Pontevedra, sen ánimo de competir, agás o do Lárez, se ben cita a finca «termal» do seu propietario Casimiro Gómez, outro importante fomentador do turismo galego, aínda que as súas propostas non callasen nin foran duradeiras.⁵⁵ Como apuntaba Prudencio Landín no seu *De mi viejo carnet*: «Lo cierto es que fracasaron las intenciones de

⁵³ Artigo de Emilia Pardo Bazán: «Mis retratos y mis caricaturas».

⁵⁴ Foi reeditada en 2003 pola Editorial Maxtor de Valladolid.

⁵⁵ Descoñecemos esta ausencia, aínda que a guía menciona a existencia dun manancial na finca e a súa explotación para a exportación de augas de mesa, sen lle dar relevancia (p. 99); probablemente o inicio da decadencia, na altura da edición, foi o motivo de exclusión.

D. Casimiro y con ellas un elemento de atracción y de riqueza que, a juicio de personas informadas, debiera ser muy aprovechable para Pontevedra» (1999: 463); ou a historiadora Echave Durán, que apuntaba: «Malia o grande éxito das dúas primeiras décadas do século, as augas comezan a súa lenta e irremediable decadencia. A competencia deses outros balnearios [A Toxa e Mondariz], os problemas xerados pola posta en entredito da calidade das augas e as dificultades do mercado arxentino ante a competencia dos mananciais nacionais de Villavicencio, entre outras razóns, fixeron que as Augas do Lérez caesen, para sempre, no esquecemento» (1997: 23).

Ao tempo de dar publicidade aos centros hidrolóxicos, o texto de *Mondariz-Vigo-Santiago. Guía del Turista* manifesta unha «actitude termal integradora», inductiva, para que os centros termais fosen visitados, poñendo maior énfase nos de Mondariz e A Toxa, que era onde a rede política e económica de «colaboración» fora máis permeable a apoiar iniciativas de negocio, e que estes balnearios atraesen de xeito acaído a clase empresarial que representaban os Peinador e Riestra.⁵⁶

Xa antes do século XX, o vello Peinador tentara que empresas británicas como a Cook incluísen nos seus percorridos as rías galegas e que promotores e res-

⁵⁶ En 1905, na capela do Carme de Mondariz, unha filla de Ramón Peinador Vela, Isidora Peinador Estévez, casou con Vicente Riestra Calderón, segundo fillo do marqués de Riestra, parella que sería copropietaria do Balneario desde a morte do seu pai Ramón, en 1928, xunto á viúva de EPV e os seus tres curmáns. O primeiro marqués, José Riestra López (Pontevedra, 1852-1923), tamén tiña intereses na distribución internacional das augas do balneario do Lérez, declaradas de utilidade pública en 1904, xunto ao consignatario de buques e empresario vigués anglófilo Estanislao Durán, representante da Royal Mail inglesa —nos seus buques bebíanse augas do Lérez—. O marqués de Riestra, propietario do balneario da Toxa, tamén formaba parte do núcleo de influencia deste balneario creado en 1906, pois era apoderado e representante do seu propietario Casimiro Gómez, emigrante pontevedrés que acadou un alto nivel económico na Arxentina e á vez sogro do citado Durán. Este millonario natural de Viascón (Cotobade), entre outros proxectos, tiña pensado establecer unha rede hoteleira en Galicia para acoller turistas ingleses e americanos (Pereira, 2009: 47). Nos xornais pontevedreses de 1907, seguindo a Pereira, dáse conta da constitución dunha sociedade en Londres para fomentar o turismo en Galicia, a «Sociedad de Hoteles», ligada á compañía de exportación de augas do Lérez que tiña o citado Casimiro Gómez en Inglaterra: a The Lerez natural Mineral Water-Company con sede en Southampton (2009: 53 e 133). As augas do Lérez chegaron a venderse en todos os continentes do mundo e en moitos hospitais españois, ingleses e americanos, segundo o autor citado. Non é baladí que poucos días antes de mercar a finca de Monte Porreiro, en 1900, onde logo se fixo o Balneario do Lérez e a súa residencia Villa Buenos Aires, Casimiro estivera unha tempada en Mondariz, pois as estratexias publicitarias e comerciais, e outros elementos de posta en marcha e difusión, foron semellantes aos que desenvolveron os Peinador. A navegar polo Lérez en lancha e ao Balneario acudiron os máis recoñecidos políticos como Canalejas, e os lugareños Montero Ríos, Vincenti, Cobián Roffinac, Riestra, González Besada, Mon e Landa... e reputados xornalistas e médicos, o embaixador inglés en España e militares británicos. O Balneario do Lérez comezou a caer en picado desde o inicio da grande guerra, con bastantes lendas en torno á súa desaparición. Logo produciuse unha reconversión do emporio hidrotermal en granxa gandeiro-agrícola.

ponsables do asociacionismo portugués e español de «curiosos» e viaxeiros fosen convidados a Mondariz para incluír a estación balnearia nos puntos de interese dos itinerarios turísticos (Pérez, 2005: 193), como dá conta a revista oficial de Mondariz, *La Temporada*, en varios números de 1906.

Nos comezos do século XX, a provincia de Pontevedra era a que ostentaba á vez maior concentración de centros termais e de políticos con representación en Madrid, ávidos de mediar na «institucionalización de negocios» (Vallejo, 2014: 13), a maiores de que as familias podentes pontevedresas de «influxo nos aconteceres» eran moitas, mesmo con banca; e de que en Vigo, varios industriais e algún consignatario dos sectores ligados ao mar, con experiencia exportadora e contactos en Inglaterra, eran proclives a colaborar na proxección do país no exterior, nomeadamente da grande área de Vigo e a súa contorna, estendéndose ata a ría de Arousa.⁵⁷ Con este panorama e estes actores, a Asociación para o Fomento do Turismo de Galicia (xaneiro de 1910) foi adiante, conducidos pola iniciativa que encabezaban os Peinador, Riestra e o armador Federico Barreras mais o citado Estanislao Durán, delegado da empresa do Cable Marítimo Inglés en Vigo e consignatario. A pretensión de atraer turismo estranxeiro foi un feito para a clientela inglesa, á que se agregaba a suramericana polas boas relacións que se tiñan coa emigración. Os froitos non se fixeron esperar, aínda que a grande operación de converter a área das Rías Baixas en «Couto Real», con base da suposta corte na illa de Cortegada, non foi tan satisfactoria, pese ao empeño dos políticos pontevedreses, mais a chegada de turismo foráneo, si.

Como afirma o economista Rafael Vallejo: «Son precisamente los empresarios de estos grandes balnearios, orientados a la clientela española y extranjera, los que van a dar forma a un ambicioso proyecto para situar Galicia en el mapa del turismo internacional y el turismo, como actividad económica moderna, en una de las palancas de su desarrollo, al lado de otros sectores modernizadores» (Vallejo 2014: 9).

⁵⁷ As xiras turísticas incluían visitas a fábricas de conservas nas rías (Vallejo, 2014: 15 e 16).

⁵⁸ Foi o caso de Aubrey Fitz Gerald Bell, correspondente do xornal londinense *The Morning Post*, que na altura de 1922 escribiu *Spanish Galicia*. E o da escritora e xornalista Anette M. B. Meakin, que fora autora dun libro de viaxes sobre Galicia en 1909: *Galicia, the Switzerland of Spain*, traducido ao galego en 1994 (Vales, 2006, 23, 24 e 27); era correspondente do *Times*, entre outros xornais ingleses. Tamén Rachel Challice, fundadora do «Spanish information bureau», que escribiu «Modes of going to Mondariz from England and elsewhere» en *A Monograph of Mondariz. Spain* publicada en Londres, segundo Del Castillo, en 1908 (1993: 194); un ano antes, escribira un artigo sobre Mondariz na importante revista británica *Health Resort*. Logo Challice, a quen a historiadora Yolanda Pérez considera a «embaixadora do Balneario de Mondariz na Gran Bretaña» (2005: 193 e 194), deu conferencias en Londres sobre as belezaas galegas. E outros como C. Gasquoine Hartley: *Spain Revisited. A summer Holiday in Galicia* (1911, Ed. Stanley Paul and Co. London). E as escritoras Desdemond Deane e M. Stors Turner, e o hispanista e mariscal Martin Hume.

Tamén botaron man de xornalistas británicos e de viaxeiros colaboradores para difundir as bondades do país e atraer turismo inglés a Galicia que, en gran medida, insistimos, respondeu positivamente.⁵⁸ Finalizando a primeira década do século XX, cando comezaba a xestionar o Balneario EPL, moitos turistas arribaban ao porto de Vigo para facer turismo por Galicia. Mondariz figuraba en moitas das rutas que visitaban, con parada obrigatoria (Del Castillo, 1993: 76). A empresa pioneira foi a Booth Line de Liverpool, desde 1908, logo dunha visita que xirara a Vigo o seu propietario Alfred Booth, convidado por Federico Barreras Massó, que era representante desta compañía británica en Vigo;⁵⁹ logo acompañouno nunha xira por Galicia adiante que deu lugar á publicación dunha guía turística realizada polo paisaxista inglés Mr. Mason e o escritor Mr. Wood. O navieiro foi agasallado na illa de San Simón cun xantar onde se teceron os vimbios para poñer en marcha a citada Asociación para o Fomento do Turismo en Galicia (xaneiro, 1910). Despois virían de visita asociacións de xornalistas británicos, de variada especialización, con primeira parada en Mondariz, onde foron agasallados con folións, festas amenizadas con bailes e cantos populares, tras participar nunha procesión da Virxe do Carme; logo viaxaron polas catro provincias galegas para explorar as posibilidades turísticas do país. Mesmo chegou algunha visita colectiva de médicos británicos co fin de coñecer a oferta termal galega e a súa infraestrutura.

Tamén aportaron a Vigo os barcos que viñan coa Royal Mail Steam Packets, desde Southampton. Os enlaces do porto de Vigo con vapores de Suramérica e Norteamérica eran frecuentes, e tamén os turistas desta ruta que acudían a Mondariz, emigrantes abastados incluídos.

Sobre a chegada de turismo británico a Mondariz, convidamos a botarlle unha ollada ás revistas *La Temporada* que van de 1907 a 1912, onde proliferan as referencias e artigos da clientela das illas, algún deles asinado por Federico Barreras. Mesmo, con personaxes de relevancia como fora o caso da visita do arcebispo de Westm-

⁵⁹Federico estudara Comercio en Inglaterra e mantivo estreitas relacións comerciais coas illas británicas, como armador, consignatario e industrial dos estaleiros, representando a empresa familiar. Esta sociedade tivo a primeira representación de tres liñas inglesas para levar emigrantes a Brasil. Logo, os Conde, Estanislao Durán, os Massó e os Barreras, xunto co marqués de Riestra, fundaron o Lloyd Gallego, na última década do século XIX (Facal e Carmona, 2009: 263 e 264). Naquela altura, a empresa Barreras, representada por Federico na área da consignación, era unha das máis importantes do porto de Vigo. A Asociación para o Fomento do Turismo de Galicia tamén fixo xestións para que outras compañías e outros axentes ofertasen Vigo e arredores como escala nos seus itinerarios turísticos, tal foi o caso da axencia Lisonne e Zoon de Amsterdam e a Real Lloyd holandesa en 1913 (Iglesias, 2014: 140).

inster. Por aquelas datas, tamén facía o propio o «voceiro implícito do Balneario da Toxa», *Vida Gallega*, dirixido por Jaime Solá, o «home pro turístico de Galicia», que tiña intereses familiares no único centro termal galego insular.⁶⁰ Ao que se agregaran os xornais de Vigo, Pontevedra e provincia máis os axentes publicitarios dos Peinador en Madrid, como Alfredo Vicenti, que desde anos atrás xa levaba feito accións turísticas impresas pivotando sobre Mondariz.

Segundo a Vallejo, para materializar o proxecto, o tecido empresarial interesado no paquete turístico galego dirixido aos británicos desprazouse a Londres, nun esforzo coordinado. Alí constituíron unha sección da Asociación para o Fomento do Turismo de Galicia, co fin de colaborar cos emprendedores británicos do sector turístico: foi a primeira iniciativa empresarial colectiva para proxectar o país internacionalmente (Vallejo, 2014: 16 e 17).⁶¹ Neste importante proxecto, o papel dos Peinador, pai e fillo, foi moi relevante; tamén o foi —é de supoñer— a mediación e a propaganda do cónsul británico na Coruña, Charles Hugh Maxwell Trayner (1867-1908), un dos primeiros turistas ingleses que recalara en Mondariz (Hooper, 2013: 23), posiblemente por padecer diabetes. Pero moito antes xa aparecera un británico amante de Galicia con ánimo de fomentar o turismo británico en Galicia, Mr. Thompson. Esta idea xa a translucira na altura de 1886, segundo a prensa pontevedresa (Pereira, 2009: 54).

Foi especial preocupación de EPL a propaganda do balneario nas empresas de transporte marítimo. A súa axenda invernal marcábana as viaxes a ultramar para este labor; tamén para buscar axentes e empresas que vendesen as augas e para procurar o soporte de médicos que estendesen as terapias coa toma da auga. Atraer e convidar a Mondariz os médicos establecidos nas Américas tamén foi unha constante en EPL, ben porque estivesen relacionados coa emigración galega, ben porque fixeran ou ampliaran os seus estudos en España.

No ámbito cultural, e á parte da música, arqueoloxía, etnografía e folclore de Galicia foron debilidades que EPL manifestou e plasmou no seu ideario de xestión, co ánimo de dar a coñecer elementos da cultura artística autóctona. No eido da música, ao que EPL era moi afeccionado, o balneario ofertaba repertorios con gran presenza de obras galegas e portuguesas. A Banda de Música do Balneario, chamada tamén «de Peinador ou da Chan de Gándara», formábana traballadores e traballadoras do complexo e dirixiuna moito tempo o mestre Juan Pomar.

⁶⁰ O seu tío fora un dos primeiros arrendatarios da illa; e o seu pai era o xerente desta instalación termal naquela altura. O deputado pontevedrés Augusto González Besada (Tui, 1865-Pontevedra, 1919), no seu mandato como ministro de Fomento primeiro e de Facenda logo, en 1909, promoveu a ponte que unía O Grove coa Toxa (1910).

⁶¹ Na capital británica déronse conferencias públicas sobre Galicia e as súas posibilidades turísticas en 1910.

Desde o quiosco interpretaba pezas bailables en verbenas abertas a clientes do Gran Hotel e ao público en xeral nas *soirées*. Do afamado palco da música dos xardíns de Mondariz dicíase que era un dos de mellor acústica de Galicia (Guisado, 2007: 101). Alí escoitábanse pezas dos músicos galegos Reveriano Soutullo, Xoán Montes, Andrés Gaos, Marcial del Adalid, Pascual Veiga...⁶² e entre zarzuela e zarzuela de Quintero e Quiroga, soaban muiñeiras, alalás, xotas e pasodobres galegos. Por certo, non podemos esquecer un que levaba o nome de *Mondariz-Balneario*, do mestre sevillano Mancheño Tobella, afamado director de bandas que chegou a dirixir a do Balneario nos anos vinte. Tamén compuxo a serenata galega que levaba por título *Unha Noite no Balneario de Mondariz*, dedicada a Enrique Peinador Lines o día do seu santo.

Mentres, nos interiores do Hotel, o cuarteto dirixido polo profesor Montes, ou o afamado Cuarteto Cabarat de Madrid, ou o formado por profesores do Teatro



Agrupación musical do Balneario (ca. 1920)

⁶² Entre as pezas que se escoitaban nos concertos do Balneario, *La Temporada* citaba: *Ti onte mañán eu* (Baldomir), *Un sonho desfeito* (Menano), *Idilio gallego* (balada e muiñeira de R. Franco), *O Terror dos Mares* (fado de Schegoyen), *Todo por Galicia* (fantasía de Tojo), *Lonxe da terraña* (J. Montes)... O cronista Alfonso Paredes Pardo afirma, por dedución da información recollida, que o músico galego Xoán Montes e a súa orquestra tocaron no Balneario de Mondariz entre 1905 e 1908 (2011: 225).

Real e da Orquestra Sinfónica de Madrid –segundo os anos que decorresen–, executaban en varios horarios o seu programa no Salón-Teatro (tamén chamado de Festas) do Gran Hotel, con interpretacións galegas intercaladas nun repertorio clásico.⁶³ Ás veces incluía un coro de voces femininas nas pezas que o requiriran. Nalgunha ocasión presentouse unha formación chamada «cuarteto del Establecimiento». Carlos Arniches, nun artigo publicado nos primeiros números de *La Temporada* de 1923, referente á música que escoitara nos salóns do Gran Hotel, dicía: «Allí ha habido conciertos dirigidos por el eminente director de la Sociedad musical más importante de España, por mi ilustre amigo Jerónimo Jiménez; conciertos que han sido verdaderas solemnidades». O mestre compositor **Jerónimo Jiménez Bellido** (Sevilla, 1854-Madrid, 1923) fora un neno prodixio e un dos primeiros acompañantes musicais das sesións de cinematógrafo; foi autor musical de varios xéneros e director do Teatro Apolo e do Teatro da Zarzuela de Madrid (Martínez, 2012: 137). Era membro da Sociedade de Concertos de Madrid.⁶⁴



Salón-Teatro do Gran Hotel, tamén chamado de Festas (ca. 1900)

⁶³ Naquel auditorio celebráranse uns xogos florais na tempada de 1903, segundo un artigo da revista *Mondariz* («El Mondariz actual», n.º 7 de 20/XII/1915, páx. 155). Neste mesmo artigo dáse conta da orixe dos cuartetos musicais formados por afamados profesores das citadas orquestras de Madrid.

⁶⁴ Foi autor de varias zarzuelas, valsos e pasodobres; entre outras pezas, compuxo o coñecido sainete lírico *El baile de Luis Alonso* (1896).

No Balneario de Mondariz tamén se puxo en marcha unha escola de música grauíta, que fornecía as diferentes agrupacións musicais do emporio dos Peinador. A ela acudían traballadores e traballadoras das instalacións balnearias que centraban a súa atención na aprendizaxe de instrumentos e no cancionero do país. Había funcionando varios conxuntos: a rondalla-coro, Agarimos da Terra e outra alcuñada Aceide; no terreo do folclore galego, a agrupación específica Saudades da Terra, a de gaiteiros Carregal, e un coro chamado Airiños do Tea (1932), sucesora da citada Agarimos da Terra; todas elas, como xa dixemos, formadas "esclusivamente" con persoal que traballaba nas instalacións.

Era tan grande a afección á música dos Peinador que durante a celebración dalgúns festexos, como as festas do Carme de 1916, houbo ata tres bandas de música foráneas, sen contar coa do Balneario: a da Garda Republicana de Lisboa, a do Rexemento do Rei de Madrid e a de Infantería de Mariña de Ferrol. Tamén foron a Coral de Ruada de Ourense, e o pioneiro coro pontevedrés Aires da Terra. Con motivo da inauguración do monumento a EPV en Mondariz, en 1919, celebrouse un certame de coros galegos.⁶⁵ Un ano antes xa se celebrara unha velada necrolóxica para instalar un retrato en honra e lembranza do prócer nos salóns da Sociedade Recreo de Mondariz, dunhas características semellantes de galeguidade interarxentina, dedicado ao cabaleiro «do ensoño e da acción», tal e como lle chamaba Ramón Cabanillas a EPV:

Comenzó el acto a los dulces acordes del Himno Regional Gallego de Veiga y Pondal, por elementos del coro Agarimos d'a Terra y acompañados al piano y flauta por la señorita Ada Formentini y el distinguido ingeniero D. José Domínguez. En el palco escénico, que se hallaba severamente adornado, presidía la directiva en pleno, acompañada de D. Enrique Peinador Lines, en representación de la familia, y a la derecha, en primer término, el retrato a tamaño natural del homenajeado (*Mondariz*, n.º 29 de 20/1/1918, px. 597).⁶⁶

⁶⁵ A estatua de EPV que se erixiu nos xardíns de Mondariz era da autoría de Lorenzo Coullaut Valera. Este escultor fora patrocinado baixo o mecenado de EPL con parte da paga que recibía do seu pai, cando o artista chegara a Madrid principiando o século XX co fin de asentarse na capital e montar un estudo (*La Libertad*, de 23/VIII/1933). Logo deixou importante obra en Galicia, como o monumento a Pardo Bazán da Coruña e o de Curros Enríquez en Vigo. A homenaxe citada foi o 24 de agosto de 1919, case dous anos despois do seu falecemento. Nese acto interviñeron coros rexionais e a banda do Balneario interpretou un chamado *Himno a Peinador*, segundo a prensa da época, que tamén refería: «destacó la nota de galleguismo». Léronse poemas en galego entre os que destacaba un soneto de Cabanillas que leu no acto. Un ano despois, os fillos de Mondariz residentes na Arxentina puxeron unha placa nesta vila, dedicada a EPV. A dedicatoria dicía: «Carácter, generosidad y espíritu progresista». Anos máis tarde, con motivo do Congreso Rexional da Loita contra a Tuberculose celebrado na Toxa en outubro de 1925, organizado polos colexios de médicos galegos, tamén se lle rendeu unha homenaxe a EPV na sesión de clausura.

⁶⁶ A noticia debeu de ter repercusión musical pois tamén veu recollida na revista *Boletín Musical*, n.º 23 de 27/1/1918.



Descuberta do monumento de homenaxe a Enrique Peinador Vela no paseo central do Balneario (1919)

Noutra ocasión, tamén con motivo das festas do Balneario en 1926, e dando mostras de estar ao día no panorama musical, estivo en Mondariz a orquestra Jazz-Cathalonia, formada por músicos da orquestra do catalán universal Pau Casals. O número extraordinario de *La Temporada* do 1 de xuño de 1927, referente ás actividades musicais do Balneario, anunciaba:

La Banda de música del Establecimiento da conciertos en el parque los miércoles y los sábados de cada semana. Diariamente de once a una y de cinco a siete de la tarde, ameniza el paseo frente a las terrazas una orquesta con jazzband. Los días 15 y 16 de julio tienen lugar grandes fiestas en honor de la Santísima Virgen del Carmen, y en el último domingo de agosto un festival en que toman parte diversos números de carácter regional (páx. 25).

No recinto eran habituais os foliós e os concursos de gaitas e baile galego das festas do Carme, durante tres días, con premios para os gañadores. O día grande desta festa era coñecido o popular «Gran Folión», a verbena máis espectacular da tempada (Del Castillo, 1998: 99). Ou as festas mixtas literario/musicais, con presenza de Noriega Varela e Castelao, como ocorrera a finais de agosto de 1924.

Coñecemos a existencia dun himno para canto e piano co nome *iGróri'a Peinador? Himno para canto e piano*, con letra e música de Juan González Páramos, «Juan de Tuy», que debeu de estrearse con motivo dalgunha das homenaxes que se lle tributara ao vello Peinador.

Á Nosa Señora do Carme, de Mondariz-Bañeario

CANTIGAS

Nai amorosiña,
Virxe do Carmelo
bótanos enriba
teu santo mantelo.

Estrela locente
na noite pechada,
á y-alma sen guía
pon-a encamiñada.

Gándara e Troncoso
enche de virtude:
fai das dúas fontes
ríos de Saúde.

Ergue ôs que caíron
y-ôs tristes consola
e bendice a feixes
a igrexa y-a escola.

Bendice ôs que loitan:
pol-a Nai-Galicia,
acesos no lume
de Amor e Xusticia.

Raiña dos ventos,
Señora dos mares,
nosos emigrados
devolve ôs fogares.

Vixía as pasadas
dos nosos filliños
e pon-os no rumbo
dos santos camiños.

Bendice os amores
do homilde labrego

e dalle na chouza
quentura e sosego.

Bendice as mazorcas,
tullas e piornos
y-enche de panciño
artesas e fornos.

Bendice os suores
do nobre traballo
e as pingas da choiva
e as pingas de orballo.

Bendice os carrascos
e os toxos dos montes,
as herbas das veigas
e as augas das fontes.

Bendice amorosa
a palla y-a espiga,
as follas da rosa
y-o pico da ortiga.

Bendice, Señora,
o casal y-o tobo,
o niño da rula
e a coba do lobo.

Bendice o arado
y-o legón y-o pico,
o san y-o tolleito,
o probe y-o rico.

Raiña do ceo,
formosa e garrida,
na hora da morte
danos nova vida.

Letra dunha cantiga para cantar na procesión do Carme (ca. 1928)

Estrofas que o pobo de Mondariz-Balneario canta en peregrinación ó Santuario da Virxe da Franqueira.

A virxe de Lurdes vai para a Franqueira visitar a santa Virxe compañeira.

Señora de Lurdes na cova metida, vai sempre con nosco na morte e na vida.

Estrela locente na noite pechada a alma sen guía pon-a encamiñada,

Virxe da Franqueira que tés un meniño, fáinos levadeiro o longo camiño.

A Virxe de Lurdes encende as estrelas, a Virxe do monte platica con elas.

A Virxe de Lurdes ven do Balneario, leva nas manciñas o santo rosario.

Raiña dos montes, señora dos mares, nosos emigrados devolve ós fogares.

Vixia as pasadas dos nosos filliños, e pon-os no rumbo dos santos camiños.

Bendice os amores do homilde labrego e dalle na chouza queitura e sosego.

Bendice as mazorcas, tullas e piornos, enche de pancho artesas e fornos.

Bendice amorosa a palla e a espiga, as follas da rosa e o dente da ortiga.

Bendice, Señora, o casal e o tobo, o niño da rula e a coba do lobo.

Virxe da Franqueira na pedra labrada, de viñas e prados arreda a xiada.

Bendice o arado o legón e o pico, o san e o tolleito, o probe e o rico.

Bendice os carrascos e os toxos dos montes e as erbas dos prados e as ágoas das fontes.

Bendice os suores do santo traballo, as pingas da choiva e as pingas de orballo.

Como o sol reloce a Virxe de Pias no viaxe primeiro d-estas romerías.

Temos de facerlle cumprido saúde para que nos vala de amparo e de escudo.

De Vilar a Virxe, garrida e xeitosa, pol-a nova ponte veu en busca nosa.

Cantémolle ledos que é nosa veciña e chea de gloria con nosco camiña.

Imos con ledicia que ven a par noso a Virxen bendita de Vilasobroso.

De Vilasobroso e mais da Portela, que non hai no mundo outra como ela.

El Señor nos leva ben acompañados co-a Virxe que chega dende Mouriscados.

Bedita ela seia por linda e xeitosa, os ollos luceiros a cara de rosa.

De Cumiar, ó lonxe, aparece a Santa, ten unha dozura que a todos encanta.

A Virxe de Lira pol-o monte sube envolteia en luces d-unha branca nube.

Imos detrás d-elas subindo a montaña que nunca teremos mais boa compañía.

Camiño do monte que leva á Franqueira, a Virxe de Uma xa está á nosa veira.

Virxe benamada ten os meus amores, por onde ela pasa échese de flores.

Batalláns xa chega co-a súa Santiña e cara á Franqueira con nosco camiña.

Santa milagrosa é como unha estrela, os anxes do ceo baixan para vela.

A Virxe de Lurdes ten unha roseira, as mellores rosas son para a Franqueira.

A Virxe de Lurdes camiña rideira, ven de ver a Santa Virxe compañeira.

Levoulle os amores e as cantigas nosas e traí para a casa un feixe de rosas.

No-hai camiño longo indo á sua veira nin hai sobre a terre mellor compañeira.

Con ela subimos con ela baixamos, cen anos Dios queira con ela volvamos.

NOTACIÓN MUSICAL DA CANTIGA

Nan-a - mo - ro - su - na - Vir - xe - da - Car - me - lo - bo - ta - mos - en
 Gran - da - mo - tam - co - so - En - cha - de - vir - tu - de - fan - dal - su - al

ri - ba - tiv - sas - to - man - te - lo
 fan - tal - ri - al - de - da - vi - de

Letra e música dunha cantiga para cantar na peregrinación da Virxe da Franqueira (ca. 1928)

CÁNTIGAS PR' A PROCESIÓN DO CARMEN

Nai amorosiña,
Virxe do Carmelo,
bótanos enriba
teu santo matelo.

Estrela locente
na noite pechada,
á y-alma sen guía
pon-a encamiñada.

Gándara e Troncoso
enche de virtude:
fai das duas fontes
ríos de Saúde.

Ergue ôs que cairon
y-ôs tristes consola
e bendice a feixes
a igrexa y-a escola.

Bendice ôs que loitan
pol-a Nai-Galicia,
acesos no lume
de Amor e Xusticia.

Raiña do ceo,
fermosa e garrida,
na hora da morte
danos nova vida.

Letra dunha cantiga para cantar na procesión do Carme (ca. 1928)



Portada da creación musical ¡Gróri'a Peinador!, dedicada a EPV (ca. 1915)

No ámbito da investigación musical e a recollida de cancións populares galegas, Enrique Peinador Lines deu os primeiros pasos para elaborar un cancionero tradicional do país. Durante o verán de 1931, tivo de bolseiros na comarca mondaricense dous estudosos musicólogos de envergadura: Xesús Bal e Gay e Eduardo Martínez Torner, investigadores do Centro de Estudios Históricos e hóspedes da Residencia de Estudiantes de Madrid. No número 11 de 1931 da revista *La Temporada* daban conta da recompilación de noventa e tres pezas musicais da zona de Mondariz para o estudo do cancionero galego. É máis ca probable que a súa recollida de material musical desta comarca formou parte do *Cancionero Gallego* que en 1974 editou a Fundación Barrié de la Maza.⁶⁷

O propio Bal e Gay, logo da súa estadía investigadora, escribía no libro de ouro do Balneario: «Mondariz: un dos mais outos centros de galeguidade e europeísmo da nosa Terra. Laboura d'un dos nosos meirandes *precursores* sostida hoxe, c'a máisima enxebreza, por un home que en nada disminte a súa ascendencia. Mondariz, 20-VIII-1931. XESÚS BAL E GAY» (*La Temporada*, n.º 13 de 6/IX/1931). Unha estimada valoración de Enrique e das primeiras reflexións que agrupan galeguidade e europeísmo na altura, referidas a un centro que irradiaba cultura, como era o caso.

Os xardíns do complexo, que tiñan paseos cubertos de vexetación, estaban decorados con elementos arqueolóxicos e restos de mosteiros románicos da zona co fin de que non se perdesen. Os Peinador tamén doaron pezas ao Museo de Pontevedra. EPL propiciou escavacións arqueolóxicas e o traslado de petróglifos co fin de conservalos. Sobre os castros da zona, na altura de 1927, comentábase en *La Temporada*:

El más interesante quizás es el de Troña o Dulce Nombre en la parroquia de Pías; tiene semejanza con el de Santa Tecla, las citanias portuguesas de Sabroso y Briteiros; en sus laderas existen habitaciones circulares y en la única explorada hasta la fecha hemos podido recoger molinos de mano, una ánfora de barro, una lanza de hierro y otros objetos interesantes, que han sido enviados por los Sres. Hijos de Peinador al Museo Arqueológico de Pontevedra (*La Temporada*, número extraordinario de 1 de xuño de 1927, páx. 85).

⁶⁷ **Jesús Bal e Gay** (Lugo, 1905-Madrid, 1993) foi un dos musicólogos galegos máis senlleiros. Socio do SEG, iniciou os estudos de Medicina en Santiago e logo trasladouse a Madrid onde comezou a traballar na investigación musical no Centro de Estudios Históricos, en colaboración coa Junta para la Ampliación de Estudios. Casou coa concertista de piano Rosa García Ascot, discípula de Manuel de Falla. Tras a guerra civil exiliouse en México. Hai unha carta de contestación de Castelao dirixida ao musicólogo catalán Josep Subirá, de 1928, na que o rianxeiro indica a Enrique Peinador para unha cuestión relacionada coa cultura (Monteagudo, 2000: 127-128), supoñemos que poida gardar relación coa música e co traballo citado de Torner e Bal e Gay en Galicia, pois Subirá estivo traballando na Junta para la Ampliación de Estudios (JAE).

Na chamada Quinta de Pías ou de Sanmil, complemento de natureza agregado ao complexo, púxose en marcha por iniciativa do vello Enrique un museo arqueolóxico, etnográfico e de folclore, o primeiro destas características, privado, no país, nos anos de entrada do século XX. Visitantes notables comentaban del: «[...] pudiese admirar el importante y riquísimo Museo de antigüedades célticas y de manifestaciones del arte, la industria y la indumentaria gallegas, que allí se conserva y se enriquece cada vez más, y en el que se penetra como en una de esas capillas humildes, que mueven a recogimiento y despiertan la devoción (*Boletín de la RAG*, 137, 1 outubro de 1920)». Na súa instalación podían verse tamén instrumentos musicais do país, traxes tradicionais, elementos do interior de casas rurais e aparellos de diferentes oficios, como un tear coas súas pezas e aparellos, diferentes muíños, apeiros, arcas... Un artigo respecto ao contido do museo finalizaba dicindo:

Lo que acontece con el vestido sucede con todo cuanto se relaciona con las distintas manifestaciones de la vida rural gallega; por eso la idea de los Sres Peinador, tan entusiastas hijos de Galicia, es una idea plausible; pues seguramente dentro de pocos años tendrá el museo regional de Mondariz más importancia de lo que a primera vista nos parece; pues encerrará dentro de sus muros todo un pasado de esta noble raza gallega; y el pasado de un pueblo es siempre interesante y digno de estudio (*Mondariz*, n.º 35, «Un museo original», II, 1/IV/1919, páx. 697).

O primeiro artigo da serie indicaba que a creación deste museo etnográfico fora obra de EPV e sobre o seu obxecto explicaba: «Responde esta empresa a un fin que solo en la apariencia es regionalista, pues tiene otra substancia en el fondo al reunir y conservar los escasos objetos materiales que todavía dan fe de los gustos, de los hábitos, y de los modos de pensar, de sentir y de vivir de la genuina raza gallega» (*Mondariz*, n.º 34, de 20/I/1919, páx. 685). Tras xustificar un aparente rexionalismo, o autor tamén expoñía as aspiracións dos Peinador ao poñeren en marcha esta iniciativa: «Primeramente: evitar que desaparezca en corto plazo la característica espiritual y patronímica de esta región. Segunda: convertir a Mondariz no solo en un centro universal de salud, sino en un lugar donde los nacionales y extranjeros aficionados a los estudios etnográficos que hoy alcanzan tanta boga en el mundo culto, puedan conocer lo que es y lo que fue Galicia». Rematamos esta parte sobre o museo transcribindo unhas palabras, da mesma serie, sobre como foran os comezos e o propósito inicial do creador: «Don Enrique Peinador Vela, juntó, clasificó y expuso las innumerables cosas que, habiendo sido de uso común hasta días no lejanos, ceden por instantes el puesto a la invasión industrial e igualitaria, bajo cuyo vulgarísimo nivel todo se mezcla, se borra y se unifica».

Nun síntoma evidente de modernidade, EPL preparou terreos para a práctica deportiva: canchas de tenis, campos de crícket e cróquet, espazos para a práctica do


tiro (pistola, escopeta e carabina) e o remo, en varias modalidades, como dicían nos seus anuncios e propaganda contra 1909: «tenemos instalaciones donde se pueden practicar juegos y deportes de campo». Nos baixos do Gran Hotel tamén había incorporado un ximnasio onde especialistas impartían clases de exercicios ximnásticos e de danza. O exercicio físico era parte complementaria da terapia das augas. E na finca de Pías contábase con infraestrutura para practicar deportes fluviais, non sabemos se se referían á pesca ou á natación. Tamén se practicaba a



Sala do Museo de Pías (ca. 1910)

caza nos arredores. Algúns autores falan da existencia dun campo de fútbol, sen citaren o ano de creación (Domínguez e Quintana, 2006: 192). E Del Castillo afirma que aos hóspedes se lles facilitaba a posibilidade de practicar o golf na finca de Sanmil en Pías (1998: 96).

Na finca de Pías tamén había un invernadoiro de plantas exóticas, con estufa quente; hortas e unha granxa con gando vacún que daban produtos animais, lácteos e vexetais para nutrir as despensas e frigoríficos do Gran Hotel, e que tamén se vendían aos clientes e *agüistas* do Balneario. Mesmo chegaron a dar charlas e prácticas de zootecnia e cultivos impartidas por enxeñeiros que traballaban na Granxa de Pías.



Invernadoiro da Finca de Pías (ca. 1910)

**A responsabilidade científica e a economía
no horizonte empresarial de EPL, con
Galicia de referencia: modernidade,
ciencia e expresión cultural propia, en
compatibilidade e sintonía**



Lápida de EPV no cemiterio de Mondariz-Balneario

Por lo que toca a la comunicación del **Centro Hidrológico de Mondariz** con las estaciones ferroviarias próximas, el progreso del último año, tanto en velocidad y confort como en economía, ha sido inmenso. Débese esto al servicio de automóviles que se instaló con celo minuciosísimo [...] Tenía dos arranques de enlace con el ferro-carril de Vigo á Orense, y fué el de Ribadavia, destinado á los trenes rápidos, el más favorecido, por el ahorro de gasto y de horas proporcionado á los viajeros. El sr. Peinador Lines (secundado por su hermano Ramón que ha dirigido e inspeccionado con gran competencia todo lo concerniente a este servicio), piensa completarlo y darle mayor impulso en la temporada de 1909. (*La Temporada*, número extraordinario de 2 de maio de 1909)

Pero aún le queda otra maravilla a Galicia: le queda Mondariz, la Compostela del enfermo, encontrada y ungida por la ciencia. Mondariz, cuyas aguas obran milagros de resurrección y de rejuvenecimiento. (Emilio Castelar en *El Liberal* do 16 de setembro de 1898; úsase con frecuencia nas publicacións referidas a Mondariz)

Pero todos estos tributos póstumos, que se han rendido en justicia al llorado gallego, han dejado en involuntaria penumbra, el perfil más saliente de su personalidad, la *nota técnica* el *aspecto científico* que le caracterizaba, y que cae de lleno dentro de la ciencia médica, justificando sobradamente, que el nombre del señor Peinador sea acogido en las columnas de esta REVISTA, órgano profesional de nuestra región. (José Rodríguez Sobrino, *Galicia Médica*, n.º 11, novembro de 1917)

O contido deste último parágrafo era unha referencia a Enrique Peinador Vela con motivo da súa morte, salientando a súa faciana científica, nun artigo escrito polo doutor José Rodríguez Sobrino, médico de Mondariz, na revista *Galicia Médica*.⁶⁹

No ámbito das ciencias experimentais, na investigación e no referendo científico das augas, todos os pasos que deron os Peinador foron sustentados e acreditados por persoas da máxima cualificación na altura. Sempre lles deron voz a persoas autorizadas no terreo da ciencia. Tanto nas aplicacións ou na inxesta dos seus produtos no lugar, como na súa difusión publicístico-divulgativa nas publicacións propias ou nas científicas, foron os médicos, como garantes cualificados, os que marcaban as pautas e indicacións para o uso das augas e inclinaban os usuarios ao seu consumo.

As análises de augas que fixeran no seu tempo Casares e Teijeiro, mais logo Garagarza, foron contrastadas e postas ao día con novos e modernos medios. Os Enriques, pai e fillo, encargaron unha nova perspectiva analítica e o estudo físico-químico e biolóxico da auga ao químico galego, catedrático de Química biolóxica na Universi-

⁶⁹ Artigo asinado no 20 de outubro de 1917, e publicado en *Galicia Médica*, n.º 11, de novembro de 1917 (páxs. 344-347), e logo reproducido en *Mondariz* (n.º 28 do 15/XII/1917, páxs. 570-573).

dade Central de Madrid, José Rodríguez Carracido (1905) —«Estudio físico-químico y biológico del agua de Gándara en Mondariz» (*Mondariz*, 1906 [reed. de 2006]: 53-56)—, con quen coincidira na directiva da sección de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais no Ateneo de Madrid o vello Enrique Peinador, como xa dixemos. Xunto co reputado fisiólogo e nutricionista **Augusto Pi i Sunyer** (Barcelona, 1879-México D. F., 1965), compartiron a descrición, anotacións terapéuticas e influxo, recomendacións de uso e análise das augas na citada publicación *MONDARIZ: descripción general*, que foi entregada aos médicos asistentes ao XV Congreso internacional de Medicina celebrado en Lisboa en 1906.⁷⁰ Pi i Sunyer, que naquela altura estaba de catedrático na Universidade de Sevilla, presentou o traballo «Influencia de las aguas de la fuente de Gándara sobre el recambio nutritivo» (*Mondariz*, 1906 [reed. de 2006]: 36-52).⁷¹

Queremos destacar que nas medicións que fixo Carracido aparece certo nivel de radioactividade nas augas, logo de utilizar o Laboratorio de Radioactividade que tiña a Facultade de Ciencias da Universidade Central de Madrid para a súa análise. Este laboratorio dirixíao o catedrático de Mecánica química **José Muñoz del Castillo** (Granada, 1950-Madrid, 1926). A análise radioactiva das augas de Mondariz foi unha das primeiras experimentacións por encargo exterior que se realizaron no citado laboratorio, único na época, que se inaugurara en 1904, aproximadamente un ano antes da entrega do traballo de Carracido.⁷²

En 1917 fixéronse novas análises das augas, desta volta realizadas polo tamén catedrático galego **José Casares Gil** (Santiago, 1866-1961), con destino na cátedra de Análise química e Técnica física da Facultade de Farmacia da Universidade Central de Madrid, e fillo do primeiro analista das augas de Mondariz Antonio Casares.⁷³ Neste apartado, non podemos esquecer o labor do director médico do Balneario, o doutor Pondal Abente, encargado desde 1877 de facer as minuciosas e rigorosas memorias anuais da instalación hidrolóxica de Mondariz, nas que plasmaba o carácter científico e non especulativo da súa metodoloxía, moi ben

⁷⁰ Tamén se lles entregaron exemplares aos principios xornais portugueses desde Lisboa ata Valença do Miño. Recolleron o obsequio con varios artigos laudatorios da publicación os seguintes: *O'Mundo*, *O'Século*, *O'Día e A'Época*, todos de Lisboa, e *O'Comercio do Minho* de Braga, entre outros.

⁷¹ Estes traballos de Carracido e Pi i Sunyer logo serían reproducidos en diferentes números da revista *Mondariz*, seriados en artigos, desde 1915.

⁷² O feito de que os dous traballos citados se fixeran só da Fonte de Gándara, induce a pensar que se realizaron antes de gañar o preito sobre a propiedade da Fonte de Troncoso, que recaeu da parte dos Peinador en 1905.

⁷³ Del Castillo (1993: 229) cita unha tese de 1931 sobre a determinación do pH das augas das dúas fontes de Mondariz, realizada polo doutor Juan Bosch Marín. Hai outra tese con moitas referencias ás augas de Mondariz: *Tratamiento de la diabetes sacarina por las aguas alcalinas* (García de Vinuesa, Madrid, 1928).

1) Hidrología médica de la provincia de Pontevedra

Si la riqueza y variedad ^I orográficas de la región galaica suspenden y extañan al viajero que con propósito artístico contempla los innumerables paisajes à que dan origen, también confunden y desalientan al observador ligero que con una ojeada pretende coordinar y reducir à sistema la intricable red en que se cruzan y entrelazan las ramificaciones de sus montañas: pero ni à esta rápida observación suceden minuciosos escudriñamientos desvanecese el desorden y la regularidad del conjunto sustituye à la caprichosa agrupación primeramente imaginada - El investigador que después de recorrer el dedalo de los pormenores articula sus estudios fragmentarios para trazar un esquema ~~del conjunto~~ ^{sistemático} no puede menos de representar la orografía gallega como termina-

2) En patria impulsados por la vanidad de llenarse la boca con nombres difícilmente pronunciables, rechazan con ánimo suicida valiosísimos oprecimientos de la Naturaleza al acervo del tesoro nacional, pero también los que estando obligados no ponen todo su empeño en que las riquezas propias sean conocidas y solicitadas en presencia à las extrañas, son cómplices del derojo de aquellas y del abatimiento que pesa sobre nuestros intereses mas positivos -

Desechando la habitual pesera y las inveteradas preocupaciones entremos en la realidad de la vida con todas sus actuales exigencias, inventariando lo que tenemos en casa y lo que su cultivo puede producir; y seguramente entre las partidas registradas se colocará en las del haber en puesto muy honroso para Galicia y para España la riqueza hidrologico-medicinal de la provincia de Pontevedra; y de la exactitud de este aserto es garantía el creciente éxito de Mondariz obtenido por el interés con que la explotación se fomenta - Pero también es justo advertir ~~que~~ ^{San M. Carracido}

Anotaciones manuscritas de Rodríguez Carracido para o traballo «Hidrología médica de la provincia de Pontevedra» (publicado en La Temporada, ano VIII, n.º 3 do 28 de xuño de 1896)

AGUAS MINERO-MEDICINALES BICARBONATADO-SÓDICAS

MONDARIZ

FUENTES de GÁNDARA y de TRONCOSO
(MONDARIZ DISTA DE VIGO 36 KILÓMETROS)

El gran Hotel del Balneario está abierto desde 1º de Mayo á 31 de Octubre

PIDANSE DETALLES
A LA ADMINISTRACION
DEL ESTABLECIMIENTO
MONDARIZ

HIJOS DE PEINADOR

MONDARIZ

SEÑORES HIJOS DE PEINADOR

GÁNDARA

El balneario de Mondariz, propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Anuncio sobre azulexos (ca. 1918)



Modelo de embotellado con tapón de chapa (ca. 1929)

considerada polos expertos da época e posta en valor polos estudosos actuais. Era novidade naquela altura, cunha notable escaseza de medios, a inclusión de análises biolóxicas das augas.

Significamos que en 1909, ao centro balneoterápico de Mondariz se lle chamaba Centro Hidrolóxico, tal como se apunta na primeira cita introdutoria deste capítulo.⁷⁴

O citado **Sanatorio/Instituto de Hidroterapia** inconcluso, deseñado por Palacios, estaba previsto que funcionase coa mellor das tecnoloxías médicas. Á parte de residencia hospitalaria de confort, o proxecto incluía salas de rehabilitación, modernos aparellos de uso hidroterápico e mecanoterápico, piscinas termais —mornas e quentes, mais baños salinizados— e ximnasio, amais de aparellos para aplicar terapias especiais con ondas de luz, electricidade e radioactividade. Tiña o obxecto de centrarse na cura ou o alivio de enfermidades artríticas. Pretendíase darlle uso como escola sanitaria e tamén albergaba varias salas de reunión para congresos, espazos específicos para laboratorios e un museo que, pretendidamente, estaba destinado a ser o Museo de Historia Natural de Galicia (Del Castillo, 1998: 132). O obituario de EPV que abre este capítulo, escrito polo doutor Rodríguez Sobrino, describía así o centro, non sen certo ton de proxecto non culminado:

El hidrólogo y el clínico, iban a mostrarse reunidos, en el nuevo Sanatorio, que hoy ofrece sus gigantescas paredes; las necesidades científicas de una medicina complementaria iban a ser una realidad; las últimas conquistas de la fisioterapia tenían preparado su arsenal; y en los amplios salones del edificio no tardaría en flotar la sabiduría del que trazó el proyecto y acometió la caudalosa empresa.

O edificio quedou a medio rematar cando morreu EPV, no momento en que xa estaba en construción a terceira planta. Non dubidamos que a situación bélica prolongada do momento tamén foi un factor decisivo na súa paralización, como apuntaba Alfredo Vicenti nun artigo, a maiores da consecvente crise económica e o descenso da clientela termal.⁷⁵

Mais para a súa posta en marcha, o vello Peinador xa pensara na persoa máis cualificada do momento para dirixir o centro, o doutor Decref, a quen coñecera ocasionalmente nunha cea en Madrid, no Teatro Real, na homenaxe a un presidente da Arxentina. O mesmo Decref, bastantes anos despois, recibiu unha carta de EPV con este contido, segundo relata o receptor: «Pasaron años, y durante el

⁷⁴ Na Memoria do Balneario de Mondariz que fixera o doutor Camilo Pintos Reino en 1923, ao centro termal chamáballo «Establecimiento Creno-climático».

⁷⁵ «El Mondariz futuro» (*La Temporada*, n.º 1 de 6/VI/1915).

invierno de 1915 a 1916 recibí una carta en la que aquel simpático señor me rogaba visitara su establecimiento, pues quería consultarme sobre un asunto de gran interés». ⁷⁶ **Joaquín Decref y Ruiz** (La Habana, Cuba, 1864-Madrid, 1939), médico e un dos primeiros profesores de Educación Física en España (1887), dedicouse á mecanoterapia aplicada á cirurxía. Promotor da quinesiterapia en España, fundou o Instituto de Ortopedia e Física terapéutica en Madrid (1889) e logo o de Electroterapia dependente do Hospital Clínico de San Carlos; introduciu a disciplina da Técnica física como diagnose e terapéutica. Este innovador e pioneiro da rehabilitación fora o elixido para dirixir o centro modelo creado en Mondariz. No artigo memorialista citado de Decref, continuaba describindo o seu encontro: «Contesté en el acto diciéndole que si me era posible lo haría con mucho gusto. Llegó el verano, y cumpliendo mi palabra fuí a Mondariz. Excuso decir una cosa que todo el mundo sabe, y sobre todo los médicos; me trató con un cariño y una esplendidez que dejaron en mi grato recuerdo». Así describía Decref o relato da proposición que lle facía EPV:

Amigo Decref: yo le conozco de antiguo, sé que es usted un hombre emprendedor, que supo gastar una fortuna en la consecución de una idea, conozco su gran labor y su inteligencia y sobre todo su pericia en los asuntos á que se dedica. Sabe usted que estoy construyendo ese pabellón del que he de hacer un sanatorio para artríticos. Yo soy hombre progresivo y comprendo que es necesario modernizar estas instalaciones, quiero montar con esplendidez todo lo referente a Terapéutica física y quiero que sea usted quien lo dirija; además, quiero que dé usted en los primeros años conferencias, aquí, durante los veranos, a médicos que yo invitaré y que me eduque usted los auxiliares que crea necesarios para desempeñar bien lo que usted ordene; respecto a condiciones, ya las fijaremos; por de pronto, veamos las obras; después, este invierno y de acuerdo con su amigo Palacios, mi arquitecto, estudie local, instalaciones y presupuestos; esta es mi idea.

Ao xeito da metodoloxía que empregaba Giner de los Ríos, EPV puxo os cimentos dunha grande obra, promoveu o debate sobre a conveniencia de facela e deu a coñecer publicamente a súa pretensión; finalmente, optou pola persoa mellor formada para dirixilo, que, pola súa vez, o puxo en contacto co arquitecto construtor, Antonio Palacios, para abordar e discutir de xeito interdisciplinar os problemas que puidesen xurdir canto ao destino e as características dos espazos específicos para a actividade que se ía desenvolver. Magoa a conclusión coa que rematou o proxecto; non obstante, Decref xa lle contestara premonitoriamente: «Mala época es, amigo Peinador, pues con esta dichosa guerra es difícil

⁷⁶ En «In memoriam» asinado polo Dr. Decref, *Mondariz*, n.º 29 de 20/1/1920, páxs. 595 e 596.



EPL con Cabanillas e Palacios, entre outros notables (1920)



O profesor García-Blanco, xenro de EPL, facendo probas a un usuario (ca. 1929)

hacer todo eso; pero sin embargo, cuente usted conmigo y con toda mi voluntad, para secundar su buena obra».

En 1929, a familia Peinador fixo unha cesión pública do edificio ao Estado. Nese mesmo ano, segundo a escritura pública notarial, estipulábase que o destino sería establecer un centro de investigacións de hidroterapia e terapéutica física e un colexio maior para residencia de verán de alumnos da Universidade de Santiago e médicos e alumnos de países hispanoamericanos (Del Castillo, 1993: 128 e 129). Co paso do tempo, ao non facer uso del, a propiedade retornou aos propietarios.⁷⁷ Nun principio, tal e como apuntaba Otero Pedrayo na súa *Guía de Galicia*: «Se encuentra en construcción un gran edificio destinado a centro científico de investigaciones de Hidrología médica».

Entre os seus proxectos, os Peinador tiñan pensado, estudado e planeado construír unha chamada Casa de América en Mondariz que servise de «centro a la comunicación constante entre los habitantes de la región pontevedresa y los millares de deudos, amigos y consocios que viven en la Argentina, en Méjico, en Chile, en el Uruguay, en los Estados Unidos del Norte y en la isla de Cuba», segundo tamén apuntaba Vicenti no artigo citado.

Tamén houbo un chamado Instituto de Nutrición, desde a metade da terceira década do século XX, situado no edificio da Baranda. Nos gabinetes había raios X, laboratorios de análises e consultorios. Estaba dirixido polos xenros de EPL. José García-Blanco Oyarzábal, catedrático de Fisioloxía da Facultade de Medicina de Santiago e nutricionista prestixiado, e por Isidro Parga Pondal, profesor auxiliar da Facultade de Ciencias da mesma institución e recoñecido químico analista e neto do que fora director médico do Balneario durante máis de corenta anos, Isidro Pondal Abente. Nos anuncios que se inserían deste departamento na revista *La Temporada*, indicaban: «Análisis microquímicos de sangre y orina. Análisis de jugos gástrico y duodenal. Metabolismo fundamental. Pruebas funcionales». Todo un luxo ofrecido aos clientes.

García Blanco e Parga Pondal casaran coas fillas de EPL, **Georgina** (Andújar, 1903-Valencia, 1974), e **Avelina Peinador Porrúa** (A Coruña, 1904-1976) en 1928 e 1925, respectivamente (Gurriarán, 2014: 60-63 e 69).⁷⁸ Dada a separación prematu-

⁷⁷ A reversión do edificio chamado O Sanatorio fíxose polo decreto 1240/1965, do 6 de maio (BOE, n.º 118 do 18 de maio de 1965).

⁷⁸ A estas vodas acudiron como testemuñas oficiais o máis representativo da Universidade de Santiago: o reitor Blanco Rivero e o que logo foi reitor tamén, Rodríguez Cadarso, e o patólogo Nóvoa Santos; da Universidade Central de Madrid o doutor Simonena, catedrático de Patoloxía médica. Da nobreza, o marqués de Riestra e o de Cavalcanti. Entre outros coñecidos íntimos amigos da familia, o poeta Ramón Cabanillas. Á parte do primoxénito, tamén Enrique, e as citadas Avelina e Georgina, o matrimonio, tamén tivo outra filla, a máis pequena, chamada Natalia como a súa avoa materna



Tres xeracións xuntas: EPL coa súa nai, a súa filla Avelina, esposa de Parga Pondal, e os netos deste matrimonio (ca. 1928)



Sinatura do casamento de Parga Pondal con Avelina Peinador (1925)

ra dos seus pais, criáronse coa súa avoa paterna Avelina Lines en Madrid, cando eran nenas.⁷⁹ Na súa adolescencia educáronse en colexios de elite en Gales (Gran Bretaña), como correspondía ao espírito moderno e internacional do pai, e mais por mor da prematura separación dos proxenitores.⁸⁰

Como fixera seu sogro un tempo atrás, Isidro Parga Pondal tamén realizou escavacións arqueolóxicas na contorna do Balneario, coa inestimable axuda do arqueólogo catalán Luís Pericot, que impartía docencia na Facultade de Historia da Universidade de Santiago. Naquela altura do primeiro cuarto do pasado século, Pericot era habitual colaborador do SEG (Gurriarán, 2014: 62, 63 e 69), e logo coa súa sección de Prehistoria dirixida por López Cuevillas.⁸¹ Os seus traballos foron publicados en *La Temporada* (ver números 2, 3, 8 e 9, de 1928, asinados por Parga e Pericot sobre as escavacións e os achados; do papel de mecenas, colaboración nos labores de campo e interese por estas tarefas, mais as doazóns que fixera EPL).

Enrique comezara este labor descubriendo conxuntos de gravados rupestres no lugar do Eido da Burra na primeira década do século XX. Naquel tempo, como xa dixemos, Manuel Murguía escribía artigos en *La Temporada*, referentes ás antigüidades da contorna de Mondariz e o descubrimento de novos restos arqueolóxicos de relevancia; referíndose a EPL e á súa descuberta, escribía:

La roca con inscripción hemisférica se halla en el lugar de *Chan da Gándara*, a unos 450 metros del Balneario de Mondariz. De su importancia queda dicho lo suficiente; ahora sólo resta asegurar que tan pronto sea conocida del mundo sabio, alcanzará igual renombre que los salutíferos manantiales de aquel Balneario. Fácilmente se la encuentra. Saliendo del establecimiento, por la carretera de Arcade a Puenteareas, en dirección a la Plaza de Mondariz, se halla la piedra en cuestión, al pie de un *pardíneiro*, en donde puede contemplarla el curioso, y donde la descubrió y comprendió su importancia un querido e inteligente amigo, hijo y sobrino de amigos con quienes me une una amistad de más de cuarenta años –itoda una vida!– amistad que extendiendo a todos los suyos y en especial al estimadísimo Enrique, cuyo nombre

⁷⁹ **Avelina Lines López** (1852-1947), filla de madrileños, casou con EPV en 1875. Tiña catro irmáns, dous na emigración americana, mais un que era crego en Soutomaioir e outro veciño de Poio.

⁸⁰ Isidro Parga Pondal e Avelina Peinador Porrúa inauguraron o libro de casamentos do Rexistro Civil do Xulgado do novo Concello de Mondariz-Balneario en 1925 (Guisado, 2007: 78).

⁸¹ Luís Pericot García (Xirona, 1899-Barcelona, 1978) viña da escola de Bosch Gimpera na Universidade de Barcelona. Logo entrou en contacto co Centro de Estudos Históricos en Madrid, durante o seu doutoramento. Estivo en Santiago entre 1925 e 1927, ano en que efectuou un traslado a Valencia, desde onde seguiu facendo labores de campo en Galicia, con Cuevillas. Son coñecidas as súas publicacións conxuntas, onde dan conta dos traballos realizados en Troña (Mondariz): memoria e inventario.

irá unido al notable descubrimento que le debe la ciencia de las antigüedades, a la que rinde tan ferviente culto.⁸²

Este achado de EPL e a súa valoración por Murguía, mais o traslado, púxose en valor recentemente nun traballo de Alberte Reboreda, que inclúe un pormenorizado estudo histórico da catalogación, situación e evolución do monumento.⁸³ O papel de Enrique Peinador Lines como descubridor deste gravado rupestre, o seu traslado para ser conservado e visitado, e a súa declaración posterior como Monumento Histórico-Artístico e *BIC*, merecen a consideración do labor deste afeccionado á arqueoloxía e ao estudo do patrimonio cultural de Galicia. Neste terreo, Enrique Peinador Lines, máis adiante, convidaba expertos para estudar os monumentos da contorna comarcal de Mondariz, como foi o caso do historiador e arqueólogo coruñés Ángel del Castillo, en 1915, que daquela presidía a Universidade Popular da Coruña.⁸⁴ Este intelectual tamén fixo escavacións castrexas e catalogación de pezas pertencentes ao Museo de Pías. En todos os seus estudos de campo foi acompañado por EPL.

Máis adiante, tamén Florentino López Cuevillas fixo escavacións arqueolóxicas en Troña, durante varios veráns. Na preparación dunha das últimas xeirás do galeguista ourensán en Mondariz, escribía previamente a Enrique para ter todo arranxado nos seguintes termos:

Querido Enrique: o domingo día 14, se Dios quere, sairei no tren correo pra facer a campaña de Troña e pra abusar unha vez mais da tua xenerosa hospitalidade.

Se non te causa trastorno estimaríache que me mandaras o coche a estacion pois levo reconstruídos os cacharros que trouxemos o ano pasado e son como ti podes supor cousa fraxil e que compre manexar con tino.

E agora outros encarguíños e perdoa. O Sr. Presa que faga o favor de avisar a xente no mesmo numero que o ano pasado e que mire se hai xeito de alugar ou emprestados dous ou tres carriños de man que nos compren moito [...] O Sr. Sampetro que

⁸² Peñasco con insculturas existente en el lugar de Chan da Gándara» (*La Temporada*, de 16/VIII/1908; como algúns outros artigos de Murguía, este traballo foi logo reproducido na mesma revista do 1/VII/1915). É curiosa unha nota da redacción a un artigo de Murguía (*La Temporada*, 9/IX/1906: «Museo Regional de Mondariz»), referíndose a unha peza que se comprara para o citado Museo de Pías, que era unha hasta de boi para conter pólvora con usos cinexéticos: «El mismo día en que recibimos este artículo fue destruído tan curioso objeto, en el incendio de la casa número 9 de la Calle Real de la Coruña, donde vivía la persona que lo había adquirido para el Museo Regional de Mondariz». O autor da nota, ao noso entender, non era outro que o propietario e veciño da citada casa incendiada: Enrique Peinador Lines, domicilio do que xa deramos conta anteriormente.

⁸³ Reboreda, Alberte (2015): «O petróglifo da chan da Gándara. Memoria dun gravado rupestre indultado», *Pontevedra Revista de Estudos*, n.º 24, páxs. 247-260.

⁸⁴ Ángel del Castillo tamén impartiu conferencias durante as celebracións festivas multidisciplinares que se organizaban en Mondariz na última semana de agosto nas que, máis alá dos folións, tamén se espallaba cultura letrada —«Santo Grial do Cebreiro» e «Riqueza monumental e artística de Galicia»— (*A Nosa Terra*, n.º 192 de 12/IX/1923).

faga o obsequio de decir en Pías que vai ir un mozo a estudar a vivenda rural, con propósitos centíficos e non fiscaes, para que a xente non se escame de vez que lle andan mirando as casas e medíndollas e para que lle faciliten o acceso os interiores. Isto pode ser importante pois pode haber algun moblaxe de intrés etnográfico i-é ben escualo todo.

O Sr. Pardeiriña que teña a amabilidade de decir no H. Roma, que coído é propiedade de un irman seu que reserven pro día 14 unha habitación, se as hai de varios precios que sexa modesta, pra un rapaz que vai facer o estudo da casa na parroquia de Pías comisionado pol-o S. de E. Galegos [Seminario de Estudos Galegos]. Iste rapaz é o que estivo o ano pasado vendo o Hotel conosco i-é tamen o que reconstruiu os cacharros.

E coído que abonda de latas. Deica o domingo, se Dios quere, un abrazo a Parga e outro pra ti do teu amigo e parente.

Florentino (en carta de Florentino López Cuevillas a EPL, desde Ourense datada o «7 da Virxe 1932»; fondo Ramón Torres; mantemos a versión orixinal, con grallas e sen tiles).



Flo7

Vista de una calle principal en Sabón



607

Debuxos de Florentino Cuevillas

Ourense. 24.

Meu querido amigo e parente: non
me esquecerei da teu encarga e
falarei co arquieiro do concello
e amén con Candida Cid, home
moi entoidado da historia da
cibdade e peritísimo en li-
naxes galegas.

Do que vaia saindo xa te
terei o corrente.

Unha aperta e saudos ga-
rimosos do teu amigo e paren-
te

F. Cuevillas

Carta de Florentino Cuevillas a EPL.

Ten importancia o feito de que Cuevillas lle dera un rango institucional ás escavacións e ao estudo etnográfico da área de Mondariz ao levar bolsellos do Seminario de Estudos Galegos, en colaboración con Enrique Peinador, como mecenas destas actividades científicas. Logo desta estancia, Cuevillas volve a escribirlle a EPL dando conta de parte do traballo realizado e para consultar algunhas dúbidas sobre o territorio, dando por suposto a auctoritas de Enrique na materia de bo coñecedor da comarca mondaricense:

Querido Enrique: teño entre mans o traballo encol da casa en Pias e convíriame saber o máis esactamente posíble a que terra chaman por ahí a montaña.

Pareceme que te ouvin a ti que na montaña as casas eran xa doutro xeito que no val meio do Tea, e supoño que por alí non haberá viña e haberá en troques mais gado, mais centeo e mais carballos e castiñeiros.

Ora, onde é que comeza isa rexión montanosa. Coido que Mazaira, Barcia de Mera e aínda Cobela que visitei contigo pertencen a ela, mais desexaría que me informase unha persoa coma ti boa coñecedora do país e ademais con ollos que sepan mirar.

Agardando pol-as tuas notizas pra porme ô labor mandate un grande abrazo teu amigo e parente que te lembra sempre con agarimo (carta de Cuevillas desde Ourense con logotipo de «El Club»; 13 - outono 1932; Fondo Ramón Torres).

Noutra orde de cousas, diremos que na disciplina exclusiva do termalismo e as augas, a revista *La Temporada* tivo durante tres anos un suplemento específico sobre hidroxía, *La Hoja Hidrológica* (1920/1922), dirixido por quen foi o primeiro catedrático de Hidroxía médica en España (1913), o mencionado Hipólito Rodríguez Pinilla, que tiña o seu destino docente na Universidade Central de Madrid.

No ámbito das plantas de envasado, o coidado proceso de embotellado, a limpeza das botellas e o mantemento das propiedades das augas unha vez envasadas foi levado cun especial coidado, supervisado por especialistas e coa garantía dos procedementos hixiénicos que se estaban a aplicar nos mellores establecementos europeos exportadores de auga, que foran visitados polo novo xestor Enrique júnior. Na altura de 1916, tiñan depósitos de almacenaxe de botellas de auga para a súa distribución en Vigo, Porto (Portugal), Manaos (Brasil), La Habana, Pontevedra e Madrid. Un ano máis tarde constituíron unha sociedade comanditaria para a venda de augas: Peinador y Cía.

A preocupación pola economía e o desenvolvemento económico do país fixo que EPL dera importantes pasos neste terreo, con propostas interesantes. Desde a



Botella de Agua de Mondariz (ca. 1910)

revista *Mondariz* levouse a cabo un labor de creación sociocultural coa convocatoria de concursos relacionados co desenvolvemento económico e artístico de Galicia —descentralización política e económica, arquitectura popular e música—, en 1921, co fin de chegar a expertos que fixesen reflexións e ensaios de certo interese nas temáticas referidas.

Facía política encuberta EPL, ou buscaba a intervención do tecido social de elite, dada a ausencia de proposicións neses ámbitos para Galicia, máis alá do marco teórico que construían desde as Irmandades da Fala? Ou EPL entendía que debía ser unha práctica de todo galego comprometido coa realidade máis próxima? Entendemos que aqueles que se achegaron a institucións asociativas na defensa da identidade e a prol do progreso, e que non tiveron escenarios políticos onde materializar propostas e ideas, os que tiñan capacidade propia

de facelo, sendo abastados e con proxección, como era o caso de EPL, tomaron iniciativas individuais sen apoio social pero si intelectual, e así foi o resultado.

Certamente, temos que referir que a iniciativa se lle ocorrera ao seu pai, pouco antes de morrer, como testemuña unha nota de redacción inserida nun artigo memorialístico dedicado a EPV, con motivo da súa morte, da autoría de Villar Grangel, no que trasladaba á escrita unha conversa que tivera co vello Peinador:⁸⁵

No hace mucho que, en gratas conversaciones, nos exponía su proyecto de conmemorar la inauguración del ferrocarril, con un gran certamen científico, al que concurriesen todos los gallegos ilustres, y en el que se planteasen los problemas de interés vital para la región; y era de ver como este hombre, que no hablaba en público, ni escribía para la letra impresa, tenía para los temas más varios —arte, ciencia, agricultura, minas, comunicaciones, turismo— conceptos elevados y siempre alguna idea nueva. La palabra, correcta y precisa, sufría los apremios del pensamiento, que con mayor celeridad quería expresar sus ideas, y si posible fuera, convertirlas cuanto antes en actos; y en todas sus manifestaciones, palpitaba un amor inmenso, nutrido de realidades, a la gran tierra gallega (I).

[...] Brañas, fué la palabra, el economista verbo; Díaz de Rábago, el escritor, el economista-estilo; Peinador, la obra, el economista-acción...

⁸⁵ «Peinador y Galicia», Domingo Villar Grangel, (*Mondariz*, n.º 28 do 15 de decembro e 1917, páxs. 581-584).

(I) Entre los papeles particulares del inolvidable fundador de esta revista, se ha encontrado, escrito de su puño y letra, el bosquejo de carta, no terminada, que reproducimos como postrer y fehaciente testimonio de su acendrado amor a Galicia. Pensaba dirigir una carta a las más prestigiosas personalidades gallegas solicitando su cooperación en el Concurso a que se refiere en su admirable artículo, pleno de emoción y de sinceridad, nuestro buen amigo el distinguido literato señor Villar Grangel.

El Concurso, inspirado en los altos y patrióticos fines de procurar un total resurgimiento de su amada Galicia, comprendía los temas y estudios de cuanto significase para la región el mejoramiento y progreso en el orden político administrativo, en el económico financiero, en el urbano, moral, industrial, artístico y educativo.- *Nota de la Redacción*

A nota da redacción atribuímoslla a Enrique Peinador Lines. E así, deseguida, fixo realidade a idea de seu pai. A dotación do premio deste concurso convocado por iniciativa de EPL era de 1000 pesetas, cantidade importante para a época. Tamén se premiaba coa publicación de douscentos exemplares das obras gañadoras en cada temática.

As temáticas deste concurso dividíronse en tres partes ou apartados. As primeiras liñas do tema primeiro titulaban: «Medios para que las provincias gallegas esta-



Camioneta de repartición de augas (1910)

bleciesen la mancomunidad en el orden económico, recabando del Poder central ciertas reformas tributarias, con el fin de que tenga eficacia positiva». As do segundo: «Procedimiento más adecuado para indagar, recoger, conservar y difundir la música genuinamente gallega»; non temos constancia de que se presentasen traballos neste apartado, cuxo premio quedou deserto. E o terceiro levaba por título: «Concurso de la Antigua Casa Gallega». Neste último, pretendíase poñer en valor a arquitectura civil galega e o seu estudo, ao que seguiría unha magna exposición, en principio.

Desgraciadamente, estes premios non tiveron continuidade alén dese ano de 1921, cando a situación económica da empresa familiar comezaba a acumular perdas. Significamos os primeiros traballos premiados: o do concelleiro que utilizou o galego por vez primeira como lingua vehicular no Concello da Coruña e que fixo ondear a bandeira galega o Día de Galicia de 1921, grazas a unha moción, o avogado Lois Peña Novo (Beramendi, 2007: 735), que presentou o ensaio *Medios para crear la Mancomunidad económica de las provincias gallegas*, baixo o lema: «A nosa terra debe ser nosa» —antecedente claro dos traballos preautonómicos de Alexandre Bóveda—, que foi publicado nese mesmo ano na imprenta do Balneario;⁸⁶ e o que presentara o artista pontevedrés Carlos Sobrino Buhigas na temática «La arquitectura civil gallega» co traballo «A Casa da Galiza».⁸⁷ Grazas ao citado fondo de Ramón Torres, tan importante en contido particular de EPL, accedemos ao traballo orixinal que presentara Sobrino, como addenda a doce debuxos en tinta e acuarelas de casas galegas de varios lugares, nomeadamente costeiros. Na súa introdución apuntaba:

Tuve siempre una gran afición a las cosas de arquitectura antigua civil y religiosa de Galicia y debido a esto he llegado a reunir un gran número de dibujos y acuarelas en los cuales aparece algún detalle referente a esta materia; y al ver el anuncio de “Mondariz”, de un concurso sobre “la antigua casa gallega”, aun cuando esta clase de trabajos más bien parece que debiera ser cosa de nuestros arquitectos yo no he dejado de acudir a él, ofreciendo algunos de mis pobres trabajos, por si de algo pudieran servir, como aporte de datos, para que la simpática labor de los Sres. de Peinador pueda llegar a ser pronto una realidad y se cumpla el deseo que tenemos de ver nuestra incomparable campiña adornada de construcciones de carácter puramente gallego.

[Asdo. en] Vigo Julio 1921. LEMA: MIÑA CASIÑA MEU LAR⁸⁸

⁸⁶ Este traballo reeditouse en 2005, con prólogo do profesor Beramendi (*La comunidad gallega*, Ed. Biblos, colección Mandaio, Cesuras, A Coruña).

⁸⁷ O pintor pontevedrés Carlos Sobrino fixo varios debuxos para as portadas da revista Mondariz. Tamén se mostraron reproducidos varios cadros del nesta publicación.

⁸⁸ O contido das cinco páxinas de que consta este traballo irá como apéndice desta publicación, pola importancia que poida ter e porque descoñecemos a súa edición impresa, se é que a houbo.

Non hai que esquecer que Lois Peña Novo, entre outros significados galeguistas e amigos de Enrique Peinador, foi un dos artífices daquelas declaracións referentes a diversas cuestións nos aspectos xurídico, económico, artístico..., para o mellor desenvolvemento do país, desde a primeira asemblea das Irmandades que tivera lugar en Lugo, en 1918; alí, entre outras cousas, proclamouse a soberanía estética da «Nazón Galega», e sinalizáronse os puntos para exercer tal proposta. Logo, as principais resolucións serían ratificadas na II Asemblea celebrada en Santiago ao ano seguinte, na que se inclúe un apartado sobre o turismo e unha «profesión de fe»: «Os nazionalistas, agora como decote, coidan que o problema galego é un problema de personalidade, de liberdade e de dinidade». Nesta proclama tamén demandaban unha descentralización, ao tempo de apuntar que a resolución dos problemas viría «cando sexamos donos d'unha personalidade propia basada no trunfo d'unha propia cultura, que nos independice das culturas alleas, xa que contamos c'unha tradición, c'unha raza e c'unha terra de características especiaes, diferenciada das máis do-mundo na que a língoa é o froito natural por excelenza» (VV. AA., 1985: 67 e 73). Ao noso entender, estes manifestos foron unha das referencias que moveron a Enrique a promover a convocatoria do citado concurso, cun carácter pragmático. EPL participara na III Asemblea Nacionalista Galega, celebrada en Vigo en abril dese ano de 1921.

Os premios daquel concurso entregáronse cun fasto que durou dous días e concluíu no solpor, con festa galega e folión na finca de Pías, un domingo da última semana de agosto do mesmo 1921, baixo a solemne epígrafe que logo tamén reflectiría a revista *Mondariz*:⁸⁹ «Nuestro primer concurso sobre temas interesantes para Galicia». A publicación balnearia recollía así o sentimento de exaltación na crónica deste acto galeguista: «[...] se manifestó de modo elocuente el fervor galleguista que inflama los espíritus de los buenos hijos de Breogán». Sobre os actos, o artigo continuaba con parte dalgunha das intervencións dos mantedores do acto: «Cultura gallega es la significación concreta del concurso organizado por la revista MONDARIZ. El enunciado de los temas así lo proclama claramente. Y cultura gallega, y con ella patria gallega, se hace en este torneo que inicia una serie de pugilatos donde los hombres de ciencias, de letras y de artes han de pugnar en noble lid para elevar al nivel altísimo que le corresponde la faceta cultural de esta nuestra tierra querida». Eran as palabras de José Rodríguez de Vicente; non en van, presidía a Irmandade da Fala de Baiona e á hora de entregar os premios presentou como gañador do tema primeiro a Peña Novo deste xeito, sen recatarse nas exaltacións galeguistas e as reivindicacións propias da época:

⁸⁹ *Mondariz*, n.º 44 do 20/X/1921, páxs. 848-852.



Banda do Balneario, tamén chamada de Peinador (ca. 1915)

[Lois Peña Novo] Jurisperito coruñés de justa y merecidísima fama, escritor de nervio y de fibra recia, pensador de altos vuelos y de amplísimas concepciones, propagandista infatigable del ideario santo que exalta la personalidad de Galicia y que reclama para nuestra tierra todos los derechos de los países que son naciones definidas, espíritu ardiendo continuamente en la hoguera de las ansias redencionistas, alma en inquietud perenne por la afirmación de la supremacía de la raza y de la tierra.

Este hombre, este mozo de porvenir glorioso, hizo acerca del tema enunciado una obra colosal. De la obra mejor que mis palabras y que mis juicios habla la obra misma, que es completa, que sintetiza maravillosamente el arduo problema que en el tema se abarca, que es diagnóstico de los males que el centralismo causa a la vieja Suevia en el orden económico, y que es, a la vez, eficaz panacea para la curación de esa dolencia perniciosa y agotadora (*Mondariz*, n.º 44 do 20/X/1921, páx. 850).

Viñera amenizar o acto o coro Cántigas da Terra (A Coruña, 1916) co seu presidente á cabeza, **Joaquín Martín Martínez** (A Coruña, 1878-1936), que era funcionario do Concello da Coruña.⁹⁰ Logo falou en nome do Concello herculino e fixo unha ofrenda floral no monumento ao vello Peinador, con flores apañadas nos terrados que circundaban as efixies de Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal, erixidas nos Xardíns de Méndez Núñez da Coruña (Parque dos Cantóns). A homenaxe rematou coas notas do Himno Galego interpretado pola Banda do Balneario e as voces do coro coruñés citado, acompañado da coral mondaricense Agarimos da Terra. Esta actuación conxunta repetírona dúas veces máis ao día seguinte, unha nun festival no Salón Teatro do Gran Hotel e outra, para pechar o programa, no foliód vespertino, entre bruídos de ¡Viva Galicia! e ¡Terra a nosa!

Joaquín Martín presidía a mesa xunta o coñecido musicólogo **Perfecto Feijóo Poncet** (Pontevedra, 1858-1935) mais o citado José Rodríguez de Vicente.⁹¹ O acto de entrega rematou con lecturas solidarias de rexionalistas cataláns e valencianos, telegramas da RAG e intervencións de Cabanillas, Vicente Risco, Eladio de Lema,

⁹⁰ Joaquín Martín Martínez, tras o golpe de Estado, foi detido por rebelión militar e condenado á pena de morte; fusilárono en agosto de 1936. Fora un dos creadores da Universidade Popular da Coruña. Docente, publicista e político de ideoloxía republicana, entrou como concelleiro na Coruña nas eleccións municipais de 1909, onde chegou a ser secretario do Concello. Era de Solidaridad Gallega e da Liga Gallega, foi secretario da I Asemblea Agraria mais presidía a Xuventude Republicana da Coruña en 1911. Logo militou no Partido Reformista de Melquiades Álvarez e estivo no cárcere nos sucesos de 1917. Durante a República foi destacado dirixente de Unión Republicana. Seguidor de Giner de los Ríos, Joaquín Martín foi propietario do Colexio Integral e, logo, do chamado Grupo Escolar, ambos de inspiración institucionista. Foi moi coñecido no ámbito deportivo seu fillo «**Chéché**» **Martín Rodríguez** (A Coruña, 1924-2006), futbolista e logo adestrador do Deportivo da Coruña, que se iniciara nesta práctica no exilio na Arxentina, onde marchara tras o fusilamento de seu pai. Despois, ademais, xogou no Barcelona, Atlético de Madrid e Valencia. Tamén foi un recoñecido debuxante e pintor.

Avelino Rodríguez Elías, Xavier Prado, Eladio Rodríguez González e do poeta portugués Teixeira de Pascoaes, mais do presidente da Audiencia de Pontevedra, Gonzalo Pintos.

Ao acto acudiron notables intelectuais, artistas e políticos como Basilio Álvarez, o tamén crego Cesáreo García Álvarez, Roberto Blanco Torres, Manuel Lustres Rivas, o premiado Lois Peña Novo, o pintor Carlos Sobrino, tamén premiado, Gumerindo Parada Justel, médico ourensán e irmán do pintor, Wenceslao Fernández Flórez e Manoel Antonio, todos eles convidados por EPL, tal como reza a carta convite que lle enviara ao poeta Manuel Antonio (Pérez Sánchez, Manoel Antonio 1979: 124):

Hijos de Peinador. Balneario de Mondariz. Mondariz 22 de Agosto de 1921.

Sr. D. Manuel Antonio. Vigo.

Mi querido amigo: Los días 27 y 28 del corriente celebraremos aquí una fiesta gallega con motivo del Concurso sobre temas interesantes de Galicia. Mucho le agradeceremos nos honre con su asistencia para lo cual tenemos el gusto de invitarle.

De Vd. Affmo. Amigo e irmán

E. Peinador

Ou a contestación ao convite que escribiu Wenceslao Fernández Flórez para acudir ao festival de entrega dos premios, desde A Toxa, no 21 de agosto de 1921:⁹²

⁹¹ Por gardar relación coa revista *Mondariz* ao se publicar nela un artigo do citado Feijóo sobre unha canción atribuída a Rosalía de Castro, e a discusión que orixinou co tamén musicólogo, folclorista e arqueólogo, o avogado pontevedrés **Casto Sampedro Folgar** (Redondela, 1848-Pontevedra, 1937), citamos o traballo compilador de vinte artigos con ocasión dunhas xornadas monográficas sobre **Víctor Said Armesto** (Pontevedra, 1871-Madrid, 1914) que editaron Villanueva, Beramendi, García e Santos (2010: 282-288). Aí veñen explicados todos os pasos do conflito e as consecuencias en que se verá involucrado EPL, como responsable da revista. Perfecto Feijóo era farmacéutico en Pontevedra, con parladoiro de sona onde creou o primeiro coro galego, Aires da Terra (1883), do que foi director e gaiteiro; nesta agrupación coral cantaron logo Said Armesto e Castelao.

⁹² Carta procedente do fondo particular de Ramón Torres, de Caldas de Reis, a quen agradecemos a súa xenerosidade, de novo. Este arquivo contén outra carta de Ramón Villar Ponte, onde agradece o convite que lle transmitira seu irmán Antón para asistir ao citado acto (do 1 de setembro de 1921). E ofrécese a EPL desde o novo cargo que tiña como director do xornal **El Correo Gallego** de Ferrol, amosando gratitude e incondicional amizade. Tamén Antón se desculpa por carta por non ir «por ocupacións patrióticas» a Mondariz, «Balneario abenzoado por tódolos “bos e xenerosos” [...] Recuncho europeizado», ao tempo de agradecer o convite e indicar que fixo pequenos artigos e crónicas do acto para a prensa da emigración e *A Nosa Terra* (carta desde Viveiro de 20 de setembro de 1921).

Sr. Don Enrique Peinador

Mi querido amigo: Me entero del festival que van Vdes. á celebrar el 27. Tenía pensado ir a pasar unos días á Mondariz, y eso me parece la mejor ocasión. ¿Podré ir el 26? ¿Hay alguna habitación libre en el Hotel para esa fecha? Me alegraría de que así fuese.

¿Quiere V. mandar que me escriban una línea diciéndome si la hay?

Le saluda muy afectuosamente

W. Fernandez Flórez

(Enrique Peinador Lines contesta cortesmente dous días máis tarde: «En esta casa siempre hay habitación para usted y con mucho gusto lo esperamos»).

Nun estoupido coral musical con sinais inequívocos de identidade, entre danzas e alalás, cultura e gozo foron da man naquel evento interdisciplinar caracterizado pola mestura de escenarios e clientelas, intelectuais e populares, cun protagonista de mecenas e coordinador: Enrique Peinador Lines, coa misión de facer un servizo máis ao país, sen esquecer a memoria do seu proxenitor. A crónica de *Mondariz* remataba cuns apuntamentos das citadas manifestacións festivo-musicais que acompañaron os actos da entrega de premios deste concurso:

Fiesta gallega

El domingo por la tarde se llenó totalmente el teatro del establecimiento, para escuchar aires gallegos interpretados por los coros **Cántigas y Agarimos**. Ambos ejecutaron, maravillosamente, cantos celtas de todas las comarcas del país.

Un foli3n

En el parque, profusamente iluminado a la veneciana, se celebró, desde las diez de la noche hasta la una de la madrugada, un foli3n. La banda del balneario y gaitas ejecutaron bailables, que las parejas rimaban sin descanso.

En la terraza, primero, y en el kiosko, después, el coro *Cántigas* cantó numerosos aires, cosechando aplausos sin tasa (*Mondariz*, n.º 44 de 20/X/1921, páx. 852).

No ámbito científico-experimental, Enrique tamén fixera unha importante contribución convocando outro premio naquela altura de 1921. Neste caso foi o Premio Peinador, dotado con 1200 pesetas, para aqueles estudantes da Facultade de Medicina de Madrid que presentasen teses de doutoramento sobre hidroloxía

médica. Por qué na Facultade de Madrid e non na de Santiago, onde había «especialistas notables» en termalismo e hidroxía que visitaban asiduamente o Balneario de Mondariz? Probablemente os profesores composteláns non merecían a consideración do director, entre os que había varios funcionarios médicos de baños. O que si é certo é que os universitarios santiagueses fixeron reiteradas visitas ao Balneario de Mondariz. As máis soadas foron a de 1913, cando estiveron tres días de visita no establecemento, e a de 1920, amplamente recollida na revista *Mondariz*, cando escoitaron conferencias científicas trinta mozos recentemente licenciados. Á cabeza ían o doutor Novo Campelo, que tamén era médico de baños, e o decano da Facultade de Dereito e galeguista, Salvador Cabeza de León, en compañía doutros catedráticos entre os que estaba Rodríguez Cadarso, quen logo pronunciou unha conferencia. Foron agasallados cun banquete e cunha sesión de teatro a cargo do grupo Sociedad Artística del Tea.⁹³ En 1912 visitaran Mondariz un grupo de profesores e estudantes de terceiro curso de Medicina da Universidade de Coimbra, que foran recibidos polo catedrático Casimiro Torre, segundo se observa nunha foto publicada no n.º 28 da revista *Mondariz* (15/XII/1917, páx. 579).

Non podemos pasar por alto a presenza dos Peinador, e por extensión do Balneario de Mondariz, en Congresos de Hidroxía e Termalismo onde recibiron moitas distincións. Precisamente, no XV Congreso Internacional de Medicina, xa citado, que se celebrou en Lisboa (1906), os Peinador convocaron un importante concurso de memorias relativas ao uso fisiolóxico e terapéutico das Aguas de Mondariz, coa motivación de repartir 6000 francos en premios.

Temos que dicir que a clase médica tivo o seu espazo de opinión na revista *Mondariz*. En curtos artigos de ton divulgativo e publicitario, os máis afamados especialistas de toda índole galena plasmaron as súas impresións sobre o influxo das augas na terapéutica; e os seareiros do termalismo social e os amigos, probablemente convidados a unha ampla estancia cos gastos pagos, tamén se estendían cantando e gabando as grandezas do complexo de Mondariz: desde o médico rural ata o catedrático de universidade e desde o médico APD de Mora de Rubielos a un internista da Habana ou un otorrinolaringólogo de Bos Aires; nestas colaboracións «americanas» tivo moito que ver EPL coas súas viaxes a ultramar para exportar as augas e difundir o seu uso entre os médicos, que así coñecían de primeira man as súas virtudes curativas e preventivas.

Entre os notables que escribiron na sección «Biografías y opiniones médicas» estaban os coñecidos Florestán Aguilar (catedrático de Odontoloxía, Madrid), Santiago

⁹³ *Mondariz*, n.º 40 de 20/X/ 1920, con foto de grupo na anteportada e EPL no centro. A portada deste número ten unha especial relevancia, pois foi deseñada por Castelaio.

Carro (internista galego en Madrid), Leonardo de la Peña (catedrático de Uroloxía, Madrid), Amalio Gimeno (catedrático de Patoloxía Médica, Madrid), Gómez Ocaña (catedrático de Fisioloxía, Madrid), Goyanes Capdevila (de Monforte de Lemos,

Aguas minero-medicinales, bicarbonatado-sódicas

FUENTES: GÁNDARA
Y TRONCOSO

DE
MONDARIZ

LAS MÁS ALCALINAS
DE ESPAÑA

PROPIEDAD DE LOS SEÑORES HIJOS DE PEINADOR

MADRID

PONTEVEDRA

MONDARIZ

Paseo del Gral. Martínez Campos, 20.

Calle de la Peregrina, núm. 9.

Administración del Establecimiento.

ADMINISTRACION

Horas de servicio para el público

SECRETARÍA.....	Mañana: de diez a doce. Tarde: de cuatro a seis.
BOTELLAS.....	Mañana: de diez a doce. Tarde: de cuatro a seis.
INTERVENCIÓN.	De diez a doce de la mañana.
	Pago de giros..... Mañana: de diez a doce. Tarde: de cinco a seis.
CAJA.....	Pago de vales..... Mañana: de nueve a doce. Tarde: de cuatro a ocho.
	Vales para botellas. Mañana: de nueve a doce. Tarde: de cuatro a ocho.

Los días festivos de diez a doce de la mañana.

DIRECCION MEDICA

HORAS DE BEBER EL AGUA

MAÑANA: de siete a una.

TARDE: De las cinco a las ocho.

HORAS DE CONSULTA

MAÑANA: De nueve a doce.

TARDE: De cuatro a seis.

Anuncio dos servizos do Balneario (ca. 1910)

director do Instituto Nacional do Cancro, Madrid), Enrique Hervada (tisiólogo da Coruña), Gregorio Marañón (endocrinólogo, Madrid), Rafael Mollá (catedrático de Anatomía topográfica, Madrid), Gustavo Pittaluga (de orixe italiana, catedrático de Parasitoloxía e Enfermidades tropicais, Madrid), Ángel Pulido (toxicólogo, político e xestor sanitario), Carlos María Cortezo (xestor sanitario e político, Madrid), Sebastián Recaséns (catedrático de Obstetricia, Madrid), Nicolas R. Abaytúa (gastroenterólogo e hidrólogo, Madrid), Sal Lence (oftalmólogo da Coruña), Luis Guedea (catedrático de Patoloxía e Clínica cirúrxica, Madrid), Rodríguez Pinilla (catedrático de Hidroloxía), José Rodríguez Sobrino (médico titular de Mondariz), Fernando Rodríguez-Fornos (catedrático de Patoloxía médica, Valencia)...⁹⁴ Algúns destes facultativos tamén escribiron artigos específicos para outras publicacións do Balneario. Con frecuencia aparecían médicos de ultramar, nomeadamente os que tiñan algún tipo de relación con Galicia. Tamén queremos poñer en valor a

presenza feminina nas colaboracións naquela sección, como o caso de **Concepción Aleixandre Ballester** (Valencia, 1862-1952).⁹⁵

As reflexións médicas editadas na revista *Mondariz* e que tamén recollían aspectos biográficos do autor, con fotografía incorporada, foron compiladas nun *Álbum de Eminencias Médicas Hispano-Latinas* en 1917, que abranguía os artigos publicados nos dous primeiros anos da revista e nalgúns anteriores recollidos en *La Temporada*. Os Peinador regalaron esta publicación a facultades de medicina de toda España e dalgunhas universidades europeas e americanas, mais a academias e colexios e outras corporacións médicas. Outros non citados, como os doutores **Alejandro San Martín y Satrústegui** (San Martín de Larraínzar, Navarra, 1847-Madrid, 1908), catedrático de Patoloxía cirúrxica na Universidade Central e político liberal que fora ministro de Instrución Pública; o destacado cirurxián militar comostelán **Mariano Gómez Ulla** (Santiago, 1877-Madrid, 1945); o afamado fisiólogo e académico **José Codina e Castellví** (Reus, 1867-1934), o pioneiro da Radioloxía **Juan Espina e Capó** (Ocaña, Toledo, 1850-Madrid, 1930)... foran clientes de vello do balneario, xunta os seus familiares.

No terreo da divulgación termal e os seus efectos, salientamos os artigos científicos do director médico do Balneario, o doutor Pondal Abente: á parte das memorias anuais que confeccionaba, publicaba traballos de hidroxía e crenoterapia nas revistas médicas das correspondentes sociedades especializadas. Sen dúbida foi un reclamo máis para os bañistas, ou para que os médicos recomendasen a inxestión e uso fisiolóxico e terapéutico destas augas, dadas as súas característi-

⁹⁴ Nacido **Fernando Rodríguez González** (Salamanca, 1883-Valencia, 1951), mudou o primeiro apelido xuntando os de seu pai en 1923; desde que obtivera a cátedra en Valencia en 1911, chegou a decano en 1930 e a reitor en 1934. Desposuído en 1936, logo da guerra civil recuperou a reitoría, que desempeñou ata a súa morte. Os Rodríguez Fornos naceran na parroquia de Lougares, eran fillos dun notario e xuíz municipal de Mondariz, Fernando Rodríguez González. Seu fillo Maximino Rodríguez Fornos, pai do citado José Rodríguez Sobrino, tamén fora médico titular de Mondariz e alcalde da vila.

⁹⁵ **Concepción Aleixandre** foi unha das primeiras licenciadas en Medicina de España, en 1889, de forma excepcional, xa que as universidades españolas non abrían oficialmente as súas portas ás mulleres ata 1910. Concepción levou a cabo un labor científico e divulgativo importante. Patentou algún instrumento de uso xinecolóxico e publicou traballos en revistas especializadas; tamén propagou a prevención da hixiene nas mulleres. Con gran preocupación social, a doutora Aleixandre militou no Comité de Hixiene Popular e participou na fundación de varias asociacións médicas de mulleres. Especializada en xinecoloxía, foi a primeira muller que entrou en sociedades científicas en España. Tamén cabe significar que os Peinador crearon unha sección chamada «Galería de Gallegas Célebres» na revista *Mondariz*. Algúns destes artigos estaban asinados cun «E» que, ao noso entender, correspondía a Enrique Peinador Lines. Concretamente, os de Inés de Castro (n.º 27 de 15/VIII/ 1917, páx. 139), María Pita e Inés de Ben (*Mondariz*, n.º 32 de 20/VII/1918, páx. 639) e os de Virginia Felicia Auber e a marquesa de Bóveda de Limia (n.º 41 de 29/I/1921); e de «Gallegas Ilustres», tamén con algunhas biografías asinadas co «E», como as de M.^a Teresa Caamaño de Lacy e a de Sor Melchora de la Purísima Concepción. Tamén había a correspondente «Galería de Gallegos Ilustres». E outra sección de «Efemérides Gallegas».

cas, independentemente da calidade contrastada e recoñecida deste eminente médico de augas.

Tamén queremos poñer en valor a presenza en Mondariz do foro médico máis importante celebrado en Galicia naquela altura: as Xornadas Médicas Galegas (A Coruña, 1929), que en 1931 celebraron a segunda edición en Vigo, cunha sesión en Mondariz con máis de trescentos asistentes. Na sesión interviñeron os coñecidos médicos galegos Goyanes Capdevila, Gómez Ulla, Regueiro López, Varela Gil, Ponte Castro, Troncoso, o xenro de EPL, García-Blanco, e a doutora Jimena Fernández de la Vega. Estes eventos impulsados polo reitor Cadarso converteríanse a partir de 1935 en Xornadas Galaico-Portuguesas. Unha importante crónica vén recollida en *La Temporada*, n.º 12 de 1931.

Nas publicacións do complexo termal tamén tiñan acollida os empresarios e financeiros galegos máis sobranceiros. Os García Barbón, marqués de Riestra, Sanjurjo Badía...⁹⁶ ocupaban pequenas biografías dentro da sección «Galería de Gallegos Ilustres». A revista *Mondariz* tamén anunciaba e daba noticia dos congresos médicos que se celebraban en Galicia.⁹⁷ Nalgúns artigos biográficos púñanse en valor os primeiros economistas do país, como Vicente Vázquez del Viso —«Un economista gallego desconocido», por Domingo Villar Grangel, *Mondariz*, n.º 46 de 20/IV/1922—. O autor situaba a Vázquez del Viso como un antecedente claro do *Informe sobre la ley agraria* de Jovellanos e reflexionaba sobre Galicia apuntando que: «la región más fértil del mundo, faltando comunicaciones, siempre será un cuerpo sin alma». Dentro da mesma sección, tamén apareceu o que fora alcalde de Vigo entre 1916 e 1918, **Fernando Conde Domínguez** (Vigo, 1858-1945), un dos grandes impulsores do porto franco e secretario da primeira Cámara de Comercio de Vigo.⁹⁸ E o empresario **Eudoro Pardo Labarta** (n. 1846, Vigo-?) que estudara economía e comercio no estranxeiro; logo foi axente dos Peinador para a venda de augas, pois tiña moi boas relacións con América, non en van era en Vigo vicecónsul honorario de México, país onde casara, como EPL.⁹⁹ Na maioría dos casos hai algún elemento de conexión para que a publicidade persoal se volva en posibles favores no ámbito comercial e de influencia dos Peinador, coa metodoloxía política propia da Restauración.

⁹⁶ Para a construción do Gran Hotel utilizouse o ferro fundido da Fábrica La Industriosa de Vigo, propiedade de **Antonio Sanjurjo Badía** (Sada, A Coruña, 1837-Vigo, 1922).

⁹⁷ Foi o caso, entre outros, dun evento de ámbito provincial que se celebraría en Vigo en 1920. No comité organizador estaban os coñecidos galenos Francisco García Feijóo e Enrique Marescot, pontevedreses, o tudense Darío Álvarez Limeses, Manuel Paz Varela de Mos, Manuel Millán de Vigo e Laureano Gómez Paratcha de Vilagarcía (*Mondariz*, n.º 35 de 20/III/1920).

⁹⁸ Proviña dunha familia de navieiros. Estudara comercio e economía no Reino Unido. Foi promotor das Colonias Escolares en Vigo e dun centro docente hispano-americano industrial na cidade olívica.

JORNADAS MÉDICAS GALLEGAS



Vigo. — Vista parcial

PROGRAMA

DE LA

SEGUNDA ASAMBLEA BIENAL

que se celebrará en Vigo los días 23 al 28 de agosto de 1931

Bajo el patronato del Excmo. Sr. Ministro de Instrucción

Pública, que presidirá la Sesión Inaugural

Folleto anunciador das Xornadas Médicas Galegas celebradas en Vigo (1931)

Martes 25

A LAS OCHO DE LA MAÑANA.—Salida para La TOJA. Sesión científica en el Balneario. Lectura de la Ponencia de los Dres. Sanromán y Novo Campelo, titulada «AGUAS MINERO-MEDICINALES DE GALICIA».

Almuerzo en el Gran Hotel de La Toja, ofrecido por la Empresa del Balneario.

A LAS CUATRO DE LA TARDE.—Salida de La Toja para Mondariz.

A LAS SIETE DE LA TARDE.—Sesión científica en Mondariz. Discusión de la Ponencia de los Dres. Sanromán y Novo Campelo

Conferencia del Delegado del Comité Central doctor Julián Regueiro López, titulada «COMPLICACIONES DE LA ÚLCERA GASTRO-DUOCENAL: PERFORACIÓN».

Banquete y verbena ofrecidos por la Empresa de este Balneario a los señores jornalistas.

Programa das Xornadas Médicas Galegas onde figuran os actos que se celebraron en Mondariz (1931)

Mais se a economía, os estudos económicos e os economistas foron motivo de preocupación e interese para Enrique Peinador Lines, tamén o marcou persoalmente o desasosiego producido pola marcha do seu negocio, como mostra algún parágrafo da carta que lle dirixía ao seu irmán Ramón falando da situación financeira da sociedade familiar na altura de 1921. Era un momento en que a recuperación posbélica esperada non chegaba, ao contrario, seguía á baixa. O endebedamento do negocio era preocupante ante a falta de liquidez e a cantidade de frontes que tiña abertas: tranvía, edificios sen rematar, diversificación da empresa familiar con xestión sen unificar, mecenados artísticos e culturais, beneficencia e clientela á baixa nun período convulso no político e económico. Así se lamentaba Enrique, ao tempo que trataba de consolar o seu irmán e darlle as claves da situación financeira real así como algúns consellos para realizar determinadas prácticas bancarias (mantemos a grafía do orixinal):

Este viaje y la apertura de la temporada no me deja tiempo para contestar varias de las cartas que tengo tuyas sin poder estudiar con la calma que requiere el reglamento del tranvía el que me mandas como los presupuestos a las Cortes con tal premura que necesitaría sesión permanente. Yo te enviare los de Vigo y Coruña pues algunas cosas son útiles y aprovechables.

Es preciso que tomes con paciencia los sinsabores que te ocasiona el tranvía. No hay empresa humana que no los lleve consigo y de ahí el mérito que alcanza a quienes persisten apesar de las dificultades que se encuentran para poner término a una obra.

De lo que me hablas en la tuya del 27 del pasado página 2 referente a un crédito al Tranvía en cualquier Banco de esa, es indispensable y urgente pues en esta situación no es posible continuar ni seguir con el Agua al cuello como hasta aquí.

Mondariz exige capital para poder trabajar nosotros precisamos conservar inmaculado el crédito del apellido cumpliendo nuestros compromisos y hace una temporada que estamos viviendo de una manera artificial lo cual tiene sus riesgos. Dos épocas del año son apuradas para esta casa central y son los tres primeros meses del año y los dos primeros de la temporada aquellos por la práctica de retirar los propietarios sus utilidades sin tener en cuenta los compromisos adquiridos y estos de precisión de colocación por los desembolsos precisos para preparar la campaña y no haber entradas por los conceptos de concurrencia.

Pasa de 150.000 las obligaciones de Mondariz en el momento sin más fuente de ingreso que Botellas y este mermado por la utilidad irrisoria. De esa utilidad tenemos

⁹⁹ Foi concelleiro do Concello de Vigo e militou politicamente nas filas conservadoras de Elduayen. Tamén foi concelleiro do Banco de España en Vigo.

que mendigar disponibilidades de Peinador y Ca por aparecer con saldo a su favor siendo en cambio de Pesetas 250.000 el de Viuda, aproximadamente, con el que no podemos contar.

De exportación vamos todo lo bien posible pues desde primero de Mayo llevamos servidas 144.222 botellas grandes y 5380 botellas pequeñas apesar de las dificultades de transporte pues no puede contarse mas que con los medios ordinarios de los carros. 1º por que carros de bueyes no hay y los que se encuentran exigen precios no aceptables pues con utilidad de que tenemos de 0,02 en botella a poco que mas estiremos resultamos con los pies en el aire. En la oficial de hoy te envio el resultado del estudio de aumento de precio el cual automaticamente y sin mas discusion es preciso empiece a regir en la fecha indicada pues de lo contrario no solo el Balance de fin de año seria aplastante sino que no podria vivir esta explotacion.

Cuenta conmigo para la Sociedad General de Ferrocarriles gallegos pero como la cosa no es apremiante aplaza cuanto signifique desembolso por lo menos hasta Setiembre ahora necesitamos el ultimo centimo para dar la batalla de verano.

Muniesa no creo que tuviera inconveniente en aplazar dos meses cobrando naturalmente intereses de demora.

No gires contra Enrique pues agrava la situacion con el Hispano al que es preciso tener quietado con movimiento en la cuenta (carta de Enrique desde Mondariz ao seu irmán Ramón, en Pontevedra, do 4 de xuño de 1921; Fondo Ramón Torres).

A situación económica era delicada e a dependencia bancaria unha realidade. Mais o emporio termal aguantou en solitario máis dunha década.



EPL, cuberto, ante as forzas vivas locais de Mondariz (ca. 1925)

Publicacións e cultura, compromiso galeguista e empresa con identidade galega: un trinomio transversal con bos resultados sociais



ENRIQUE PEINADOR...

Que fala galego porque... ¡pensa en galego!

(Caricatura original de Vídales Tomé).

Caricatura de EPL realizada por Vídales Tomé (1923)

Las publicaciones, que son el principal medio que los Peinador utilizan para expresar sus intenciones respecto a la configuración del balneario, revelan el modo en que el establecimiento desea ser visto. Estas se ocupan de comunicar «una idea de balneario» que consiste en un espacio marcadamente elitista, destinado a un consumidor urbano de clase media-alta, cuya principal razón de ser consiste en el cuidado de la salud a través de las aguas y el contacto con la naturaleza, siendo, al mismo tiempo, un lugar dotado de lo mejor que ha producido la civilización y el progreso. (Pérez, 2006: 280 e 281)

A conversión de Mondariz en espazo de cultura debeuse, en gran medida, ao xiro que lle imprimiu EPL ao negocio familiar desde a súa chegada á dirección da empresa en 1907. Non nos cabe dúbida de que, desde a entrada do século XX, algunha das ideas que se puxeron en marcha no Balneario de Mondariz saíron da súa cabeza, co consentimento paterno e a sensibilidade galeguizadora que seu pai viña amosando desde os primeiros tempos. EPL botou man do máis prezado dos creadores do galeguismo para colaborar na súa empresa cultural de dignificación e posta en valor de Galicia, como un elo máis do negocio, como xa vimos con Antonio Palacios.

Deste xeito, tamén contou con Ramón Cabanillas para coordinar e dirixir o labor editorial da nova publicación *Mondariz (suplemento a La Temporada)*, nacida o 1 de maio de 1915, que se editaba en Madrid en papel cuxé: santo e sinal da identidade do Balneario de Mondariz e do seu ideario.¹⁰⁰ Entre os propósitos editoriais do primeiro número incluían facer patria, fomentar e atraer o turismo a Galicia —«el turismo es un manantial inagotable de riquezas y bienandanzas para los países favorecidos por él»; *Mondariz*, n.º 1, do 1.º de maio de 1915, páx. 3— e valorizar os recursos propios para impulsar a riqueza do país. Querían situar, con tino, o Balneario de Mondariz como epicentro do turismo termal, e abofé que o conseguiron. A súa cabeceira levaba por subtítulo: *LENGUA GALLEGA. LA RAZA y sus CARACTERES. MÚSICA. USOS y COSTUMBRES. PAISAJE, CLIMA, TIPOS, TRADICIONES de la PROVINCIA de PONTEVEDRA*. Na evolución das súas portadas, exterior e interior, apréciase a aceptación da modernidade progresiva que vai dun historicismo clásico ata a chegada do *art déco* industrial, pasando por un figurativismo «rexional» mesturado de iconografía variada, onde as paisaxes fala-

¹⁰⁰ Esta publicación, seguindo a tradición editora e propagandista de seu pai, fora idea de EPL. Tivo un percorrido de só sete anos, ata 1922, tirando unha media de seis exemplares ao ano, mais con certa irregularidade, pero cun magnífico deseño, moi moderno, con contidos culturais das artes e as letras de Galicia. Sobre a dirección da revista, o historiador Xosé Ramón Barreiro menciona este cometido de Cabanillas no prólogo da publicación *Actos académicos en Mondariz* (Vales, 2006: 10). Entendemos que Cabanillas debeu relevar a Alfredo Vicenti neste labor de coordinación directivo, logo da súa morte en 1916, que case é coincidente coa chegada de Cabanillas a Mos.

ban. Dos debuxos de Sobrino, do famoso ilustrador Pedrero e do ferrolán Bello Piñeiro, e os cadros costumistas de Sotomayor e Vila Prades, ata os vangardistas simbólicos como Castelao, e as paisaxes de Cebreiro, outra volta Pedrero en clara evolución, e Marco.¹⁰¹ Todo iso combinado coa mestura de fotografía e debuxo ou pintura, nalgún caso con Mondariz e as súas augas de transfondo. Curiosa, ao tempo de ilustrativa dun debuxante novo, resulta a carta que Cebreiro envía a EPL dando conta da recepción dunha retribución por terlle feito algunha portada (en carta desde A Coruña, de abril de 1922; fondo Ramón Torres; respectamos o texto orixinal, sen acentuar):

Meu distinto Señor

[...] Fai ja días que recibin as 100 pesetas que V. tivo a gentileza de me enviar, para pagar umas sinxelas portadas feitas por min para a sua interesante revista [...] Non sei como lle agradecerei a sua bondade. Se ei de dicir verdade as portadas non valian o que eu cobre, pelo que teño que facerlle outra. Con os quartos estou a facer, para o junho, uma exposición en Ourense. Merquei marcos e vidros, e ja teño quasi todo arraxado. Falando de isto: presento a dita exposición as caricaturas de

¹⁰¹ **Álvaro Cebreiro Martínez** (A Coruña, 1903-1956) comezou estudando Comercio. En 1919 xa colaboraba con xornais e revistas da época facendo caricaturas, entre elas *A Nosa Terra*. A súa primeira exposición foi na sala das Irmandades da Fala en 1920. En 1922, xunto a Manoel-Antonio, asinou o manifesto vangardista de arte e literatura galega *Máis alá*. Colaborou con Cabanillas ilustrando publicacións e foi redactor artístico de moitas publicacións e editoriais galegas como *Céltiga*, *Alborada*, *Ronsel*, *Alfar...*; mesmo colaborou nos xornais *El Pueblo Gallego* e *El Sol*. Mantivo unha estreita relación con Bernardino Machado e Teixeira de Pascoaes, exiliados portugueses na Coruña. O ano 1928 botouno en París para ampliar estudos. Mantivo parladoiros con Seoane e Lugrís. Con este último, logo dunha longa paréntese na posguerra, fundou a revista *Atlántida* (1954), en colaboración con Mariano Tudela.

Mariano Pedrero López (Burgos, 1865-Madrid, 1927), ilustrador, cartelista e pintor, formouse artisticamente na Academia Provincial de Debuxo de Santander (Gutiérrez, 2006). Na faceta de debuxante especializouse en ilustrar novelas; viaxante por España e Europa, como pintor destacou como paisaxista á pluma e acuarela. Debuxou a portada da novela de Emilia Pardo-Bazán, *La dama rosa* (1914).

Fernando Marco (Valencia, 1885-1965), formado artisticamente na Escola de Belas Artes de San Carlos, comezou a colaborar en revistas como ilustrador e en contos infantís para Calleja. En 1913 foi reclamado por Gregorio Martínez Sierra para traballar como creador de portadas para a Editorial Renacimiento, para a que fixo centenas de portadas e milleiros de ilustracións. Foi famoso por ilustrar a primeira edición de *Platero y yo*; e por ser debuxante da primeira película española de animación en 1917 (Candel, 1993). Na súa última etapa colaborou en publicacións didácticas.

Julio Vila Prades (Valencia, 1873-Barcelona, 1930) formouse en Valencia e Madrid, onde asistiu ao taller de Sorolla. Pasou unha temporada na Arxentina, onde hai abondosa obra súa. Destacan, dentro do costumismo, as temáticas bélicas e as valencianas.

Felipe Bello Piñeiro (O Seixo, Mugarbos, 1886-1952), formado en Ferrol e Madrid, foi un home moi preocupado pola cultura, os círculos de pintores e os parladoiros. Deseguida contactou coas figuras da época: Castelao, Asorey, Corral, Sotomayor, Lloréns, Palacios e Solana. Participou na 1.ª Exposición rexional de pintura galega en Madrid (1912). Regresou a Galicia en 1917. De influxo impresionista, Bello Piñeiro é un paisaxista relevante, un deseñador/ilustrador gráfico de prestixio e un decorador mural de sona. Catalogou a obra de Sargadelos e fundou a Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega en 1927.

todos os nacionalistas, feitas ao mesmo tamaño, caricaturas que despois enviareillei, con una dedicatoria, ao glorioso poeta Teixeira de Pascoaes. Algun irmao que faltaba-me, envioume a fotografía para que por ela sacase a caricatura. Eu desexaría recibir un retrato seu, para pór tamen a sua. Ao mesmo tempo, pouco a pouco, vou tendo os retratos e mais os autografos de todol'os nosos. Eu agardo que o seu retrato e o seu autografo cheguen ajiña porque V. non pode faltar. Villar Ponte, Risco, Manoel-Antonio e outros daran conferencias.

Tamben estou a traballar para o libro "Luar" (?) de Cabanillas.¹⁰²

E por hoje nada mais. Repito o meu agradecemento e remato desexandolle saude e enviando-lle muitos e cordeais cumprimentos do irmao e devoto mt. (?) amigo

Alvaro Cebreiro

Dous anos despois, Cebreiro volve a poñerse en contacto epistolar con EPL, a quen solicita publicidade de Mondariz cando o debuxante foi nomeado director artístico da revista *Alfar* e colaborador de *Ronsel*: «Por este mesmo correo enviamos-lle un número da nova revista galega *Ronsel*, e lle pedimos pra dita revista un anuncio do seu afamado Balneario. A páxina que publicaba en *Nós*, agora que esta bela revista enxebre non se publica, agradeceriamos-lle nol-o desse pra *Ronsel* [...] Se quêr que eu lle faga un deseño respeito do anuncio pode dizermo, fareillo gostosísimo» (carta desde A Coruña, de maio de 1924; fondo Ramón Torres). Os artistas recorrían con frecuencia ao mecenaz para pedirlle cartos, publicidade ou bolsas para os amigos en situación difícil. Foi frecuente ver penduradas nas paredes de Mondariz exposicións de pintura ou de fotografía: a de Imeldo Corral en 1921, a de fotografías de Galicia de Ksado e a dos 50 debuxos de Castelao, ambas en 1924. Ou a do citado Vila Prades en 1930, tras pasar unha tempada no balneario e deixar obra na estación termal.

EPL tamén chamara o seu amigo Cabanillas para supervisar a publicación semanal que se viña editando desde 1889, *La Temporada en Mondariz*, de tiraxe semanal mentres estaba aberto o complexo, e para publicar moitos poemas nas revistas periódicas do balneario.¹⁰³ Semella que, mesmo, Ramón Cabanillas estivo logo en

¹⁰² Descoñecemos este título de Cabanillas, que probablemente foi mudado posteriormente.

¹⁰³ Algúns estudosos de Mondariz sitúan o comezo de *La Temporada* en 1879, dato que dá tamén a Biblioteca Nacional, sen que teña ningún exemplar da época citada. O primeiro número de que se ten constancia, segundo Franco e Ameneiro, é de xuño de 1888. Fixamos 1889, como fixeron outros autores, polos anos de edición que a publicación amosa na súa cabeceira. O historiador Xusto Beramendi, que caracteriza *La Temporada* como prensa afín do galeguismo primisecular, atribúelle «aumento da presenza galeguista» desde a fundación das Irmandades (1916). Este autor cifra en 5000 exemplares a tiraxe da publicación en 1927 (2007: 442). O poeta de Cambados tamén dirixiu *La Temporada*, desde 1922, nunha chamada segunda etapa da publicación (Pérez, 2005 e 2006: 110 e 280, respectivamente; noutros traballos de diferentes autores sobre o Balneario de Mondariz, tamén se cita esta data para o cometido de Cabanillas). Esta etapa coincide co rescate que fixera EPL do poeta en Madrid.



Romaría da Franqueira (Foto Pacheco, ca. 1918)



Procesión da Virxe da Franqueira (ca. 1918)



Traslado en carro da Virxe da Franqueira cara á procesión (Foto Pacheco, ca. 1918)

CANTO DO POR VIR

Xa frorecéu da Terra
o garimoso seo;
ceibe de mando alleo
está ergueita a Nación.

O aceiro das espadas,
novamente fraguado,
dará rexas de arado
e follas de legón.

¡Labradores da terra!
¡Mariñeiros do mar!
¡Cantade o trunfo da Libertade
que abréu, de brazo co-a Saudade,
as portas do céltigo fogar!

Cantemos altos feitos
dos bos e xenerosos,
os días lumiosos,
da raza de Breogán;
y-ó par os noves tempos
de Verdade e Xusticia,
doirados de ledicia
e fartura de pan.

¡Labradores da terra! (1)
Etc.

Da Paz e do Traballo
na xuntanza groriosa,
a doce Terra nosa
faremos resurdir.

Cantiga de alborada
seia a nosa cantiga
que con forteza diga
nosa fe no porvir.

¡Labradores da terra! (1)
Etc.

Poema mecanografado de Ramón Cabanillas (ca. 1922)

(1) Al publicarla se debe repetir integra esta estrofa

nómina no Balneario de Mondariz (Franco e Ameneiro, 2006: 28), é de supoñer que nunha segunda estada.¹⁰⁴ O poeta cambadés sacou do prelo do propio balneario varias publicacións súas; tamén foi un dos artífices da revitalización da romaría da Franqueira, que se celebraba preto do balneario, para a que escribiu un texto teatral en harmónicos versos que representaba unha farsa do mouro e o cristián.¹⁰⁵ Do poeta da raza, acabado de chegar de Cuba, é probable que EPL recibise a pegada reivindicativa da recuperación do «orgullo galego», en sintonía coas Irmandades da Fala. O cambadés viñera a Galicia a traballar como funcionario municipal en varios concellos, algún deles próximo a Mondariz, como Mos (1916). Neste tempo Cabanillas vivía no Porriño.

Tamén temos constancia de que Cabanillas malviviou un tempo en Madrid e tivo que ser «rescatado» por EPL, cara a finais de 1921 ou principios de 1922. Da súa estada daba conta Antonio Villar Ponte nunha carta dirixida a Enrique nunha nota final (P. S.) na que apuntaba as malas condicións do poeta na capital (carta desde Viveiro do 20 de setembro de 1921; fondo Ramón Torres):

P. S.

Tiven carta do probe Ramón Cabanillas. Boas danzas e contradanzas ll'obrigaron a beilar ós politiquiños galegos en Madrid... O caso Cabanillas é un caso que sangra. Qué tristeza a d'unha Terra que abandona ao seu poeta cume, ao seu vate representativo! De certo é unha (?) door.

Mais tamén atopamos outra carta denuncia da «situación madrileña» de Cabanillas, da mesma procedencia arquivística ca a anterior, neste caso de Vicente Risco a Enrique Peinador Lines (do 25 de outubro de 1921, desde Ourense; encabezada cun «Galiza Ceibe!»), onde o ourensán trata de espallar á elevación de extremo vergoñento o caso de Ramón Cabanillas, entre os amigos da causa. Dadas as condicións que apunta Risco, non nos estraña que Enrique tratase de solucionar este «desastre nacional» traendo de Madrid para o Balneario o poeta da raza (insistimos en manter a escrita orixinal da autoría):

¹⁰⁴ *Estoria de Benito San Amaro que foi chamado no mundo o cabaleiro de Arenti* (1925), *Na noite estrelecida* (1926), *A rosa de cen follas. Breviario dun amor* (1927); os dous últimos, de poemas, levaban o selo do SEG. E *Un somero recuerdo de la vida y obra de Eduardo Pondal* (1930). Tamén saíra da imprenta de Mondariz a peza teatral *A man da Santiña, farsada en dous actos* (1921), obra de Cabanillas de moito valor histórico para o teatro galego, estreada en 1919. E deixou unha novela que apareceu como folletín en *La Temporada* en 1924: *Pepe Castro* (Pérez, 2005: 210). As súas obras vendíanse na Librería de Evaristo Domínguez, que estaba no vestíbulo da Administración do Balneario.

¹⁰⁵ Logo foi publicada por Edicións Monterrey en 1974, na colección O Moucho, con prólogo de Filgueira Valverde: *Romaxes da Franqueira*.

Tocantes ô de Cabanillas, conforme con que o que se faga non parta solo dos nazionalistas senon de todol-os galegos pro, os galegos nada máis. A miña idea non é, nin moito menos que a consagración veña de fora, e moito menos de Madrid. O Ateneo de Madrid pra min non representa nin é nada. Se il quer faguer algo ali, sexa pola súa conta e risco, pro nós, calados. A cousa ha de ser feita polos galegos d'aquí e nada mais. Esta era a miña idea.

En todo caso, comigo, e cos que comigo pensan, non contedes endexamais, e d'unha vez pra sempre, pra nada que se faga en Madrid, que d'elí veña, ou que co aquilo se relacione.

Sería ademais un absurdo vergoñento que daría noxo, que quen lle chamou a Madrid “vila podre coveira da canalla”, e “esterqueira, goio de cobras e ñíal de sapos”, fora pedirlle logo a consagración ou que pra il se pedira d'aquelas xentes. Por Deus, non obrigar ô Ramón a unha claudicación tan terribel.

Terrible declaración de Risco contra a capital, as súas institucións e os madrileños. De certo que Enrique, logo de ler estes ácidos parágrafos, tomou a decisión de «evacuar» a Cabanillas, nunca mellor dito, para o Balneario, dándolle un cometido retribuído.

En 1929, Cabanillas tamén estivo de concelleiro no novo Concello de Mondariz-Balneario, aínda que por pouco tempo (acta da sesión do pleno extraordinario do 21 de outubro de 1929 do Concello de Mondariz-Balneario, baixo a presidencia do alcalde Antonio Almagro González, onde figura a toma de posesión do poeta cambadés como concelleiro interino, nomeado polo gobernador civil). No acto, logo de ser gabado polo alcalde, Cabanillas respondeu así, segundo recolle a acta citada: «Da las gracias por los conceptos vertidos por el Sr. Alcalde y promete ayudar con todas sus fuerzas en la labor que tan felizmente viene realizando este Ayuntamiento». O exercicio de Cabanillas como concelleiro estivo condicionado polo nomeamento de académico da Real Academia Española, finalizando novembro de 1929, como se recolle en acta: «[...] habiendo justificado su falta D. Ramón Cabanillas Enriquez, el que por razón del cargo de Académico de la Real Española, ha tenido que salir ayer para la Villa y Corte» (acta de 18 de novembro). O nomeamento de académico fora o 26 de maio dese mesmo ano, mais non sen problemas, pois algúns detractores de Cabanillas tentaron deshonralo con dixeime-díxomes e acusacións de ser tendente ao separatismo para colocar de académico algún outro postulado de «orde» e politicamente correcto. Enrique Peinador tivo que mediar para desfacer agravios e encargarse de encarrilar o nomeamento a un «fontaneiro, ou resolvedor, de luxo» como era o bispo de Madrid-Alcalá e académico —e nun tempo bispo de Tui—, o vigués Leopoldo Eijo Garay, como testemuñan as dúas cartas que o eclesiástico envía a EPL, ás que accedemos grazas ao fondo particular de Ramón Torres.

O bispo, unha vez informado por Peinador de que lle querían facer a cama a Cabanillas, e feitas algunhas xestións entre académicos, contesta: «Querido amigo: Como yo creía, no hay nada de lo que a V. le dijeron; ¿quién habrá tenido la mala voluntad de amargar los ánimos con tan molesta patraña? He conversado sobre el asunto con varios amigos académicos, principalmente con el Ms. de Figueroa, que con todo calor, más que nadie incluyéndome yo mismo, ha trabajado por nuestro Cabanillas» (carta sen datar). Unha vez nomeado académico, o poeta da raza trasladouse a Madrid onde (xa o apuntamos) viviu un tempo. Como fixera noutras ocasións, EPL editou un folleto co contido do discurso de entrada na RAE de Cabanillas mais o de recepción que lle fixera o marqués de Figueroa. Sustentamos este feito na petición dun exemplar polo diplomático coruñés Manuel Viturro: «Mi querido amigo: En Madrid se han agotado los folletos de los discursos de Cabanillas y del Marqués de Figueroa, que V., respondiendo a la tradición de esa casa y a su interés por nuestras letras y cosas, ha tenido el buen acierto de editar ahí, donde supongo le quedará alguno disponible, en cuyo caso le agradeceré que me lo envíe y al propio tiempo le ruego también ordene no dejen de mandarme “La Temporada”».¹⁰⁶

EPL tamén era amigo de Daniel R. Castelao. Os seus debuxos foron portada dalgunha das publicacións da entidade.¹⁰⁷ O artista rianxeiro deseñou ademais imaxes comerciais de anuncios e etiquetaxe. Os seus cadros adornaron así mesmo as paredes do balneario, por encargo de EPL; a obra de Castelao que había no Balneario de Mondariz logo foi vendida/depositada (?) á/na RAG, da que EPL era académico correspondente desde a súa constitución. Valentín Paz Andrade, amigo de Castelao e de Enrique, comentaba deste «artístico episodio»:¹⁰⁸

N-unha carta que temos de colacionar, Castelao anuncia a un amigo: «Estoy trabajando para Mondariz». E no mesmo parágrafo engadía: «y no pienso hacer mas que cosas de ciegos». O encargo fora feito pol-o xerente do Balneario, Enrique Peinador Lines, petrucio da galegitude. Foi a mais grande encomenda de cantas o noso artista executou, en pintura para ornamento de muros.

¹⁰⁶ Manuel Viturro Somoza (A Coruña, 1904-Madrid, 1977) era avogado, ingresou na carreira diplomática en 1928. Estivo destinado en países de América Central e do norte de África. Era debuxante afeccionado.

¹⁰⁷ Tamén Ovidio Murguía, fillo de Rosalía de Castro e de Manuel Murguía, fixo algunha portada dos álbum-guías que editaban os Peinador, concretamente o de 1899. E pintou algún cadro encargado por EPV, quen era mecenas deste mozo pintor.

¹⁰⁸ A carta citada era de Castelao a Antonio Rey Soto, no verán de 1914. O rianxeiro indicáballe a Soto que lle transmitise a EPL que non ía facer máis pinturas que de ciegos: «Puedes decírselo a Peinador» (Monteagudo, 2000: 47-49). Un ano antes, Castelao dera unha conferencia en Mondariz: «Algo acerca de la caricatura». Segundo autores, para a mudanza dos cadros, úsanse os dous termos: vendido e depositado.



NAS BODAS D' OURO

*Mondariz. Sanxúán. Na lumiosa
sereidade da tarde dorme o vento.*

*Na pontiña mais nova
d-un folloso ameneiro,
un pipín, que sonea
c-o biquiño entráberlo,
arrótase esponzando
o seu papo bermello.
Remezendo nos sulcos
das veigas de canteo,
a gargalladas, erguen as labrecas
seu cantar algareiro.*

*Dos verdecidos agrís
e dos matos espesos,
dós veirales do río remansado,
e do parque fruído, e dos erbeiros,
en invisíbles rachas velaíñas
ruben os arrecendos:
o lírico das rosas,
o bravo dos fentos,
o dos tozos ardente,
o dos pinos acedo,
o das acacias forte,
o das viñas aceso,
o dos fiunchos doce
como o bico d-un neno,
o místico e mimoso
dos tortos lavanzeiros
e, baixando do monte,
o do roméu e dos carrascos ledo,
acariñante, falador, ridente
como o do viño vello.*

*Cai a plan, viro, rozo, o sol da tarde.
Abaneadas de iñorado alento,
tremen as follas novas dos carballos
a pregar, no misterio,
Deléñse o corazón do mundo.
— — — — — ¡A Terra
está a falar c-o Ceo!*

••

*Como as ondas do mar lonxe das praias,
roan, a ir e vir, meus pensamentos,
n-esta hora tranquila
na que soño desperto,
e, sentíndo a ledicia
de ser nado galego,
diante d-este milagre
do ceo, a terra, o traballo e o zenio,
esta pregaría rube
do corazón ós beizos:*

*¡Bendíta scia a Terra onde Dios puzo
o seu divino sello,
dando ás agoas virtudes
de sagro encantamento!*

*¡Bendíta para sempre a miña Raza
que soupo dar, de zeito milagreiro,
á obra de El Señor, ó que Dios fízo,
devido complemento!*

*¡Benditos para sempre
os petrucios esgrevios
que como un canto à Terra,
c-un forte esforzo céltigo,
abriron estas fontes
e estes pazos ergueron
para darlle saúde ós corpos murchos
e ás almas paz, repouso, amor, silencio...!*

RAMÓN CABANILLAS

O día dazaseis de Sanxúán do 1923.

Poema conmemorativo de Cabanillas para celebrar as bodas de ouro do Balneario (1923)

O lote compoñíase de tres grandes lenzos. Teñen como elemento común a temática dos cegos, según de primeiras anunciara o autor. «Os meus compañeiros», como il gostaba de os chamar. Un cadro ten 4'6 metros ao ancho por 2'82 de outura. O outro 4'7 de ancho por 2'64 m. O mais pequeno ten 2'81 por 2'73.

Foran primeiramente pendurados no edificio de tendas titulado «A Baranda». Situado fronte por fronte ao Gran Hotel. Alí permaneceron mais de trinta anos, sendo ademirados por cantos moraban ou visitaban o que no seu tempo foi unha gran lareira cultural galega, que se acedía nos meses de cada vran.

Despois os tres macro-lenzos pasaron a outras mans, como o propio Balneario. Aqueles foron restaurados e ao fin ofrecidos a Real Academia Galega. Serían instalados no novo edificio da institución, na Coruña. (Paz, 1982: 115 e 116).

Entre 1920 e 1922, a revista *Nós* inseriu un debuxo de Castelao dun mono sentado no chan sostendo unha botella de Aguas de Mondariz por enriba da cabeza, como deseño comercial publicitario da marca Mondariz¹⁰⁹, nesta publicación galeguista, Enrique Peinador Lines anunciaba as augas e o Balneario de Mondariz en galego. O rianxeiro tamén ilustrou e fixo a portada dalgúns dos libros citados que Cabanillas publicou na imprenta de Mondariz.

Tamén a RAG saíu dos seus locais na Coruña para vir celebrar en Mondariz os actos de ingreso na institución de Ramón Cabanillas e de Rey Soto, na xeira en que tamén fora homenaxeado Manuel Murguía, no verán de 1920, cos Peinador de anfitrións e Enrique de coordinador do acto.¹¹⁰ O patriarca das letras, xa maior e achacoso, non estivo no acto, pero foi un dos máis activos colaboradores das publicacións de Mondariz, como xa apuntamos. Cabanillas pronunciou o seu discurso de entrada na RAG: *A saudade nos poetas galegos*. Sobre este particular hai cartas de Fermín Bouza Brey onde solici-



Anuncio publicitario das Aguas de Mondariz para a revista *Nós* deseñado por Castelao (ca. 1920)

¹⁰⁹ Esta imaxe publicitaria de Castelao foi substituída por unha estampa vangardista do coñecido artista galego Cándido Fernández Mazas.

¹¹⁰ Sobre esta actividade académica celebrada en Mondariz pode verse a publicación citada de Xaquín Vales, editada por Ir Indo en Vigo.



Os académicos da RAG en Mondariz, nun descanso das sesións de nomeamento de Cabanillas e Rey Soto. EPL, primeiro pola esquerda; Castelao, sentado no primeiro chanzo. (1920)

ta o envío deste discurso a EPL por indicación de Risco: «Desexando lêr por inteiro o discurso de ingreso na Academia do noso Cabanillas —anacos dil viñeran nos xornaes— acudo a vostede, por indicación do Risco e no seu nome, por si ten algún exemplar que non necesite, toda vez que xuzgo indispensable o coñecemento do devandito traballo pra faguer algúns estudos encol de Rosalía» (en carta de Fermín Bouza Brey a EPL, dende «Sant-Yago- 22 - do Entroido - 1923; -escolar de Direito-, Rua de S. Pedro 5»; Fondo de Ramón Torres).

A citada publicación fora preparada na imprenta do Balneario. Na contestación da recepción do exemplar, Bouza Brey gababa o patrocinador do acto, á vez que significaba a súa dilixencia en asuntos culturais:

Meu distinto señor e irmán

Fico grandemente gradecido pol-a súa xentileza de mandarme o libro que tanto arelaba coñecer por inteiro. A prontitude no envío confirma a fama de fidalguía espallada por todol-os que se dirixen a esa Casa. Eisí llo participarei ô Risco que tan bèn me encamiñou.

En tanto dispoña como obrigado amigo de este recoñecido irmán q.e.s.m.

Fermín Bouza Brey (en carta de 28 de febreiro de 1923, Fondo Ramón Torres).

EPL non tiña escrito cartas longas, máis alá dun tarxetón ou unha cuartilla redactada a modo telegráfico, como dan mostra as que atopamos nalgúns arquivos galegos

e nos poucos epistolarios publicados con algunha carta súa. No citado fondo de Ramón Torres temos a única carta mecanografada, dirixida ao seu irmán Ramón, que supera os dous folios. Dámoslle relevancia por esta razón cuantitativa e porque, dando continuidade á solicitude de Bouza Brey, nesta misiva Enrique «rende contas» ao seu irmán facendo unha pormenorizada descrición das voltas que deu para organizar o acto da Academia en Mondariz, onde Cabanillas lera o discurso que pretendía don Fermín (mantemos a ortografía e a estrutura orixinal):¹¹¹

Querido Ramón: Por la prensa regional te habras enterado del motivo de mi viaje a La Coruña sobre el cual no fuisteis los unicos en juzgarlo extraño pero que nada tuvo de particular.

Hace tiempo que acariciaba la idea de que se celebrase en Mondariz un acto Gallego que fuera solemne y de resonancias y ahora llego la ocasion.

Le expuse mi idea al Sr. Obispo de Tuy y le parecio buena, consulte con Cabanillas y tambien la aplaudió y ya con estas opiniones se hacia preciso tratar con la Academia y para ello fui a la Coruña pasando por Orense a ver a Rey Soto pero no tuve la suerte de encontrarle. En Coruña cayo bien la idea y a estas horas se habra reunido la corporacion para tomar el acuerdo y preparar la solemnidad que de conseguirse seria lo siguiente:

Celebrar en Mondariz el ingreso en la Academia Gallega de los dos poetas Rey Soto y Cabanillas a los cuales se pretenden contesten a sus discursos D. Marcelo Macias y el Sr. Obispo de Tuy. Nada cuatro ases.

Un homenaje a D. Manuel Murguia y una fiesta gallega enxebre con coros etc. Sino falla espero que ha de ser una solemnidad que ha de resonar en todas partes donde haya un gallego y ya sabes que nuestros paisanos estan por todo el mundo. La fecha seria en la segunda quincena de agosto y a poder ser en el aniversario del descubrimiento de la estatua de nuestro padre. No quise decirte nada interin no tuviera viabilidad la idea: Ya la tiene y ya lo dijo toda la prensa de la region y por eso es hoy cuando lo participo pues antes no conducia a nada (carta desde Mondariz a Pontevedra, datada en 4 de xuño de 1920).

EPL, á parte de ser mecenas da cultura galega e filántropo, foi socio protector do Seminario de Estudos Galegos e colaborador e promotor de cantas instancias con referencia de identidade e de país se poñían a andar. Estivo presente na homenaxe a Castelao en Pontevedra, en 1928, con motivo da edición do álbum *Nós*, pretexto para apoiar o rianxeiro en momentos difíciles de saúde e de moral. O acto consistira nunha cea no Hotel Madrid, onde acudira o máis soado das artes e das letras de Galicia. Naquela altura, Enrique estaba presente nas homenaxes

¹¹¹ Parte desta carta xa foi citada como colofón do capítulo anterior.

aos próceres do galeguismo, como fixera acudindo a Ourense para honrar a Otero Pedrayo nun xantar celebrado no Hotel Roma na primavera de 1930. Ese ano, o galeguismo retomaba as celebracións patrias —logo da carreira descendente que collera na ditadura de Primo de Rivera—, como foi o xantar da Barxa o Día da Patria Galega, en Vigo, con trescentos comensais, entre os que estaba EPL; un mes antes fundárase o Grupo Autonomista Galego, con Paz Andrade de presidente. Antes do xantar houbera un mitin a rebentar no Teatro García Barbón, con intervencións políticas de vellos amigos de Enrique: Otero Pedrayo, Castelao, Cabanillas e Paz Andrade (Carballa, 2012: 68).



Reunión do Seminario de Estudos Galegos. EPL, sentado en primeiro lugar pola dereita (ca. 1934)

Esta iniciativa foi o antecedente político inmediato da fundación do PG. Xa en 1931, repetiron o acto con gran concorrencia de vigueses. Ese ano, Enrique celebraba a elección de deputados galeguistas, como recolle a carta que lle dirixía a Otero Pedrayo, o 6 de San Xoán de 1931: «Meu querido amigo: Como pode vostede figurarse causoume unha verdadeira ledicia o seu grande e rotundo triunfo nas eleccións pra Diputados, aínda que, sabía moi ben que pol-os seus moitos merecimentos e por canto a vostede queren e consideran, era cousa xa vista non por iso deixou de emocionarme. Reciba os meus parabéns e unha forte aperta».¹¹²

Na orde da creación, Enrique Peinador Lines escribiu algúns artigos para a revista *Nós*, entre os que salientamos o «Vocabulario dos cesteiros de Mondariz», en varias entregas, en 1922. Os cesteiros constituíron un dos oficios máis importantes da comarca mondaricense, que, coma outros gremios, tiñan unha xerga específica; a súa fala ten un importante valor lingüístico.¹¹³ Tamén escribiu bastantes artigos nas revistas do balneario, moitos deles sen asinar, e outros coa sinatura E, case todos acerca de turismo, itinerarios ou historia.¹¹⁴ Coordinou e escribiu en boa parte a

¹¹² Carta depositada na Fundación Penzol, institución á que agradecemos a súa xentileza. Na mesma carta, á parte de lle presentar os seus respectos á dona de Otero, Enrique indica que mandara facer escudos de Galicia con motivo da celebración das festas da Virxe do Carme.

¹¹³ O citado traballo de EPL foi compilado e reeditado nunha pequena publicación en 2004, con motivo de ser nomeado fillo adoptivo do Concello de Mondariz, a instancia de varios persoeiros e das entidades máis representativas da cultura galega.


¹¹⁴ Ao noso entender, Enrique asina como «E» un dos poucos artigos escritos naquela altura sobre a historia industrial do país: «Reales Fábricas de Sargadelos» (*Mondariz*, n.º 42, 20/IV/1921); e unha memoria con destino a un evento comercial e industrial que se celebrou na Coruña en agosto de 1919: «La importancia de la industria hidrológica».



Enrique Peinador Lines, á dereita do personaxe de traxe branco, nun acto galeguista (ca. 1930)



Todo o galeguismo xunto (ca. 1935)



Portada d'A Nosa Terra (1928)

famosa *Guía Turística Mondariz-Vigo-Santiago* (1912), que logo foi traducida ao inglés. Ata entón, os libros de viaxes descritivas por Galicia correspondían mormente a autores estranxeiros. EPL é o primeiro galego que dá a coñecer as riquezas artísticas e históricas do país con ánimo de promover as visitas e o turismo en Galicia; céntrase na vertente atlántica, onde, consecuentemente, insire Mondariz e a hidroloxía como un punto máis da recreación atractiva, cultural e terapéutica: turismo termal-lecer-cultura.

Tamén foi artífice, entrados os anos vinte, de que Mondariz e as súas augas se incorporaran ao relato das guías de Galicia con ton literario, histórico, paisaxista e excursionista; así foi coas de Otero Pedrayo (1926) e Filgueira Valverde (1931), neste caso para a provincia de Pontevedra.¹¹⁵

Na altura dos actos da RAG en Mondariz (1920), o boletín *A Nosa Terra* comezaba a destacar o labor empresarial especial dos Peinador, que, «cheios de amor á Terra, fan por ela, sen cansanzo nen acougo o que non fixeron os políticos i-os ricos nados na Galiza» (n.º 128, 25 de setembro de 1920: «A Academia Galega e os nazionalistas en Mondariz»). O voceiro galeguista chegaba a considerar Mondariz como unha «honra da Galiza». Os actos académicos celebrados nos Salóns do Gran Hotel foran motivo de descrédito por algúns xornais e xornalistas que logo resultaron causa de desprezo e ataque por parte d'*A Nosa Terra*, que remataba unha crónica no citado número dicindo: «¡Houbera moitos com'os Peinador na Galiza!».


Os Peinador tamén coidaron as salas de lectura nas súas instalacións. A biblioteca do Gran Hotel albergaba cinco seccións: mística, instrución e utilidade, novela, teatro e poesía. Ademais, tiñan revistas ilustradas e xornais de cinco países: Portugal, España, Francia, Alemaña e Inglaterra. Tampouco esquecían as novidades editoriais en galego, de calquera temática, e os libros sobre Galicia. No establecemento balneario expendíanse libros galegos que eran comprados directamente aos seus autores, para logo ser revendidos sen beneficio aos clientes do complexo, segundo Rey Soto no seu discurso de investidura de académico (Vales, 2006: 39 e 40). Tamén lembraba que se pagaban todas as colaboracións nas publicacións dos Peinador.

¹¹⁵ Posteriormente, algún médico afeccionado a escribir sobre Galicia, como o caso de A. Rodríguez Rodríguez (*Fisonomía y alma de Galicia*), a modo de guía, introducía referencias do pasado de Mondariz, con certa nostalxia. E engadía: «Por mi parte, como internista y aún especialista de Nutrición y Endocrinología, considero pueden constituir —aparte de sus indicaciones en las enfermedades digestivas que cursan con hiperacidez— un excelente tratamiento complementario de la diabetes mellitus» (Rodríguez, 1955: 447 e 448).

Era Enrique quen se encargaba da xestión directa da merca dos libros de autores galegos, segundo se desprende da carta (facilitada pola Fundación Penzol) que lle dirixe a Ramón Villar Ponte, datada en 2 de febreiro de 1922, da que mantemos a grafía orixinal, como fixemos noutras anteriores, mesmo con faltas ortográficas:

Meu distinto amigo e irmán: Estou a ler con toda ledicia a súa obra Doctrina Nazonalista que tan gentilmente m'adidou.

Eiqui hay alguns amigos que desexan ler o seu libro e como eu penso c'os libros dos amigos non se deben d'emprestar rogolle me mande cinco exemplares e me diga o precio deles pra estes amigos que desean mercalos. Seu de cote bo amigo.



Lembranza da morte de Antón Villar Ponte (1936)

Alén de todo isto, e dunha actitude de «rescate culturalista» nas súas actividades empresariais, cunha boa dose de didactismo, EPL tamén se implicou tempo despois na defensa dos intereses nacionais galegos coa súa militancia política no Partido Galeguista, inserido na dinámica republicana. Mais non ía ser un militante máis: EPL acadou postos de responsabilidade e participou en decisivas reunións e debates de fondo calado para o devir da organización política de Galicia.

Enrique, na nosa percepción, xamais perdera a compostura política en escenarios adversos, ao contrario, sempre «bandeou» moi ben, como fixera un tempo atrás ao se enfrontar a retos difíciles, como recibir o ditador Primo de Rivera nos veráns de 1928 e 1929 no establecemento crenoterápico de Mondariz, en estancias quincenais na primeira metade de agosto; alí celebráronse dous consellos de mi-



Carné do Partido galeguista de EPL (1931)



Miguel Primo de Rivera na buvette da Fonte de Gándara (1929)

nistros, case chegando a Segunda República.¹¹⁶ Tamén foi ocasión para que a filla do segundo marqués de Estella, Carmen Primo de Rivera, coqueteara co visitante ilustre Rockefeller III, multimillonario e rei dos negocios nos EUA na altura. Mais a cuestión non pasou de flirteo.

Na segunda estadia estival do ditador Primo de Rivera, tivo como hóspede de honra o xeneral portugués Artur Ivéns Ferraz (Lisboa, 1870-1933) quen, naquel momento —agosto de 1929—, era primeiro ministro de Portugal. Ao xantar honorífico que o Concello de Vigo lle organizou no Gran Hotel de Mondariz, asistiron máis de dúas mil persoas, moitas delas celebridades da política e da docencia universitaria. Entre as declaracións que fixo o Marqués de Estella, M.^a Jesús del Castillo cita unhas que recollera o coñecido xornalista Luis Galinsoga, quen publicaba no ABC que o ditador tiña ultimada a chamada **Constitución de Mondariz**, as leis que a desenvolvían, e que, logo de ser discutidas na Asemblea Nacional, serían sometidas a referendo plebiscitario (Del Castillo, 1998: 108). Nun clima de escenario complicado, estas estadias foron case coincidentes con demandas salariais dos traballadores e traballadoras do complexo balneario, materializadas en denuncias nos chamados «tribunais industriais», con defensa por parte do avogado Gracia Castillo (*El Eco Patronal* n.º 174 de 1/XI/1929, e o n.º 174 de 15/XI/1929).¹¹⁷

Polo seu labor a prol da cultura, Enrique Peinador Lines recibiu a Cruz de Isabel a Católica en 1921. Sempre atraera, recibira e acubillara en Mondariz o máis selecto da cultura galega de varios ámbitos; moitas veces, exercendo a promoción e o mecenado, labor que herdara de seu pai.

No terreo pedagóxico, tratando de seguir a efémera iniciativa que puxera en marcha Ramón Cabanillas na publicación de *As Roladas: folla dos rapaciños galegos*, EPL impulsou a creación dun grupo infantil irmandado que seguise as pautas que marcaba a proposta inicial de «amor á terra», segundo a editorial da revista, cheo de «saudosismo». Ao parecer, a parroquia de San Cibrán de Mouriscados, en Mondariz, en 1922, foi a única agrupación de rapaces constituída (Rei, 2009: 251).

¹¹⁶ Pouco despois da morte do ditador, estando aloxados no Gran Hotel dous dos ministros que formaran parte do seu goberno, a principios de setembro de 1930, acompañados de seu fillo José Antonio Primo de Rivera, celebrouse unha misa pola alma de seu pai na Capela do Carme do establecemento. Que farían en Mondariz José Calvo Sotelo, antigo ministro de Facenda, e o que fora ministro de Fomento Rafael Benjumea y Burín, conde de Guadalhorce, xunta o fundador da Falanxe? Probablemente, conspirar.

¹¹⁷ Desde 1923 houbo unha tendencia á profesionalización específica de determinados cargos de responsabilidade do Gran Hotel, con visión internacional. EPL contratou traballadores especialistas con experiencia en centros termais en centroeuropa (recepción, administración, cociña e comedor): doce alemáns, un suízo e un austríaco, segundo datos da revista *La Temporada* do citado ano.

Entre outras iniciativas no ámbito do asociacionismo, nas que participou EPL, cabe mencionar a fundación da Sociedad de los Amigos de Galicia, aproveitando a estancia de Valle-Inclán no Balneario de Mondariz no verán de 1925, en compañía de seu amigo Victoriano García Martí, que tamén o era de Enrique Peinador. Nun ambiente rexionalista, vaise tratar de poñer en marcha desde Mondariz este proxecto cultural promovido polos citados máis Ramón Cabanillas, sen carácter exclusivista e sen tintura política. Segundo escribira o propio García Martí, as súas finalidades eran: «hacer un inventario de nuestros tesoros artísticos y, de ser posible, un museo de nuestras cosas viejas. Y patrocinar el estudio documentado de nuestros archivos». O investigador Xoán Guitián considera esta unha iniciativa de carácter cultural que ten por obxecto a defensa do noso patrimonio, entendido nun senso amplo nas súas vertentes histórico-artística, museística e documental (2004: 35). A proposta non iría máis alá de ser difundida nalgúns xornais galegos e madrileños, mais a gabanza que fixera *A Nosa Terra*; aínda que chegou tamén o eco dalgunha revista de ultramar, como *Céltiga*, que acusaba a proposta «de elevados propósitos galleguistas», asimilando a iniciativa co movemento nacionalista galego, sorprendentemente. Seguindo a Guitián, o influxo desta frustrada acción ten que ver coa aparición do SEG (2004: 39 e 41).

Xa cun carácter máis político, EPL participou na III Asemblea Nacionalista Galega convocada polas Irmandades da Fala, que se celebrou en Vigo en abril de 1921. Logo, como integrante desta institución, mantivo correspondencia cos seus máis senlleiros mantedores e representantes, e amigos persoais seus. Puidemos acceder a parte deste epistolario —de recepción, por parte de EPL— que está en mans do xeneroso amigo Ramón Torres. Nunha das cartas recibidas de Vicente Risco, desde Allariz, significaba o problema que estaba a acontecer nas delegacións coruñesa e viveirense coa marcha dos irmáns Villar Ponte: «Agora direiche: tamén a min me dá pena o que pasou e o que pasa antre irmáns da Cruña e a I.N.G. Eu fixen pol-a miña parte todo o que puđen para evitar o arredamento [...] O asunto está máis peliagudo do que pensas».¹¹⁸ Mais logo Risco apunta unha estratexia para re-

¹¹⁸ Carta de Vicente Risco, desde Allariz, dirixida a Enrique Peinador Lines, en Mondariz, do 8 de agosto de 1923. Despídese como irmán e parente (?). Hai outra do 4 de setembro onde Risco agradece o convite que lle fixera Enrique aos galeguistas para ir a Mondariz á cerimonia, con motivo do ingreso de Cabanillas e Rey Soto á RAG. «Foron uns días que non se esqueceran endexamais, e que non saberemos agradecerche d'abondo, que nos fixeche pasar, n'unha constante festa d'arte de galeguismo e de conversa encantadora e na mellor compañía do mundo». Risco dá conta dun telegrama recibido de Teixeira de Pascoaes onde traslada as felicitacións e o recoñecemento do acto. Ao tempo, anuncia unha próxima visita en outubro para explorar as citanias próximas ao balneario e promete falarlle da nova revista. Estase a referir á revista *Nós*, que saíría un mes máis tarde, por el dirixida, desde Ourense.

ESTADO das altas dos socios habidas n-o mes

do ano 192

Número dos socios	Data da solicitude d'ingreso			Nome y-apellidos	Domicilio	Profesión	Cuotas d' entrada
	Día	Mes	Ano				
			1	Jaime Prada Irmandade Valdeorras	Vilamartín		
			2	Axel Nequero	Pera		
			3	Florencio Delgado	Córgomo		
			4	José Estevan	Petín		
			5	Manuel Valcarlos	Stiqués		
			6	Joaquín Rosada	Corballón		
			7	Manuel Fuentes	Vezos		
			8	Manuel Varquer Feit	Vigo		
			9	Antonio Taboada Nové	Mellid		
			10	Pedro Teófilo Hervelle	Darco		
			11	Alvaro Casas	Madrid		
			12	Gonzalo Lopez Abente	Muxia		
			13	Joaquín Peiro	Petawes		
			14	Javier Boté Valverde	Vigo		
			15	Enrique Peinador	Mondariz		
			16	Cándido Gouraber	Rianxo		
			17	Raimón Villarfontes	Viveiro		
			18	José Estevan Abelleira	Estrada		
			19	Manuel Damián Feit	Santiago		
			20	Raimón Cabanillas	Cambados		
			21	Federico Zamora	Vigo		
			22	Manuel Justo Nuvo	id		

Irmandade Galeguista de Ourense con EPL de asociado co número 15 (Arquivo Histórico da Deputación de Ourense)

cuperar a normalidade coa colaboración de Enrique, tras as liortas cos Villar Ponte, de quen Risco engade: «e coiles en corpo e alma está o Quintanilla e todo-los irmáns de Ferrol, Ares e Mugarbos. Sabes qu'os da I. da F. ofenderon gravemente ós Vilar Ponte, e en realidade, d'alí ven todo». Risco trataba de atraer a Enrique Peinador Lines para poñer cordura e tender pontes cando o incipiente nacionalismo político se estaba a organizar, e a dividir, desde as instancias protopolíticas do tempo. Na IV Asemblea celebrada en Monforte (febreiro, 1922), Risco, como viña facendo desde atrás, defendera a vertente cultural do nacionalismo, esencialmente, en oposición aos que defendían a maior importancia da acción política (Caseiro, Malato e Natário, 2012: 219). Esa Asemblea, de xeito esquemático, deu como resultado unha fractura entre os de Ourense, defensores de seguir ancorados no culturalismo, presididos por Vicente Risco, e os da I. da F. da Coruña, a máis grande por número de afiliados, que propugnaban a participación electoral. Daquela confrontación xurdiu a Irmandade Nacionalista Galega (I.N.G.), que vai funcionar entre 1922 e 1924, presidida por Risco; regresarán outra volta ao berce das Irmandades da Fala en 1930, logo do oasis da ditadura de Primo de Rivera.¹¹⁹ A Irmandade da Fala da Coruña, xunto a outras limítrofes do norte daquela provincia, quedou naquela altura á marxe da nova organización promovida desde Ourense.

Nunha carta posterior, do 3 de setembro de 1923, Risco significa a importancia de Enrique na elaboración de propostas conciliadoras para arranxar o conflito, que el o mira metaforicamente como «xeográfico», entre o norte e o sur de Galicia, cando o transfondo era ideolóxico e de metodoloxía. Os galeguistas estaban nun momento importante como para translucir diferenzas internas, pois pretendían establecer o primeiro contacto tripartito entre nacionalidades históricas do Estado, en Barcelona, mediante a chamada, e fracasada, Triple Alianza Nacionalista (Beramendi, 2010: 682). Nesta segunda carta, nun exceso de bombo mutuo, Risco dicía descansar na satisfacción de que, habendo xente como Enrique Peinador, as cousas tiñan solución, en referencia ao programa de accións que lle propuxera Enrique para superar as liortas, ao que Risco se manifestaba estar completamente de acordo: «En fin, teño tamén satisfacción de poder pensar que namentras haxa quen da causa se preocupe coma ti e coma min, iremos pra diante. Comunicareiche a resposta que reciba da I. da F. e todo o que se faga».

¹¹⁹ Segundo un documento ao que tivemos acceso, publicado na revista *Fronda, Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense* (n.º 14, xan.-febr. 2008), a Irmandade Galeguista reconstituíuse en 1930, a partir da Moceda Galeguista d'Ourense. Entre os integrantes que aparecen no documento que recolle aquela reconstitución da Irmandade Galeguista de Ourense está Enrique Peinador Lines; significamos que utilizaron como modelo un impreso da vella Irmandade Nazionalista Galega.

Da confianza que tiña Vicente Risco en Peinador, como home integrador e ponderado, xunto ao sector máis conservador do galeguismo incipiente, é mostra o poder que aquí reproducimos, procedente do fondo inédito de Ramón Torres —entendemos que este poder foi enviado na carta citada coa mesma data—. Unha cesión ou autorización con fins asuntivos ou integradores destas características outorgábase aos que tiñan capacidade de resolución ante un conflito como o que estaba a vivir a organización naquela altura: a ruptura. O contido dicía:

Eu, Vicente Risco, Conselleiro Supremo da I. N. G. autorizo, e dou a miña confianza prena ôs irmáns Enrique Peinador Lines, Manoel Banet Fontenla e Antón Lousada Diégues, pra que, conxuntamente, ou calquera d'iles de por si, precisen unha fórmula pra chegarmos a un acordo coa Irmandade da Fala da Cruña. -----

Dado na Pereira, parroquia de San Pedro de Sabariz (Limia Alta) a 3 de setembro de 1923.

Vicente Risco

Sr. D. Henrique Peinador Lines

Tamén temos constancia de que, máis adiante, Enrique acudira á «VI Asambrea» nacionalista celebrada na Coruña en abril de 1930. Pero o caso de Enrique Peinador Lines é «excepcional», segundo considera o especialista en nacionalismo e profesor Xusto Beramendi, que engloba os Peinador entre os poucos grandes industriais que apoiaban a causa galeguista (Beramendi, 2007: 733); tamén afirma que Aguas de Mondariz, como empresa anunciante, foi quen máis contribuíu ao sostemento da revista *Nós* (2007: 734). Sobre este particular é importante o papel asistencial de Enrique Peinador no reflote desta publicación emblemática do nacionalismo. De novo botamos man do epistolario inédito que achegamos grazas á xenerosidade de Ramón Torres. A revista *Nós* deixou de editarse durante dous anos, entre os meses de xullo de 1923 e 1925, e, unha vez máis, Risco dirixese a EPL, o «abastado oficial» do galeguismo, filántropo, mecenas e quen ten unha actitude máis permeable ás demandas e os sentimentos da Terra, tópico ao que ás veces recorre Risco, «pidichón oficial da Causa», cando quere que se materialice algunha demanda económica, como xa ocorrera coa «bolsa oficial» que Enrique Peinador lle concedera a Cabanillas un tempo atrás. Pois ben, a carta que lle dirixe Risco é bastante eficaz: en pouco máis dun mes volve publicarse *Nós* e sae á rúa en xullo (carta de 21 de maio de 1925):

Despois d'un tempo d'escurecemento, semella qu'as cousas volven querer rexurdir. Xa comprenderás o golpe que foi pr'os meus ánimos o termos que suspende-la pubricación de Nós. Pois ben, unha solución ofécese para volvelo sacar já en con-

diciós moi diferentes, porque perdérase por mala administración, e agora podemos contar c'unha administración boa, regular, e interesada en ir pra diante.

A empresa de Lar, da Cruña oférecese a secundal-a pubricación de Nós nas mesmas condicións materiás, coa miña dirección, a mesma redución e colaboración, e o mesmo tono que levaba. Pídenos somentes que lle proporcionemos anuncios que cubran a cantidade de 200 ptas. mensuales.

Pois ben, nós, apelando de novo ôs teus sentimentos que compartes conosco, a prol da nosa Terra e da nosa cultura, quixéramos saber si podemos contar co teu como contabamos, e nas mesmas condicións, e tamén de camiño, se ti, antr'as tuas amistades, nos podías proporcionar algún outro que se comprometera por un ano.

Ben te decatas da importancia enorme que tería a reanudación do boletín, hoxe aínda máis que antes, con só ter en conta a cantidade de traballos que ten o Seminario de E. G. de Santiago, e que asina terían medio de seren pubricados, e doutro xeito non. Compre pol-o tanto que fagamos un esforzo e nos poñamos á obra.

Agardando a tua resposta, mándache unha forte aperta teu Vicente Risco.

Son interesantes os textos dalgunhas das mensaxes publicitarias que os Peinador utilizaban para vender os seus produtos por medio das revistas galeguistas, desde principios dos anos vinte ata o ano 1931:

«Véndese en toda-las Boticas, Drogueirías, Hotels, Depósitos d'augas minerás, Restaurants e vagós-camas de tódo-los três».

«Pedir Mondariz é pedir Peinador, aceptar imitación é perxudica-la súa saúde e perde-lo seu diñeiro».

No terreo das publicacións periódicas galegas, Enrique Peinador Lines tamén apoiou xornais galegos ameazados polas crises e colaborou economicamente no seu rescate mediante a incorporación á sociedade propietaria, como foi no caso do diario *Galicia*, segundo se desprende dunha carta do poeta Manoel Antonio a Rafael Dieste, datada no mes de San Martiño de 1925: «*Galicia* tivo un novo troque pero non afeutou mais que á propiedade. Fíxo-se cárrego d'o periódico unha sociedade onde intervén Peinador e outros. Castelao xa vai pra longo que deixou de colaborar, pero pensa volver, según me dixo» (Pérez Sánchez, Manoel Antonio, 1979: 253).

Nos pasos previos á caída da ditadura de Primo de Rivera, EPL tamén participou naquela reunión que pretendía neutralizar o Pacto de Lestrove, promovida polo liberal **Manuel Portela Valladares** (Pontevedra, 1867-Baudal, Francia, 1952): o Pac-



AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GANDARAY TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en total-as
Boticas, Droguerías,
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurans e
vagós-camas de
todol-os três.

Estas augas, de sona universal son
o remedio enxebre e eficacísimo
cand'un quer combater o Artritisimo,
a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades
diversas, doenzas do Aparello dixes-
tivo, Anemia e Neurastenia

Riquisma auga de mesa
===== gaseada naturalmente =====

Mondariz-Baneario, áchase á 35 Km. de Vigo

Anuncio de Aguas de Mondariz n'A Nosa Terra (1928)

to/Manifesto de Barrantes, celebrado por vinte e cinco persoas acubilladas polos condes de Creixell no pazo de Barrantes o 25 de setembro de 1930. Alá, á chamada de Portela Valladares, unidos a este por amizade ou por vella camaradería, ou por pertenceren á nómina de traballadores e colaboradores do seu xornal *El Pueblo Gallego*, acudiu EPL con outros galeguistas e amigos como Otero Pedrayo, Castelao, Paz Andrade, Peña Novo e Cabanillas, e lerrouxistas como o citado Victoriano García Martí (Mera, 2011: 183, 184 e 185). Tamén acudiron o doutor Laureano Gómez Paratcha, da ORGA, «o fato mais numeroso era o dos agrarios, con Basilio Álvarez de rexo cabezaleiro, e até algúns intelectuaes puros como Armando Cotarelo Valledor e Xesús Bal e Gai», segundo Paz Andrade (1982: 274), que daba a listaxe completa do resto de comensais.

Logo asinaron un manifesto onde viñan reflectidos os grandes problemas de Galicia, nomeadamente os económicos e os culturais, significando o esquecemento da realidade específica de Galicia. En definitiva, un proxecto reformista liberal de carácter centrista, tal e como o definiu Mera Costas. Tamén poñía o punto na necesidade de galeguización da universidade e a cooficialidade do galego e na autonomía como solución aos problemas de Galicia e aos seus dereitos. Nunha entrevista, Paz Andrade, testemuña de excepción deste evento, á pregunta de que lembranzas gardaba da xuntanza, respondíalle a Tucho Calvo o seguinte:

[...] O debate foise centrando no texto dun documento, que se titularía «Compromiso de Barrantes». A primeira das declaracións que contiña era un principio democrático: «Incompatibilidade absoluta con toda hexemonía ou reximen non remanecente co pobo». Proclamóuse asimesmo que «samente a autonomía integral podía dar satisfacción aos dereitos e solucións aos problemas de Galiza». Dentro da mesma doutrina, e como aplicación pragmática, pedíase a «cooficialidade do galego e castelán, e a galeguización da Universidade e outros centros de ensino».

Aquela declaración completábase con postulados sociaes xa de antes mantidos: liberación da terra, diñificación do labrego e desmontaxe do poder caciquil, no que o centralismo viña tendo os seus esteos.

—¿Como evolucionou despois o panorama político?

—No «Compromiso de Barrantes» samente se formularan principios. Non se ligaron vontades ou poderes para unha acción cordeada. Cada un siguéu súa laboura por conta propia (Calvo, 1998; 82 e 83).

Pouco tempo despois, EPL participou nas primeiras accións a prol do Estatuto de Galicia, como a que tivo lugar o 4 de xuño de 1931 no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, onde Enrique acudiu representando unha chamada Sociedade de Agricultores de Pías-Mondariz, supoñemos que artificiosa.

El compromiso de Barrantes

Nos dirigimos a los gallegos todos, a España y al Gobierno, presentándoles el problema de Galicia.

En el orden económico, nuestra tierra está fragmentada, deshecha, improductiva, por obra de una legislación absurdamente unitaria que la desconoce y por falta de enseñanzas agrícolas; empobrecida con cargas intolerables; desangrada por los aranceles, por los tratados de comercio y por las actividades oficiales que hacen de nuestros productos una excepción en el régimen protector ampliamente concedido al resto de España. Cuanto adquirimos está recargado en el precio, implicando un enorme impuesto indirecto: cuanto producimos está recargado en el coste y sin defensa ante la concurrencia exterior. Así se fragua la anemia de un país con el porvenir de una tremenda crisis social.

En el orden cultural, sentimos escasez de escuelas, carencia de enseñanzas técnicas y un olvido completo de nuestro carácter, de nuestras tradiciones, de nuestro genio, que aparece deformado y paralizado por orientaciones que no podrá asimilar jamás.

En el orden político, Galicia sigue siendo un feudo fuera de la Constitución. Sistemáticamente, el sufragio es una falsedad; los derechos ciudadanos no tienen garantía; los órganos de gobierno, son instrumentos de amenaza y atropello; la ley se queda en el papel; la justicia es zaramedada y removida según la voluntad del oligarca que sin recato acude a la fuerza para imponerse. Un afrentoso estado de vasallaje que no podemos tolerar más tiempo.

Afirmamos como origen de todos estos males y negruras de Galicia, el centralismo sorbedor de las energías regionales, despectivamente olvidado para las legítimas ansias nuestras. El engendra nuestra ruina, nuestro atraso y nuestra opresión.

Declaramos que los problemas de Galicia sólo pueden resolverse reconstituyendo plenamente la personalidad regional, según demandan la historia, la tierra y el espíritu de nuestro país. Con completa y amplia autonomía política y administrativa dotada de los recursos necesarios para cumplir sus fines.

Salvando cada uno de nosotros sus opiniones políticas, declaramos: nuestra absoluta incompatibilidad frente a todas las hegemonías y regímenes políticos que no emanen de la soberanía popular;

que sólo la autonomía plena antes definida, puede dar satisfacción a los derechos y a los problemas de Galicia;

la necesidad de galleguizar la Universidad compostelana y demás centros de enseñanza;

que no podrá asimilar jamás.

En el orden político, Galicia sigue siendo un feudo fuera de la Constitución. Sistemáticamente, el sufragio es una falsedad; los derechos ciudadanos no tienen garantía; los órganos de gobierno, son instrumentos de amenaza y atropello; la ley se queda en el papel; la justicia es zaramedada y removida según la voluntad del oligarca que sin recato acude a la fuerza para imponerse. Un afrentoso estado de vasallaje que no podemos tolerar más tiempo.

Afirmamos como origen de todos estos males y negruras de Galicia, el centralismo sorbedor de las energías regionales, despectivamente olvidado para las legítimas ansias nuestras. El engendra nuestra ruina, nuestro atraso y nuestra opresión.

Declaramos que los problemas de Galicia sólo pueden resolverse reconstituyendo plenamente la personalidad regional, según demandan la historia, la tierra y el espíritu de nuestro país. Con completa y amplia autonomía política y administrativa dotada de los recursos necesarios para cumplir sus fines.

Salvando cada uno de nosotros sus opiniones políticas, declaramos: nuestra absoluta incompatibilidad frente a todas las hegemonías y regímenes políticos que no emanen de la soberanía popular;

que sólo la autonomía plena antes definida, puede dar satisfacción a los derechos y a los problemas de Galicia;

la necesidad de galleguizar la Universidad compostelana y demás centros de enseñanza;

de dar cooficialidad a los idiomas gallego y castellano;

de liberar la tierra y de dignificar socialmente al campesino;

y pedimos, por último, que inmediatamente cesen la fuerza y la impunidad que los Gobiernos prestan al caciquismo que oprime y envilece a Galicia, y contra el cual se levanta unánimemente nuestro país.

En el Pazo de Barrantes, 25 de septiembre de 1930.

Armando Cotarelo.—Ramón Cabanillas.—R. Otero Pedrayo.—Enrique Peinador Lines.—L. Peña Novo.—El Conde de Crixétil.—Alfonso Castelao. Florentino L. Cuevillas.—Isidoro Millán.—Basilio Alvarez.—Alvaro de las Casas.—V. Paz Andrade.—Ramón Salgado.—M. Portela Valladares.—Lauzano G. Paratcha.—Jesús Bal.—César López Otero.—R. Vidal Pazos.—Geronimo Lagarejos.—Ramón Fernández Mato.—M. Fernández Boado.—José María Díaz Villamil.—Eldidio Villarverde.—Julio Vila.—Victoriano García Martí.—Roberto Nôvas Santos.—Doctor Varela Radio.—Salvador Cabeza de León.

NOTA.—Las adhesiones deben ser dirigidas al entradático de la Universidad compostelana don Armando Cotarelo Valledor.—Santiago.

saliamos a todos os galegos, a España, e ó Goberno, por portes diante o problema de Galicia.

No crede economicamente, a nosa terra está desfeita, esnaquiada, en produción miserante, debido a unha descañiada lexislación centralista que a desconoce e por falta de ensenanzas agrícolas; empobrecida con cargas intolerables e polas disposicións dos Gobernos que arredan a nosa produción do réxime de ampuro que con tanta xenerosidade cubre e aquece a todo resto de España. O que mercamos chega a nosotros recargado nos prezos por fortes impostos de entrada, e canto ofrecemos en venda entra nos mercados aislado polo-os trabucos interiores e sin defensa, polo-o tanto, diante da produción extra-regional. D-esta maneira vaise apoiando o país, preparándolle un porvir de fame, crece de niquedades e desacougos.

No orde da cultura, atopámonos sin escolas abondo e más de ensenanzas técnicas, feridos polo-o esquecemento total do noso carácter, das nosas costumes e tradicións, e do xenio da nosa raza ó que se lle marcan finalidades centrarias as sentimentos do intimo e se lle impoñen vicios que endexamais terá de percorrer.

No orde político, Galicia sigue sendo terra aforada, xunguida a un señorío caciquil, ó marxe da lei formativa do Estado: o sufragio é unha falsedade; os dereitos cidadáns non teñen garda nin ampuro; os rexidores e dependencias oficiais impoñense polo-o medo e o asoballamento máis descarado e feridor; a lei nin é aplicada nin pode ser pedida; a xusticia é levada e traída a gusto e comenencia do señor. Tal estado de vasallaxe non debe, non pode ser consentido por máis tempo.

Estamos certos e-seguros de que a causa de todos estes males e dores está no centralismo chuchador das energías rexionales, levado, por desprecio e malquerencia, a un esquecemento dos nosos lexitimos aneis. O centralismo debe Galicia o seu estado de ruína, o seu atraso e o seu encademento.

E forra declarar que o resurximento de Galicia está pendurado do recoñecemento da personalidade rexional, de acordo co-a historia e co-o espírito da nosa terra: urxa compraeta autonomía política e administrativa que dispoña de medios e abondo para lograr o seu engrandecemento.

Temos, pois, deixando a salvo persoas opinións políticas, que faguer públicas:

nos incompatibilidade máis cerrada fronte a total-as hegemonías e réximes políticos que non teñan nacemento na soberanía do pobo;

nosa seguridade en que somentes a autonomía plena, deantes fixada, pode dar firmeza os dereitos e solución axitada os problemas de Galicia;

a necesidade de galleguizar a Universidade compostelán a os demais centros de ensino, de dar cooficialidade ós idiomas gallego e castelán, e de liberar a terra, erguendo a sinificación social do labrego.

E, n-un derradeiro rogo, pedimos que axicia, d-unha vez para sempre, se poña remate á forza e a impunidade que os Gobiernos lle prestan ó caciquismo que asoballa e deshonra a Galicia e contra do que o país enteiro, con firme seriedade, está ergueito e vivante.

terá de percorrer.

No orde político, Galicia sigue sendo terra aforada, xunguida a un señorío caciquil, ó marxe da lei formativa do Estado: o sufragio é unha falsedade; os dereitos cidadáns non teñen garda nin ampuro; os rexidores e dependencias oficiais impoñense polo-o medo e o asoballamento máis descarado e feridor; a lei nin é aplicada nin pode ser pedida; a xusticia é levada e traída a gusto e comenencia do señor. Tal estado de vasallaxe non debe, non pode ser consentido por máis tempo.

Estamos certos e-seguros de que a causa de todos estes males e dores está no centralismo chuchador das energías rexionales, levado, por desprecio e malquerencia, a un esquecemento dos nosos lexitimos aneis. O centralismo debe Galicia o seu estado de ruína, o seu atraso e o seu encademento.

E forra declarar que o resurximento de Galicia está pendurado do recoñecemento da personalidade rexional, de acordo co-a historia e co-o espírito da nosa terra: urxa compraeta autonomía política e administrativa que dispoña de medios e abondo para lograr o seu engrandecemento.

Temos, pois, deixando a salvo persoas opinións políticas, que faguer públicas:

nos incompatibilidade máis cerrada fronte a total-as hegemonías e réximes políticos que non teñan nacemento na soberanía do pobo;

nosa seguridade en que somentes a autonomía plena, deantes fixada, pode dar firmeza os dereitos e solución axitada os problemas de Galicia;


a necesidade de galleguizar a Universidade compostelán a os demais centros de ensino, de dar cooficialidade ós idiomas gallego e castelán, e de liberar a terra, erguendo a sinificación social do labrego.

E, n-un derradeiro rogo, pedimos que axicia, d-unha vez para sempre, se poña remate á forza e a impunidade que os Gobiernos lle prestan ó caciquismo que asoballa e deshonra a Galicia e contra do que o país enteiro, con firme seriedade, está ergueito e vivante.

Ayuntamiento de
 Parroquia de
 Nombres y apellidos
 Edad Profesión
 Cargos públicos que desempeñó

Se adhiere a las conclusiones del manifiesto acordado en el Pazo de Barrantes el 25 de septiembre de 1930.

(FIRMA DEL ADHERIDO)



Recepción dun encontro popular. EPV, no centro; á dereita, con gravata de lazo, Portela Valladares (ca. 1928)



En un fiesta ornamástica felicitaros
 de Deus.

Roldán

Trois Varas - 15-7-1930

Debuxo de retallos de EPL feito por Roldán (1930)

Enrique Peinador participou logo nas reunións previas ao Pacto de Compostela, para a constitución de Galeuzca, «comprometéndose a se apoiar mutuamente no servizo dos ideais comúns» (Fernández, 1983: 133). Segundo Francisco Fernández del Riego, Enrique estivera nunha xuntanza celebrada no Bar Victoria de Santiago, en 1933, formando parte dunha chamada delegación galega do PG, na que estaban Otero Pedrayo, Gómez Román, Plácido R. Castro, Xerardo Álvarez Gallego e Francisco Fernández del Riego; tamén estaban «Fernando Calvet por Cataluña e Rezola por Basconia» (1983: 133).¹²⁰

Dentro das estruturas organizativas do PG, Enrique Peinador formou parte do Consello Executivo, como conselleiro de representación comarcal por Vigo. A elección fixérase na III Asemblea do PG celebrada en Ourense en xaneiro de 1934 (Beramendi, 2007: 1010-1012). Nesta reunión, tras perder as esquerdas as eleccións había pouco máis dun mes, os galeguistas concluíron fortalecer a rexeneración do republicanismo de esquerdas, criticar sistematicamente as actuacións gobernamentais, atraer as sociedades agrarias e robustecer o crecemento e a consolidación organizativa. En relación coa segunda destas catro liñas de actuación, e visto o ataque do goberno central á Generalitat pola lei catalá de contratos de arrendamento e o papel desempeñado polo Tribunal de Garantías nesta cuestión, o PG púxose do lado dos cataláns defendendo a súa autonomía. O conflito deu lugar a un abandono do hemiciclo parlamentario por parte dos deputados das minorías vasca e catalá que foi aplaudida polo PG, que acudiría en agosto a un acto solidario coas autonomías celebrado en Tolosa. Na cidade guipuscoana, Enrique Peinador e Xerardo Álvarez Gallego representaron ao PG naquel acto. Logo, A Nosa Terra difundiu o seguinte lema mobilizador: «Con Euzkadi e Catalunya e contra o centralismo monarquizante e fascistoide», despois dos sucesos de outubro (Beramendi, 2007: 1014 e 1015).

Naquela xeira vasca, Peinador e Álvarez Gallego participaron na homenaxe que se lles tributou aos deputados vascos, encadrada no patrocinio de Galeuska, o día 15 de xullo de 1934 en Tolosa: «Para la defensa de los intereses autonómicos de los pueblos ibéricos» (*El Día*, 5/VII/1934). Álvarez Gallego pronunciou un discurso neste acto de homenaxe e, dous días despois, deu unha conferencia no Eusko Pizkunde de Donosti (*El Día*, 17/VII/1934): «Esta hora de Galicia»; fora presentado como secretario de Propaganda do PG. Tamén, o 19 de xullo, o avogado galego tiña

¹²⁰ **Fernando Calvet Prats** (Vilafranca del Penedés, 1903-Barcelona, 1988) foi un catedrático mozo de Química orgánica da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago. Chegou finalizando os anos vinte. Nacionalista e membro do SEG, sufriu a expulsión da Universidade en 1936 e foi un dos fundadores da empresa Zeltia do Porriño (Gurriarán, 2006: 687-694). Fernando Calvet fora designado membro catalán do Consello Galego de Galeuzca (Fernández, 1983: 135).

anunciada outra intervención nun acto de afirmación de Galeuzka, a carón do deputado de Unió Democrática de Catalunya, o tamén avogado Joan Bautista Roca Cabell, máis un representante do nacionalismo vasco. Segundo a prensa, o acto non se puido celebrar por indisposición dun dos que ían intervir.

Aquela estancia en Euskadi dos dous galeguistas aproveitouse ao máximo, pois Enrique foi entrevistado polo xornal *El Día*, en portada e con fotografía. O xornalista dedicáballe unha agarimosa entrada caricaturesca:

“Cónsul del romanticismo”, le llamó el ágil escritor gallego Juan Carballeira. Y es verdad. El señor Peinador, incluso por su chalina característica —que redondea su aspecto patriarcal de señor a la rancia manera de la hidalguía gallega—, fué amigo, contertulio y colaborador de los más famosos escritores y poetas del romántico siglo XIX de Galicia. Fué asiduo concurrente a la “Cueva Céltica”, que formaba Murguía, Lugrís Freire, Salazar, Carré, Pondal, el gran bardo celta, los Vaamondes, Tettamancy, Salvador Golpe, lo más ilustre, en fin de los novecentistas de Galicia en la Historia, el Arte y la Literatura.¹²¹

Enrique contestou ás preguntas do periodista vasco, mais co rogo de que non se publicasen; porén, o entrevistador fixo caso omiso da demanda do galeguista. Dada a importancia destas declaracións, as únicas que coñecemos en primeira persoa, sobre o pensamento de EPL e o contexto en que se formou, reproducimos parte da entrevista. En primeiro lugar preguntáronlle polos seus inicios no galeguismo.

—¿Se persiguió en su iniciación el renacimiento galleguista?

No se puede usted figurar. Entonces aún no había el pretexto de llamarnos separatistas, desmembradores de España y casi asesinos de la unidad nacional. Y, sin embargo, ya entonces a la antigua librería de Carré, en La Coruña, en donde se reunían quienes empezaron a reconstruir la personalidad literaria de Galicia y fueron historiadores tan eminentes como don Manuel Murguía, autor de la magnífica historia de Galicia o como el alto, fuerte y gran poeta épico Eduardo Pondal, le llamaban con gracia despectiva la “Academia del grelo”, que es una leguminosa gallega, riquísima por cierto.

—¿Y cual fué la labor de esa “Academia del grelo”?

Pues de aquella “Cueva Céltica” salió todo el renacimiento de mi tierra. Se fundó la Academia Gallega, cuyo primer presidente fué don Manuel Murguía, el Patriarca de nuestras letras, que de vivir hoy, yo, que fuí un gran devoto y amigo, aseguro que

¹²¹ *El Día* (19/VII/1934): «Hablando con don Enrique Peinador Lines. Iniciación, labor presente y brillante porvenir del movimiento renacentista gallego».

sería el primer nacionalista gallego. Salieron tomos de versos, los primeros estudios folklóricos, las investigaciones iniciadas por el Boletín académico, etc.

Fue en el año 1903. Desde entonces han ocurrido en efecto muchas cosas [...]

Hoy puede decirse que Galicia cuenta con tal cantidad de jóvenes maestros, ha recreado tan maravillosamente su cultura y su espíritu y su arte, que nunca hubo otro movimiento así. Ahí está la prueba con el Seminario de Estudios Gallegos, la edición de obras de tal aliento como el “Codex Calistinus” y el “Corpus Petrogriforum”, que van a lanzarse a la publicidad han de producir sensación en todo el mundo científico [...] El “Seminario de Estudios”, además, ha publicado ya toda ella en gallego, la obra histórico etnográfica “Terra de Melide”, que por su “métier” y documentación ha sido una sorpresa enorme en los centros de estudios históricos de España. Existe también, la revista europea “Nos” y la editorial del mismo nombre, consagrada exclusivamente a editar obras gallegas.

—¿Y toda esta labor y todos esos hombres son del Partido Galleguista?

Toda esa gente milita en el galleguismo o tiene una simpatía absoluta para él. Ningún partido puede contar con cuadros tan brillantes. Lo digo yo que estoy en la segunda reserva y no actúo más que de comparsa. El galleguismo, por muchos enemigos que aún tenga su doctrina política, inspira, como falange intelectual, el respeto de los más encarnizados.



A entrada de Castelao na Academia; EPL, de pé, terceiro pola esquerda (1934)

—¿Y es denso y fuerte el movimiento galleguista?

Y no podrá detenerse. Una juventud, estudiosa y entusiasta, asegura el porvenir.

Mais a colaboración solidaria do nacionalismo dos territorios periféricos non quedou aquí. Ao pasar uns días, Álvarez Gallego volveu ás páxinas deste diario donostiarra para facer un artigo-crónica sobre o «mitin das arengas» que se celebrara en Santiago o Día da Patria Galega na praza da Quintana. Nese evento, Enrique Peinador estreárase publicamente como orador político.¹²² No acto daquela noite, o galeguismo contou tamén coa presenza de Miss España, a viguesa Emilia Docet, que estivera ese ano en Mondariz con todo o seu séquito.¹²³

Relacionado con Enrique Peinador e Mondariz, diremos que Portela Valladares e o político radical Alejandro Lerroux reuníronse no Balneario de Mondariz no verán de 1934. O encontro foi transcendental para que o político pontevedrés volvera á política activa, logo do seu fracaso para entrar na República dos primeiros momentos, por ser morno nas súas formulacións (Mera, 2011: 184) —nós entendemos que taticista—. A principios de abril de 1935, Portela asumiu o Ministerio de Gobernación e, finalizando ese ano, a Presidencia de Goberno da República. Naquela altura, Enrique Peinador Lines asistiu ao despacho de Portela, sendo este ministro de Gobernación, tamén en compañía de Xerardo Álvarez Gallego, ambos membros do Consello Executivo do PG, para interceder por Castelao e Bóveda, de quen Xerardo era cuñado, cando estaban sancionados polo goberno de Lerroux con desterro, para desactivar o nacionalismo galego tras os acontecementos de outubro de 1934.

O mesmo Xerardo, na biografía que escribiu do seu cuñado Bovéda, narra así o encontro, aos poucos días de que Portela dera ordes ao administrador do seu xornal *Pueblo Gallego*, onde Xerardo era redactor, de que lle fixeran a vida imposible por fustrigar o Goberno nas súas crónicas:

iXa vedes que teño moitas razóns, en beneficio do Partido (PG), pra non ir mañán a Gobernación como queredes! Pro arrentárome. Era perciso. Tiña que avirme a tal safrejicio. Polo demáis, falaría somentes Peinador. Eu iría como testigo pro mañá.

Conformeime de moi mala gana. Atufado, acompañei a D. Enrique ó Ministerio da Gobernación. Estábamos citados prás dúas da tarde [...] Falou o mainífico D. Enrique con verbas diñísimas. Portela contestou:

¹²² *El Día* (1/VIII/1934), baixo o apartado «Galicia», en portada: «La noche de las arengas patrióticas», asinado por Gerardo Álvarez Gallego.

¹²³ En «Carta de Antón de Meder», suplemento *El sábado*, n.º 42 do *Faro de Vigo* do 2/1/2016, páx. 4, integrado na sección «No fondo dos espellos» de X. L. Méndez Ferrín.



Homenaxe da Mocidade Galeguista a Rosalía de Castro en Santiago. EPL no centro da bandeira despregada a carón de Alexandre Bóveda, que lle pousa a man no ombreiro. Á esquerda de EPL, Paz Andrade. E un mozo Ramón Piñeiro (1934)

—Yo solo soy el Ministro de la Gobernación. El Presidente del Consejo es Lerroux. ¡Cuando yo lo sea —revelación que nos deixou turulatos— hablaremos. Castelao y Bóveda merecen algo más que la restitución a sus antiguos destinos. ¡Merecen, por de pronto, dejar de ser burócratas de una vez!

Eu calei coma un pito. Peinador quixo avanzar o dito ¡Cando que il fora Presidente!

Pro Portela non dixo máis. Saímos coa avelaiña dunha dúbida. ¿Era aquela unha fantochada? ¿Qué nos quixo aseñar? (Álvarez, 1972: 172).

Nesa mesma viaxe a Madrid, os galeguistas mantiveran unha xuntanza días antes cos dirixentes de Izquierda Republicana, acordada polo Consello do PG para falar do Estatuto e establecer un pacto para a súa materialización plebiscitaria e posterior sanción polo Congreso. Nesa especie de conferencia ían estar Azaña e Marcelino Domingo mais Casares Quiroga, que se xuntaran recentemente co azañismo. A esta importante reunión na casa de Azaña asistiron tamén Gómez Román e Alexandre Bóveda, que obtivera un permiso para deixar o seu desterro uns días, segundo Álvarez Gallego (1972: 168-173). Castelao non estivo na reunión por imposibilidade de obter permiso de Gobernación desde o desterro, pero deu instrucións políticas e algunhas recomendacións para ter en conta, segundo se recolle no seu epistolario (Monteagudo coord., [Castelao t. VI] 2000: 248-250; desde Extremadura, carta dirixida a Alexandre Bóveda, na segunda quincena de maio). Segundo afirma Paz Andrade, a comisión do PG desprazada a Madrid, tamén para interceder polos desterrados diante de Portela, quedou minguada, pois Gómez Román tivo que saír para Vigo por obrigas persoais antes da reunión no Ministerio, e Bóveda debeu partir para Cádiz, é de supoñer por limitación de datas no permiso, quedando tan só Enrique Peinador e Xerardo A. Gallego (Paz, 1982: 352). O restablecemento dos sancionados nos seus postos de traballo en Galicia non o obterían ata o 6 de setembro.

Tras o interesante testemuño de Álvarez Gallego, podemos observar que Enrique Peinador non permanecía alleo aos grandes debates nin á toma de decisións no seo do PG, no que se integrara desde o seu nacemento, finalizando 1931. Daquela transcendental xuntanza saíron os entendementos necesarios para que Azaña aceptara ir a un plebiscito do Estatuto e para que Izquierda Republicana (IR) accedera ás condicións para o entendemento cos galeguistas.

Naquel lutuoso 1934/1935 para a República, mentres o fillo de EPL, Enrique Peinador Porrúa, poñía en marcha a ASO (decembro, 1934), asociación de avogados para a defensa dos condenados polos sucesos de outubro, en compañía de Victoria Kent, Luis Jiménez de Asúa e Eduardo Ortega y Gasset, seu pai Enrique visitaba a Lluís Companys no Cárcere Modelo de Madrid en representación do

Consello do PG, en xuño de 1935 (*La Libertad*, 12/VI/1935). Tampouco aquel tempo fora bo para o galeguismo político: o PG comezaba a ter fendas e a militancia máis conservadora quería saír do partido; así o fixeron algúns significados ourensáns e pontevedreses católicos, nun momento en que a dirección galeguista facía un chamado á converxencia e á unión de todos os republicanos de centro-esquerda, taticamente, co fin de garantir unha alianza necesaria que acadase a autonomía para Galicia.¹²⁴ No fondo latexaba un medo á esquerdización do galeguismo e a ir en conxunción co marxismo, mesmo ás posibles declaracións laicistas do PG. Vicente Risco foi un destes discordantes da liña oficial que mantiña unha posición ambigua. Otero Pedrayo tamén discrepaba, pero declarou que non se escindiría e que acataría a disciplina do Partido; tentou que Enrique Peinador mediase para que Risco reconsiderase a súa actitude e permanecesen o PG, como dá fe unha carta datada tres días despois da IV Asemblea do PG celebrada en Santiago o 20 e 21 de abril de 1935:

Meu querido e lembrado irmán: de boa gana houbera ido ao visitar en Vigo, mais non me deixan as moitas angueiras. Mándolle istas liñas ao café pois non me lembro da súa dirección.

O ouxeto d'ela é, ademais de mandarlle unha forte aperta, falarlle do asunto - Risco.

Vostede, que estaba presente, sabe como se desenvolveron as cousas na IV Asemblea do Partido. Eu non podía ter corazón pra adoitar outra aitude. Mais o Risco non está conforme. Sofre moito i-a min dáme moita door mirálo sufrír. Dóelle na ialma arredarse do Partido, e váise arredar por escrupos de concenza galeguista que considera magoadá pol'a dirección política do Partido. A gran pureza do Risco pono n'ista situación. Non evido que seña menos a miña, e sigo no Partido, e seguirei loitando dentro d'il pra que non embarque en situacións perigosas. Unha postura eistrema, mais que está collida e deixame sadisfeito. Pro o Risco non'o está. Agora vimos de falar mais de tres horas terriveis, no grupo minoritario onde a maor opinión está comigo. Mais se o Risco se vai iránse outros e abonda a saída do Risco pra non magoar a todos.

Eu penso que vostede podería faguer algo aconsellando ao Risco i-eispondolle as razóns que considere Vde co seu grande galeguismo, oportunas, sen falar pra nada de ista carta miña pois élo sería pior. O Risco pensa que desnaturiza o galeguismo. Eu tamén penso algo d'iso pro augardo tempos millores. Acúsanme de sentimental, que se lle vai a faguer!.

Vostede —e perdoe que colla en cas(?) de conselleiro— pódelle escribir co gallo da Asambrea e da espeitación que orixina a decisión do Risco (carta de Ramón Otero Pedrayo a EPL, desde Ourense, do 24 de abril de 1935; Fondo de Ramón Torres).

¹²⁴ Son esclarecedoras as cartas de Castelao chamándolle a atención a Risco sobre o papel disuasorio e escisionista que neste sentido está a facer, xa desde a III Asemblea de Ourense, cando o PG colle unha deriva á esquerda e propón alianzas co resto do republicanismo de centro-esquerda (Beramendi, 2007: 1025), que se agudiza logo dos sucesos de outubro de 1934.

Mais, finalmente, sen saber se a intervención de Enrique Peinador deu resultado –se é que tivo lugar, pois non temos coñecemento ningún para acreditala–, o certo é que Risco aguantou sen se escindir ata os movementos previos ás eleccións de febreiro de 1936 e á integración do PG na Fronte Popular, desencadeante para que Risco e un pequeno grupo de afiliados tradicionalistas ourensáns se escindisen, sen Otero Pedrayo (Beramendi, 2007: 1044).

Nese 1936, Enrique formou parte dos 27 precandidatos elixidos do PG para formar parte das listas electorais da Fronte Popular nas eleccións de febreiro daquel ano. Tamén integrou a lista do PG para a elección de compromisarios co fin de elixir por votación, o 26 de abril de 1936, o próximo presidente da República, tras a destitución de Alcalá Zamora. Nesta ocasión, Enrique saíu elixido pola provincia de Pontevedra e executou o seu voto en tan transcendental acto. Naquela altura, Enrique acudiu ás xuntanzas do Consello Executivo do PG, tal e como dá conta o xornal *A Nosa Terra*. No ámbito comarcal, EPL estaba encadrado na organización de Vigo, formando parte da súa Xunta directiva, como vogal, referendada en marzo de 1936.

Tamén foi Enrique Peinador, ao noso entender, quen activou as achegas económicas que fixera o Concello de Mondariz-Balneario para sufragar os gastos do plebiscito estatutario de Galicia, de xuño de 1936.¹²⁵

O Día da Patria Galega de 1934, o citado Álvarez Gallego –tirando daquel sentido transversal que o PG tiña na metodoloxía social– reivindicaba desde a atalaia do *Pueblo Gallego* (no número extraordinario do xornal) unha cadeira na Academia Galega para Enrique Peinador, nun momento de renovación da institución. Do empresario modélico e galeguista que pregoaban todos os voceiros do galeguismo, Álvarez Gallego espetaba: «Pues bien, lo primero que se necesita es cubrir con nombres de prestigio que tienen a su servicio cerebros llenos, tanto como de conocimientos útiles, de amor a su Tierra, los puestos vacíos por muerte de sus dignos ocupantes [... entre outros nomes propoñía o de] Enrique Peinador, mecenas de la cultura regional, que siempre se ha desvivido para honrar a la Academia y por su cariño a Murguía».¹²⁶ Tratábase de meter os «nosos», pero merecentes.

¹²⁵ EPL levaba neste órgano, e no mesmo posto de vogal, desde decembro de 1933. Tamén formaba parte como vogal o artista vigués Camilo Nogueira, pai do político homónimo. E, por ser significativo, citamos a presenza feminina neste órgano: a bibliotecaria **M. Antonina Sanjurjo Aranaz** (Santiago, 1910-Vigo, 1939), neta do industrial Sanjurjo Badía; era profesora mercantil, estivo na Residencia de Señoritas de Madrid e foi unha pioneira do deporte galego (hóckey).

¹²⁶ *El Pueblo Gallego* (25 de xullo de 1934): «Hacia una Galicia rectora. El período renovador y de honda galleguidad en que entra ahora la Academia Gallega. “Veinte sillones vacíos en busca de veinte Académicos nuevos”. Quienes pueden ser Académicos y quienes deben ser homenajeados». Un título longo, mais con escasos resultados, como é ben sabido.

Ocaso e desgraza dunha experiencia
persoal que puido ser de país e que non
foi consumada

Pra Don Enrique os moitos anos de vida señorial en Madrid foron o non pensado noviciado da súa profesión galeguista. Foi a vida a frol de pel da cultura e cruzada por recendos de arte e finos aires de escepticismo a moda. Os estrenos co seu aceso pingar no entusiasmo, as noites douradas do Real cando as derradeiras “divas” facían cas súas voces pontes sobre o abismo pra a fuxida da derradeira sentimentalidade do XIX, o Ateneo afumado fogar de idealismos [...]

Un dos bos e finos espritos do Madrid do 900, Don Aureliano de Beruete y Moret aparecía sempre con Don Enrique. Entramos lixeiramente esceiticos pasaron como dous desenganados namoradeiros das esencias da vida por os anos de despedida da xuventude.

[...] Cando Peinador espertou no impeitizo da Galicia volvía a unha xuventude de camiños de sol e brétema. Dende aquila non houbo xuntanza política ou literaria dos amigos, festa soada, loita ou lembranza a que non acodira inda tendo que cruzar a Galicia inteira.

Era nas asambleas, nos mitins, nas festas, unha presidencia salada a súa figura. Seréo e pronto a emoción dono do saber do mundo e sinxelo como un rapaz. Con Castelao, Peña Novo, Vilar Ponte, Risco, Noguerol... a figura de Peinador era dos Pares no amor e dedicación de nosa fidalga dona e Raiña. Por derradeira ves falamos longamente dos tempos idos e dos amigos lonxanos nun pisiño novo de Vigo. Tremelucía un locir da Ría. Cecaís enneboirada, tamén, por as bágoas. Non han fallar endexamais as croas de froles dos vales e dos montes na tampa de quen fondamente amou os inmorrentes anceios da aldea e enxergaba no locir das seráns o prometer das albas novas. (Otero, 1972: 135 e 136).

Eran as metáforas de don Ramón no *Libro dos amigos* para sintetizar o moito vivido por Enrique Peinador Lines, entre a cultura madrileña, a xestión modernizadora do Balneario e o compromiso galeguista. E, naquel momento, a tristura do que acontecera recentemente. Cita a longa, como el di, última entrevista que mantivo co sucesor do imperio termal de Mondariz, na cidade de Vigo, fronte á ría: «Cecaís enneboirada, tamén por as bágoas»; posiblemente as de todos os que sufriron as consecuencias do golpe de Estado daquel 1936, arramadas polas angustias e padecementos das diferentes sortes de represión neles mesmos, ou pola desaparición temporal ou definitiva de persoas próximas.

Uns anos antes do inicio da guerra civil de 1936 xa se deran indicadores de afundimento progresivo da razón Aguas de Mondariz e do seu Balneario, cando a empresa familiar se constituíu en sociedade limitada (1932) e, ao pouco, entrou como accionista o Banco Pastor, principal acreedor da entidade, como tamén acontecera no Balneario da Toxa. Esta entidade bancaria fíxose co control de ambas as empresas termais. As iniciativas na xestión desde o exterior e a presenza da banca,

AGUAS DE MONDARIZ

Este Hotel de moderna construcción se halla situado próximo a los dos manantiales Gándara y Troncoso. Salones de recreo con Piano, Parterre, Alumbardo y timbres eléctricos. Cuarto de baño, Agua corriente. Habitaciones espaciales y ventiladas dividiéndose desde ellas los hermosos y pintorescos valles que circundan la población.

RÉGIMEN ESPECIAL PARA DIABÉTICOS
Teléfono n.º 18. El Precio diario: 9 a 12 Ptas.

HOTEL ROMA

VIUDA DE FRANCISCO L. RODRÍGUEZ

Mondariz-Balneario 24 de Julio de 1936

Querida Pilar; por mediación de varios de
envío esta para que cuando la recibas veigas y
si a buscare, debe de ir al cuarte de la Guardia
Civil y solicitar un salvo-conduto en que haga constar
el objeto del viaje, y si no existiese la Guardia Civil, al
Ayuntamiento y si no la diesen que tranga esta car-
ta con la que pueda justificar el objeto del viaje
aquí no ocurrir nada de particular tan solo la
intranquilidad de no tener noticias de esa.
Como aquí toda la gente que puede se mar-
cha y aquistos no entran, se está quedando un maso
Hasta que os abraze a todo que ya tiempo
desoos para salir de esta intranquilidad pues hasta
llego a crear un ino sintan las aguas y os abraze
a todos
Manuel



Carta dun valdeorrés atrapado polo golpe de Estado de 1936 no Balneario, dando instrucións para a súa evacuación de Mondariz (1936)

dentro dun contexto internacional e local de crise, máis o golpe de Estado que deu lugar a unha guerra prolongada, botaron pola borda unha iniciativa empresarial cun funcionamento sustentable que levaba sesenta anos en marcha. Tamén foi un importante indicador de decadencia a suspensión dunha das iniciativas que máis perdurara no tempo na estación termal: a publicación semanal de *La Temporada en Mondariz*, que deixou de editarse desde o final da tempada balnearia de 1931, cando a II República Española estaba de recente estrea, coa que EPL e seu fillo Enrique, en Madrid, tiveran un gran compromiso político.¹²⁷ Franco e Ameneiro apuntan que, naquela altura, EPL tiña enfrontamentos co seu irmán Ramón, por mor da súa actitude ideolóxica máis conservadora (2006: 23). Margarita Vilar suxire que a razón do afastamento de Enrique en Vigo se debera ao excesivo peso que as entidades bancarias estaban collendo no negocio familiar (2011: 184).

En 1936, despois de aloxar transitoriamente o colexio Apóstol Santiago dos xesuítas de Vigo, logo da ilegalización da orde durante a II República, o Gran Hotel e outros edificios do complexo, coma outras instalacións balnearias galegas, adaptouse como hospital militar para atender os feridos de guerra da fronte do norte, do bando franquista, evidentemente. A súa explanada dianteira e os veciños da comarca mondaricense foron testemuñas de paradas militares e manifestacións de adhesión, mentres o seu director, Enrique Peinador Lines, estaba agachado na cidade de Vigo, pois corría perigo polo seu pasado militante no galeguismo político. Entre a lectura das noticias de prensa e as visitas dos amigos máis íntimos, ía pasando o seu calvario.

A inminente derrota do republicanismo facíasele difícil de asumir a EPL, ao tempo de saber que o rueiro de Mondariz ía mudando de nomes: praza da República/praza de España, Pablo Iglesias/Generalísimo Franco, Galán e García Hernández/Calvo Sotelo e José Antonio...; descoñecemos o nome que lle puxeran á rúa Pi i Margall e a de Padilla, Bravo e Maldonado, á de Concepción Arenal e a de Ramón y Cajal. A dinámica non difería do que acontecera coa entrada da ditadura de Primo de Rivera, cando o memorialismo se incorporaba nas placas das rúas mondaricenses enchéndose de Bugallales e mudando o nome da praza da Autonomía (Guisado, 2007: 30).

Mais a guerra civil tivo as peores consecuencias para toda España e para o mesmo Enrique, a quen non lle quedaba moito de vida, entre acontecementos e desgra-

¹²⁷ Precisamente, nos últimos números da citada publicación anunciábase a venda do segundo tomo do diccionario galego-castelán de Leandro Carré Alvarellos. Nese ano, algúns autores coñecidos como Álvaro de las Casas, Julio Sigüenza e Xohán Carballeira, publicaron colaboracións.

zas. Para se apartar do escenario vigués, onde era tan coñecido, EPL botou un tempo en Laxe, acubillado pola súa filla e o seu xenro Isidro, onde este penaba o seu apartamento da docencia na Universidade de Santiago. Hai fontes que indican que fixo correr a voz de que Enrique fuxira cara a América, cando en realidade estaba en Laxe (Franco e Ameneiro, 2006: 23). Segundo fontes orais, foi sacado de Vigo en automóbil conducido por un dos fillos do industrial vigués Antonio Sanjurjo Badía, a quen se lle fixera unha haxiografía na revista *Mondariz*, na sección «Galería de Gallegos Ilustres». Semella que, ao paso por Pontevedra, na Ponte do Burgo, unha patrulla de falanxistas deulle o alto ao coche pero, ao ver o enxeñeiro Sanjurjo, do que tiñan coñecemento, mandárono seguir.

Enrique Peinador Lines faleceu en Vigo o 19 de xuño de 1940, posiblemente de trisura, pois a súa acta de defunción non reflectía causa patolóxica ningunha (Libro 1 de Difuntos da Parroquia de Nuestra Señora de Lourdes de Mondariz-Balneario, fol. 158, onde consta que o enterramento foi o 20 de xuño).¹²⁸ Entre outras cousas e causas, pola perda de seu fillo Enrique Peinador Porrúa (EPP), que morrera contra os muros dun lugar de Madrid, dous meses antes, logo da descarga dun pelotón de execución, xunta outras 47 vítimas da causa 48.310. O Consello de Guerra Permanente n.º 5 sentenciouno a pena de morte por procedemento sumarísimo de urxencia, e foi executada o 27 de abril de 1940. O seu pasado republicano e político pesara moito no inícuo proceso xudicial, obra dos gañadores da chamada «cruzada». Enrique foi daqueles que quixeron poñer freo á barbarie dos primeiros momentos da guerra, na retagarda. Como apunta o historiador Javier Cervera (2015), húbooos que quixeron rematar coa represión arbitraria e incontrolada do principio da guerra dedicando esforzos infrutuosos a este labor, dentro dun marco xeral de recuperar o control do Estado desde a Lei. Enrique Peinador Porrúa (EPP) estaba entre estes, aínda que pouco conseguiu do seu propósito.

Por influxo de seu pai, Enrique comezara a ter inqedanzas galeguistas na súa adolescencia en Madrid.¹²⁹ Asinou manifestos para reivindicar o recoñecemento e a personalidade política propia de Galicia e a favor do Estatuto, en xuño de 1931 (*El Pueblo Gallego*, 14/6/1931).¹³⁰ Nos locais de Lar Gallego disertou sobre o momento en Galicia, logo de se proclamar a II República, charla que repetiu no profotemi-

¹²⁸ Accedemos a este documento grazas ao labor de Xosé González, a quen, de novo, agradecemos a súa dedicación a esta achega biográfica.

¹²⁹ Escribía artigos na prensa sobre problemas de Galicia. Tamén impartía conferencias sobre Historia de Galicia. Tivo cargos directivos na asociación Lar Gallego de Madrid (1929), desde que Vitoriano García Martí asumiu a presidencia desta corporación. EPP chegou a ser o seu secretario directivo.

¹³⁰ En «De la juventud gallega a la opinión de su país. Contra el caciquismo más decrépito». Este manifesto estaba asinado tamén polo citado Bal e Gay, os irmáns Suárez Couto e Xesús Carballeira.

Los gallegos residentes en Madrid forman unas Milicias que, en breve, estarán dispuestas para luchar en defensa de la República.

GALICIA, vieja tierra de gloriosa tradición liberal, cuyos hijos escribieron con sangre páginas inmarcescibles de la Historia, no podía permanecer ajena a ese magnífico sentimiento de solidaridad nacional que une a los naturales de las diversas regiones de España en apretadas legiones defensoras de lo que hay más genuino en el alma de la raza. Y he aquí que Galicia envía a sus hombres a luchar donde se precisa del esfuerzo marcial, en tanto no se abra el camino que a ella misma conduzca.

Idea y acción.

Tan pronto como el pueblo, en Madrid, se movilizó para combatir a los facciosos, unos cuantos gallegos concibieron la idea de formar Milicias gallegas en el corazón de Castilla para dar a este corazón su propio corazón, como un baluarte más. Son estos hombres el diputado Suárez Vialto, el abogado Enrique Peinador Porrúa, Juan José Pía, capacidad de trabajo, organización. En su ayuda acudió, aportando su dinamismo, su talento y su valor, uno de esos hombres en los que apunta el genio de las circunstancias: Pedro Penabaz, abogado y escritor, cuya peonata marcial se ha hecho popular ya en Madrid. Con su atrevido de guerrillero, Penabaz, ágil e infatigable, aparece en el momento oportuno allí donde hay que poner a prueba la voluntad y la energía indomable. Y alrededor de estos hombres forma el cuadro mozo nacido de la entraña popular, gente de la clase media, intelectuales, artistas y también campesinos, ya que al grito de alerta respondieron centenares de esos segadores que por esta época vienen a Castilla.



En la fotografía superior: Juan José Pía, cuya capacidad de trabajo y cuyo sentido de la organización hicieron posible, en pocos días, la formación de las Milicias gallegas. En la fotografía inferior: El abogado y escritor José Penabaz, que ha contribuido eficazmente a la realización de la obra de solidaridad republicana que representan las Milicias gallegas.

Centro de reclutamiento.

El partido gallegista, integrado en su totalidad por idealistas pobres, no tenía sede en Madrid. Hubo que habilitar un local que sirviera de centro de reclutamiento, y se procedió a la incautación de uno de esos cuasillos políticos donde se urdía el drama que vivimos.

Convocados por medio de la Radio y la Prensa los gallegos, o invitados a alistarse en las Milicias de la Libertad, en poco tiempo empezaron a funcionar regularmente las oficinas y dependencias de este organismo improvisado.

En breves días se alistaron más de cuatrocientos combatientes, reduciéndose el número por una escrupulosa selección, atenta a las condiciones físicas del voluntariado.

En las oficinas del partido, y para dar un carácter de organización militar a la leva, se formó un Consejo directivo, compuesto por los jefes de las secciones en función. García Atadell fue nombrado secretario general honorario, y efectivos, Juan José Pía y el secretario de la Academia de Jurisprudencia, Enrique Peinador Porrúa.

De la sección sanitaria está encargado el doctor Ramón Vidal Barreiro, de Prensa y Radio, Pedro Penabaz. Santa Marina tiene la jefatura de los sociados militares.

Las Milicias gallegas, desde el primer momento, estuvieron en comunicación constante con la Inspección General y diversos organismos militares.

Cuando aparecieron estas líneas habían sido acuarteladas y entrado ya en el período preparatorio y de instrucción militar.

Todos los diputados por Galicia pertenecientes al Frente Popular prestan su fervoroso apoyo para la constitución de las Milicias gallegas.

Otros detalles importantes.

En las oficinas del partido se ha instalado una magnífica estación radioemisora, por la cual el pueblo gallego es informado de cuanto acontece en el resto de España. De esta estación está encargado el catedrático Rodríguez Villafraña.

Los servicios de asistencia social para huérfanos, y otros, corren a cargo del doctor Rodríguez Pedreira.

En las Sociedades Anónimas de Tierra y Luz Gallego se constituyó una Junta mixta, para la creación de talleres de confección de ropa, servicios sanitarios y otros complementarios.

El uniforme de las Milicias gallegas es el clásico, con las banderas gallegas en el pecho, y en el brazo, el distintivo de la organización a que cada uno de los milicianos pertenece.



Diariamente acuden a la oficina de inscripción de las Milicias gallegas en Madrid numerosos grupos de valientes muchachos, deseosos de contribuir con su esfuerzo directo a la gran obra de defensa de la República.

(Foto: Videa)

CRÓNICA

© Biblioteca Nacional de España

Artigo do xornal madrileño *Crónica*, onde se cita o compromiso de Enrique Peinador Porrúa coa formación das Milicias galegas (23/VIII/1936)

nista Liceum Club de Madrid, onde, entre outras frases, dixo: «En estos momentos supremos para Galicia, España tiene el deber de dar satisfacción a los anhelos gallegos» (*Heraldo de Madrid*, 12/VI/1931). Nesa altura, o terceiro Enrique tamén tivo tempo de asinar artigos en *La Temporada* relacionados con Mondariz e o turismo: «Mondariz-Balneario, centro ideal de turismo» (n.º 15 de 15/IX/1931: 3 e 4), neste caso, no último número da emblemática publicación.¹³¹ Un ano antes, tamén desde Lar Gallego, colaborara na elaboración e emisión dun programa de radio de dúas horas o Día de Galicia pola emisora Unión Radio de Madrid.¹³²

Con anterioridade, tamén participara en diferentes accións culturais. Formou parte da comisión para erixir un monumento a Concepción Arenal (1929), foro desde o que impartiu charlas para honrar a galega universal do dereito. Colaborou coa Sociedade Matritense de Amigos do País para conmemorar o bicentenario do nacemento do conde de Floridablanca (1928).¹³³ Nese mesmo ano participou nun ciclo de conferencias na Asociación Nacional de Mulleres Españolas sobre a necesidade de reformar o Código Civil, compartindo mesa con Clara Campoamor (6/XII/1928). Máis adiante, en 1932, fixo parte do Comité Tributo Nacional a Blasco Ibáñez para honrar a figura do notable escritor español e comezou unha campaña contra a aplicación da *lei de vagos y maleantes*. E deu charlas na Asociación Feminina de Educación Cívica —«La mujer moderna ante el matrimonio», 1932 (*Cultura Integral y Femenina*, n.º 1 de 15/I/1933)—, fundada por María Martínez Sierra, que ten a súa orixe no Ateneo de Madrid. Nese ano, EPP tamén presentou, na nosa lingua, en Lar Gallego, un conferenciante de luxo, don Ramón Otero Pedraio, que disertou en galego sobre «Motivos da cultura galega». García Martí e EPP acompañaron na mesa o ilustre catedrático e xeógrafo galeguista (*Galicia en Madrid*, n.º 15 de marzo de 1933; EPP era redactor desta revista mensual, voceira de Lar Gallego).¹³⁴

¹³¹ Tamén son frecuentes as cartas dirixidas á prensa por EPP, con apoio dos galegos en Madrid, que tomaban postura contra a permeabilidade da República para valerse de cargos de responsabilidade administrativa que anteriormente non tiveran un comportamento democrático exemplar. Unha mostra é o artigo «Los funcionarios y la República. No venganza; pero si selección para los cargos de confianza» (*Heraldo de Madrid* de 28/X/1931), no que se refiren a un militar de alta graduación que na ditadura de Primo de Rivera fora un represor das liberdades e do liberalismo na provincia de Pontevedra e que naquel momento representara á República nun acto.

¹³² Lar Gallego e Anaquiños da Terra, desde 1930, celebraban a «Semana Gallega» anualmente, en xullo, polo Apóstolo.

¹³³ Impartiu unha conferencia sobre o labor de protección que exercera Floridablanca a favor da agricultura e o campesiñado.

¹³⁴ Ese mesmo ano, EPP e Lar Gallego organizaron un programa de actividades na honra da viguesa Emilia Docet, que fora nomeada recentemente como Miss España.



EPL, debaixo de Cabanillas, rodeado do estamento eclesiástico (ca. 1923)

Polo contido das súas intervencións, as temáticas elixidas, o seu círculo de amizades e as figuras que axudou a poñer en valor, non sería de estrañar que EPP pertencese á masonería madrileña.

Fóra do ámbito galego, as súas temáticas preferidas eran os dereitos da muller e a reforma do Código Civil. Non sabemos se por influxo da súa nai, que era asociada do Lyceum Club Femenino Español, xunto á súa filla Natalia (Aguilera, 2001: 86). Alá estaban reivindicando algunhas mulleres significativas os seus dereitos: Margarita Nelken, Victoria Kent, Zenobia Camprubí e Isabel Oyarzábal, entre outras. Despois, o mozo Enrique tamén impartiu conferencias na Casa do Pobo de Mondariz e pulou para que os grupos galegos asociados de Madrid se federasen.

Durante a II República, no ámbito político, logo se afiliou a Izquierda Republicana, desde onde defendeu a cuestión autonomista. Fundou e dirixiu a revista *Amnistía* (xuño, 1935), que tiña por obxecto defender os encarcerados polos sucesos revolucionarios de 1934 e facer campaña contra a pena de morte. EPP participou xunto con avogados de todos os partidos políticos republicanos no magno mitin do Cine Europa, perante cinco mil persoas (15/IX/1935) congregadas naquel acto contra a guerra e o fascismo (*Heraldo de Madrid e La Voz* de 16/IX/1935). Como fixera seu pai, tamén visitou os presos encarcerados polos sucesos de 1934, encabezados polo presidente catalán Lluís Companys.

Comezada a guerra civil, á parte de ser un activo organizador das Milicias galegas en Madrid, co apoio dos deputados de Galicia nas Cortes, foi secretario da Academia de Xurisprudencia, presidida polo penalista, catedrático e político socialis-

ta **Luis Jiménez de Asúa** (Madrid, 1889-Bos Aires, 1970), que chegou a ser presidente da República no exilio. Nas vésperas do golpe de Estado, EPP fora un dos promotores de lanzar un manifesto público de afirmación plebiscitaria, apoiado polos galegos que estaban en Madrid, «A los gallegos residentes en Madrid», que se acordara nunha asemblea pro Estatuto celebrada en Lar Gallego, en presenza de artistas, escritores e profesionais galegos. A colaboración coa campaña estatutaria completárase cun mitin no teatro Alkázar o día 19 de xuño. Dende tempo atrás, Enrique participaba en mitins galeguistas significados como a coñecida xornada autonomista de Oia, onde interveu publicamente xunto a Paz Andrade, Alonso Ríos e Alexandre Bóveda, en setembro de 1931 (*El Pueblo Gallego*, 7/10/1931).¹³⁵



Enrique Peinador
Porrúa (ca. 1936)

El joven y culto letrado señor Peinador Porrúa pronunció un discurso vibrante, exaltando los sentimientos galleguistas, vivos en él, no sólo por comprensión del deber de todos en esta hora, sino porque habitualmente apartado de Galicia, ha de ser testigo de cómo aún perdura un vejatorio concepto de nuestra tierra, que es preciso eliminar.

Los gobernantes centralistas nacidos en Galicia gobernaron al dictado de los intereses del centro [...] Glosa estos conceptos citando versos de Rosalía y de Cabañillas, para ponderar la necesidad de que al votarse el Estatuto, Galicia afirme su voluntad de no ser menos que ninguna otra región española en lo que a facultades autonómicas se refiere

Se le tributaron calurosas ovaciones.

Canto ao resto da familia, a xa viúva de EPL e nai do mozo Enrique Peinador Porrúa, Georgina, que vivía coas súas fillas en Laxe logo de rematar a guerra, morreu nesta vila atlántica en 1941. Ao fogar de Avelina Peinador Porrúa e de Isidro Parga Pondal agregáraselle a familia José García-Blanco/Georgina Peinador Porrúa que viñeran de Madrid despois de pasar alá todo o tempo que durou o conflito bélico. Georgina nai tamén tivo problemas políticos, pois viuse inculpada polo Tribunal Rexional de Responsabilidades Políticas de Madrid en 1944, tres anos despois da súa morte, como acontecía acotío coas causas post mortem (Gurriarán, 2006: 311 e 658; e Gurriarán, 2010: 65). Puidemos atopar o seu expediente de depuración en Salamanca, aberto en 1944, a instancias da recepción dunha denuncia realizada no

¹³⁵ «Pro que Galicia non está preparada, e para seguir soportando o centralismo». O que se cita supra, en sangrado, corresponde a este artigo que contén unha crónica do acto e da intervención de Enrique Peinador Porrúa.

Tribunal de Responsabilidades Políticas de Madrid había más de cuatro años (16-4-1940); a continuación resumimos as súas partes:¹³⁶

1.- 10/11/1944. Inicio de expediente por orden del Tribunal Regional de RP de Madrid instando al Juzgado municipal nº 15 que inicie la apertura de actuaciones y para que se investigue su domicilio y posibles responsabilidades político-sociales de la inculpada.

2.- Diligencias del juzgado (juez Sr. Serra) para la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia (BOP) una citación de la encausada y directrices al Grupo de Veteranos de la Guardia Civil (GC) y a la Jefatura Superior de Policía (JSP) para que efectúen las actuaciones necesarias para su localización. 2/12/1944 Publicación en el BOE del edicto para que la encausada se persone en el juzgado. 11/12/1944 Informe del Grupo de Veteranos de la GC que concluye diciendo que se ignora su domicilio, que se desconocen sus antecedentes y apunta su posible fallecimiento hace tres o cuatro años.

3.- Registro de las diligencias acreditativas de la publicación en el BOP de la citación de la inculpada y en el BOE del anuncio de incoación del expediente.

4.- Oficio del Comandante del Grupo de Veteranos de la GC del fracaso de las investigaciones domiciliarias y comunicando «supuesto fallecimiento en Galicia hace 3 ó 4 años».

5.- 9/1/1945 Oficio de la JSP a la requisitoria del Juez para que cumplimente su investigación, señalando «haber resultado infructuosas las investigaciones sobre domicilio y antecedentes político sociales».

6.- 22/1/45. El juez interino del juzgado nº 15 (Sr. Agulló Soler) remite al Presidente de la Audiencia de Madrid y al Ministerio Fiscal el conjunto de lo actuado y su documentación, y señala que «el Juez que suscribe estimando concluso el presente expediente tiene el honor de elevarlo a la Superioridad para la resolución que corresponda».

7.- 26/3/1945 Auto de la Sala de Instancias nº 1 del Tribunal de RP de Madrid, presidida por el Sr. Ricardo Álvarez y los vocales Sres. Luis López Ortiz y Juan Becerril. Entre otros elementos, se pueden señalar los siguientes:

1.- Que en el expediente incoado no constan circunstancias concretas.

¹³⁶ Expediente 42/2851, de Georgina Porrúa de Peinador, depositado no Centro Documental da Memoria Histórica de Salamanca. Agradecemos ao noso amigo Honorio Cardoso, historiador salmantino de recoñecido prestixio, a súa colaboración para atopar o documento orixinal, non sen se enfrontar ás dificultades propias da arquivística, máis nos tempos que corren para os cadros de persoal coa súa mingua, e ante o rigor que amosan os profesionais en aplicar unha lei restritiva que precisa modificación urxente. E por facer o resumo deste confuso expediente de depuración que transcribimos, respectando a lingua orixinal.

- 2.- Que el dictamen del Ministerio Fiscal solicita el sobreseimiento del expediente.
- 3.- Que «los hechos por los que fue incoado no se encuentran comprendidos en ninguno de los apartados de la Ley de RP y falta prueba precisa acerca de ellos».
- 4.- Que «Se decreta el sobreseimiento de este expediente y archivo sin declaración de sanción de responsabilidad política de Georgina Porrúa de Peinador».



Mozas valdeorresas na escaleira de acceso ao xardín do Gran Hotel (1932)

Un estraño expediente que se abre sen causas nin acusacións concretas. Nestes casos, a apertura puido producirse polo feito de ser familiar directa dun axustizado por motivos políticos, seu fillo, agravado por ser viúva dun significado tamén por motivación política. Ou por teren antecedentes das actividades asociativas de Georgina, consideradas «ilícitas», antes ou durante a guerra (descoñecemos, neste último caso, se as houbo). Descartamos unha terceira hipótese: a tentativa de exclusión debido a intereses familiares por denuncia dunha contraparte en posible litixio, debido a cuestións de herdanza. Apuntamos, pola serodia apertura do expediente, que, sendo coñecedores os gañadores da fortuna dos Peinador, quixesen sacar partido, cando o réxime autárquico naquela altura tiña as arcas baleiras, como fixeron noutros casos coñecidos, como o do presidente Negrín.

Tras o pasamento de EPL, a empresa e os seus predios non tardaron moito en desarticularse. Seu irmán Ramón, que era presidente do consello de administración da compañía anónima familiar, cedía a dirección e a xerencia en 1941 a Luis

Elvira Guzmán. A finca de Sanmil en Pías foi vendida en 1944; sendo o comprador o doutor Obella Vidal, galeguista e innovador científico recoñecido, que formaba parte da nómina de fundadores da coñecida e veciña empresa Zeltia, podíamos supoñer que tería un destino de subministración de primeiras materias vexetais para a fabricación de fármacos (Gurriarán, 2009b). Mais non foi así, pois puxo en marcha unha granxa agrícola para a produción de leite, que subministraba leiterías de Vigo. Non durou moito a finca en mans de Obella, pois foi vendida en 1950 aos irmáns Rodríguez López, creadores de LARSA (Paredes, 2011: 156).

Pasado o tempo, en 1972 véndese o conxunto da sociedade. Só un ano despois, aquel emporio que tanto significado empresarial tivo para o país veuse abaixo, coma se dunha plantación de piñeiros se tratase: un espectacular incendio devorou o Gran Hotel. Queimado o buque insignia do complexo cando cumpría setenta e cinco anos, os seus emprendedores quedaron, tamén, baixo a chama do esquecemento da maioría dos galegos e galegas de hoxe, maiormente as novas xeracións de emprendedores. Vaia este traballo en recoñecemento do labor emprendido por estes homes de prol, os Peinador, dúas xeracións que puxeron os vimbios dun tecido que comezou a facer país desde a empresa sen esquecer **O NOSO E A NOSA IDENTIDADE**, en momentos en que a precariedade e a miseria eran o único escenario para a maioría dos galegos e galegas que non emigraran.

Enrique Peinador Lines colleu o testemuño de seu pai, soubo facelo ben ata que o **incivismo** da guerra tirou todo por terra, mesmo unha vida máis. Algúns seareiros do seu labor puxérono en valor e nomeárono fillo adoptivo de Mondariz, a título póstumo. Naquel acto, o polígrafo Xosé Luís Franco Grande fixo das caracterizacións máis acaídas de EPL:

Pero don Enrique Peinador Lines foi máis ca un empresario ilustrado como tamén fora o seu pai, algo que en Galicia era ben insólito entón, e segue sendo hoxe. É certo que Galicia nunca tivo unha burguesía galega, en contraste con Cataluña ou o País Vasco, polo que careceu dun elemento dinamizador e progresista para aqueles tempos. Por iso, cando os burgueses galegos eran tamén homes de cultura, como o que falamos, eran tamén homes que se identificaban co país, que protexían os seus cartos e a súa cultura.

Hoxe o seu nome dá vida a unha asociación, o Foro Peinador, que trata de incorporar ese espírito ilustrado de Enrique Peinador Lines a todos os ámbitos e profesións da sociedade galega, con especial interese aos responsables do tecido empresarial, co fin de que **NON SE DEA A ESQUECIMENTO...**

Era en aquel Balneario de Mondariz; un rincón de Galicia. ¿Te acuerdas de ese año? Sí: 1920. Verano de 1920. Faltaban sólo unos meses para que doña Emilia desapareciese. No lo podía saber aquel joven de veinte años que la contemplaba.

Balneario de Mondariz: el Palacio de las Aguas Medicinales de fin de siglo. Cuando yo lo vi tiempo hacía que había entrado en grave decadencia. Pero aún arrastraba sus brillos elegantemente marchitos (Aleixandre, 1956: 37)

O poeta Vicente Aleixandre non puido, de certo, contemplar a verdadeira decadencia en que caera o establecemento durante a ditadura franquista. Tampouco podería ver aquí os seus amigos Cernuda, Juan Ramón, Américo, Francisco, Eduardo, Daniel... nin a outros moitos que estaban de «vacacións en América», por obrigado cumprimento. Algúns alá quedaron a facer por vida.

A Federico e a Miguel tampouco os viu máis, que estes marcharan para sempre. O espírito de Enrique Peinador Lines tamén marchou sen retorno. O Balneario de Mondariz segue, pero xa non che é o mesmo..., mais aí quedou o éxito empresarial interxeracional do emporio termal dos Peinador acoutado no tempo á II República, por razóns xa expresadas. Pero seguindo a John K. Walton (2014: 1037 e 1046) queremos engadir que, ata aquela altura, a empresa foi xestionada con criterios de sustentabilidade dentro dun marco cultural de identidade propia e integrado na economía do país galego; foi pioneira en propostas actuais como a do turismo responsable e sostible e apostando polo longo prazo nun marco de relacións estables entre veciñanza, clientes e traballadores, indo por diante do máximo beneficio curtopracista.

Como apuntaba don Ramón na súa obra *La Guía de Galicia*: «Mondariz es una época en la historia de Galicia y de España». Pero en realidade, como recollía Villar Grangel no obituario que lle dedicara no seu día a Enrique Peinador Vela, e facemos nosas parte das súas palabras: os Peinador e Mondariz representaron un adianto no tempo, un espírito de iniciativa reformadora que materializou un importante progreso económico no país coa empresa máis moderna de Galicia, comezando o século XX.

Sen a tenaz colaboración de Xosé González, o amigo Pepe, esta publicación non vería a luz. Nin sen os labores complementarios de Carme Vaquero e Pío García, máis o oficio filantrópico de Paco Novoa e as indicacións lingüísticas de Begoña Mendez. Tampouco sen a importante contribución documental e gráfica de Ramón Torres, que serviu para redondear esta investigación. A todos eles, grazas.

Sirva esta biografía como achega á historiografía do nacionalismo galego, máis alá daquela militancia comprometida, exclusivamente, desde a pluma e o pensamento.


Ricardo Gurriarán

Compostela 2016, ano do centenario das Irmandades da Fala

APÉNDICES

Apéndice 1:

«La Casa Gallega» de Carlos Sobrino Buhigas. Trabajo presentado ao primeiro concurso sobre temas interesantes para Galicia, Mondariz, 1921.



Tuve siempre una gran afición a las cosas de arquitectura antigua civil y religiosa de Galicia y debido a esto he llegado a reunir un gran número de dibujos y acuarelas en los cuales aparece algún detalle referente a esta materia; y al ver el anuncio de "Mondariz", de un concurso sobre "la antigua casa gallega", aun cuando esta clase de trabajos más bien parece que debiera ser cosa de nuestros arquitectos yo no he querido dejar de acudir a él, ofreciendo algunos de mis pobres trabajos, por si de algo pudieran servir, como aporte de datos, para que la simpática labor de los Srs. de Peinador pueda llegar a ser pronto una realidad y se cumpla el deseo que tenemos de ver nuestra incomparable campiña adornada de construcciones de carácter puramente gallego.

Los trabajos, que para este fin, presento al concurso en número de 12 entre acuarelas y dibujos a tinta, llevan los títulos siguientes:

- | | |
|--|------------|
| 1 Casa con soportales. | Pontevedra |
| 2 Escalera y patin de una casa de labor | La Guardia |
| 3 Casa Señorial. | Cée |
| 4 Soportal y casa Gótica. | Betanzos |
| 5 Un balcón. | Muros |
| 6 Rincón del claustro de la Catedral. | Tuy |
| 7 Casa con soportal. | Noya |
| 8 Calle de Soportales | Combarro |
| 9 Pasadizo y arco del palacio de Pefifianas. | Cambados |
| 10 Casas de pescadores | Muros |
| 11 Casa con balcón. | Ribadavia |
| 12 Casa con escalera | Combarro |

En las provincias Vascongadas y en otras provincias de España empiezan a hacerse ya casas, chalets, mansiones Señoriales de carácter

tipico regional que resultan de una gran belleza y comodidad por haber sido construidas haciendo estudios sobre las antiguas viviendas acomodandolas a las necesidades y exigencias de la vida actual. Nosotros aqui debemos hacer lo mismo construyendo la casa moderna gallega ya que tenemos gran cantidad de ejemplares hermosisimos que nos ofrecen infinidad de datos y elementos donde inspirarnos para llegar a ello.

La casa gallega a demas de la belleza armonica de sus lineas y de ser solida construccion, reúne unas condiciones admirables como vivienda: se ha ido formando segun las exigencias de nuestro clima y acondicionandolas para la vida que en ellas se habia de hacer y de ahi que existan tan variados tipos de edificaciones.

Estudiando y recogiendo de nuestras antiguas moradas aquellos elementos que más nos convenga aprovechar, procurando mejorar y embellecer los que nos parezcan pobres o deficientes, llegaremos a conseguir un tipo de casa moderna ideal, muy apropiado para nuestro clima y necesidades, lleno de comodidad y de confort y de una gran belleza estetica como complemento a nuestro divino paisaje.

¿ Porque traer aqui de otros paises y de otras regiones modelos de viviendas teniendo de sobra donde inspirarnos y de donde copiar? Nuestra casa no deber ser ni debe parecerse a la casa Suiza, que tanta aceptación tuvo y aun tiene en nuestro pais.

La casa Suiza hecha para un clima de frecuentes y abundantes nieves no es posible que encaje bien aqui. Los tejados de vertientes rapidas, para evitar la acumulacion de estas nieves sobre ellas, sus ventanas verticales y estrechas abiertas asi con el mismo objeto, no son necesarias aqui donde apenas se conoce este fenomeno: pero aun peor que estas son otras construcciones traídas de fuera también y los disparatados y horrosos edificios que les ha dado por construir a esos señores absurdos enriquecidos en las Americas y que nos causan la mayor indignacion.

Tengase en cuenta ante todo al hacer nuestra casa que este en un país lluvioso y de sol débil la mayor parte del año, que los soportales, aleros salientes, balcones de piedra, galerías, cubiertos o cobertizos, son las cosas que más nos conviene construir si queremos hacer casa habitable.

Los soportales con sus columnas y sus arcadas, donde tanta variedad cabe poner, son motivos arquitectónicos que dan a las construcciones un aire de helenismo de una incomparable belleza. Un pueblo de soportales todo él en un clima como el nuestro sería algo de un gusto exquisito y de una gran utilidad práctica.

No hace muchos años, existían poblaciones en Galicia que se podían cruzar en todos sentidos, aun en los días de temporal de lluvias, sin peligro de mojarse, debido al gran número de Soportales que en ellos había. Hoy, desaparecidos estos o quedando ya muy pocos tenemos que salir a la calle provistos de chismes molestos embutidos en impermeables y mojándonos a pesar de todo.

El Soportal además es una construcción de las más razonables, que no resta anchura a las calles permitiendo transitar por debajo de ellos tan comodamente, ni suprimir habitaciones a la casa ya que sobre sus columnas y arcadas pueden colocarse las que se crean necesarias.

En la casa de campo, bien sea de recreo o de labor, el Soportal no es tan necesario, su finalidad como sitio de cobijo o abrigo, puede muy bien suplirse por el balcón saliente sostenido por columnas o grandes ménsulas de las que tenemos tan variados ejemplares donde inspirarnos, y también por aleros volados, patines, cobertizos o algo por el estilo que cumpla con este fin.

De la casa inglesa moderna, que si bien se mira nada nos da que no hayamos tenido ya aquí: pero que indudablemente de no tener nuestra típica casa, sería la vivienda que mejor encajaría en las condiciones cli-

matológicas de esta región, podemos estudiar y aun copiar la forma tan cómoda y razonable de sus ventanas y galerías y miradores.

Las ventanas ya sean abiertas en sentido vertical o en sentido horizontal si tienen la misma abertura nos proporcionan la misma luz y la misma ventilación; pero la ventana horizontal o apaisada nos ofrece más amplitud de vista, más comodidad para poner asientos en su interior, permiten asomarse a mayor número de personas y en una palabra son más útiles y bellas y cabe dividir las por medio de columnas o parteluces que tanto las pueden adornar.

Se ven en algunos paseos y en casas solariegas, aunque la mayor parte de ellas tapiadas, unas ventanas de forma muy característica abiertas en los ángulos de los edificios, partidas por una columita, que son muy graciosas como detalle de construcción y embellecen grandemente una casa. Debiera persuadirse a los que hoy habitan casa que las abieran de nuevo y más aun a que se construyesen en las nuevas viviendas.

Y en fin podrían citarse muchísimos más detalles sobre los elementos con que podría formarse la nueva casa gallega, como son las escaleras exteriores en con sus balaustres y remates caprichosos, las chimeneas, cornisas y un sin fin de interesantes motivos ornamentales.

Queda por citar una construcción muy típica de nuestras rias que da un aspecto tan pintoresco a nuestros pueblos costeros y es la casa del marinero.

La habitación del pescador gallego, que la mayor parte de las veces es también agricultor, suele ser una mezcla muy agradable de motivos arquitectónicos que serviría para darnos idea en las construcciones modernas, ya fuesen destruidas para el mismo fin o para otros muy distintos. Generalmente provistos de un gran soportal amplio y cómodo pero muy cerrado de arco para evitar la entrada de la lluvia, se dedica a las labores relacionadas con la industria de la pesca; salar el pescado, coser

las redes etc. etc. No puede faltar en estas casas un amplio balcón, sostenido por ménsulas, con su barandilla de fuertes barras de madera de donde penden las redes puestas a secar y en sus paredes suelen tener algunas piedras salientes labradas en forma de canchillos con figuras grotescas, donde cuelgan los aperos de pesca y ropas de colorines chillones; y sus balcones entraventanas así como sus aleros, pintados de fuertes colores, generalmente el azul marino, les da un aspecto pintoresco encantador.

Todo esto fatalmente va desapareciendo. El afán incomprensible de que todas las casas de todas las ciudades han de ser hechas por el mismo patrón como las estaciones de ferrocarril es de una monotonía inaguantable.

Pongamos todo nuestro entusiasmo porque Galicia tenga su casa típica, hagan los mismo las otras regiones construyendo la que mas convenga a su clima y necesidades y con esto los pueblos tendrán además del encanto de la variedad, una mansión que les retendrá en su interior, que es una de las mayores satisfacciones la vida del hogar.

Vigo Julio 1921.

LEMA
MIÑA CASIÑA NEULAR

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

Apéndice 2:

Carta de EPL ao seu irmán Ramón (4/VI/1921)

Mondariz 4 de Junio de 1920

Querido Ramón: Por la prensa regional te habrás enterado del motivo de mi viaje a La Coruña sobre el cual no fuisteis los únicos en juzgarlo extraño pero que nada tuvo de particular.

Hace tiempo que acariciaba la idea de que se celebrase en Mondariz un acto Gallego que fuera solemne y de resonancia y ahora llegó la ocasión.

La expuse mi idea al Sr. Obispo de Tuy y le pareció buena, consulte con Cabanillas y también la aplaudió y ya con estas opiniones se hacía preciso tratar con la Academia y para ello fui a la Coruña pasando por Orense a ver a Rey Soto pero no tuve la suerte de encontrarle. En Coruña cayó bien la idea y a estas horas se habrá reunido la corporación para tomar el acuerdo y preparar la solemnidad que de conseguirse sería lo siguiente:

1. Celebrar en Mondariz el ingreso en la Academia Gallega de los dos poetas Rey Soto y Cabanillas a los cuales se pretende contesten a sus discursos D. Marcelo Macías y el Sr. Obispo de Tuy. Nada cuatro meses.

Un homenaje a D. Manuel Barga y una fiesta gallega enebro con coros etc. Sino falla espero que ha de ser una solemnidad que ha de resonar en todas partes donde haya un gallego y ya sabes que nuestros paisanos están por todo el mundo. La fecha sería en la segunda quincena de Agosto y a poder ser en el aniversario del descubrimiento de la estatua de nuestro padre. No quise decirte nada interina no tuviera viabilidad la idea: Ya la tiene y ya lo dijo toda la prensa de la region y por eso es hoy cuando lo participo pues antes no conducía a nada.

Este viaje y la apertura de la temporada no me dejan tiempo para contestar varias de las cartas que tengo tuyas sin poder estudiar con la calma que requiere el reglamento del tranvía el que me mandas como los presupuestos a las Cortes con tal premura que necesitaría sesión permanente. Yo te enviare los de Vigo y Coruña pues algunas cosas son útiles y aprovechables.

Es preciso que tomes con paciencia los sinsabores que te ocasiona el tranvía. No hay empresa humana que nos los lleve consigo y de ahí el mérito que alcanza a quienes persisten apesar de las dificultades que se encuentran para poner término a una obra.

De lo que me hablas en la tuya del 27 del pasado pagina 2 referente a un crédito al Tranvía en

cualquier Banco de esa, es indispensable y urgente pues en esta situación no es posible continuar ni seguir con el Agua al cuello como hasta aquí.

Hondariz exige capital para poder trabajar nosotros precisamos conservar intacto el crédito del apellido cumpliendo nuestros compromisos y hace una temporada que estamos viviendo de una manera artificial lo cual tiene sus riesgos. Dos épocas del año son apuradas para esta casa central y son los tres primeros meses del año y los dos primeros de la temporada aquellos por la práctica de retirar los propietarios sus utilidades sin tener en cuenta los compromisos adquiridos y estos de precisión de colocación por los desembolsos precisos para preparar la campaña y no haber entradas por los conceptos de concurrencia.

Pasa de 150.000 pesetas las obligaciones de Hondariz en el momento sin mas fuente de ingreso que Botellas y este menudaje por ser la utilidad irrisoria. De esa utilidad tenemos que mendigar disponibilidades de Reinador y C^a por aparecer con saldo a su favor siendo en cambio de Pesetas 250.000 el de Vinda, aproximadamente, con el que no podemos contar.

De exportación vamos todo lo bien posible pues desde primero de Mayo llevamos servidas 144222 botellas grandes y 5380 botellas pequeñas; apesar de las dificultades de transporte pues no puede contarse mas que con los medios ordinarios de los carros. 1^o por que carros de bueyes no hay y los que se encuentran exigen precios no aceptables pues con utilidad de que tenemos de 0,02 en botella a poco que se estiremos resultamos con los pies al aire. En la oficial de hoy te envío el resultado del estudio de arrendo de precio el cual automaticamente y sin mas discusión es preciso empezar a regir en la fecha indicada pues de lo contrario no solo el Balance de fin de año sería aplastante sino que no podría vivir esta explotación.

Cuenta correo para la Sociedad General de Ferrocarriles gallegos pero como la cosa no es apremiante aplaza cuanto signifique desembolso por lo menos hasta Setiembre ahora necesitamos el último centimo para dar la batalla de verano.

Huiesca no creo que tuviera inconveniente en aplazar dos meses cobrando naturalmente intereses de demora.

No gires contra Enrique pues agrava la situación con el Hispano al que es preciso tener quietado

nº 3.

con movimiento en la cuenta .

El Jefe de recepcion que me has enviado supongo se marchara mañana pues no sirve para el cargo por estar en el ultimo grado de tuberculosis y yo que quizas tenga mal corazon creo que en negocios no debe existir filantropia ni otro sentimiento que la conveniencia del negocio mismo, he procurado empaquetarlo, veremos si lo puedo realizar mañana .Ya ves como la recomendacion de los amigos solamente puede estenderse hasta ciertos limites; De la sinceridad del afecto de Casimiro no se puede dudar y sin embargo nos ha endosado una gaseca .No sera cosa de intentar el reintegro de lo adelantado a ese pobre hombre pero tampoco prolongar la estancia aqui que nos es perjudicial .


Dile a mamá que aunque no le escribi recomende al contratista a Femina que dara la carne.

Por hoy termino enviandote un abrazo



Apéndice n.º 3:

Cartas a/de EPL; selección de fondos da RAG e da Fundación Penzol



La Cruz, 13-7-06

Sr. D.
Manuel Murguía
Lezica

Mi distinguido y querido
amigo:

El Sr. Luguís y yo tenemos
mucho gusto de verte á Ud. para
tratar de un asunto impor-
tantísimo que afecta al
país; y el Domingo día 15
saldrémos para esa en el
tren expres-correo de las 7^{1/2} de
la mañana.

Saluda en mi nombre á
su familia, y ordene á su affto.
D. G. S. M. Murguía

Mondariz 17 de Marzo de 1922

Sr. D. Manuel Murguía

Muy querido D. Manuel: De regreso de una corta estancia en diferentes plazas de esta provincia (regresé ayer) y hallo aquí sus atentas cartas que me apresuro a contestar para participarle que con mucho gusto he escrito a mi amigo D. Prudencio Landin pidiéndole la monografía histórica del Castillo de Tenorio y a D. José Lopez de Saa -Juez de 1ª instancia de Tuy también pidiéndole su folleto sobre Rodríguez de la Cámara o del Padrón. Tampronto como los reciba se los enviaré. Yo por casualidad no tengo ni uno ni otro, si los tuviese ya sabe que eran como si fuesen de Vd. Con este motivo le saluda y desea mucha salud su buen amigo que de veras le quiere y abraza

Mucho me complace saber que esta V. tan bien como sigue en sus tareas!



NIJOS DE PEINADOR
BALNEARIO DE MONDARIZ

Mondariz 8 de Mayo de 1913

Sr. D.
Ferrando Martínez Morás

Mi querido amigo:


Acabo de recibir la carta que oficialmente me dirige esa "REUNION RECREATIVA E INSTRUCTIVA DE ARTESANOS" haciendome la invitacion para asistir al barquete y velada que los dias 17 y 18 del actual se celebraran en honor de nuestro ilustre historiador y querido amigo D. Manuel Murguía.

Apresurose a participar a V. que no solo contribuyo con mi adhesion a tan simpaticos actos sino que asistire a ellos personalmente, para lo cual le ruego haga el obsequio de inscribirme en la forma que sea necesaria.

Tengo una verdadera satisfacion al ver el homenaje que se prepara en honor al insigne patriarca de las Letras gallegas y glorias de Galicia a la que unire mi abrazo carifoso y sincero.

Recuerdos a todos esos amigos a los que con este motivo tendré el gusto de saludar personalmente e interin tanto se reitera de V. affmo. y buen amigo.

Ferrando Martínez Morás
Línea.



PROPIEDAD
DE LOS
HIJOS DE PEINADOR

GALICIA - PONTEVEDRA

MADRID - JOVELLANOS, 5.

ESTABLECIMIENTO DE AGUAS BICARBONATADO-SÓDICAS DE MONDARIZ

SE EMPLEAN CON ÉXITO

EN LAS

INAPETENCIAS

ENFERMEDADES DEL ESTÓMAGO

Cálculos de las vías urinarias

Y DEL HIGADO

+

GOTA

Y DIATESIS ÚRICA

En los infartos de las vísceras abdominales

DIABETES SACARINA

CATARROS CRÓNICOS

ALGUNAS AFECCIONES DE LA PIEL

Y DE LA MATRIZ

ASMA-COPQUELUCHE-CLOROSIS-ANEMIA

y convalecencia de las enfermedades agudas

COMO LA TIFOIDEA

ETC. ETC.

*Al Sr. D. Antonio Sanjurjo
Hijo*

*Muy señor mío: Ruego
me envíe lo antes posible las
campanas que para la capi-
ta de este establecimiento le
encargo*

*Quedo de V. a. f. m. H. y b. m.
S. Peinador*

Mondariz 22 de Septiembre



Hijos de Pinador.

ADMINISTRACIÓN DEL ESTABLECIMIENTO

Fuentes de Gándara y Croncoso

GALICIA-MONDARIZ

Mondariz 13 de Septiembre de 1901

Pr. Sr. Antonio Loureiro Badia
Sigo

Muy Sr. mío y amigo:

Como la prensa para uva que
le tengo pedida es para usarla ahora, sentiéndome
decir a V. que si dentro de 15 días no me
la remite escusa de hacerlo, porque ya no tie-
ne objeto hasta la otra cosecha.

Entre tanto queda de V. muy muy
afecto. y at.º H.

q. b. s. m.

Enrique Ferrás

ENRIQUE PEINADOR LINES


Sr. D. Ramon Villar Ponte

Meu distinto amigo e irman : Estou a ler con toda ledicia a sua obra Doctrina Nazonalista que tan gentilmente m'adiconou.

Eiqui hay alguns amigos que desexan ler o seu libro, e como eu penso e' os libros dos amigos non se deben d'em prestar regelle me mande cinco exemplares e me diga o precio deles pra estes amigos que desean mercalos


Seu de cete bo amigo

Mondariz 2/2/22



Apéndice n.º 4

Canciones y Poesías Gallegas de Cástor Méndez Brandón (1908)



O meu mestre, Padre Alejo Blanco,
Escolapio.

Moi respectable anciano que giache
d'a miña xoventú os primeiros pasos;
que por debaixo d'a neve venerable
d'a cabeza, gardas aínda folgos tantos;
que d'o duro platino, o dur'agoante
tiveche, pra resistir á tanto asno,
tanto lapón ó lampantín, pro caso,
e tanto solene niqutate.

Estóate vendo, meu vello, sempre riola,
semp'r agradable, cortés e sempre agudo,
co'aquí teu xesto amable, ¡hastra n'escola!

Como xa estou ventand'eu ti un saludo,
¡Salúdote eu tamén co'a y'alma toda,
y'eino far! ¡ei ju... jul... ¡o'un aturaxo!

A meus amigos os "Hermanos Peinador",

De Galicia os industriás,
con talento emprendedor,
han d'andar... pr'a ahí... cecás...
ben contados... ó alrededor
dos dedos d'as miñas más.

Entr'iles todos trufando,
e sen lle facer favor,
cal millores apuntando,
hai que ir indo eiqui neubrando
os «Hermanos Peinador».

Os traballos e xenreira
que lles costou Mondariz
de posta a pedra primeira
chegaban en ringuleira
dend'o Porriño á Madrid.

A mistá que á Enrique m'une
des'cant'á xá... ¡xá fai ben vráus!

co'a calor d'a mesma lume
pr'á nos querer com'a irmas,
¡non fuxiu cal fóx'a fume!

Son nosos tratos parleiros:
per'il decote falando
d'os seus acordos *certeiros*
cal foron ademostrando
seus trufos tan lusinxeiros.

¡Con qu'ollifios de perdiz
que venta o cazador,
antes d'olérilo a nariz,
foi il topand'o millor
pr'as agoas de Mondariz!

¡Con qu'arruladoras vistas
aquil ollo seu feliz,
arromatáb'as conquistas
d'os mais rombosos agoístas
pr'as agoas de Mondariz!

Pr'o poder ben calcular
darll'o méreto que ten,
había qu'afrecoentar
o seu trato, con vagar,
com'o afrecoentej eu ben.

Médeco on tempo e industriá
os seus talentos de médeco
pr'a nad'os empleou xá,
espallando tod'o crédeto
n'a sua *aguña* minará.

D'os seus proxectos amante,
aunque retorrend'os miolos,
n'unha labor tan costante,
qu'outros volveríes tolos,
il logrou fosen pr'adiaute.

N'est'afán sempr'o axudou
con alma e vida seu irmau,
e chegaron entr'os dous
antr'alazada'as maus
onde nádia alí chegou.

O cabo d'os anos viron
seus traballifios logrados,
e Mondariz convirtiron
n'o «Paraiso encantado»
d'a Galicia á que serviron.

Per'unha labor com'a sua
que n'ademite cotexa,

os gallegos d'a rois *luz*
arroupárona co'a brua
d'a «condanada da envexa».

Mais iles, ternes que ternes;
fortes... cad'ora mais fortes,
loitaron sen crérs'enermes;
revolindo com'os vermes
qu'andan as loitas co'a morte.

¡Trunfaron! ¡trunfaron ben!
d'a «condanada da envexa»,
que *altes* gallegos lle ten
o que co iles se cotexa;
y'os outros que non... ¡tamén!

O meu amigo Pepe Porras.


N'os duros tempos d'aquela escuridá
que ch'arrasou a vista, meu Pepiño,
colleu dobr'arranque unha amizade
que xa entón tifi'o polso ben sanifo.

Loitando tú co'aquel'aversidá,
en bromas e paliques de cariño,
pasabámol'as noites; de camiño
ametigaba d'o teu mal a sua maldá.

Non esquezo aqueles tempos; foron s'indo
entr'as nevoas que pasan os recordos
mais pequenos e mais fráxiles; per'oíndo
estou unha voz máxica qu'os corbos
espantou, e noso regal'era; sintindo
¡d'o gran Carros resoár os estros torvos!

Apéndice n.º5:

Palabras de Ramón Cabanillas para a familia Peinador no seu discurso de entrada na RAG



e son ademáis encarnación lexítima d' amor â terra.

Pr'os que somos gallegos, e gallegos de corazón, o nome de Peinador tén que merecernos total-as consideraciós e total-as gabanzas e hastra todol-os agradecementos. Non solasmentes tivo a virtú de facer vir á Galicia á moitos que soio sabían de Galicia pol-a sona que de curral de vacas e de frágoa de segadores e de mozos de cordel tiña esta nosa meiga terra, sinón que inda quixo dar probas do seu fondo e sinceiro galleguismo, creando o Museo gallego de Pías, no que hai que entrar coa devoción con que s'entra n'un santuario homilde, n'unha d'esas ermidas pequeniñas que s' esconden entr'o proxio dos nosos campos.

E pra compretal-a obra d' enxebriño d'aquel patrucio de verdá, traballador incansable e loitador firme,

que se chamou Don Enrique Peinador Vela e que soupo descubrir pra impeceadeira gloria sua a fonte santa d'este santo milagre de Saúde, o seu fillo D. Enrique Peinador Lines creou aquí o coro *Agarimos da Terra*, que con tanta mestría cãta a nosa música popular, alegre unhas veces, tristeira outras, sempre soave e sempre doce, na que rebule tod' a yalma da nosa raza. ¡Quén nos dera en Galicia moitos Peinadores pra trocal-as nosas forzas mortas en forzas vivas!

Por eso n'esta ocasión memorable soio sei decirlle ós irmaus Peinador: —¡Gracias, moitas gracias! ¡Dios vol-o pague!

BIBLIOGRAFÍA

Aguas bicarbonatado sódicas de Mondariz. Fuentes de Gándara, las mas alcalinas de España. Declaradas de utilidad pública por decreto inserto en la «Gaceta de Madrid» de 18 de junio de 1873, Ed. sra. viuda é hijos de Peinador, Pontevedra, Imp. de Madrigal.

Aguilera Sastre, Juan (2011): «Las fundadoras del Lyceum Club Español», en *BROCAR* 35, páxs. 65-90.

Aleixandre, Vicente (1956): «Evocaciones españolas. Doña Emilia Pardo-Bazán, en el Balneario», en *Asomante*, n.º 1, Ed. Universidad de Puerto Rico, páxs. 37-39.

Alonso Álvarez, Luís, Elvira Lindoso Tato, e Margarita Vilar Rodríguez (2010): *O lecer das augas. Historia dos balnearios de Galicia (1700-1936)*, Galaxia, Vigo.

Álvarez, Basilio (primeira edición de 1913, usamos a reed. de 1977): *Abriendo el surco*, Akal, Madrid.

Álvarez Gallego, Xerardo (1972): *Vida, Paixón e morte de Alexandre Bóveda*, Editorial Nós, Buenos Aires.

Arribas, Miguel Ángel (s/d): *La hidratación a través de la historia. De la primera gota de agua hasta nuestros días*, Ed. pola xentileza dos Laboratorios Casen-Fleet, Utebo (Zaragoza).

Barral Martínez, Margarita (2013): «El tándem Vigo-Mondariz en los inicios del turismo moderno en Galicia», en *Historia Contemporánea* 50, páxs. 105-132.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2001): *Parlamentarios de Galicia. Biografías de deputados e senadores (1810-2001)*, Tomo I, Parlamento de Galicia e Real Academia de Galicia, Santiago.

Beramendi González, Justo (2007): *DE PROVINCIA A NACIÓN. Historia do galeguismo político*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

Candel, José María (1993): *Historia del dibujo animado español*, Ed. Regional de Murcia, Murcia.

Calvo, Tucho (1998): *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*, Edicións do Castro, serie Documentos, O Castro-Sada, A Coruña.

Carballa, Xan (2012): *Biografía de Valentín Paz-Andrade*, Galaxia, Vigo.

Caseiro, Delfín, María Luísa Malato, e María Celeste Natário (2012): *Teixeira de Pascoaes-Vicente Risco (Epistolario)*, Deputación de Ourense, Fundación Vicente Risco, Ourense.

Cervera Gil, Javier (2015): *Contra el enemigo de la República desde la Ley. Detener, juzgar y encarcelar en guerra*, Biblioteca Nueva, Madrid.

Del Castillo Campos, María Jesús (1993, facsímile autorizado da tese co mesmo título): *Historia del balneario de Mondariz hasta 1936*, Servizo de reprografía da Editorial da Universidade Complutense de Madrid.

Del Castillo Campos, María Jesús, et alii (1998): *Mondariz, un agua con historia. La pasión de una burbuja*. Catálogo da mostra homónima para celebrar o 125 aniversario do Balneario de Mondariz e o centenario do Gran Hotel, Fundación Mondariz-Balneario.

Domínguez Castro, Luís, e Xosé Ramón Quintana Garrido (2006): «Enrique Peinador Vela (1847-1917). A fortuna que xurdíu das augas» en *Empresarios de Galicia*, Volume 1 (Xoán Carmona Badía coord.), Fundación Caixa Galicia e Fundación Galicia Empresa, Santiago, páxs. 183-203.

Durán, José Antonio (1974): *Crónicas/1. Agitadores, poetas, caciques, bandoleros y reformadores en Galicia*, Akal, col. Arealonga, Madrid.

Durán, José Antonio (2001): *Alfredo Vicenti. «El maestro» del periodismo español (Santiago 1850-Madrid 1916)*, Asociación de la Prensa e Madrid/Taller de Edicións J. A. Durán, Madrid.

Echave Durán, M.ª Cristina (1997): *O Balneario do Lérez. Memoria gráfica dunha época*, Catálogo da exposición homónima, Museo, Deputación e Concello de Pontevedra.

Ezama Gil, Ángeles (2007): «Emilia Pardo Bazán revistera de salones: Datos para una historia de la crónica de sociedad», en *Espéculo. Revista de estudios literarios*, n.º 37. Universidad Complutense de Madrid.

_ (2011): «Los relatos de viaje de Gertrudis Gómez de Avellaneda», en *Anales de Literatura Española*, n.º 23, páxs. 323-351, Universidad de Alicante.

Facal Rodríguez, e Xoán Carmona Badía (2009): "José Riestra López, marqués de Riestra (1852-1923)", en *Empresarios de Galicia*, vol. 2, Fundación Caixa Galicia, Santiago.

Fernández del Riego, Francisco (1983): *Ánxel Casal e o libro galego*, Edicións do Castro, O Castro-Sada, colección Documentos, A Coruña.

Franco, Fernando, e María Celia Ameneiro Bravo (2006): *Enrique Peinador Lines. Burgués, empresario, galeguista, mecenas e filántropo*, Ir Indo, col. Biografías, Vigo.

Giráldez García, Diego: «Antonio Palacios. La huella de un genio», ed. páxina web da Fundación Mondariz Balneario (entrada 25/10/2015). Tamén en *Foro de encuentros Mondariz. Recuperar la Memoria. El balneario y su historia (2006)*, Balneario de Mondariz, Mondariz-Balneario, páxs. 34-38.

González Amezqueta, Adolfo, José Ramón Iglesias Veiga, e José Luis Pereiro Alonso (1998): *Arquitecto Antonio Palacios (1874-1945)*, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, Santiago.

Guitián, Xoán (2004): «Valle-Inclán e a “Sociedad de los Amigos de Galicia”», en *Cuadrante*, n.º 9, xullo, páxs. 33-42.

Guisado Nogueira, José (2007): *Mondariz. Historia, Guía, Hechos pasados*, Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Gurriarán, Ricardo (2006): *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940). Do influxo institucionalista e a JAE á depuración do profesorado*, Servizo de Publicacións da USC, Santiago.

_ (2009): «Matías López y López (1825-1891). O primeiro gran fabricante español de chocolate e pioneiro da publicidade moderna», en *Empresarios de Galicia*, Volume 2 (Xoán Carmona Badía coord.), Fundación Caixa Galicia e Fundación Galicia Empresa, Santiago, páxs. 72-97.

_ (2009b): *Obella Vidal: investigador, empresario e galeguista*, Foro Enrique Peinador, Vigo.

_ (2010): *Inmunda escoria. A universidade franquista e as mobilizacións estudantís en Compostela, 1939-1968*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

_ (2014): *Galicia ten un referente: Isidro Parga Pondal*, Deputación da Coruña, Xunta de Galicia e Fundación Enrique Peinador, A Coruña.

_ (2015): *Fernando Alsina e o seu Diario de Guerra*, Alvarellos Editora, Santiago de Compostela.

Gutiérrez Díaz, Francisco (2006): *Mariano Pedrero, el ilustrador de Cantabria*, Centro de Estudios Montañeses e Consejería de Cultura, Turismo y Deportes del Gobierno de Cantabria, Santander.

Hernández Iranzo, Bernardo José M.ª (2003): *José Mª García Blanco Oyarzábal «El hombre y su obra». Una etapa de la bioquímica y de la fisiología valenciana (1941-1968)*, Servei de Publicacions de la Universitat de Valencia, Departamento de Fisiología, Valencia (traballo de doutoramento presentado na mesma institución en 1999).

Hooper, Kirsty (2013): *Mondariz - Vigo - Santiago. A brief history of Galicia's Edwardian tourist boom*, Fundación Mondariz Balneario.

<http://www.fundacionplacidocastro.com-quen-e-placidocastro/o-compromiso-galeguista-1931-1936>

<http://www.valentinpazandrade.es/gl/novas/1921-cronista-de-guerra>

Iglesias Veiga, José Ramón (1993): *Antonio Palacios, arquitecto. De O Porriño a Galicia*, Deputación de Pontevedra, Pontevedra.

_ (1993b): «O ferrocarril atravesaba o val Dalourriña», en *O tranvía*, n.º 4, xan.-marzo, páxs. 24-26.

_ (1995): *Antonio Palacios. A pedra, a arte, o urbanismo, a renovada tradición: o oficio de arquitecto*, Ir Indo, Vigo.

_ (2014): «Os xardíns do Balneario histórico de Mondariz a través do tempo», en *Glaukopis, Boletín do Instituto de Estudos Viguezes*, n.º 19, páxs. 117-170.

Las aguas de Mondariz. Album-Guía publicado por los propietarios del Establecimiento minero-medicinal, Ed. Establecimiento tipográfico «Soceros de Rivadeneyra», Madrid, 1899.

Landín Tobío, Prudencio (1999, 3.ª ed.): *De mi viejo carnet*, Servicio de publicacións da Deputación de Pontevedra.

Leboreiro, María A. (1996): *A vida dos balnearios de Galicia*, Ir Indo, Vigo.

Leonardo Docanto, Francisco J. (2013): «Isidro Parga-Pondal Doutor en ciencias. Itinerario investigador», tese inédita lida na Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Ciencias Físicas, dirixida por Ricardo Gurriarán.

Maceira Fernández, Xosé Manuel (2014): *Leandro Carré. Un século de cultura e compromiso*, Editora Alvarellos, Santiago de Compostela.

Madoz, Pascual (1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*, Madrid.

Martínez Vicente, Benito (2012): «Los orígenes de la canción popular en el cine mudo español (1896-1932)», tese de doutoramento inédita presentada na Facultade de Ciencias da Información de Madrid (Dpto. de Comunicación Audiovisual e Publicidade I), dirixida por Emilio Carlos García Fernández, Universidad Complutense de Madrid.

Méndez Brandón, Cástor (1908): *Canciones y Poesías Gallegas*, Imprenta de Ricardo Rojas, Madrid.

Mera Costas, María del Pilar (2011): «Proyectos democráticos en la Segunda República española. El discurso de centro de Manuel Portela Valladares», en *Res pública*, 25, páxs. 177-198/.

MONDARIZ: reseña general, 1906 [reed. en 2006], Ed. Sucesores de Rivadeneyra, Madrid.

Mondariz (Claudio González Pérez) voz na *Gran Enciclopedia Gallega* de Silverio Cañada (1974), Tomo XXI, páxs. 132-135, Gijón-Santiago.

Mondariz-Vigo-Santiago. Guía del Turista (1912, reed. en 2003), Sucesores de Rivadeneyra, Madrid, e Maxtor, Valladolid, respectivamente.

Monteagudo, Henrique, coord. xeral (2000): *Obras de Castelao* (Tomo VI), Galaxia, Vigo.

Otero Pedrayo, Ramón (1945, 2.^a ed.): *Guía de Galicia*, Sucesores de Gali, Santiago de Compostela.

_ (1953): *O libro dos amigos*, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires (Buenos Aires, Arxentina). Foi reeditado pola Editorial Galaxia, Vigo, en 1997.

Pardo Bazán, Emilia (1907): "Mis retratos y mis caricaturas", *Caras y caretas*, Buenos Aires.

Paredes Pardo, Alfonso (2011): *Mondariz Balneario. Episodios memorables*, Deputación de Pontevedra, Pontevedra.

Paz-Andrade, Valentín (1982): *Castelao na luz e na sombra*, Ediciós do Castro, serie Documentos, O Castro-Sada, A Coruña.

Peinador Lines, Enrique (comp. e reed. 2004): *Xerga dos cesteiros de Mondariz*, ed. Fundación Premios da Crítica Galicia.

Peña Novo, Lois (1921, reed. 2005): *La Mancomunidad gallega*, Ed. Biblioteca de la revista Mondariz (primer concurso sobre temas interesantes para Galicia), *Mondariz*; reed. Biblos, col. Mandaio, Cesuras, A Coruña.

Pereira Fernández, Xosé Manuel (2011): *El Balneario del Lérez. La aventura termal de Casimiro Gómez*, Deputación de Pontevedra Editorial, Pontevedra.

Pérez Sánchez, Manoel Antonio (1979): *Manoel Antonio. Correspondencia III*, Galaxia, Vigo.

Pérez Sánchez, Yolanda (2005): *El Balneario de Mondariz. La creación de un lugar (1873-1931)*, tese de doutoramento inédita, dirixida pola profesora M.^a Luísa Sobrino, presentada na Facultade de Xeografía e Historia da USC.

_ (2006): «La escritora en el balneario. Emilia Pardo Bazán y Mondariz», en *La Tribuna. Cadernos de estudos da Casa Museo Emilia Pardo Bazán*, n.º 4, A Coruña, páxs. 271-290.

_ e outros (2008): *Buvette (1908-2008). 100 años del Pabellón de Gándara*, Fundación Mondariz Balneario.

Pintos Reino, Camilo (1923): *Memoria del establecimiento creno-climático de Mondariz por el médico-director de aguas y baños minero-medicinales, por oposición Camilo Pintos Reino*, Imprenta La Comercial (?).

Primer Congreso de Economía de Galicia, organizado por dicha corporación y que tuvo lugar en esta capital durante los días 7 y 8 de octubre de 1925, editado polo «Ayuntamiento de Lugo» (1926). Reedición por Ediciós do Castro (1991), O Castro-Sada, A Coruña.

Rei, Luís (2009): *Ramón Cabanillas. Crónica de destierros e saudades*, Galaxia, Vigo.

Reboreda, Alberte (2015): «O petróglifo da chan da Gándara. Memoria dun gravado rupes-

tre indultado», *Pontevedra Revista de Estudos*, n.º 24, páxs. 247-260.

Rolland, Eduardo (2015): «Peinador: unha moeda galega antes do euro», en GCIENCIA <http://www.gciencia.com/historias-gc/peinador-a-moeda-galega-de-antes-do-euro/30/09/2015>

Taboada Leal, Nicolás (1877): *Hidrología médica de Galicia o sea Noticia de las aguas mine-ro-medicinales de sus cuatro provincias de este antiguo reino*, Est. Tip. de Pedro Núñez, Madrid (reed. de 2011 por varias corporacións galegas).

Torres Carbajo, Fernando (2015): «El manantial medicinal de Troncoso», en *Vigo.e* (revista dixital).

Vales Rodríguez, Xaquín (2006): *Actos académicos en Mondariz*, Ir Indo, Vigo. e en Coral de Ruada suplemento n.º 2.

Vallejo Pousada, Rafael (2014): «*Salud y recreo*: los establecimientos balnearios de Galicia y el descubrimiento de una periferia turística en el primer tercio del siglo XX». Comunicación presentada no XI Congreso Internacional de la AEHE, Madrid.

VV. AA. (1985): *A Autonomía galega (1846-1981)*, Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Vilar Rodríguez, Margarita (2011): «Balnearios, intereses políticos y desarrollo turístico en el noroeste de España: el caso de A Toxa y Mondariz (1874-1935)», *Cuadernos de Historia Contemporánea*, vol. 33, páxs. 163-185.

Vilar Rodríguez, Margarita, e Elvira Lindoso Tato, (2014): «La industria del agua embotellada en Europa, siglos XIX-XX», en *Agua y Territorio*, n.º 4, xullo-dецembro, Universidad de Jaén, páxs. 108-124.

Villanueva, Carlos, Justo Beramendi, Carlos García Martínez, e Margarita Santos Zas, (2015): *Víctor Said Armesto e o seu tempo: perspectivas críticas*, Fundación Barrié, Deputación de Pontevedra e Museo do Pobo Galego, A Coruña.

Walton, John K. (2014): «Family firm, health resort and industrial colony: The grand hotel and mineral springs at Mondariz Balneario, Spain, 1873-1932», en *Business History*, vol. 56, n.º 7, páxs. 1037-1056.

FONTES PRIMARIAS

Centro Documental da Memoria Histórica de Salamanca. Expediente 42/2851, de Georgina Porrúa de Peinador.

Arquivo Histórico Nacional. Expediente persoal de estudos de bacharelato e universitarios de Enrique Peinador Lines. Fondo universidades. Universidad Central, expedientes personales:

Sign. 7310, exp. 59.

Sign. 4565. Exp. 28.

Sign. 5993. Exp. 17.

Arquivo do Concello de Mondariz-Balneario. Libro de Actas n.º 1 do Concello de Mondariz-Balneario (actas de outubro a decembro de 1929).

Fundación Penzol. Fondo de cartas de Enrique Peinador Lines (dúas).

Arquivo da Real Academia Galega. Fondo de cartas de Enrique Peinador Lines (cinco).

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Correspondencia de Enrique Peinador Lines (dezaseis cartas e dous telegramas).

Arquivo Particular de Ramón Torres, de Caldas de Reis (30 cartas a Enrique Peinador Lines, documentos varios, follas voantes, fotos, revistas da época e papeis varios de Enrique Peinador Lines).

ÍNDICE ONOMÁSTICO

Adalid, Marcial del, músico galego: 85
Aguilar, Florestán, odontólogo: 122
Aguilera Sastre, Juan: 179
Alcalá Zamora, Niceto: 169
Aleixandre, Vicente, poeta español: 184
Aleixandre Ballester, Concepción: 124
Almagro González, Antonio: 140
Antela, Indalecio, comerciante: 70
Alonso Álvarez, Luís: 18, 19, 20, 32, 43, 52, 57, 67
Alonso Ríos, Antón: 180
Álvarez, Basilio, crego e político: 38, 41, 77, 120, 159
Álvarez, Melquiades, político español: 119
Álvarez de la Braña, Ramón: 32
Álvarez de Sotomayor, Fernando: 134
Álvarez Gallego, Xerardo: 162, 165, 167, 169
Álvarez Limeses, Darío: 68, 125
Ameneiro Bravo, María Celia: 17, 27, 31, 67, 135, 139, 175, 176
Antela, Indalecio, comerciante: 70
Arenal, Concepción, galega universal: 119, 178
Argumosa, José de, médico e político español: 77
Arniches, Carlos, autor teatral: 77, 86
Arranguiz, Emilio H., xornalista e militar: 26, 74
Asorey González, Francisco: 134
Auber, Virginia Felicia, escritora galega: 124
Aza Álvarez-Buylla, Vital: 77
Azaña, Manuel, presidente da II República: 167
Azorín (José Martínez Ruíz), escritor: 79

Baldomir Rodríguez, José: 85
Bal e Gay, Xesús: 93, 159, 176
Banet Fontenla, Manuel (Manoel): 156
Barcia Caballero, Juan: 77
Barral Martínez, Margarita: 26
Barreiro Fernández, Xosé Ramón: 37, 38, 45, 51, 133
Barreras, familia viguesa de empresarios navais: 83
Barreras Massó, Federico: 82, 83
Becerra Armesto, Manuel: 38
Beiras, Antón, oftalmólogo vigués: 11
Bell, Aubrey F. G., xornalista e escritor inglés: 82

Bello Piñeiro, Felipe: 134
Ben, Inés de, heroína coruñesa fronte ao inglés: 124
Ben (El) Mizzian, Mohamed, militar: 63,
Benjumea y Burín, Rafael, conde de Guadalhorce: 152
Beramendi González, Justo: 116, 120, 135, 155, 156, 162, 168, 169
Beruete y Moret, Aureliano de: 173
Bispo de Tui (Manuel Lago González): 145
Blanco Lage, Domingo: 32
Blanco Rivero, Luís: 109
Blanco Torres, Roberto: 120
Blasco Ibáñez, Vicente: 178
Booth, Alfred, empresario navieiro inglés: 83
Bosch Gimpera, Pedro: 109
Bosch Marín, Juan: 100
Bouza Brey, Fermín: 143, 144, 145
Bóveda, Alexandre, galeguista: 116, 165, 166, 167, 180
Brañas, Alfredo, rexionalista: 32, 114
Bruno, Giordano: 41
Buceta Solla, Isidoro Sebastián: 32
Bugallal, familia (Bugallales): 51, 73, 175
Bugallal Araújo, Isidoro: 43

Caamaño de Lacy, M.^a Teresa: 124
Cabanillas, Ramón, poeta galego: 68, 87, 105, 109, 119, 133, 134, 135, 138, 139, 140, 141,
142, 143, 144, 145, 146, 152, 153, 156, 159, 179, 180, 204
Cabeza de León, Salvador: 122
Calleja, editor: 134
Calvet Prats, Fernando: 162
Calvo, Tucho, escritor e editor: 159
Calvo Sotelo, José: 49, 152
Campoamor, Clara, política e sufraxista: 178
Camprubí, Zenobia, escritora española: 179
Canabal, Xesús, empresario galego na emigración: 9, 12
Canalejas Méndez, José: 81
Candeira, familia: 73
Candel, José María, historiador: 134
Canido Pardo, Senén: 43
Carballa, Xan, xornalista: 146
Carballeira, Xesús: 176

Carballeira, Xohán (Juan), escritor e galeguista: 163, 175
Cardoso García, Honorio: 181
Carmona Badía, Xoán: 83
Carré Aldao, Eugenio: 26, 38, 163
Carré Alvarellós, Leandro: 175
Carrera, familia: 73
Carro, Santiago, médico galego en Madrid: 123
Casals, Pau, músico catalán: 88
Casanova de Lutoslawski, Sofía: 38
Casares Gil, José: 100
Casares Quiroga, Santiago: 167
Casares Rodríguez, Antonio: 32, 99
Casas, Álvaro de las, galeguista: 175
Caseiro, Delfín, investigador: 155
Castelao, Daniel R.: 88, 93, 120, 122, 134, 135, 141, 143, 144, 145, 146, 157, 159, 164, 165, 167, 168, 173
Castelar, Emilio, político español: 77, 79, 99
Castillo Campos, Ma Jesús del: 23, 27, 31, 32, 37, 48, 57, 67, 82, 83, 88, 95, 100, 103, 107, 152
Castillo López, Ángel del: 110
Castro, Plácido R., escritor e galeguista: 162
Castro, Rosalía de, poetisa galega: 37, 119, 120, 141, 166, 180
Castromil, Ramón, empresario galego: 12
Casulleras Galiana, Isidro: 32
Cebreiro Martínez, Álvaro: 134, 135
Cernuda, Luis, poeta español: 184
Cervera Gil, Javier: 176
Challice, Rachel, xornalista e hispanista inglesa: 82
Chirinos, Felipe, xornalista galego na emigración: 53
Cobián Roffinac, Eduardo: 81
Codina e Castellví, José: 124
Colón, Cristóbal, navegante: 47
Compaired, Celestino, médico de baños: 23
Companys, Lluís, presidente de Catalunya: 167, 179
Conde, familia viguesa de consignatarios de buques: 83
Conde de Floridablanca (José Moñino y Redondo): 178
Conde Domínguez, Fernando: 125
Condes de Creixell (Vicente Sagarriga e Julia Becerra): 159
Cordobés Carrera, Cosme: 42

Corral, Imeldo, pintor galego: 134, 135
Cortezo y Prieto de Orche, Carlos M.: 77, 123
Cotarelo Valledor, Armando: 159
Coullaut Valera, Lorenzo: 80, 87
Curros Enríquez, Manuel: 46, 47, 79, 87

Darier, xardineiro francés: 74
Deane, Desdemond, escritora inglesa: 82
Decref y Ruiz, Joaquín: 103, 104
Díaz de Rábago e Díaz de Mier, Joaquín: 114
Díaz Pardo, Isaac: 9, 12
Dieste, Rafael, escritor galego: 157
Docet, Emilia, Miss España viguesa, 1933: 165, 178
Domínguez, José, enxeñeiro e músico: 87
Domínguez Castro, Luís: 42, 57, 67, 73, 95
Domínguez, Evaristo, libreiro de Mondariz-Balneario: 139
Domingo, Marcelino, ministro da II República: 167
Durán, Estanislao, consignatario de buques vigués: 81, 82, 83
Durán, José Antonio, historiador: 79

Echave Durán, Ma. Cristina: 81
Echegaray, José, Premio Nobel español: 26, 52, 77, 79
Eijo Garay, Leopoldo: 140
Elduayen y Gorriti, José: 128
Elvira Guzmán, Luis: 183
Escardó Settier, Fernando: 43
Espina e Capó, Juan: 124
Ezama Gil, Ángeles: 79, 80

Facal Rodríguez, María Jesús: 83
Falla, Manuel de, músico español: 93
Fariñas, Isidro, crego de Mondariz: 58, 62
Feijóo Poncet, Perfecto: 119
Fernández de la Vega y Lombán, Jimena: 125
Fernández del Riego, Francisco: 162
Fernández Flórez, Wenceslao: 120, 121
Fernández López, Antonio: 9
Fernández López, irmáns (José e Antonio): 12
Fernández Mazas, Cándido: 143

Filgueira Valverde, Xosé: 139, 149
Formentini, Ada, música moza: 87
Franco, Fernando, xornalista vigués: 17, 27, 31, 67, 135, 139, 175, 176
Franco Grande, Xosé Luís: 183
Franco Rastrollo, Rafael, músico: 85
Fuente Domínguez, Jenaro de la: 37

Galinsoga, Luis de, xornalista madrileño: 152
Gaos, Andrés, músico galego: 85
Garagarza y Dugiols, Fausto: 32
García, Pío, fotógrafo e editor: 184
García Álvarez, Cesáreo: 120
García Ascot, Rosa: 93
García Barbón, José: 125
García-Blanco Oyarzábal, José: 106, 107, 125, 180
García de la Riega, Celso: 47, 79
García de Vinuesa, médico: 100
García Escudero, Valentín: 32
García Feijóo, Francisco: 125
García Gómez, Valentín: 10
García Martí, Victoriano: 153, 159, 176, 178
García Martínez, Carlos: 120
Gasset Chinchilla, Eduardo: 52
Gasset Chinchilla, Rafael: 38
Gay, Rafael: 53
Gil Varela, Álvaro: 9, 12
Gimeno, Amalio, médico e político: 123
Giner de los Ríos, Francisco: 104, 119
Giráldez García, Diego: 68
Golpe Varela, Salvador: 163
Gómez, Casimiro, propietario do Balneario do Lérez: 80, 81
Gómez de Avellaneda, Gertrudis: 79
Gómez de Bedoya y Paredes, Pedro: 31
Gómez Ocaña, José: 123
Gómez Paratcha, Laureano: 125, 159
Gómez Román, Manuel: 162, 167
Gómez Ulla, Mariano: 124, 125
González Besada, Augusto: 81, 83
González Martínez, Xosé: 13, 27, 49, 17, 176, 184

González Páramos, Juan: 88
Goyanes Capdevila, José: 123, 125
Gracia Castillo, avogado: 152
Guedea, Luis, médico: 123
Guisado Nogueira, José: 49, 85
Gutián Rivera, Xoán: 153
Gurriarán Rodríguez, Ricardo: 9, 11, 12, 21, 49, 107, 109, 162, 180, 183, 184
Gutiérrez Díaz, Francisco: 134

Haffid, Muley: 63
Hartley, C. Gasquoine, escritor inglés: 82
Hervada, Enrique, tisiólogo coruñés: 123
Hooper, Kirsty, hispanista inglesa especialista en Galicia: 84
Hume, Martin, hispanista inglés: 82

Iglesias Veiga, José Ramón: 26, 70, 73, 74, 83
Ivén Ferraz, Artur: 152

Jiménez Bellido, Jerónimo: 86
Jiménez de Asúa, Luis, avogado e político: 167, 180
Jovellanos, Gaspar Melchor de: 125

Kent, Victoria, sufraxista do voto feminino e política: 167, 179
Ksado (Luís Casado Fernández), fotógrafo galego: 135

Lamas, Atilano, inspector de sanidade: 23
Lamas Carvajal, Valentín: 79
Landín, Andrés, xornalista pontevedrés: 47
Landín Tobío, Prudencio: 37, 38, 52, 79, 80
Lema Martín, Eladio de: 119
Leonardo Docanto, Francisco J.: 53
Lerroux, Alejandro, político español: 165, 167
Linares Rivas, Aureliano: 38
Lindoso Tato, Elvira: 18, 19, 20, 32, 43, 52, 57
Lines López (de Peinador), Avelina: 107, 109
Llord y Gamboa, Ramón: 23
Lloréns, Francisco, pintor galego: 134
López Cuevillas, Florentino: 109, 110, 111, 113
López, Matías, empresario galego: 21

Lousada Diégues, Antón: 156
Lugrís, Urbano, pintor: 134
Lugrís Freire, Manuel: 45, 163
Lustres Rivas, Manuel: 79, 120

Maceira Fernández, Xosé Manuel: 38
Machado Guimarães, Bernardino: 134
Madoz, Pascual: 31
Macías García, Marcelo: 145
Malato, María Luísa, investigadora: 155
Mancheño Tobella, músico sevillano: 85
Manoel Antonio (Pérez Sánchez): 120, 134, 135, 157
Marañón, Gregorio, endocrinólogo: 123
Marco, Fernando, debuxante valenciano: 134
Marescot Iglesias, Enrique: 125
Marqués de Figueroa (Juan Bautista de Armada y Losada): 38, 141
Marqués de Cavalcanti (José Cavalcanti de Albuquerque): 109
Marquesa de Bóveda de Limia: 124 (Josefa Miranda)
Martín Martínez, Joaquín: 119
Martín Rodríguez, «Cheché»: 119
Martínez Morás, Fernando: 46
Martínez Salazar, Andrés: 163
Martínez Sierra, Gregorio: 134
Martínez Sierra, María: 178
Martínez Torner, Eduardo: 93
Martínez Vicente, Benito: 86
Mason (Mr.), paisaxista inglés: 83
Massó, familia de empresarios conserveiros galegos: 83
Meakin, Anette M. B., escritora e xornalista inglesa: 82
Medal, Antón, pintor: 68
Meder, Antón de (Antón Fontán), activista cultural: 165
Mellado, Andrés: 77
Menano, compositor portugués: 85
Méndez, Begoña, lingüista: 184
Méndez Brandón, Cástor: 201
Méndez Ferrín, Xosé Luís: 165
Mera Costas, María del Pilar: 159, 165
Millán Millán, Manuel: 125
Mohamed, Hachi: 58, 62

Mollá, Rafael, médico anatomista: 123
Mon e Landa, Alejandro: 81
Monte, Juan del, xornalista: 63
Monteagudo Romero, Henrique: 93, 141, 167
Montero Ríos, Eugenio: 21, 23, 38, 43, 79, 81
Montero Villegas, Eugenio: 23
Montes, Xoán, músico galego: 85
Moreno del Villar, familia: 53
Moreno del Villar (Porrúa), Natalia: 52
Muniesa, banqueiro: 129
Muñoz del Castillo, José: 100
Murguía, Manuel: 37, 38, 45, 46, 109, 110, 141, 143, 145, 163, 169
Murguía, Ovidio, pintor galego fillo de Rosalía e de Murguía: 141

Natário, María Celeste, investigadora portuguesa: 155
Negrín, Juan, político socialista e xefe de goberno na II República: 182
Nelken, Margarita, sufragista, feminista e política: 179
Nogueira, Camilo, escultor vigués: 169
Noguerol, Arturo, avogado e galeguista ourensán: 173
Noriega Varela, Antonio: 77, 88
Novo Campelo, Antonio: 122
Novoa, Paco, empresario ourensán: 184
Nóvoa Santos, Roberto: 109
Núñez de Arce, Gaspar: 77

Obella Vidal, Ramón: 9, 11, 12, 183
Olavide y Landázabal, José E.: 77
Ortega y Gasset, Eduardo: 167
Otamendi, Joaquín: 68, 70
Otero Pedrayo, Ramón: 107, 146, 149, 159, 162, 168, 169, 173, 178, 184
Oyarzábal, Francisco: 70
Oyarzábal, Isabel, feminista: 179

Palacio, Manuel del: 52
Palacios Ramilo, Antonio: 12, 68, 70, 71, 73, 103, 104, 105, 133
Palacios Ramilo, José: 68
Parada Justel, Gumersindo: 120
Pardeiriña (sr.), veciño de Mondariz-Balneario: 111
Pardo Bazán, Emilia: 23, 38, 79, 80, 119, 134, 183

Pardo Labarta, Eudoro: 125
Paredes Pardo, Alfonso: 42, 85
Parga Pondal, Isidro: 9, 11, 12, 53, 107, 108, 109, 111, 180
Paz Andrade, Valentín: 9, 58, 62, 68, 141, 143, 146, 159, 166, 167, 180
Paz Varela, Manuel: 68, 125
Pedrero López, Mariano: 134
Peinador, familia: 73, 79, 81, 82, 107, 122, 149
Peinador Castrillo, Pedro: 17
Peinador del Pino, Ramón: 17
Peinador Estévez, Isidora: 81
Peinador Lines, María: 43
Peinador Lines, Ramón: 43, 99, 128, 129, 145, 175, 182, 192
Peinador Porrúa, Avelina: 107, 108, 109, 180
Peinador Porrúa, Enrique: 42, 167, 175, 176, 177, 178, 179, 180
Peinador Porrúa, familia: 53
Peinador Porrúa, Georgina: 107, 109, 180
Peinador Porrúa, Natalia: 109, 179
Peinador Vela, Gumersindo Ramón: 17, 20, 31, 33, 37, 38, 42, 43, 47, 81
Peña, Leonardo de la, médico urólogo: 23, 123
Peña Novo, Lois: 116, 117, 119, 120, 159, 173
Peral, Isaac, enxeñeiro e militar español: 74, 79
Peralba González, José Santos: 52
Pereira de la Riva, Aureliano J.: 79
Pereira Fernández, Xosé Manuel: 81, 84
Pérez Constanti, Pablo: 77
Pérez Sánchez, Yolanda: 20, 37, 48, 49, 53, 68, 70, 74, 82, 133, 135, 139
Pericot García, Luís: 109
Peynador y Borges, Alonzo: 17
Pi i Sunyer, Augusto: 77, 100
Pintos, Gonzalo, presidente da Audiencia de Pontevedra: 120
Pintos Reino, Camilo: 23, 32, 48, 57, 103
Piñeiro Ramón, intelectual galeguista: 166
Pita, María, heroína galega contra o inglés: 124
Pittaluga, Gustavo, médico parasitólogo: 123
Pomar, Juan, músico: 84
Pondal, Eduardo, poeta galego: 139, 163
Pondal, familia: 73
Pondal Abente, Isidro: 21, 23, 32, 57, 77, 100, 107, 124
Portela Valladares, Manuel: 41, 157, 159, 161, 165, 167

Porrúa, familia: 53
Porrúa Moreno, José: 52, 53
Porrúa (Moreno del Villar) de Peinador, Georgina: 42, 52, 180, 181, 182
Prado «Lameiro», Xavier: 120
Presa (Sr.), veciño de Mondariz-Balneario: 110
Primo de Rivera, familia: 26
Primo de Rivera, Carmen: 152
Primo de Rivera, José Antonio: 152
Primo de Rivera y Orbaneja, Miguel (II marqués de Estella): 49, 51, 146, 150, 151, 152, 155, 157, 175, 178
Puente, Manuel, empresario galego na emigración: 9
Puente Castro, José: 125
Pulido Fernández, Ángel: 77, 123
Purísima Concepción, sor Melchora de la: 124

Quintana Garrido, Xosé Ramón: 42, 57, 67, 73, 95
Quintanilla Martínez, Ánxel: 155
Quintero, Antonio, músico compositor de zarzuela: 85
Quiroga, Manuel, músico compositor de zarzuela: 85

Ramón y Cajal, Santiago: 26
Reboreda, Alberte, investigador: 37, 110
Recaséns, Sebastián, obstetra: 123
Regueiro López, Julián: 125
Rey Soto, Antonio: 79, 141, 143, 144, 145, 149, 153
Rezola, Joseba, militante nacionalista vasco: 162
Ribadeneira, editor e impresor de Madrid: 80
Riestra, familia: 80, 81
Riestra Calderón, Vicente: 73, 81
Riestra López, José Ma. (marqués de Riestra): 73, 79, 81, 82, 83, 107, 125
Ribalta Copete, Aurelio: 79
Risco, Vicente (Martínez): 119, 135, 139, 140, 144, 153, 155, 156, 157, 168, 169, 173
Roca Cabell, Joan Bautista: 163
Rockefeller III, millonario americano: 152
Rodríguez Abaytúa, Nicolás: 123
Rodríguez Cadarso, Alejandro: 109, 122, 125
Rodríguez Carracido, José: 26, 77, 100, 101
Rodríguez de Vicente, José: 117, 119
Rodríguez Elías, Avelino: 77, 120

Rodríguez Fornos, familia: 73, 124
Rodríguez Fornos, Maximino: 124
Rodríguez-Fornos González, Fernando: 77, 123, 124
Rodríguez González, Eladio: 46, 120
Rodríguez López, irmáns, empresarios galegos: 183
Rodríguez Pinilla, Hipólito: 27, 67, 113, 123
Rodríguez Rodríguez, Antonio: 149
Rodríguez Sobrino, José: 99, 103, 123, 124
Rodríguez Viforcós, Alfredo: 77
Roldán, debuxante: 161
Rolland, Eduardo, xornalista vigués: 70
Rubio, Pedro María, médico de baños: 37

Said Armesto, Víctor: 120
Sal Lence, Jerónimo: 123
Sampedro (sr.), veciño de Mondariz-Balneario: 110
Sampedro Folgar, Casto: 38, 120
Sanjurjo Aranaz, M. Antonina: 169
Sanjurjo Badía, Antonio: 42, 73, 125, 169, 176
Sanjurjo Otero, Manuel: 73
San Martín y Satrústegui, Alejandro: 124
Santos Zas, Margarita: 120
Sanz, Felipe, comerciante: 70
Sanz Bombín, Manuel: 77
Sarmiento de Mendoza, Diego: 17
Schegoyen, compositor portugués: 85
Seoane, Luís, pintor: 12, 134
Sestelo, Daniel: 73
Sigüenza Reimúndez, Julio: 175
Simonena y Zabalegui, Antonio, médico: 77, 109
Sobrino Buhigas, Carlos: 116, 120, 186
Solá, Jaime, xornalista: 68, 74, 84
Solana (Gutiérrez), pintor: 134
Sorolla, Joaquín, pintor: 134
Soutullo, Reveriano, músico galego: 85
Suárez Couto, irmáns: 176
Subirá, Josep, musicólogo catalán: 93
Suénder Rodríguez, Enrique: 77
Taboada Leal, Nicolás: 31, 32, 77

Teijeiro Fernández, Maximino: 32, 99
Teixeira de Pascoaes (Joaquim Pereira Teixeira de Vasconcelos): 120, 134, 135, 153
Tettamancy Gastón, Francisco: 163
Thompson (Mr.), fomentador do turismo británico en Galicia: 84

Tojo, compositor galego: 85
Torre Sánchez-Somoza, Casimiro: 23, 77, 122
Torre Sánchez-Somoza, Lino: 79
Torres, Ramón: 18, 57, 67, 111, 113, 116, 120, 129, 134, 135, 139, 140, 144, 145, 153, 156, 157, 168, 184
Torres Carbajo, Fernando, xornalista: 67
Trayner, Charles Hugh Maxwell, cónsul británico na Coruña: 84
Troncoso Rozas, José: 125
Tudela, Mariano, escritor coruñés: 134
Turner, M. Stors, escritora inglesa: 82

Uhagón e Hurtado de Corcuera, Manuel María de: 32

Vaamondes, «los» (Florencio e César Vaamonde Lores): 163
Vales Rodríguez, Xaquín: 82, 133, 143, 149
Valle-Inclán, Ramón María del: 153
Vallejo Pousada, Rafael: 18, 21, 82, 84
Vaquero, Carme, coordinadora colectivo Galeguizar Galicia: 184
Varela Gil, Juan: 125
Vázquez del Viso, Vicente: 125
Vázquez Queipo, Vicente: 11,
Vega-Inclán y Flaquer, Benigno de la: 21
Veiga, Pascual, músico galego: 85
Verea, Ramón, matemático galego: 11
Vicenti Rey, Alfredo: 41, 77, 79, 84, 103, 107, 133
Vidales Tomé, Ignacio: 132
Vila Prades, Julio: 134, 135
Vilar Rodríguez, Margarita: 18, 19, 20, 26, 32, 43, 52, 57, 175
Villanueva, Carlos, musicólogo: 120
Villar Grangel, Domingo: 79, 114, 115, 125, 184
Villar (Vilar) Ponte, Antón (Antonio): 120, 135, 139, 150, 173
Villar Ponte, irmáns: 153, 155
Villar Ponte, Ramón: 120, 150
Villares Paz, Ramón: 19

Vincenti Reguera, Eduardo: 21, 79, 81

Viturro Somoza, Manuel: 141

Walton, John K., historiador británico: 17, 48, 184

Westminster, arzobispo de: 84

Wood (Mr.), escritor inglés: 83

ÍNDICE

7	Prólogos
15	Introdución
29	Os primeiros pasos do pequeno Enrique e a súa contorna termal: familia, Mondariz, Madrid e rexionalismo
65	A continuidade/renovación con EPL. Unha pegada persoal na xestión, con Galicia de eixe vertebrador: a internacionalización do complexo e a inserción nun desenvolvemento sostible, facendo país
97	A responsabilidade científica e a economía no horizonte empresarial de EPL, con Galicia de referencia: modernidade, ciencia e expresión cultural propia, en compatibilidade e sintonía
131	Publicacións e cultura, compromiso galeguista e empresa con identidade galega: un trinomio transversal con bos resultados sociais
171	Ocaso e desgraza dunha experiencia persoal que puido ser de país e que non foi consumada
185	Apéndices
207	Bibliografía
215	Fontes primarias
219	Índice onomástico EPL

